





# Revista de Estudios Miñoráns

Nº 21 | 2021



## **IEM (Instituto de Estudos Miñoráns)**

### **Redacción e administración:**

Aula de Cultura “Ponte de Rosas”  
Avda. da Feira 10, baixo  
Apartado 30, 36380, Gondomar  
Tel: 986 360 575  
e-mail: oficina@iem.gal  
Web: www.iem.gal

### **Director da edición:**

Xosé Ramón García

### **Consello de Edición:**

Pablo Casal Núñez, Juan Chamorro Sanromán,  
Juan Hermida Lago, Bieito Legaspi Villamarín  
e Anxo Rodríguez Lemos

### **Asesoramento lingüístico:**

Bieito Legaspi / Miguel Anxo Mouriño

### **Deseño de cabeceira:**

Fernando Pol (+)

### **Ilustración da cuberta:**

Acuarela. Rafael Alfonso

### **Fotografías:**

Autores e arquivo IEM

### **Deseño da capa:**

Xosé Manuel Fachal

### **Deseño interior e maquetación:**

Juan Chamorro

### **Imprime:**

Tórculo Comunicación Gráfica S.A.

### **ISSN**

2340-2644

### **Depósito Legal:**

PO 113-2022

*Os textos e imaxes publicadas nesta revista son da responsabilidade exclusiva dos seus autores*

---



**Revista de Estudos Miñoráns é unha publicación anual do IEM**

As opinións dos artigos non reflicten necesariamente as do Instituto de Estudos Miñoráns e son responsabilidade dos autores.

Pódese reproducir total ou parcialmente, sempre que se cite a procedencia.

---

## Índice

PRESENTACIÓN REM 21 .....	7
ACHEGAS .....	9
<b>Unha poboación do anostráceo <i>Tanymastix stagnalis</i> (Linnaeus, 1758) (Anostraca: Tanymastigidae) no Alto da Groba (Baiona, Pontevedra)</b>	
Agustín Ferreira Lorenzo .....	11
<b>Orixe do curro de San Cibrán ou da Portavedra, parroquia de Santa Baia das Donas, Gondomar</b>	
Xilberte Manso de la Torre .....	15
<b>Territorios e identidades. Arte rupestre ó norte e ó sur da Serra do Extremo</b>	
Xosé Lois Vilar Pedreira Cándido Verde Andrés Xilberte Manso de la Torre Xosé Alonso Álvarez Eloy Martínez Soto Bruno Centelles García Manuel Ledo Bernárdez José Antonio Viña Arias .....	23
<b>A “Ameaza Eólica” na Serra da Groba... da Serra ameazada á Serra Liberada?</b>	
Bruno Centelles Juan José Hermida Lago Xilberte Manso De La Torre Anxo Reigosa Solleiro Xosé Lois Vilar Pedreira .....	61

<b>Unha reliquia toponímica na ábsida da igrexa de San Cristovo en Couso</b> Gonzalo Navaza Blanco .....	115
<b>Laborías mineiras galaico-romanas no dique de Urgal: unha minaría superficial de xacementos superxénicos de ouro.</b> Óscar Pazos Rodríguez .....	119
<b>O adel do concello de Baiona</b> Xulián Maure Rivas.....	129
<b>O protestantismo no Val Miñor. A avanzada de Morgadáns</b> José Luis Alonso Hermida.....	139
<b>A represión franquista en Gondomar</b> Elena Crespo Fernández.....	151
<b>Rafael Alonso no Parador de Baiona</b> Luis Carlos de la Peña Arrizaga.....	199
<b>I Concurso Fotográfico do IEM, Paisaxe e Territorio .....</b>	207
<b>AS NOVAS DO IEM.....</b>	221
<b>CATÁLOGO DE COLABORADORES E COLABORADORAS .....</b>	231

## ***Presentación REM 21***

Cando presentabamos a nosa anterior entrega da *Revista de Estudos Miñoráns* e facíamos referencia á COVID19 non pensábase que un ano despois estaríamos coa mesma andrómene ás costas. Seguramente coidabamos que una pandemia sería pasaxeira no noso civilizado Occidente, despreciando a fortaleza e capacidade de variación dos virus e esquivando datos históricos anteriores (a peste Cipriana durou 13 anos, de 249 a 262 d.C.; a peste Antonina mantivo enleado ao Imperio Romano 15 anos, entre 165 a 180 d.C., etc). O caso é que seguimos a estas alturas tendo que suliñar nesta presentación a dificultades que para a nosa institución supuxo a aparición deste andazo, xa que non resulta preciso xustificar a falta de actividade, que nunca aconteceu, como amosamos no apartado *As novas do IEM*.

Non só existen no noso Val de Miñor os grandes crustáceos de todos coñecidos, senón tamén outros moito máis efémeros e menos coñecidos, de tamaño milimétrico, que ocupan espazos nas augas interiores da nosa Serra da Groba, como o *Tanymastix stagnalis* a que fai referencia Agustín Ferreira a nosa primeira achega. § Xilberte Manso documéntanos a xestión e nacemento do máis novo dos curros miñoráns, o de San Cibrán, coa primeira entrada de garranos no 1981. Ao tempo que nos lembra a importancia que na vida dos anteriores miñoráns tivo a existencia das burras que aínda hoxe manteñen as súas greas e a ecoloxía dos nosos montes. § O activo grupo que encabeza Bruno Centelles e modelou a resposta do IEM e SOS Groba contra as ameazas eólicas expón no seguinte artigo as nosas razóns fronte ao desvarío que supón encher o noso país de muíños que sobrepasan con moito as necesidades enerxéticas, aínda que non as arelas de beneficios económicos de grupos externos. A urxencia e o acaído da situación marcan este artigo cunha organización interna moi diferente ao habitual na nosa revista § O descubrimento de novas rochas con gravuras diversas nas freguesías de Porreiras/Insalde (Paredes de Coura) confirman os postulados da chamado Proxecto Equus, hai varios anos exposto nesta mesma revista, e sobre o que agora volven os membros do grupo no que asina en primeiro lugar X.L. Vilar. § De entre os primeiros tateos do noso idioma (*bouza* é un termo de orixe prerromana) rescata Gonzalo Navaza *ousía*, un topónimo relicto, da igrexa de San Cristovo, de Couso. § O seguinte artigo, da man de Óscar Pazos, identifica tres explotacións mineiras galaico-romanas de ouro, interpretándoas con referencia ás condicións xeolóxicas coñecidas. Remata coa crítica a suposicións comúns nas interpretacións xeo-arqueolóxicas da minaría romana e sinala os obxectivos a investigar para avanzar neste coñecemento. § Dúas cartas de aforamento en pergameos medievais da igrexa de Santa María de Baiona que se conservan no Arquivo diocesano de Tui, de 1350 e 1402 dan pé a disquisicións de Xulián Maure sobre un modelo de xestión urbanística na Baiona da Idade Media, ao

tempo que nos aviva a lembranza dun topónimo desaproveitado, dun oficio do concello xa perdido e mesmo da evolución do prezo da galiña na primeira metade do século XV. § Duros tempo para a liberdade relixiosa son os que nos mostra J.L. Alonso nas postrimerías do século XIX, cos datos correspondentes aos evanxélicos que teimaron en vivir na súa fe, o que lles supuxo agresións físicas, ser soterrados en cemiterios 'para disidentes' ou mesmo o extrañamento que supón a emigración. § As bases do I Premio de Investigación Val de Miñor, categoría B, convocado pola Mancomunidade de Concellos do Val de Miñor, inclúen a publicación do traballo premiado, 'A represión franquista en Gondomar', da autoría de Elena Crespo, na *Revista de Estudos Miñoráns*. Así é como nos honramos en dar a luz as circunstancias e detalles da represión, normativa e extranormativa, que como consecuencia da rebelión militar, se manifestaron en Gondomar os días 20 a 24 de xullo de 1936. § Luis Carlos de la Peña recorda a obra pictórica de Rafael Alonso que figura no Parador de Baiona. § Pecha a nosas achegas deste número o fallo do I Concurso Fotográfico do IEM, celebrado baixo o tema 'Paísaxe e Territorio'. Expoñemos aquí hoxe as obras gañadoras, nas categorías *Xurado* e *Premio do público*, así coma os accésits e as fotografías finalistas. § E coa lembranza das nosas actividades nun ano especialmente duro, digno de perdurante esquecemento, e o habitual catálogo de autoras e autores remata o número 21 da nosa REM.



## ACHEGAS

---

- *Unha poboación do anostráceo *Tanymastix stagnalis* (Linnaeus, 1758) (Anostraca: Tanyrastigidae) no Alto da Groba (Baiona, Pontevedra)*
- *Orixe do curro de San Cibrán ou da Portavedra, parroquia de Santa Baia das Donas, Gondomar*
- *Territorios e identidades. Arte rupestre ó norte e ó sur da Serra do Extremo*
- *A “Ameaza Eólica” na Serra da Groba... da Serra ameazada á Serra Liberada?*
- *Unha reliquia toponímica na ábsida da igrexa de San Cristovo en Couso*
- *Laborías mineiras galaico-romanas no dique de Urgal: unha minaría superficial de xacementos superxénicos de ouro.*
- *O adel do concello de Baiona*
- *O protestantismo no Val Miñor. A avanzada de Morgadáns*
- *A Represión Franquista en Gondomar*
- *Rafael Alonso no Parador de Baiona*
- *I Concurso Fotográfico do IEM, Paisaxe e Territorio*



***Unha poboación do anostráceo *Tanymastix stagnalis* (Linnaeus, 1758)  
(Anostraca: Tanymastigidae) no Alto da Groba (Baiona, Pontevedra)***

---

**AGUSTÍN FERREIRA LORENZO<sup>1</sup>**

**RESUMO**

*Se aporta información sobre la presencia de *Tanymastix stagnalis* (Linnaeus, 1758) no Alto da Groba (Baiona, Oia, Pontevedra).*

**PALABRAS CHAVE:** *Anostraca, Tanymastix, Baiona, Galicia, NO España.*

**ABSTRACT**

*Information is provided on the presence of *Tanymastix stagnalis* (Linnaeus, 1758) in Alto da Groba (Baiona, Oia, Pontevedra).*

**KEY WORDS:** *Anostraca, Tanymastix, Baiona, Galicia, NW Spain.*

<sup>1</sup> agufelo@gmail.com

O Alto da Groba é un espazo natural, fronteira das bisbarras do Baixo Miño e do Val de Miñor; pertence aos municipios de Oia e Baiona, e sitúase a uns 600 m de altitude (Álvarez Soaje, 2007). Frecuentemente os ventos sopran con certa intensidade e iso leva a que a sensación térmica non se corresponda coa temperatura real do lugar. Mesmo no verán, ás veces resulta desagradable por mor do vento do norte. Mais, o que para nós pode ser unha molestia, para algúns seres é unha bendición.

No mes de outubro do ano 2012, realizamos unha das habituais prospeccións que periodicamente vimos facendo os integrantes do grupo de traballo de ANABAM<sup>1</sup> pola mencionada zona. Aínda que o obxectivo era centrarnos no sapo de esporóns, *Pelobates cultripes* Cuvier, 1829, por ser este o único lugar do Val de Miñor/Baixo Miño onde está localizada a especie (VV. AA., 2019), non desaproveitamos a recollida de datos das demais especies que, nas nosas visitas, podemos atopar, tanto da flora como da fauna.

Na saída daquel día, sábado 13 de outubro, tiñamos por obxecto comprobar a presenza de cágados de sapo de esporóns nas tres charcas de augas pluviais que hai na zona. Así que peneiramos a auga coas nosas ferramentas de campo, rudimentarias e improvisadas, formadas por coadoiros domésticos, dos utilizados nas cociñas das casas, que amarramos nunha vara, como se dun ganapán se tratase. Fixemos varias pasadas unha e outra vez, sacando en cada unha delas cágados de distintos tamaños, sen prestar maior atención a outras formas de vida que puideran vir mesturadas co lodo. Ata que, por aquilo da curiosidade, reparamos nuns pequenos “bichiños” alongados, claros, que se movían entre o material lamacente. Era a primeira vez que os observabamos e, por suposto, naquel entón non tiñamos idea de que podería tratarse, agás de que eran seres vivos. Decidín coller uns cantos e levalos a casa para velos con máis detalle. Si, eran como pequenos camaróns. Na parte superior, o que vén sendo o dorso, estaban cruzados lonxitudinalmente por unha liña escura. Os apéndices que tiñan a un e outro lado non paraban de se mover, o que lles permitía desprazarse polo pequeno recipiente. Nalgúns dos individuos destacaba unha especie de “boliña” vermella, moi visible, rechamante, que máis tarde soubemos que era o ovisaco e, polo tanto, tratábase de femias.

Mais, que viñan sendo eses “bichiños”? Indagamos un pouco na procura de coñecer algo máis deles, buscamos na bibliografía e mergullámonos na internet. Ata que, por casualidade, demos con outros semellantes que se vendían como alimento para os peixes dos acuarios domésticos, chamados artemias, *Artemia salina* (Linnaeus, 1758), moi coñecidos polos afeccionados á acuafilia. Pero as artemias teñen unha particularidade, viven en augas salinas, namentres que os “nosos” son de auga doce e, neste caso concreto, de charcas que no verán poden, mesmo, secarse, charcas temporais (Culioli *et al.*, 2006; Pérez-Bilbao *et al.*, 2015; ). Ben, o caso é que, finalmente, conseguimos saber o que tiñamos entre mans: uns seres que están neste planeta moitos anos antes de que aparecese o home sen apenas ter cambiada a súa forma ancestral, seres procedentes do Xurásico, isto é, de hai máis de douscentos millóns de anos. Conseguimos así coñecer por primeira vez os *Tanymastix stagnalis* (Linnaeus,

1 Asociación Naturalista “Baixo Miño”. <http://www.anabam.org/>

1758), de pouco máis dun centímetro de longo, que precisan de augas frías, cuxa temperatura non supere os 16 °C (Alonso, 1966). Desenvólvense en charcas de pouca profundidade e de auga doce. Charcas estacionais. E se o hábitat no que viven está formado por charcas estacionais, que en período de seca poden permanecer días, meses e mesmo anos, baleiras, como é que, cando veñen novamente as chuvias, podemos ver novamente os *Tanymastix*? Pois non é de estrañar, porque esta especie é de vida curta aparecendo ao comezo da inundación e logo xa non se ven (García de Lomas *et al.*, 2015). As diferentes formas de vida adaptación a infinidade de condicións ambientais e, no caso dos *Tanymastix*, non ía ser unha excepción. Os seus ovos poden permanecer, como quistes ou ovos de resistencia (Pérez-Bote *et al.*, 2008), dende unhas horas ata anos, ese vai ser o éxito da súa presenza nas charcas que cada ano poden chegar a estar completamente secas durante tempadas máis ou menos longas.

Nin que dicir ten que aquel “descubrimento” resultou ser, para nós, un novo aliciente, máxime porque, ata ese momento, apenas había algunha cita en Galicia destes anostráceos, mesmo hoxe en día a cousa nesta comunidade está en panos menores, como se adoita dicir. De momento, para o Val de Miñor/Baixo Miño, e ata onde sabemos, o Alto da Groba é o único lugar onde se atopa a especie, o que fai que este enclave, siga sendo de vital importancia para a biodiversidade do suroeste galego, en xeral, para a supervivencia desta fauna tan especializada en hábitats moi inestables (Pérez-Bote *et al.*, 2005).

Agradecementos: A Juan Pino, pola axuda bibliográfica.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALONSO, M. (1966). *Crustacea, Branchiopoda*. Tomo VII. Fauna Ibérica, Madrid. 486 pp.
- ÁLVAREZ SOAJE, MIGUEL (2007). Senderos y caminos. 35 rutas inéditas por Galicia. Ed. Nigra Trea. 376 pp.
- CULIOLI, J. L.; FOATA, J.; MORI, C.; ORSINI, A. & MARCHAND, B. 2006. Temporal succession of the macroinvertebrate fauna in a corsican temporary pond. *Vie et Milieu-Life and Environment*, 56(3): 215-221.
- GARCÍA-DE-LOMAS, J.; SALA, J.; GARCÍA, C. M. & ALONSO, M. 2015. CLase Branchiopoda. Orden Anostraca. Ibero Diversidad Entomológica @ccesible, *Revista IDE@-SEA*, 67: 1-12.
- PÉREZ-BILBAO, AMAIA; JOÃO BENETTI, CESAR & GARRIDO, JOSEFINA (2015). Assessment of the effects of the dry period on the faunal composition of aquatic macroinvertebrate assemblages in two temporary ponds in NW Spain. *Journal of Limnology* 74(3):467-476.
- PÉREZ-BOTE, J.L.; MUÑOZ, A., MÉNDEZ, E., ROSO, R., MARTÍN, A.B., ROMERO, A.J. & LÓPEZ, M.T. (2005). Grandes branquiópodos: importancia ecológica y conservación. *Ecosistemas*, 14(2): 168-176.
- PÉREZ-BOTE, J. L.; MUÑOZ, A.; GARCÍA, J. M.; RODRÍGUEZ, S. & ROMERO, A. J. (2008). Distribución y abundancia de los huevos de resistencia de *Triops*

*cancriformis mauritanicus* Ghigi, 1921 y *Branchipus cortesi* Alonso & Jaime, 1991 (*Crustacea, Branchiopoda*) en una laguna temporal del suroeste de la península Ibérica. *Limnetica*, 27(1): 57-64.

VV. AA. (2019). Novena actualización do Atlas dos anfibios e réptiles de Galicia. Período 2005-2019. *Sociedade Galega de Historia Natural*. 102 pp.  
Qr do vídeo: *Tanymastix*. <https://www.youtube.com/watch?v=f1LikxbXBpQ>



*A orixe do curro de San Cibrán ou da Portavedra  
Parroquia de Santa Baia das Donas. Gondomar*

---

**XILBERTE MANSO DE LA TORRE<sup>1</sup>**

**RESUMO**

*A saturación do curro de Torroña leva a varios vecinos de Mañufe e Donas a solicitar das autoridades competentes a creación dun novo curro, en San Cibrán. Celebrouse a primeira entrada das burras en 1981.*

**ABSTRACT**

*The saturation of the corral of Torroña leads several residents of Mañufe and Donas to request from the competent authorities the creation of a new corral, in San Cibrán. The first entrance of the horses was celebrated in 1981.*

**KEY WORDS:** *Burras. Garranos (Equus ferus atlanticus). Curro. Torroña. Miñor valley.*

<sup>1</sup> bentevexo@gmail.com

Existe na parroquia de Santa Baía das Donas un curro que se celebra cada verán o cuarto domingo de xuño, repetíndose en agosto no chamado curro da mosca.

A festa dos curros teñen moita tradición e seguidores no Val de Miño e no Baixo Miño, e seguramente son o que queda dunha antiga actividade que se vén dando na nosa bisbarra dende tempos moi recuados. Xa os nosos devanceiros facían grupos de xente para cazar e capturar as chamadas na nosa contorna “burras”, que dende hai milleiros de anos viven en estado salvaxe nos nosos montes. Temos na parroquia de Santa Baía das Donas, e na veciña de Couso, testemuñas gráficas gravadas nas pedras dos petróglifos, nas que se poden ver équidos montados por figuras humanas que portan armas que lanzan a outros équidos que foxen; en Donas, no petróglifo das Covas de Amorín, e moi preto, na parroquia xa de Couso, nos Outeiros Grandes, a Cavada do Millo, a Chan de Outeiro, a tomada dos Barreiros e o Sobral, seguimos a ver équidos en escenas de caza e captura caendo en trampas, e en escenas de equitación. Hai máis escenas con équidos na Serra da Groba, preto dos lugares onde se celebran os outros curros e por onde se poden ver aínda os garranos comendo toxo, como no Outeiro dos Lameiros, en Sta Cristina de Sabarís, nos Morouzos, en Mougás, no Outeiro do Fibiliton ou no paso do Gordoval, na Valga, no Tetón, en Tebra e no Outeiro do Coello e o

Rañacús, en Randufe, Tui (VVAA, 2018). Hai unha moi boa testemuña gravada na nosa arte rupestre da presenza dos équidos e da importancia que tiñan para as nosas xentes, pola variedade e cantidade de escenas que gravaron nos mesmos lugares onde viven hoxe as burras que entran no verán nos curros.

O curro é o lugar físico onde se gardan as burras o día da festa etnográfica, que noutras partes chaman rapa das bestas, e tamén a propia festa e o ritual da captura dos animais.

O curro de San Cibrán está situado no lugar das Lagoas, na Portavedra, e foi construído polos propietarios das burras no ano 1980, celebrándose o primeiro curro no verán do ano de 1981. Nun primeiro intre este curro estaba pensado para ser

AYUNTAMIENTO DE GONDOMAR

Reg. Civil de Gondomar

**ENTRADA**

MOM. 746

Fecha: 22-9-80

S. Municipal

40

Ayuntamiento de GONDOMAR

N.º 25

M.º 100

Los que suscriben ARMANDO JOSE BOUZARA BENITEZ, con D.N.I. nº 76.980.310, D. MANUEL ESTEVEZ CASTRO, con D.N.I. nº 76.975.708, JOSE MIGUEL ABAL CASTRO, con D.N.I. nº 76.983.231, vecinos de la parroquia de Manufe-Portavedra; D. MANUEL PENELO VAZQUEZ, con D.N.I. nº 35.530.552, D. ALFONSO MIDILAO S/S, con D.N.I. nº 35.864.138, y D. JOSE HISA GONZALEZ, con D.N.I. nº 35.992.905, vecinos de la parroquia de Donas - San Cipriano, todos ellos en nombre y representación de los demás vecinos de la parroquia de Manufe - Portavedra y Donas 7 San Cipriano de este término, a V.S., con el debido respeto i consideración...

EXPONEN

Que deseando en años sucesivos, celebrar con los caballos de su propiedad diseminados por el monte, un ENCIERRO Y MARCADO DE CABALLOS SEMI - SALVAJES ( CURRO ) en el monte CEREIJO, lugar de OUTEIRO GRANDE ( al lado de la caseta que existe en la entrada de la pista a la Portavedra, carretera de Pinnás) pre tendiendo se le conceda una Hectrea de monte para tal fin.

Es por lo que a V.S., con el debido respeto,.....

S U P L I C A N:

Tenga a bien admitir el presente escrito y en su virtud ordenar se incoe el correspondiente expediente en ese Ayuntamiento y ante los Organismos necesarios, al objeto de que le concedan el terreno solicitado para la celebración d mencionado curro en la parroquia de Donas (Donas) .

Es gracia que esperan alcanzar de V.S., cuya vida guarde Dios muchos años:

Gondomar, a 20 de Septiembre de 1.980

D.N.I. nº 76.980.310
D.N.I. nº 76.975.708
D.N.I. 76983231

D.N.I. nº 35.530.552

Alfonso Midilao S/S

D.N.I. nº 35.864.138

Jose Hisa Gonzalez


D.N.I. 35.992.905

Manuel Estevez Castro

ILMO. SR. ALCALDE - PRESIDENTE DEL AYUNTAMIENTO DE GONDOMAR

Petición ó concello de Gondomar do terreo para facer o curro.






Croquis Curro San Cibrán

construído máis abaixo, nas Pedras Miúdas, en Pinzás, xa no concello de Tomiño. Foi construído na paraxe da Chan do Cereixo, onde viven perante todo o ano varios grupos de “burras” que antes entraban no curro de Torroña, que é o curro no que entran máis animais, e que por aquel tempo estaba saturado, o que animou a que se fixese un novo.

O 22 de setembro de 1980 Armando José Bouzada Benítez, Manuel Estévez Castro e José Miguel Abal Castro, veciños da parroquia de Mañufe-Portavedra, xunto con



Documentos construción Curro de San Cibrán.

Manuel Penedo Vázquez, Alfonso Nicolao e José Misa González, veciños de Donas-San Cibrán, asinan un escrito solicitando ao concello de Gondomar que se lle conceda unha hectárea de terreo para construír un curro. Axuntan un bosquexo do terreo con dúas opción (Fig 1), unha na parte dereita da estrada, antes de chegar á Caseta do Cereixo, e outra á dereita, que é onde se fixo finalmente.

No pleno extraordinario do concello de Gondomar do día 29 de novembro de 1980 apróbase por unanimidade a solicitude marcando o emprazamento na marxe dereita, segundo se indica no bosquexo, e envíase comunicado ao ICONA para que proceda á concesión correspondente. De todo isto expide certificación o secretario do concello.

daquela Juan González Domínguez, co visto e prace do alcalde, José de Lis Costas, con data de 10 de decembro de 1980. O día de Noiteboa, 24 de decembro de 1980, sae escrito para a delegación do ICONA en Pontevedra na rúa Michelena, dirixida ao enxeñeiro xefe do servizo provincial.

O 12 de xaneiro de 1981 sae escrito do ICONA, con rexistro de saída nº 90, autorizando a ocupación dunha hectárea na zona descrita que o documento do ICONA nomea como “Monte Grande o Cereijo, con destino a Curro de caballos salvajes”.


Con data 18 de marzo de 1981, o concello dá conta do escrito do enxeñeiro xefe do ICONA e ratifica a cesión, enviando copia da resolución aos interesados con data de saída do concello o 10 de abril de 1981 e que asinan como recibida o día 20 de abril do mesmo ano en dous documentos, un para os solicitantes de Donas e outro para os de Mañufe<sup>1</sup>.

O curro é tamén todo o proceso que se leva a cabo para cercar as burras eilas xuntando ata pechar o cordón, que é o encargado de que os animais non escapen e poidan ser guiados ata o recinto de pedra do curro (Lagos, 2014: 29-39). No curro de san Cibrán entran animais que veñen dende o concello de Tomiño, dende o río Miño

<sup>1</sup> Copia documentación cedida pola CMMMC de Santa Baia das Donas. Arquivo IEM.

para arriba, e cando os animais son cercados nas Pedras Miúdas, en Pinzás, faise un cordón pechado para subir as burras ata o recinto do curro que está case a dous quilómetros de distancia. Este percorrido pola Chan do Cereixo é un espectáculo que xunta tres dos valores patrimoniais máis importantes da parroquia: os humidais do Cereixo, con moitos valores senlleiros de fauna e flora, a arqueoloxía cos bens dos xacementos das Campurras e do paleolítico da Chan do Cereixo, e o etnográfico da propia festa do curro. Temos que salientar na festa do curro ao protagonista principal, sen o cal non habería nin festa nin curro, o garrano ou *Equus ferus atlanticus*, as nosas "burras do monte". É importante que coñezamos un pouco máis polo miúdo o que son as nosas burras e o gran valor que ten este animal para o noso patrimonio natural.

Os garranos son os équidos que viven dende polo menos a última glaciación, haberá entre uns 12 a 15.000 anos, no norte da península ibérica, país Vasco, Navarra,



AYUNTAMIENTO DE LA MUY NOBLE Y LEAL VILLA  
DE  
**GONDOMAR**  
(PONTEVEDRA)

Núm. ....

DON JUAN GONZALEZ DOMINGUEZ, Secretario de Administración Local con ejercicio en el Ayuntamiento de GONDOMAR. -Pontevedra- ==

**C E R T I F I C O** :-----



QUE, el Ayuntamiento Pleno, en sesión extraordinaria celebrada el día veintinueve de Noviembre de mil novecientos ochenta, en tre otros, adoptó el siguiente acuerdo: -----

\*\*\*\*\* "" 5.1. Solicitud de un terreno para construir un encie para caballos salvajes - "curro" - en Donas.: A continuación s da lectura a escrito que con fecha 22 de Septiembre último pre tan D. Manuel Estevez Castro y que firman cinco vecinos mas de las parroquias de Mañufe y Donas, exponiendo que desean celebrar un encierro y marcado de caballos semi-salvajes (curro) en el monte Cereijo, lugar de Outeiro Grande, solicitando se le conda la ocupación de una hectarea del monte para la celebración del mencionado curro. Acompañan croquis de situación de dos po bles emplazamientos, que la Presidencia concreta en el de la margen derecha tal como queda ya reflejado en el citado croqui


Y el Ayuntamiento Pleno, considerando los referidos antecede tes, por unanimidad acuerda informar favorablemente la ocupaci que se pretende para los fines indicados, comunicandoselo al / ICONA para la concesión correspondiente." \*\*\*\*\*

Y para que conste, expido la presente certificación, la cual sello y firmo, de orden y con el visto bueno del Sr. Alcalde-F sidente en Gondomar a diez de Diciembre de mil novecientos och ta.//

Vº Bº  
EL ALCALDE-PRESIDENTE,

Informe Pleno Concello de Gondomar a favor da cesión do terreo.




Informe do concello de Gondomar ó ICONA.

para vender ou comer, téndose perdido aquel valor comercial que algún día tiveron e que tanta sona lles deron.

Xa os autores clásicos, como o escritor científico Plinio, que fora oficial da caballería romana e Procurador da Hispania Tarraconense, fala dunha raza de cabalos que habitan no norte e que el chama *tieldones*, que se criaban nas terras dos *Gallaeci e dos Astures* e que eran chamados *asturcones* cando eran máis pequenos. Parece contrastado pola análise de textos latinos e gregos que no século I A.C. os romanos tiñan en moita estima os cabalos procedentes do norte de Hispania e que, polas descrições que deles fan, referencias escritas de varios autores, estábanse a referir aos garranos (Pascual Barea, 2008).

No século pasado as nosas burras tiñan un valor de mercado importante polo valor de uso que tiñan. Só temos que lembrar que tanto a rede de estradas como de camiños que podía haber na primeira metade do s. XX, e as comodidades das nosas aldeas, non se parecían en nada ás de hoxe, o número de automóviles era mínimo e o transporte facíase doutro xeito moi distinto e colectivo. A xente andaba a pé e o que podía ter unha “burra mansa” para traballar ou para desprazarse era, para entendernos, un privilexiado. Os concesionarios de automóviles que hoxe hai en calquera vila máis ou menos media, eran antes as feiras de gando, onde a xente podía mercar ou trocar calquera

Cantabria, Burgos, Asturias, Galicia e norte de Portugal (Bárcena, 2011). Con este nome de garrano distínguense hoxe varias razas de équidos que en cada comunidade teñen distinto tipo de protección e valoración. Potoka no País Vasco, o losino ou jaca burgalesa en Castela León, o monchino en Cantabria, asturcón en Asturias, o cabalo galego do monte, besta ou burra, segundo a zona, en Galicia, e o garrano no norte de Portugal. Un mesmo animal que por selección xenética foi dando razas que cada comunidade ten rexistradas como autóctonas. En Galicia o chamado Pura Raza Galega saíu de exemplares levados da Serra da Groba. As nosas burras mantéñense no monte en estado salvaxe, xuntándose para facer o curro e aproveitar a cría



Autorización do ICONA a favor da cesión dunha hectárea.

couxa que necesitase, e as nosas burras tiñan nos tratantes especializados os fornecedores de forza de traballo e transporte animal. Tamén as burras eran mercadas polos tratantes para o abasto de carne, e sobre todo os poldros que se mataban con máis quilos e idade. As crinas que se lles rapaban no día do curro tamén se vendía ao peso para levar ás fábricas de cepillos e aos tapiceiros e cordeiros que facían cordas e sedeiros de crina de cabalo. Albardeiros, zoqueiros, guarnicioneiros e talabarteiros, curtidores... son oficios tradicionais que tiveron algunha relación coas nosas burras e os seus derivados. Pero a desaparición das necesidades de uso pola aparición de novos materiais fixo que só permanecese

vivo como un relicto dos nosos costumes máis ancestrais, o costume de xuntar as burras e facer a festa do día do curro, para a cal hai que manter as burras no monte perante todo o ano, e a propiedade do animal e o marco familiar que a identifica e singulariza na comunidade e que tamén forma parte do patrimonio da parroquia, como costume e festa etnográfica tan senlleira da nosa terra.

Estes apuntamentos que reflectimos neste texto só pretenden manter na memoria da parroquia de Santa Baia das Donas algo que tivo a súa importancia, e que por fortuna aínda a ten, e que debemos coidar como un ben máis a conservar e protexer, a pesar das mudanzas nos usos e costumes e da evolución natural á que calquera comunidade ha de estar sometida polos imperativos dos avances tecnolóxicos e sociais. O valor do noso patrimonio natural e cultural é algo que temos a obriga de coidar e respectar para que chegue ás xeracións futuras, do mesmo xeito que os que nos precederon fixeron para que puidese chegar ata nós.

Sería bo que cada familia, cada veciño que teña lembranzas dalgunha das cousas que aquí só apuntamos, as recolla ou llas transmita a quen poida recollelas para que non se perdan, e facer da memoria do propio un agasallo que, como este artigo, poña o nome da parroquia de Donas con orgullo no presente e no futuro de quen o reciba.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BÁRCENA, F. (2012). Garranos: Os póneis selvagemos (*Equus ferus sp.*) do norte da península Ibérica. In N. VIEIRA DE BRITO & G. CANDEIRAS (coord.), *Libro de Atas do I Congreso Internacional do Garrano* 75-96. Arcos de Valdevez. Portugal. En [http://garrano.ipvc.pt/files/livro\\_atas.pdf](http://garrano.ipvc.pt/files/livro_atas.pdf) (consultada 5/10/2021).
- LAGOS ABARZUZA, L. (2014). O sistema tradicional de aproveitamento dos poneis atlánticos salvaxes nos montes da Groba. *Revista Estudos Miñoráns* 12/13: 29-39.
- PASCUAL BAREA, J. (2008). Razas y empleos de los caballos de Hispania según los textos griegos y latinos de la Antigüedad. In SANTAMARIA HERNÁNDEZ, M<sup>a</sup> T. (Coord.): *La transmisión de la ciencia desde la Antigüedad al Renacimiento*: 117-202. Universidad de Castilla-La Mancha. Cuenca. <https://books.google.es/books?id=a9acAgAAQBAJ&lpg=PA117&dq=editions%3AISBN8490440182&pg=PA119#v=onepage&q=editions:ISBN8490440182&f=trueq> (consultada 10/10/2021)
- VV.AA. (2018). O Proxecto Equus: un novo paradigma nas escenas de caza da arte rupestre galega e do norte de Portugal. *Revista Estudos Miñoráns*, 16/17: 23-76

Grazas ao testemuño oral de Manuel Penedo Vázquez, veciño de San Cibrán.

***Territorios e identidades.  
Arte rupestre ó norte e ó sur da Serra do Extremo***

---

**XOSÉ LOIS VILAR PEDREIRA<sup>1</sup>  
CÁNDIDO VERDE ANDRÉS  
XILBERTE MANSO DE LA TORRE  
XOSÉ ALONSO ÁLVAREZ  
ELOY MARTÍNEZ SOTO  
BRUNO CENTELLES GARCÍA  
MANUEL LEDO BERNÁRDEZ  
JOSÉ ANTONIO VIÑA ARIAS**

**RESUME**

*Damos conta do descubrimento por Cándido Verde Andrés dun núcleo dunhas noventa rochas grafadas nas freguesías de Porreiras/Insalde (Paredes de Coura) con representacións xenuínas da arte atlántica e da arte esquemática, alén dun conxunto de catorce rochas con zoomorfos (équidos, cánidos, un cérvido) que confirma un dos postulados do Proxecto Equus.*

*Aqui comparamos o catálogo compacto xeograficamente do sur da Serra do Extremo co catálogo, a maioría inédito, do norte da mesma serra, nas ladeiras do Monte do Faro, para concluímos coas características semellantes e diferentes de ambos conxuntos albiscando a posibilidade de que marcasen territorios, contrastando as identidades dos grupos humanos que habitaron esta terra no longo proceso de domesticación.*

*PALABRAS CHAVE: Cándido, Porreiras/Insalde, arte rupestre, arte atlántica, arte esquemática, petroglifos, zoomorfos, Proxecto Equus, Serra do Extremo.*

**SUMMARY**

*We report on the discovery by Cándido Verde Andrés of a nucleus of about ninety rocks engraved in the parishes of Porreiras / Insalde (Paredes de Coura) with genuine representations of Atlantic art and schematic art, as well as a set of fourteen rocks with zoomorphs (equids, canids, a deer) which confirms one of the postulates of the Equus Project.*

*Here we compare the geographically compact catalog of the south of the Serra do Extremo with the catalog, mostly unpublished, of the north of the same mountain range, on the slopes of Monte do Faro, to conclude with similar and different characteristics of both sets. contrasting the identities of the human groups that inhabited this land in the long process of domestication.*

*KEYWORDS* Cándido, Porreiras / Insalde, rock art, Atlantic art, schematic art, petroglyphs, zoomorphs, Equus Project. Serra do Extremo.

<sup>1</sup> xoseloisvilar@gmail.com

Ó Clube Espeleolóxico Maúxo que a remates dos oitenta fixeron prospección intensiva modélica nos outeiros e laxes e chans que produciu “Os petróglifos do Maúxo”. Vai por todos e por Xosé e Xavier neste 30 aniversario. Graciñas.

## INTRODUCCIÓN

No seo do Instituto de Estudos Miñoráns, no ano 2015, deseñamos un proxecto de investigación que chamamos Proxecto Equus, que combina o estudo etnográfico, xenético e arqueolóxico (petróglifos) dos garranos ou burras do monte. No que atinxe á representación gráfica ó aire libre, propuxémonos elaborar un catálogo de todos os gravados de zoomorfos coñecidos no sur da provincia de Pontevedra e o norte de Portugal, de Caminha a Melgaço, até o río Lima. A partir do baleirado documental (Costas Goberna & Peña Santos, 2002; Novoa Álvarez & Costas Goberna, 2004; Vilar Pedreira & Méndez Quintas, 2009) e do coñecemento do territorio, pasaban da trintena os petróglifos coñecidos a cada lado do Miño. É necesario e xusto anotar aquí a imprescindible colaboración de Cándido Verde Andrés e Xosé Álvarez “O Buraco”, prospectores de campo, sen os que sería imposible a realización deste proxecto.

As visitas a distintas zonas das serras do territorio delimitado neste estudo levounos a máis que duplicar o número de superficies con zoomorfos, e a observación polo miúdo da paisaxe, o soporte e a iconografía provocou a elaboración do que chamamos un novo paradigma nas escenas de caza da arte rupestre galega e do norte de Portugal (Martínez & alii, 2018) que di que ó sur da Ría de Vigo e río Oitavén até o río Lima hai cento e medio de petróglifos con cuadrúpedes gravados e case o 90% son équidos e só pouco máis do 10% son cérvidos. Ó norte da Ría de Vigo a inmensa maioría dos cuadrúpedes representados son cérvidos e cando hai escena de caza (Vilar Pedreira, 2014) aparecen homes a pé ou dacabalo acosando un cervo macho cunhas cornas imponentes, sexuados ás veces, acompañados de cans no acoso para cazar o cervo con arma arboladiza ou dirixindo a presa cara a unha trampa. Aquí, ó norte, cando aparecen équidos, case sempre, fano en función da escena de caza (García Alén & Peña Santos, 1978; Peña Santos & Rey García, 2001; Sobrino Buhigas, 1935, 2020). Ó sur tamén en función do acto



Fig. 1. O Penedo das Passadas de São Gonçalo (Varziela, Guimarães), unha mostra de horror vacui onde aparecen uns trinta pares de podomorfos, máis dunha ducia de grupos de cinco coviñas a xeito de pegadas de felino, unha combinación circular, quizais dous escutiformes e uns 24 cuadrúpedes esquemáticos, algún con xinete, nun lugar ó sur da macroárea Oitavén-Lima do Proxecto Equus.



cinexético, pero na inmensa maioría dos casos o animal cazado -morto ou vivo- é un équido. A composición iconográfica é idéntica en ámbalas dúas zonas, só troca o protagonista, cervo ó norte, garrano ó sur.

Ademais constatamos a aparición de núcleos compactos de varias superficies con cuadrúpedes: Couso (Gondomar), Randufe (Tui), Ganfei/Verdoejo (Valença), Lanhe-las (Caminha), Cardielos (Viana), Porreiras/Insalde (Paredes de Coura).

Tamén constatamos que esta macroárea Oitavén-Lima é a zona de aparición ma-siva de muíños naviculares de soporte fixo e de figuras reticuladas. Superamos ampla-mente os 300 sitios, ó norte só sabemos de tres casos de reticulados e cinco de muíños, non obstante o límite meridional ampliarase cando se amplíen as prospeccións, xa que hai équidos -Penedo das Passadas de São Gonçalo, Varziela (Guimarães) (Fig.1) - e un núcleo de muíños no concello de Barcelos.

Tamén é preciso engadir que a zona é rica en petróglifos con antropomorfos de tra-dición peninsular e outros motivos da mesma escola, como barras, puntos, grellas, rec-tángulos segmentados, ideomorfos, soliformes... Da arte esquemática xa coñecemos A Chã da Rapada (Baptista 1983-84; Baptista, 1986; Baptista, 2018; Martíns, 2006) e o Monte dos Goios (Alves, 2009) e xa podemos engadir bastantes superficies na Serra da Groba, Tebra, Vilachán do Monte, As Neves e na “União das Freguesias de Porreiras e Insalde” (Vilar Pedreira & alii, 2022).

## A SERRA DO EXTREMO

Da beira do Miño en Verdoejo (Valença), fronte a Paramos e Baldráns (Tui), onde, bañado polas augas da subida e baixada das marés áchase o petróglifo do Carneiro con varios équidos, algúns con xinete. En menos de 4 km en liña recta situámonos no cume do Monte do Faro a 567 metros de altura, que encerta, ou remata, unha liña de cumes e portelas que van medrando en altura até o alto das Lagoas con 782 m e logo unha bifurcación cara ó suroeste até São Silvestre (736 m) e cara ó sueste O Córdio (745 m) e o remate máis meridional no Cotão (842 m). De aquí baixan nacentes cara ó río Coura e, entre os cumes de suroeste e sueste, ampla chan de Porreiras e Insalde e zona de paso entre a cunca do río Vez e as cuncas do Coura e o Miño. Debemos notar que a zona do Córdio é coñecida coma A Serra da Boulhosa, aínda que aquí nomeemos como A Serra do Extremo a todo o conxunto entre O Faro e O Cotão, unidade orográfica ben diferenciada, nomeadamente nunha ollada desde o noroeste que se percibe coma un cordón montañoso senlleiro na paisaxe debido á visibilidade que lle dan as amplas terrazas aluviaias miñotas, só con competencia visual na Serra de Arga ou, máis ó sur, O Corno do Bico ou Os Salgueiros Gordos, todos superiores ós 800 metros.

É unha paisaxe de cumes entre 500 e 800 metros de altura fendidos por portelas que comunican as partes oriental e occidental da serra con pequenas chans e chanzos a media ladeira e unha ampla chan na cabeceira sur entre São Silvestre e o Córdio, onde aparecen máis de 20 mámoas. Son abundantes as regueiras que ou baixan dereitas ó Miño ou abastecen o Coura ou o Vez. A pegada antrópica é moi visible nas ducias de aeroxeradores que inzan a serra coas súas pistas e canles de evacuación eléctrica e unha forte contaminación acústica. O substrato xeolóxico é diverso con variedades granitoides biotíticos ó norte e ó sur, granito de dúas micas e migmatíticos ó oeste, o

que favorece a explotación industrial con canteiras activas ou en desuso en Porreiras, Gandra, Boivão... Tamén ortogneis en Gandra e Taião e unha mancha de xistos e liditas no sur da serra.

## ARTE RUPESTRE NO NORTE DA SERRA DO EXTREMO

Desde as prospeccións de comezos do ano 1979 de Eduardo J. Silva e Ana Leite da Cunha, no oeste da serra, ás levadas a cabo até o ano 2019 por Cândido Verde Andrés, no sur da serra, pasaron 40 anos. Os primeiros guiados por unha noticia de Carlos Teixeira do ano 1962 (Alves e Reis, 2017a, 2017b) e o segundo pola afección á arqueoloxía. Os primeiros achegaron ó mundo da arte rupestre galega e portuguesa




Fig. 2a. Debuxo da Pedra da Escorrega (30x10m) realizado por Eloy Martínez Soto.

superficies senlleiras como O Monte da Laje, O Monte dos Fortes ou as plásticas grafías da Tapada de Ozão (Ousão) (Cunha e Silva, 1980; Silva e Cunha, 1986). Cândido Verde foi o descubridor da Pedra da Escorrega (Verdoejo) en 2016 e, xunto con Xosé Alonso Álvarez “O Buraco”, no mesmo ano, de varias superficies en Porreiras, unha delas cun cuadrúpede considerado no catálogo do Proxecto Equus. Pero foi no ano 2019 cando na União de Freguesías de Porreiras e Insalde descubriu unhas 80 superficies con gravados, a inmensa maioría no Monte da Costa, unha delas xa dada a coñecer na xornada de cazadores de petróglifos da área arqueolóxica de Campo Lameiro (2020).

A *Carta arqueolóxica de Paredes de Coura* (Silva & Silva, 2007) enumera 22 mámoas entre Porreiras e Insalde e 63 para todo o concello, pero non consigna a existencia de ningún petróglifo. Fátima Matos Silva, coautora da anterior publicación, volve descoñecer petróglifo algún en Paredes de Coura no libro *Montes, pedras e gente* (Silva, 2015) sobre a ocupación prehistórica do alto Coura.

Queremos aquí dar a coñecer o extraordinario conxunto de grafías achado en Insalde e Porreiras, a

maioría no Monte da Costa, e comparalo co grupo de petróglifos do norte e oeste da serra, nos arredores do Monte do Faro (Alves & Reis, 2017 a, 2017 b; Martínez & alii, 2018). O estudo de Lara Bacelar Alves e Mario Reis conclúe contabilizando 122 rochas con gravados en 12 sitios do norte e oeste do Monte do Faro con motivos como circos simples e concéntricos e as súas numerosas variantes en 64 rochas, coviñas en 50, armas en 4 e 10 con zoomorfos, 9 reticulados e dous sitios con muíños naviculares de soporte fixo. A este conxunto hai que engadirle outro núcleo preto das casas de Verdooje e por debaixo de São Tomé nos Outeiros, con prolongacións a leste e oeste, con presenza de cuadrúpedes en sete rochas, destacando A Pedra da Escorrega (Martínez & alii, 2018: 55-56; Vilar Pedreira & alii, 2020: 13-16). Membros do IEM procederon á súa limpeza e documentación cos permisos da xunta de freguesía e das autoridades de arqueoloxía con sede no Porto solicitado pola arqueóloga municipal de Valença, Belisa Vilar Pereira. Na laxe escorregadoura, Cândido Verde descubriu un cervo macho e unhas coviñas na parte alta, a superficie está diminuída por unha canteira ó oeste, pista polo norte, na parte baixa, e unha pista polo sur. Estaba cuberta por folla, e varios eucaliptos de porte potente habitaban sobre a pedra e, en algures, había 0'70 m de entullo procedente da apertura da pista superior. A limpeza descubriu un escorregadoiro de 30 m de longo e 10 m de ancho e medio cento de figuras: cervos macho, antropomorfos, reticulados, équidos, algúns con xinete, coviñas, liñas rectas, letras. Na parte alta (grupo I) hai unha ducia de individuos, un rectángulo irregular incompleto e cinco cérvidos, catro deles con risco no lombo, cazados acompañados de cadanseu cazador, dinámico, armado. No gru-




Fig. 2b. Fotogrametría da parte alta da Escorrega con abundancia de cervos macho e cazadores.




Fig. 2c. Detalle de cervo da Escorrega con desproporcionadas cornas.




Fig. 2d. Parte media-alta da Escorrega con retícula e équidos.

po II équidos sós e outros, montados (4), xiran ó redor dunha retícula que ben podería funcionar como rede de trampa, como acontece no grupo III, máis abaixo con 10 équidos ó redor doutra retícula, en ambos casos hai zoomorfos que poden ser cánidos. Na parte baixa dous cérvidos, antropomorfos, máis cuadrúpedes e unha pequena combinación de dous circos, o exterior só encertado (Figs. 2a, b, c, d).

Estamos diante de varias escenas de caza de cérvidos e de équidos no mesmo soporte cumprindo o paradigma descrito desde o Proxecto Equus nun dos núcleos de concentración de superficies con zoomorfos. Aquí, entre Verdoejo e Ganfei, 20 petróglifos con cuadrúpedes, catro deles (A Quinta dos Galegos, A Telheira, A Pedra da Escorrega, O Outeiro dos Fusos) (Figs. 3a.) escenas venatorias na maior concentración de cuadrúpedes da macroárea Oitavén-Lima, da que dicíamos que eran propios os muíños naviculares de soporte fixo e os reticulados. Dos primeiros contamos con cinco rochas aquí ó norte do Monte do Faro e son cinco as rochas con reticulados. Non coñecemos motivos propios da arte esquemática agás unha “figura cruciforme de feição esquemática” en São Tomé (Alves e Reis, 2017: 62).




Fig. 3a. Debuxo de Eloy Martínez Soto do Outeiro dos Fusos (Verdoejo, Valença).




Fig. 3b. Cuadrúpede de longa e ancha cola na Fonte Volide (Taião, Valença).

Na zona leste, Ozão, Taião e Gandra, contamos con varios núcleos de gravados nos que volvemos atopar muíños naviculares, reticulados, coviñas, combinacións circulares, armas e zoomorfos. Trocan as proporcións de aparición e a calidade dalgúns motivos. Só sabemos de tres rochas con animais: A Fonte Volide, O Escaravelhão e A Tapada de Ozão. As armas aquí son puñais e quizais unha alabarda, mentres que a arte xeométrica está moi ben representada nas vizosas combinacións circulares do Monte dos Fortes ou a plástica adaptación dos motivos ó soporte na Tapada de Ozão, extendéndose polas caras verticais do bloque pétreo, e é aquí, na cara vertical setentrional, onde aparecen varios cuadrúpedes esquemáticos, dous deles équidos montados, e unha retícula. É unha das tres únicas rochas con animais, a outra está no Escaravelhão (Ozão) e a terceira próxima ó campo de fútbol de Taião. Tres casos que contrastan coa vintena do norte do Faro. Só seis sitios con reticulados e muíños naviculares en tres sitios (Figs.3c,d).

Tanto a zona norte do Monte do Faro coma esta na vertente oeste atenden, na representación de motivos, ó esperable na macroárea Oitavén-Lima:

Presenza de zoomorfos cuadrúpedes, a inmensa maioría équidos coa excepcional aparición de varios cérvidos macho cazados na Pedra da Escorrega. Nesta excepcionalidade entra o petróglifo da Quinta dos Galegos cunha especie animal que non parece *Cervus elaphus* nin tampouco son équidos, pero é outra escena cinexética.




Fig. 3c. Muíño navicular na Fonte Volide (Taião, Valença).



Fig. 3d. No outeiro cónico ó norte da Chão da Quebrada un cruciforme histórico (Alves e Reis, 2017) pero tamén tres muíños naviculares inéditos en tres rochas distintas que confirma as sospeitas de sitios rituais, non domésticos.

Os cuadrúpedes están gravados de dous xeitos distintos:

1-Moi esquemáticos, unha liña cérvico-dorsal define cola e lombo até a cabeza, e dela saen catro apéndices para indicar as patas.

2-Menos esquemáticos, xa que o corpo está definido por unha dobre liña, a superior marca o lombo e a inferior a barriga conseguindo maior volume, de aí parten as extremidades e o pescozo conta tamén con dobre trazo e así máis volume.

Hai presenza de figuras reticuladas coma un motivo xeométrico máis, aínda que no caso de Pedra da Escorrega e da cara lateral da Tapada de Ozão poidan indicar redes de caza. Un reticulado está presente no petróglifo do Outeiro dos Fusos compartindo panel con espirais, équido con xinete, grella, figuras antropomorfas. Xa advertimos (Martínez

& alii, 2018) a repetición na aparición de équidos, reticulados e espirais. Constatámolo en Santo Adrião (Âncora), A Pedra da Lan (Mougás), A Tomada da Regueira dos Barreiros (Couso), no Outeiro dos Lameiros (Sabarís) e aquí na Tapada de Ozão, no Outeiro dos Fusos e na Pedra da Escorrega.

É, por suposto, zona de superficies con coviñas e outras con combinacións circulares do máis variado, como tamén aparecen gravados de armas, pouco numerosas en Galicia e no norte de Portugal -uns 60 sitios en total- con case o 20% das aparicións concentradas na Serra do Galiñeiro (Gondomar) co maior panel, A Pedra das Proceções (Agua da Laxe, Vincios).

Consideramos os muíños naviculares de soporte fixo dentro do catálogo da arte rupestre, sabendo que son un artefacto, pero levamos contabilizados máis de 170 rochas con eles cunha alta frecuencia de aparición en zonas con petróglifos ou incluso con motivos gravados na mesma superficie: coviñas, combinacións circulares, un cervo, équidos, reticulados, espirais, liñas, podomorfos...

Os lugares de emprazamento aparentan variados, desde a franxa intermareal (O Portiño, Saiáns) ó Corno Ladredo (A Granxa, Belesar), a case 600 m de altura, ou dentro de abrigueiros no Alto da Campana (Camos), Peneites (Chandebrito) ou mesmo o conxunto de muíños baixo penedos no Castelo das Furnas ou de Fraiño ó leste da Serra do Extremo, en Boivão. Sabemos que aparecen densamente en Pino del Oro (Zamora) pero ligados á explotación aurífera romana (Sánchez-Palencia & alii, 2010) e sen arte asociada.

Dixemos que os emprazamento son variados, pero parecen compartir unha característica común que pasa polo senlleiro e especial na paisaxe. Consideramos así estar á beira do mar na península de Monteferro (Panxón) sobre o cantil, tanto na Porta coma no Centulo, sitios de estreito contacto co mar, o son del, as gavotas, a ampla vista do océano. Sitio especial é atoparse dentro dun abrigueiro como os citados, en contacto co interior da terra, lugar recollido, escuro. Pero o emprazamento máis común é en sitios altos, non os cumes da serra pero si outeiros destacados con boa e ampla visibilidade, como no Monte Morgade (Ganfei), no outeiro na Chan da Quebrada (Ozão), no Alto do Pouso do Bico ou O Grichouso (Sabarís, Baiona) e moitísimos máis casos.

Sinalar tamén a aparición preto de mámoas, soas ou formando necrópoles, na Serra do Galiñeiro tanto na Chan de Valverde coma na Chan das Moutas; na Chan das Minas (Priegue), na Cruciña (Mavia), O Penedo das Bandeiras (Tebra), O Preguntadouro (Chandebrito).

A área de distribución dos muíños naviculares de soporte fixo coincide coa macroárea considerada no Proxecto Equus entre o Oitavén e o Lima, aínda que habería que incluír a península do Morrazo. Cara ó norte só coñecemos cinco sitios, dispares xeograficamente, desde Carnota ó norte, Agolada, Catoira, Muros ou O Salnés, pero casos illados. Cara ó sur foi no río Lima onde puxemos o límite de investigación, pero falta estudar a aparición de zoomorfos, muíños, reticulados ó sur deste límite. Xa sabemos de cuadrúpedes, équidos na zona de Guimarães ou no Penedo das Passadas de São Gonçalo (Varziela, Felgueiras) ou dun potente núcleo de muíños naviculares nos arredores do monte de São Gonçalo (Barcelos), tamén con combinacións circulares na zona, armas, reticulados, coviñas.

A área de maior aparición son os montes do Maúxo nomeadamente na vertente virada á Ría de Vigo (Costas Goberna & Groba González, 1994).

Na procura da función destes muíños naviculares, sabemos que son artefactos para moer, ademais temos exemplares con moitísimo desgaste e concentración no mesmo soporte de ata 21 exemplares na Porta ou As Pinisas Pequenas (Monteferro), o que indica un intenso uso. Canto á interpretación, xa indicamos a posibilidade de moer produto agrícola ou outros materiais (Vilar Pedreira, 2001), tamén Fábregas Valcarce (2001) indicou a posibilidade de moeren substancias psicotrópicas, amais de cereais, polo achado de hiosciamina, un dos compoñentes activos do beleño, aparecido no durminte nun dos muíños da Cova da Moura -publicado como Pedra Cavada- (Chaín, Gondomar).

Cremos que o tempo cronolóxico de creación e uso destes espazos con estes motivos gravados e con estes artefactos para moer xiran ó redor dun tempo no que, segundo Rapaport (in Jorge, 2005), todas as actividades humanas están organizadas en sistemas e desenvolvidas en escenarios que tamén poden estar estruturados noutros sistemas. A actividade como concepto vén definida pola propia actividade, como se desenvolve a asociación con outras actividades e a finalidade e significado da mesma. Susana Oliveira Jorge (Jorge, 2005), analizando, no Castelo Velho de Freixo de Numão, a aparición de deposicións de pesos de tear, un machado de cobre, ósos humanos manipulados, cachos cerámicos, muíños naviculares, fauna e flora, conclúe que non estamos diante dun lugar funerario nin dun silo de cereais, un obradoiro dun oleiro, dun ferreiro, nin dun tear. Non tentaban enterrar, almacenar, producir, moer nin tecer, temos a impresión de que era unha re-presentación destas tarefas da vida doméstica, pero aquí non son as propias tarefas senón unha metáfora delas.

Rapaport exemplifica coa actividade da moenda, que pode ser unha técnica para converter o gran dos cereais (ou as landras) en relón e posteriormente en fariña panificable como elo dunha cadea de actividades: sementeira, colleita, almacenaxe para rematar como mantenza do corpo humano, onde a moenda é un paso deste sistema. Pero no caso dos muíños naviculares de soporte fixo tamén podía ser que moesen cereais ou landras, pero a actividade estaría realizada nun escenario que non sería o propio, xa que o habitual é moer no poboado. Aquí a actividade de moenda vén fortemente mediatizada polo escenario no que se desenvolve, un lugar de difícil acceso, nun outeiro á beira do mar, nunha cova de ingreso complicado, ou nun alto lonxe do sitio de habitación, como o caso do Coto Grande (Taboexa, As Neves) a 590 metros de altura cunha amplísima visión sobre o Miño galego e portugués, O Cotodeira ó norte e cara ó oeste até os montes que abeirán o Océano Atlántico. Na mesma rocha, coviñas e un reticulado, e a poucos metros máis reticulados de varios tamaños en distintas rochas.

Coñecemos o decorado natural, o decorado antrópico (muíños e motivos gravados), supoñemos unha actividade de moenda de cereais ou landras ou outras plantas e descoñecemos se había acompañamento inmaterial (música, danza, pregarias) e cal era a finalidade destes ritos dentro dunha cerimonia.

Quizais poidamos afirmar que eran lugares onde se celebraban ritos, actividades de índole comunitario nunha sociedade que estaba nun proceso crecente de dominio da terra cunha antropización crecente do espazo, convertendo partes do salvaxe en doméstico; unha sociedade que necesitaba actos de afirmación comunitaria e tamén intracomunitaria para alimentar as relacións entre comunidades a prol da socialización para evitar conflitos. A socialización a través de intercambios, alianzas (de colaboración, matrimoniais), conseguida coa realización de actividades en común e desenvolvidas no espazo doméstico ou en espazos rituais como poden ser necrópoles, recintos

con estelas (O Cabeço da Mina), recintos de menhires, áreas con gravados rupestres ou pinturas, lugares con muíños naviculares e arte gravada.

## O SUR TAMÉN EXISTE

Cando o IEM (Instituto de Estudos Miñoráns) deseñou o Proxecto Equus, a idea naquel ano 2015 era estudar os petróglifos con zoomorfos do Val de Miñor, Baixo Miño e do norte de Portugal entre Melgaço e Caminha e o Lima polo sur. A idea fundábase nos traballos publicados (Costas Goberna & Peña Santos, 2002; Peña Santos & alii, 1996; Costas Goberna & Groba González, 1994; Novoa Álvarez & Costas Goberna, 2004; Costas & alii, 2005) e no extenso coñecemento do territorio. Para estas pescudas contamos coa experiencia de Cándido Verde Andrés e Xosé Alonso Álvarez “O Buraco”. Puxemos en común bibliografía e coñecemento da área de estudo e os datos numéricos pasaban das 60 rochas con zoomorfos gravados. A partir do comezo do proxecto, as superficies con zoomorfos medraron exponencialmente até situarnos, a comezos do 2022, en máis de 140 casos. Os resultados, sempre parciais, xa foron publicados (Martínez & alii, 2018; Vilar Pedreira & alii, 2020; Vilar Pedreira & alii, 2022), comunicados no 20º Congreso internacional de arte rupestre, Valcamónica (Italia), celebrado do 29 de agosto ó 2 de setembro de 2018, expostos en charlas e visitas guiadas. No goberno destes resultados xa contamos cunha superficie cun só zoomorfo no Monte da Costa amais doutras con coviñas e combinacións circulares tanto aquí coma noutras partes de Porreiras, ó pé do São Silvestre ou nas chans máis ó norte. En 2019 Cándido Verde Andrés continuou os seus paseos polos montes de Porreiras e Insalde e achegou máis de 70 rochas con gravados, nomeadamente no Monte da Costa, que non puidemos comunicar ó arqueólogo municipal por non existir esa figura no organigrama da cámara municipal, aínda que as primeiras descubertas, anos atrás, si lle foron comunicadas ó sr. Aníbal da cámara de Paredes de Coura, incluso foi visitar algúns petróglifos cos descubridores (C.V.A e X.A.A.).

Segundo a *Carta Arqueolóxica de Paredes de Coura* (Silva e Silva, 2007), son 22 os túmulos funerarios -mámoas- coñecidos entre Porreiras e Insalde, distribuídos polas chans entre A Boulhosa e São Silvestre. Ningunha escavada e maltratadas polo tempo. Esta abundancia denota a intensa ocupación humana desta zona entre o neolítico e o bronce. Un sitio onde enterraron e supoñemos que habitaron comunidades humanas nun lento pero constante proceso de domesticación da terra (Jorge, 1999).

A pegada das comunidades humanas déixanse ollar no achado da estela-menhir da Boulhosa (Insalde) nun sitio indeterminado entre A Fonte dos Tornos e A Fonte da Queimada, a máis de 700 m de altura, no ano 1905. É un monólito de granito de gran fino de 116 cm de altura con ombreiros e testa ben figurados, ollos, peitos, colares dentro de emblema, polo que se ten interpretado coma unha figura feminina (Silva & Silva, 2007). A controversia cronolóxica vena emprazando no neolítico final, até que os máis recentes estudos (Rodríguez Corral, 2015; Bueno & alii, 2005: 604, Fig. 27) sitúan este tipo de estelas-menhir no bronce serodio/final baseados en influencias mediterráneas ben datadas.

A estela do Casal apareceu en Insalde, non lonxe da Serra da Boulhosa, xa Leite de Vasconcelos a describira no ano 1910. Achada nun campo de millo, consérvase, coma a ante-



rior, no Museu Arqueolóxico Nacional. É tamén de granito de gran fino. Mide 178 cm de altura e 76 cm de ancho e 16 de espesura máxima, é un rectángulo coa metade superior gravada e o pé sen motivos, para ser chantada na terra. Segundo M. Varela Gomes (Gomes, 2006), 15 rectángulos concéntricos foron gravados durante o neolítico final e máis tarde o espazo superior da estela foi antropomorfizado por unha cara oculada e a representación de dous machados. A riqueza artística de Porreiras e Insalde veu medrar 100 anos máis tarde co achado de máis de 80 rochas con gravados, a maioría emprazadas na vertente sur do Monte da Costa entre As Almas e Vilarinho, nunha zona de paso entre o val alto do Vez e o val alto do Coura, e tamén cara ás terrazas aluviais do Miño evitando as alturas da



b. Figura cadrada, a xeito de placa, gravada nun esteo antropomorfizado da mámoa 4 do Alto das Medorras (Arcá-Pópulo) (Sanches e Nunes, 2005: 79. Fig 13).





Fig. 4a. Rocha 37 de Porreiras/Insalde con combinación circular e tectiforme.



c. Fotogrametría da principal rocha do conxunto do Monte da Costa (Porreiras/Insalde).

São Silvestre. Polo sur, a altura fortificada do Crasto (Xiesteira), con achados cerámicos romanos e outros anteriores ó ferro (Silva e Silva, 2007).

O Monte da Costa, con 570 m, fecha polo sur a zona de chans, a cunca formada entre dous ramais da Serra do Extremo, o occidental que remata no alto de São Silvestre (736 m) e o oriental no Cárdio (745 m). Nas casas das Almas e a estrada actual, a cota é de 500 m e O Monte da Costa sobe de súpeto, con forte pendente, até os citados 570 m. É nesta ladeira sur e na parte máis achanzada ó oeste onde se emprazan unhas 65 superficies con gravados nun substrato que é un continuum granítico, por veces moi inclinado.

Das case 90 rochas grafadas (Anexo I), en dúas terceiras partes hai covañas, en exclusiva ou compartindo con outros motivos. A segunda figura máis representada áchase nunhas 25 rochas, son os circos simples e concéntricos dos máis variados tipos. En 14 rochas hai zoomorfos, équidos a maioría, cánidos e un cervo macho. En 8, antropomorfos de tradición esquemática peninsular, aquí de brazos e pernas curvos. Este motivo, que cremos propio da arte rupestre pintada e gravada esquemática, está acompañado de rectángulos segmentados, barras, covañas que funcionarían coma os puntos da arte esquemática. Temos dous casos do que podemos chamar tectiformes, nun caso a superficie máis complexa (r. 31) e noutro vinculado a unha combinación circular de tres aneis e covaña central (r. 37). Chama a atención a presenza nunha superficie inclinada (r. 60) de dous zoomorfos cuadrúpedes e de dúas placas rectangulares (25x19 cm; 26x33 cm) con tendencia ó cadrado e rectángulo na parte superior, que lle dá aparencia antropomorfa. A menor ten dúas covañas de 2 e 2'4 cm de diámetro, a maior unha. Estes motivos parecen reproducir placas exentas aparecidas en ambientes funerarios, incluso gravadas, como no esteo antropomorfizado da mámoa 4 do Alto das Madorras -Arcá (Pópulo) que ten no pé unha placa gravada moi semellante a estas (Sanchez e Nunes, 2005: 79, Fig. 13). Non teñen detalles anatómicos nin de adorno persoal ou armas (Fig. 4a,b,c).

É, outra volta, un núcleo concentrado de superficies con zoomorfos, son 14 rochas, todas, agás dúas, na cara sur do Monte da Costa (seguimos a numeración do Anexo I):

7.- Un penedo grande con gravados en 6 sitios distintos da rocha que catalogamos como petróglifos independentes. O motivo máis representado son as covañas dispostas de variadas maneiras, incluso un grupo dentro dun circo ou como centro dunha combinación circular de tres aneis. Na parte baixa do penedo, dous rectángulos segmentados. Na cara do nacente, un cuadrúpede de longo rabo que remata nunha covaña. Entre esta e a orella, 46 cm de longo, 10 cm miden as patas e 22 cm o rabo (Fig. 5a).

26.- Nunha laxe inclinada (120x140 cm), como mínimo dous cuadrúpedes, o situado máis abaixo, un équido que podería estar montado, incluso parece que se percibe un picado posterior a xeito de cornos. Na vaguidade da descrición óllase a mala percepción dos motivos. O exemplar da parte alta, moi esquemático na definición cunha soa liña cérvico-dorsal, o outro con dobre liña para o corpo central e longo pescozo (cf. r. 36, 55 e 81) (Fig. 5b).

21.- Outra laxe moi inclinada, preto da 26. Na parte alta, dúas pequenas combinacións circulares de dous aneis e covaña central pouco gravadas, máis abaixo unhas liñas que non describen nada recoñecible, e na parte media e baixa, tres cuadrúpedes

cunha execución técnica pouco experta. O pescozo do individuo do centro parece compartir o mesmo trazo para describir as patas traseiras doutro individuo (Fig. 5c).

60.- Nun penedo a media ladeira, con outras dúas partes gravadas con coviñas e circos simples, aparece na parte baixa un cuadrúpede co rabo moi longo, o corpo baleirado e apéndice sobre a cabeza. Difícil determinar a especie sen descartar que sexa un bóvido. Fronte ó animal, dúas figuras subrectangulares, abertas no lado menor inferior de 26x33 e 25x19 cm, no lado menor superior gravado un apéndice rectangular. A figura de menores medidas ten dúas coviñas no interior. Teñen, como dixemos, unha clara aparencia antropomórfica que lembra as placas do suroeste da Península Ibérica que redundan nunha obsesión pola representación humana de xeito perdurable en soportes vinculados a enterramentos, tanto na forma antropomórfica dalgúns destes dos megálitos, nos seixos traballados fincados no chan no adro ou no corredor. Tamén menhires, estelas, estelas-menhir ó longo do neolítico, calcolítico e bronce cuns ou outros atributos (puñais, espadas, alabardas...) e a deposición de pequenas placas pétreas, case todas decoradas dentro da cámara funeraria (ES-PRIT, 270, 277, 278, 311, 356, 1632...) (Fig. 5d,e,f).




Fig. 5a. Cuadrúpede da rocha 7, moi esquemático con longa cola nun penedo grafiado en varios sitios.




Fig. 5b. Superficie con gravados moi esvaídos (rocha 26), dous cuadrúpedes.




Fig. 5c. Rocha 21 moi inclinada emprazada na zona de máxima concentración de zoolomorfos gravados do Monte da Costa.




Fig. 5d. Cuadrúpede de tipoloxía distinta á maioría dos animais gravados en Porreiras/Insalde, este co interior do corpo rebaixado e enfrontado a dúas placas.




Fig. 5e,f. Placa 311, 356 do catálogo ESPRIT do tipo hoe (aixada) semellantes ás figuras da rocha 60.

A perpetuación da representación humana tampouco foi esquecida na arte rupestre ó aire libre en motivos como os ídolos Peñatu (Bueno & alii, 2005), presentes no Monte da Laje (Taião, Valença), á beira de armas metálicas que aparecen nuns 60 petróglifos galegos e portugueses, tamén aquí na Serra do Extremo (Monte da Laje, Santo Ovídio e O Escaraveirão). Incluso, no norte da serra, no Outeiro dos Fusos, un petróglifo concibido para ser visto xirando ó redor da rocha, se comezamos desde o norte hai liñas, dúas espirais -unha iniciada e outra de catro voltas con coviña central-, tamén dous équidos, un con xinete, dinámico cara a unha grella, e o outro cara á espiral maior. Desde o sur, un reticulado de 7x8 casiñas, e desde o leste dúas figuras antropomórficas cun corpo subrectangular do que sae un apéndice rematado por unha figura semellante a un toucado. O posible antropomorfo da esquerda loce adorno no peito, a esta figura sobreponse o citado reticulado. A da dereita ten os ombreiros marcados (cf. coa estela-menhir da Serra da Boulhosa).

55.- Unha rocha inclinada e orientada ó sur con polo menos catro équidos, dous deles coa cola erguida. Están separados e sen aparente intención de construír unha escena. Dous exemplares lembran individuos das rochas 26, 36 e 81 co pescozo alongado ou moi alongado (Fig. 6a).

2.- Na rocha inmediata, polo sur á r. 55 un zoomorfo moi esvaído onde se ven as patas, a barriga e, menos, o lombo, e non se percibe a cabeza.

15.- Unha laxe bastante horizontal, rompendo coa inclinación da maioría das rochas da zona. Varias figuras soltas, heteroxéneas: un reticulado moi esvaído, quizais de 6x6 casiñas, un circo simple cunha división interna en cruz, unhas cinco coviñas e varias figuras e liñas que non identificamos con nada coñecido, aínda que tres delas definen figuras apuntadas, unha con certa semellanza con puñais ou espadas. Tamén tres équidos, o da parte inferior con xinete. Os tres executados con dobre trazo para o corpo, dándolle volume, sendo o pescozo máis esquemático por estar executado cunha soa liña (Fig. 6b)

16.-Na laxe situada por riba da rocha 15, un équido con dobre trazo, unha liña describe unha pata traseira, a barriga e unha pata dianteira, outra describe unha pata traseira, o lombo ata o pescozo e unha pata dianteira con impresión conseguida de moita envergadura. A cola moi erguida (cf. A Coutada II in Vilar Pedreira & alii, 2022) e o pescozo e o fociño resoltos cunha soa liña (cf. 15, 26, 63 e 57), aquí algo máis ancha que nos outros casos semellantes de Porreiras. Sobre o équido, unha figura subrectangular con divisións internas a xeito de rectángulos segmentados. Dúas coviñas preto do rectángulo e termoclasto que diminuíu a superficie do granito en parte do corpo do équido (Fig. 6c)

63.- Unha laxe inclinada ó sur, na zona máis achanzada ó oeste do Monte da Costa. Un équido executado con dobre liña para o corpo, o que lle dá máis volume, pero cunha liña única para o pescozo, como no 57, 15, e un exemplar do 26, variante pouco común na arte atlántica (Fig. 6d).

81.- Na cara norte do Monte da Costa, un bo exemplar de équido -23'5 cm do rabo ás patas dianteiras-, cola anchísima e moi longa, pescozo axirafado, dúas orellas. Moita semellanza co 26, 36 e 55. Sobre el dous circos concéntricos con coviña central -12 e 26 cm de diámetro- e un simple de 20 cm (Fig. 6e).

57.- Sobre os pardiñeiros, nunha laxe inclinada ó sur, con escoamentos e liques negros, un cuadrúpede de 18 cm da pata dianteira á pata traseira. Dobre liña para definir o corpo e dobre liña para as patas, mentres que o pescozo está delineado por unha soa liña que vira para cabeza e fociño e ten dous apéndice para as orellas. Longo rabo erguido. Á dereita da rocha, catro liñas verticais saen dunha horizontal parecendo outro animal esquemático. Na parte baixa, outro cabaliño coa mesma fasquía




Fig. 6a. Outra superficie inclinada ó sur coma todas as do Monte da Costa, aquí con tres équidos de feitura distintas, o máis proporcionado ocupa o centro da laxe, á dereita un individuo semellante ós tres exemplares da rocha 36 cun pescozo axirafado, desproporcionado.




Fig. 6b. Tres équidos nun lateral dunha superficie con motivos soltos, distintos, aparentemente inconexos, incluso unha retícula, caso único deste tipo no Monte da Costa e arredores.

có anterior coincidente con exemplares das rochas 63, 15 e 26.

Non podemos deixar pasar a similitude da disposición da cola con exemplares da Coutada II (Vilar Pedreira & alii, 2022), animais de moito maior porte que aquí (Fig. 6f).

76.- No monte de Insalade, cara ó leste da serra, unha laxe plana no medio da pista forestal con liñas que non deixan ollar figuras recoñecibles, unha cruz, un cadrado, outras liñas e unha recta de 15cm da que saen seis apéndice, o maior de 8 cm, que compoñen unha figura pectiniforme que ben podería ser unha representación animal ultraesquemática (Fig. 7a).

36.- Na parte leste do Monte da Costa, xa na freguesía de Insalade, nunha rocha inclinada ó sur, rebentada polos canteiros, fican tres équidos da tipoloxía descrita atrás, de pescozo longo (26, 55 e 81), o exemplar maior mide 36 cm das patas dianteiras ó

alto da cabeza, todos cunha espesa cola executada con dobre liña. Está moi próximo da rocha 31 rodeando o remate superior dunha pequena depresión da ladeira do Monte da Costa (Fig. 7b).

31.-O Monte da Costa está atravesado a media ladeira por un camiño apoiado sobre un muro para evitar a pendente, no remate del unha laxe que se afunde no piso do camiño, cunha inclinación que en sitios pasa dos 30° e unhas medidas de 220 cm de norte a sur e 300 cm de leste a oeste, afectada, na parte dereita, por moitos termoclastos que evolucionan cara á perda de gravados. Nesta rocha está o petróglifo máis complexo do conxunto de grafías de Porreiras/Insalde cunha doada lectura nun primeiro plano, o descritivo coa axuda da fotogrametría. O segundo plano, de achegamento ós gravados no que deberíamos tentar definir que representa este conxunto. O terceiro plano atinxe á interpretación, á mensaxe codificada que se quere transmitir (Fig. 7c):

Comezando polo primeiro plano de achegamento a esta rocha gravada 31 do complexo do Monte da Costa, destacan á esquerda dúas figuras abstractas moi afectadas pola termoclastia. A primeira, A1, é unha figura de tendencia rectangular con lados curvos dividida internamente por unha liña central lonxitudinal partida por cinco liñas transversais que crean celas paralelas e mais dúas casiñas acaroadas na parte alta. Á dereita está A2, con dous corpos ben diferenciados, arriba dúas combinacións circulares secantes, non moi regulares, con cadansúa coviña central e con coviñas (5 e 3) entre os aneis. Cada combinación ten un raio que parte, cara ó exterior, desde o anel interior, e fóra conectan cunha figura composta por unhas 11 casiñas cadradas moi deturpadas.




Fig. 6c. Dúas únicas figuras e dúas coviñas. Un motivo subrectangular con divisións transversais internas e un équido afectado por termoclastia con paralelos tipolóxicos no conxunto do Monte da Costa.




Fig. 6d. Un único cuadrúpede nunha superficie con escorrentías na zona máis chan situada no oeste do Monte da Costa.




Fig. 6e. Na cara norte do Monte da Costa, con escasísimos petróglifos, esta superficie con arte abstracta (combinación circular) e un único équido de ancho e longo pescozo.




Fig. 6f. Laxe con dous exemplares de équidos do tipo cunha única liña para definir o pescozo como nas rochas 63, 15 e 26. Tamén unha figura rectangular dividida.

Á dereita deste conxunto abstracto, 8 cuadrúpedes e 8 figuras antropomorfas. Na parte situada debaixo das figuras abstractas, tres zoomorfos e dous antropomorfos. Algunha covaña solta e unha de maior tamaño á dereita (A3).

As figuras de zoomorfos son todas moi esquemáticas, cunha soa liña desde o rabo á cabeza e catro apéndices para as extremidades e dúas para as orellas. Na parte media central, un cérvido (CERV) que só se distingue das outras nas cornas. Identificamos coas iniciais IND as que consideramos de adscrición de especie indeterminada e coa inicial C as que cremos cánidos polas patas curtas. Hai dúas excepcións a unha soa liña para o corpo, o IND2, con dobre liña para patas e corpo, e nomeadamente o E1, no alto da composición, moito máis gravado, un équido de dobre liña para cola, corpo e pescozo, executado todo con certo virtuosismo técnico, xa que unha liña vai da cola a unha orella, outra describe a outra parte da cola até unha pata traseira, outra da pata á barriga e remata na outra pata e o último trazo delinea desde a orella, o fociño, o pescozo e unha pata dianteira. O animal montado por un xinete cun brazo ás crinas e outro portando unha lanza cunha punta prominente en posición de arrebolala.

Canto ás 15 figuras antropomorfas, sen contar o xinete, distinguimos dous tipos, aquelas que podemos dicir propias da arte atlántica, moi esquemáticas, cunha liña que vai da cabeza ó tronco e divídese en dúas para as pernas e unha liña que atravesa por baixo do pescozo grafando os brazos (A11, 12, 13, 14, 15, 16), todas portan algo nas mans. O outro grupo (A01, 02, 03, 04, 05, 06, 07, 08, 09) son figuras compostas por unha longa liña recta que na parte alta está atravesada por unha liña curva, máis ou menos aberta cara arriba, que semellan brazos, e outra liña curva aberta cara abaixo no sitio das pernas. Entre elas un longo apéndice, o curioso neste petróglifo é que A01e 02 teñen este apéndice rematado tocando un zoomorfo (IND3), mentres que en A05 o apéndice vírase



á dereita para non tocar a IND5. Parecen individuos executados cun estilo propio da arte rupestre esquemática peninsular do que temos centos de exemplos.

O segundo plano require máis concreción e tentar ordenar e darlle sentido a máis de dúas ducias de figuras. É un labor complexo, coidamos que pode haber tres tempos de gravación:

Nun primeiro intre foi gravada a escena venatoria central onde a presa é o cervo (CERV) rodeado por cánidos (C1, C2, C3, C4) e polos homes (A13, A12, A11), todos con algún obxecto na man, pero o máis rechamante é A11 que aparece tombado, agachado quizais, e armado, en posición de ferir o animal con lanza ou frecha. Sobre esta escena, A14 está enfrontado a IND7 (équido?) axudado por un cánido (C5). Unha terceira escena cinexética, á dereita, onde A16 está enfrontado a IND6 (équido?) coa axuda de A15. Varias escenas cinexéticas no mesmo panel acontecen en Taboexa, na Coutada II (Vilar Pedreira & alii, 2020).




Fig. 7a. Lonxe da área nuclear con arte rupestre de Porreiras/Insalde esta superficie plana con figuras difíciles de ollar pero observamos unha liña recta da que saen uns seis apéndice que podería ser un pectini-forme e a posibilidade doutro exemplar máis, motivo único nesta zona.




Fig. 7 b. Tres équidos de pescozo antinatural pola enorme dimensión, orientados de esquerda a dereita, de oeste a leste, sobre unha pequena depresión do terreo.

Noutro momento, coetáneo ou non, foron gravadas as figuras abstractas A1, A2, A3. A primeira conta con paralelismos formais aquí no Monte da Costa, na rocha 37, unha superficie de 150x160 cm, inclinada ó sur, cunha combinación circular de 3 aneis (29, 18 e 10'5cm de diámetro) con coviña central (3'5cm diámetro) e cinco coviñas no exterior rodeando a combinación. Do centro sae un raio que se prolonga 57 cm cara abaixo compoñendo unha retícula subrectangular de 12 casañas. Temos que lembrar as figuras 5 e 6 do panel 2 da Lapa dos Louções (Arronches) (Martins & Neves, 2016), tamén a rocha 5 da Chã da Rapada (Britelo) (Martins, 2006: 65) moi semellante á rocha 37 e ó motivo A1 da rocha 31 do Monte da Costa, tratándose dunha espiral dentro dun circo

do que pende o motivo (nº 8) abstracto aquí descrito, que Andrea Martins chama daquela (Martins, 2006) idoliiforme e na Lapa dos Louções tectiforme.

Unha figura moi semellante áchase gravada nun dos paneis do Pedroso (Zamora), tamén unha figura subrectangular dividida internamente por liña lonxitudinal e catro transversais (Baptista, 2018: 70).

Moitísimo máis comúns son as combinacións circulares, como non é preciso explicar, e tamén, na macroárea Oitavén-Lima, a presenza de reticulados máis ben regulares -un par de centos de rochas-

A novidade do grupo de rochas gravadas de Porreiras/Insalde é a existencia de figuras propias da arte rupestre esquemática: puntos, rectángulos segmentados, barras, tectiformes, antropomorfos de pernas e brazos curvos. Aquí, na rocha 31, contamos con nove individuos antropomorfos coas extremidades curvadas, cara arriba os brazos, cara abaixo as pernas; son máis lineais as do individuo A09. En ningún caso os brazos fechan, aínda que en varios casos rematan nun coto redondeado (A03, A05, A06, A02, A01). En dous casos (A08 e A07) as figuras son acéfalas. No caso das pernas, os individuos A04 e A01 téñenas abertas e dereitas, mentres que no resto son curvas, incluso rematan en cotos (pés?) como acontece cos brazos. Son figuras ictifálicas, cun longo apéndice que sae de entre as pernas; pero, unha observación, no caso de A03 e A07 non parten directamente de entre as pernas, senón dunha coviña situada separada delas; quizais representacións femininas. Canto este longo apéndice é de salientar no caso de A01 e A02 rematan nun animal (IND3), A03, partindo dunha coviña, remata no cervo, e A05 parece que se desvía á dereita para non tocar no animal IND5.




Fig. 7 c. Un debuxo de Eloy Martínez Soto e unha denominación individual de cada figura de Bruno Centelles García do petróglifo máis significativo do Monte da Costa agredido polo lume que lle produciu termoclastos no lado esquerdo.

Por riba de todas as figuras destaca, por emprazamento, na parte alta, por estar máis profundamente gravada e por definición e claridade das formas, o équido con xinete armado con lanza con punta esaxerada en posición de ser arrebolada contra unha presa; home (A15, A16) ou animal (IND6); por tradición da arte atlántica queremos supoñer que contra un animal nunha escena cinexética máis, dentro deste complexo panel 31. Este tipo de armas podémolo ollar na Quinta dos Galegos (Verdoejo), na Breia (Cardielos), na Pedreira (Leiro) ou sen punta na Telheira (Verdoejo) ou na Couxada II (Taboexa).

Reiteramos a complexidade deste panel 31 e considerámolo a rocha central do conxunto de gravados rupestres de Porreiras/Insalde que comparte, que interactúa con todo o grupo:

- A figura A1 está presente na rocha 37 próxima á 31.

- Os antropomorfos de extremidades curvas áchanse en, polo menos, seis rochas máis:

1) Na rocha 14 nun panel inclinado, con rectángulos divididos, coviñas, barras (r. 13), hai tres destas figuras antropomorfas.

2) Na rocha 59, ó oeste da anterior, un antropomorfo semellante cuns pequenos trazos para as mans e a compañía dun rectángulo (17x12 cm) con tres divisións horizontais e unha coviña.

3) A rocha 58 presenta outro antropomorfo co remate dos brazos en curva.

4) Moi próxima ó panel 31, no mesmo camiño, está a rocha 30 con tres antropomorfos moi esvaídos, en dous só percibimos os brazos.

5) Ó pé da rocha 55, con équidos, unha superficie de 220x170 cm cun antropomorfo de 24 cm de longo e 10 cm de ancho na rocha 56, inclinada ó sur e afectada por termoclastia.

6) Outra laxe inclinada cunha longa liña que vira, dá voltas sen describir nada recoñecible e, á esquerda, unha figura antropomorfa ictifálica con brazos e pernas curvadas (r.).

- A figura E1 é un équido que pertence a unha das dúas tipoloxías presentes na zona, aquela que atopamos en exemplares das rochas 16, 26, 36, 55 e 81 son animais con dobre trazo para patas, rabo, corpo e pescozo, este, ademais, especialmente longo nos exemplares da rocha 36, moi próxima á 31. Moi semellante é o da rocha 81 tamén co pescozo moi longo e a cola ancha, longa e aberta.

Ficaría agora definir o terceiro plano, a interpretación, o desciframento do código empregado nesta rocha 31 e por extensión en todo o conxunto. É o traballo de análise máis complicado. Podemos aceptar a existencia dunha escena cinexética centrada ó redor do cervo gravado no centro da superficie, sen destacar este exemplar nin polo tamaño nin por posuír unhas cornas esaxeradas. A escena é canónica na composición con homes acosando, cánidos axudando, figuras abstractas presentes e a interferencia posterior das figuras antropomorfas de tradición peninsular. No mesmo, outras dúas, polo menos, escenas cinexéticas máis ó redor dos individuos IND6 e IND7.

É un consenso científico (Peña Santos & Rey García, 2001) que o que importa non é o acto venatorio senón a representación do valor, do poder da persoa ou persoas que o levan a cabo dominando a equitación, as armas. Está claro na arte atlántica que todo o que non é arte abstracta, xeométrica, senón arte figurada, non trata temas da vida

doméstica (pesca, xogos, cociña, labor de tecer...) senón que se centra na representación de armas (1% do total) ou na representación de équidos e cérvidos; non lobos, touros, osos, que serían animais de gran porte ou ferocidade, só équidos e cérvidos. Ó norte do Oitavén e desde O Morrazo, en exclusiva, cérvidos, os cabalos, agás pouquísimas excepcións (A Laxe da Carballeira, p. ex.), montados participando na caza do cervo macho cunhas cornas impresionantes, o sexo marcado, axudados por cánidos e ás veces con trampas circulares, reticuladas ou en forma de sebe (A Pedra da Boullosa).

Ó sur do Oitavén o programa iconográfico é semellante, menos que troca o actor principal que deixa de ser o cervo, só presente no 10% dos casos, e pasa a ser un




Fig 8a. Antropomorfo descuberto en xaneiro do 2022 por Xilberte Manso na zona central do Monte da Costa. Brazos cara arriba co remate curvo, pernas arqueadas e itifálico.




Fig 8b. Panel de arte esquemática de tradición peninsular con coviñas, rectángulos segmentados interiormente e dous antropomorfos acéfalos, itifálicos, de brazos e pernas curvos. Outro semellante, quizais ó revés, na zona alta. (r 14)

équido. O animal cazado é un équido cunha arma arreboladiza cravada no lombo, ou caendo nunha trampa circular ou reticulada, perseguido por homes a pé ou dacabalo axudados por cánidos.

A multiescena cinexética de équidos e cervos non é exclusiva desta rocha 31, acontece así na Coutada II (Taboexa), no Outeiro dos Lameiros (Sabarís, Baiona), na Pedra da Escorrega (Verdoejo).

Xa verificamos, na definición do paradigma do Proxecto Equus (Martínez & alii, 2018) a existencia de zonas concretas de pequenas dimensións con concentración de rochas con zoomorfos, a maioría équidos. Isto constatámolo no grupo das Fontiñas (Randufe, Tui), o potente complexo de Verdoejo / Ganfei, as superficies de Lanhelas, o conxunto da Breia (Cardielos), o núcleo disperso ó redor do castro da Assunção (Monção), os petróglifos da Chan do Outeiro (Couso, Gondomar) e agora as, polo momento, 14 superficies con zoomorfos, équidos, cánidos e polo menos un cervo aquí en Porreiras/Insalde.

Indicamos tamén o emprazamento dalgúns petró-

glifos na cabeceira de regueiras secas, de depresións do terreo onde sería máis doado concluír o acoso a équidos ou cérvidos para cazalos vivos ou mortos. Isto é evidente nas Covas de Amorín (Donas), na Chan do Outeiro e na Tomada da Regueira dos Barreiros (Couso, Gondomar), evidente tamén en Randufe (Tui) ou na Breia (Cardielos). Pois non descartamos tamén que en Porreiras/Insalde parte das rochas con gravados de zoomorfos (36, 31, 15, 16, 21, 26) se atopen nunha ladeira con moita caída ás beiras dunha pequena depresión onde abocar as presas.

Sabemos que continuamos sen interpretar debidamente un conxunto de arte rupestre emprazado maioritariamente próximo pero de costas á zona de implantación das mámoas. A cara sur do Monte da Costa é un amplo paso entre grandes unidades orográficas, ó leste




Fig 8c. Tres antropomorfos sen pernas, difíciles de percibir, moi próximos ó panel principal (r.30).




Fig 8d. Antropomorfo de pernas curvas, brazos rectos cara arriba rematados nunha pequena curva, o que noutras zonas da Península Ibérica chaman brazos con fouce (Duarte e Cabello, 2013).

o val do río Vez e ó oeste o do Coura e a depresión do Miño. É un paso ben drenado, con boas zonas de cultivo e con evidencias de ocupación durante o longo período de domesticación da terra desde hai 6500 anos (Jorge, 1999; Fábregas & alii, 1997).

Esta zona sur da Serra do Extremo, en termos de arte rupestre, fica definida por unha forte concentración na cara sur do Monte da Costa, con moita presenza de coviñas, sen a abundancia de moitos e profusos paneis con combinacións circulares; polo menos, 14 rochas con zoomorfos, équidos a inmensa maioría. A existencia do que nos parecen dúas placas gravadas na rocha 60, do tipo que o equipo de Katina Lillios no catálogo ESPRIT inclúe no grupo hoe (aixada). Destaca, este conxunto de Porreiras/Insalde, pola existencia de nove rochas con motivos xenuínos da arte rupestre esquemática, común a gran parte da Península Ibérica, e cada vez con máis constancia da súa presenza en zonas do noroeste (Asturias, O




Fig 8e. Antropomorfo acéfalo, longo pene e brazos cara arriba en ángulo recto e pernas en ángulo de máis de 90°. Superficie moi próxima á rocha 55 con tres équidos.




Fig 8f. Asociación, na mesma rocha, de figura subrectangular dividida interiormente e antropomorfo acéfalo, pene longuísimo, pernas completamente perpendiculares ó toro do individuo e viradas abaixo nos extremos. Os brazos erguidos en ángulo recto con apéndice no extremo (mans?).

Bierzo, Lugo, Ourense) (Rodríguez & alii, 2019; Santos-Estévez & alii, 2020) cunha gran concentración na bacía do Douro portugués (Alves e Comendador Rey, 2017; Sanches & alii, 2015). Falamos de arte pintada en abrigueiros, palas, paredes, no caso courense estamos no mundo dos petróglifos, o mesmo soporte que os petróglifos e os motivos propios da arte rupestre esquemática: puntos (coviñas), barras, rectángulos segmentados, figuras antropomorfas e tectiformes. Ata o momento coñecemos dez superficies cos motivos arriba enumerados (Fig. 4a,c, 6c, 7c, 8a,b,c,d,e,f.): En sete aparecen figuras antropomorfas, case todas de brazos e pernas curvas, agás nunha rocha (30) que non se perciben as pernas ou na 31 un caso de pernas abertas pero rectas. Temos rectángulos segmentados en 3 rochas (14, 59, 16) dos que atopamos paralelos na Serra dos Passos, no abrigo 8 do Regato das Bouças, e masivamente en varios paneis do abrigo 3.

Estas son as presenzas. O contraste presenza/ausencia define “artisticamente” un territorio e por extensión as comunidades que viviron nel. Uns determinados modelos artísti-

cos definen unha identidade de grupo. Aquí non hai muíños naviculares de soporte fixo presentes ó norte e ó leste do Monte do Faro. Os máis próximos, dous sitios, coñecemos en Linhares e Cossourado, xa moi abundantes en Cerveira, Riba de Áncora, O Alto de Santo Antão. Aquí non hai reticulados, moi abundantes no norte de Portugal, de Monção a Áncora, só o motivo esvaído na rocha 15, compartindo superficie con tres équidos, común na macroárea Oitavén-Lima (O Outeiro dos Lameiros, A Pedra da Escorrega, Santo Adrião, A Chão do Cano, A Regueira dos Barreiros, A Tapada de Ozão, O Outeiro dos Fusos). Tampouco atopamos representacións de espirais, abundantes no norte da serra, ademais de dous tipos ben diferenciados, nin armas.

Estas diferenzas de motivos gravados en zonas tan próximas marcan, como dixemos, identidades, pero indubidablemente marcan tradicións artísticas, cronoloxías, chegada de influencias que temos que continuar investigando para ir escolmando e tratar de achegarnos ás persoas que crearon estes paneis ó aire libre que decoran, tatúan (Alves e Reis, 2017 a) a nosa terra.




Fig. 9a. Extraordinaria escena venatoria con cérvidos nunha laxe inclinada ó sur na Quinta dos Galegos ou Quinta da Barreira, en Verdoejo no lugar con máis escenas de caza de équidos e cérvidos da macroárea Oitavén-Lima.

## O NORTE DA SERRA DO EXTREMO

Os arredores do Monte do Faro foron motivo de estudo e publicacións recentes (Alves e Reis, 2017 a,b) ás que engadimos sinteticamente no Anexo II unha listaxe das superficies con gravados da parte baixa do Monte do Faro, comprendida nas freguesías de Verdoejo e Ganfei. A zona supón a maior concentración de rochas con zoomorfos da macroárea Oitavén-Lima, ademais de supoñer a maior densidade de escenas cinexéticas, tanto caza de équidos coma de cérvidos:

- A Quinta dos Galegos na Barreira amosa un par de ducias de animais, algúns de factura basta que non permite a súa identificación, outros son cervos claramente. Están nunha superficie deitada ó norte e destaca na parte alta un animal no preciso instante que está recibindo o impacto dunha lanza ou xavelina de punta esaxerada. O ser humano que arrebolou a arma non aparece

gravado, intúese, suponse. Fica elidido, a pesar de provocar a fuxida de varios exemplares e ter xa algún máis cazado no ángulo superior dereito. Na banda do poñente hai un grupiño de tres animais de menor tamaño, quizais cánidos detrás dun animal ferido no lombo (Fig. 9a).

-A Telheira é unha escena sinxela, de gran dinamismo, cun exemplar de équido ferido por unha arma cravada no lombo e perseguido por outros tres équidos montados, o da parte superior co brazo dereito erguido e armado. Un dos tres cabalos montados só amosa un risco recto para representar o xinete, polo que dubidamos se é home ou arma cravada (Fig. 9b).

-A Pedra da Escorrega é unha superficie de 30 m de longo e 10 m de ancho con máis de medio cento de figuras, a maioría animais. É un panel (multiescena, maiormente na parte alta e na media-alta) con caza múltiple de cervos arriba e équidos na zona media alta e media, estas dúas empregando unha rede como trampa de caza (Fig. 2d).

-No Outeiro dos Fusos (97-ST R6 de Alves e Reis, 2017b), un panel complexo onde un xinete cos brazos ó aire está á beira dun équido acaroadado a unha espiral, quizais unha escena de acoso e caza en vivo, nun panel no que hai tamén combinacións circulares, liñas curvas, antropomorfos e un reticulado. Xa indicamos atrás a aparición de équidos compartindo panel con espirais e reticulados (Fig. 3a).

Nesta zona norte (Verdoejo e Ganfei) e noroeste (Ozão, Taião e Gandra) aparecen tamén muíños naviculares de soporte fixo en seis laxes distintas en cinco sitios, todos eles con amplo dominio visual, o que máis os tres muíños do outeiro da Chão da Quebrada. Tamén reticulados, nunha ducia de rochas. O caso máis curioso emprázase na cara lateral norte do soporte da Tapada de Ozão, vinculado a, polo menos, tres équidos, o central claramente con xinete gravado por rebaixe da superficie (Fig. 9c).

Entón, nesta zona norte-noroeste da Serra do Extremo contamos cun catálogo de petróglifos numeroso e moi variado que conta con ricas superficies con arte abstracta (o Monte dos Fortes, A Tapada de Ozão, São Tomé, ...), que inclúe coviñas, combinacións circulares e espirais de dous tipos, o clásico, elaborado cunha soa liña, e tres superficies con espirais executadas con dobre liña (O11, ST1, ST3), xa non habitual, ó que lle engadimos que case todas no remate interior anchean, polo que nos




Fig. 9b. Debuxo dun petróglifo pequeno co soporte rebentado polos canceiros e unha escena venatoria con zoomorfos esquemáticos (A Telheira, Verdoejo, Valença).



fixo pensar na posibilidade de que nestas tres superficies aparecesen representacións de cobras (Fig. 9d). O catálogo tamén inclúe armas, muíños naviculares de soporte fixo, moi presentes en máis de 170 sitios dende o Oitavén ó sur do Lima, e reticulados (Fernández Pintos, 2017; Vilar Pedreira & Méndez Quintas, 2009; Costas Goberna, 2009).

Esta colección tipolóxica concorda co teor observado ó longo de toda a macroárea, só falta a representación de motivos propios da arte rupestre esquemática de tradición peninsular para distinguila de representacións esquemáticas de zoomorfos propias da macroárea (O Outeiro dos Lameiros, Os Outeiros, O Escaravelhão, A Tapada de Ozão, A Telheira, Os Morouzos, A Baixada da Barca...).

## A XEITO DE CONCLUSIÓNS

Desde o Instituto de Estudos Miñoráns (IEM), a definición do Proxecto Equus dentro dunha área xeográfica concreta levounos a facer medrar e redefinir os traballos para poder continuar avanzando no coñecemento da arte rupestre entre o Oitavén e o Lima. E por isto, só coa prospección intensiva especializada -xente da academia, arqueólogos independentes e afeccionados- podemos achegarnos cada vez máis e mellor a un coñecemento máis profundo deste campo da arqueoloxía e da arte. Foi así como en traballos levados a cabo por iniciativa propia ou traballos encargados polas administracións (Xunta, concellos, comunidades de montes) conseguimos un




Fig. 9d. Na chan ó sur do alto de São Tomé unha superficie con coviñas, moitas liñas que non describen nada doado de recoñecer e catro espirais executadas con dobre liña paralela co remate interior máis ancho que nos lembra a cabeza dunha cobra. Un petróglifo co mesmo tipo de espirais ó sur dos Outeiros (nº 17 do Anexo II).

estudo polo miúdo de zonas concretas que permiten definir con bastante fidelidade cada lugar. Foi así como conseguimos caracterizar as grafías prehistóricas da freguesía de Gargamala (Mondariz) e contrastalas coas de amplas zonas do concello das Neves, conxuntos próximos e radicalmente distintos. O mesmo podemos dicir do monte de Santo Antão e do Monte dos Goios, os dous en Caminha, ou da Serra do Galiñeiro no Val de Miñor e os montes do Maúxo en Vigo e Nigrán.

Isto mesmo é o que expuxemos neste artigo, o contraste entre o norte e o sur da Serra do Extremo, e repetimos que a prospección intensiva especializada engadida ás técnicas de documentación e análise por fotogrametría, que melloraron abondo nos últimos anos, permítenos un achegamento máis fidedigno e amplo ó fenómeno da arte rupestre noroeste da Península Ibérica. Sempre presente que a rocha gravada non é un ente independente, senón que comparte un espazo xeográfico con máis rochas con gravados coas que interactúa na tarefa de composición dun todo orgánico que caracteriza e define unha área concreta dun territorio e, a través das grafías, coidamos que crean unha identidade en contraste coas grafías doutras áreas. Entendendo isto dentro dun longo período de domesticación da terra, que require, cada vez máis, a creación de marcas no territorio, na paisaxe, no territorio habitado, frecuentado e que precisa da creación de “fronteiras” ben definidas. Isto lógrase coas grafías nas pedras, cos enterramentos, con determinados costumes, diferenzas na fala, incluso na tatuaxe corporal, nos xeitos de explotación da terra e do gado,... sen negar as relacións extracomunitarias en actos diarios e en actos extraordinarios, celebracións marcadas no calendario anual a prol do beneficio mutuo sobre usos da terra particular de cada comunidade e de zonas comúns.

Coidamos que ficou claro ó longo deste escrito que as grafías deixadas nas rochas no norte da serra teñen diferenzas evidentes coas que atopamos no sur. A prospección intensiva de ambas zonas, non definitiva, con novidades no oeste da serra non consignadas aquí, permítenos describir dous catálogos ben definidos:




Fig. 9c. Lectura fotogramétrica inédita do lateral do petróglifo da Tapada de Ozão (Valença). A zona plana é un expoñente do horror vacui da arte abstracta prehistórica pero o lateral amosa zoomorfos con xinete (3) e unha retícula que podería ser unha trampa de caza.

NORTE	A SERRA DO EXTREMO	SUR
SI	RETICULADOS	NON (só 1 esvaído)
SI	ZOOMORFOS	SI (tres tipos)
SI (2 tipos)	ESPIRAIS	NON
SI	COMBINACIÓNS CIRCULARES	SI
SI	COVIÑAS	SI
SI	ARMAS	NON
NON (quizais 1)	ARTE RUPESTRE ESQUEMÁTICA	SI
SI	MUÍÑOS NAVICULARES S. FIXO	NON

Ademais, as características destas dúas áreas, distintas con puntos comúns, intégranse dentro da macroárea Oitavén-Lima con características comúns interiormente que a distinguen do conxunto maior da arte atlántica do noroeste, unha macroárea que conta con conxuntos de rochas (A Serra da Groba, O Monte dos Goios, Porreiras/Insalde, Gargamala, Taboexa, Tebra, O Gião) con arte rupestre esquemática que chega á beira do Atlántico e apenas constatada ó norte da Ría de Vigo.

Este é o camiño que debemos seguir para poder mellorar o coñecemento da nosa prehistoria recente. Agora estamos a tratar a arte rupestre, pero proxectos máis ambiciosos, holísticos, teñen que integrar os poboados e enterramentos coetáneos e tentar integrar todo nun conxunto coherente que inclúa o aspecto cronolóxico.

Estas pescudas teñen como xénese o citado Proxecto Equus. O interese de estarmos diante doutra zona con concentración de representacións de zoomorfos, a maioría rochas con équidos, chama a continuar no estudo da domesticación na Península Ibérica e en particular no noroeste. O tema é controvertido xa que hai quen se decanta por emprazar non “máis aló do século IX (a.n.e.) as representacións de cuadrúpedes” (Santos Estévez, 2012) e quen o retrotrae ó tempo da arte atlántica (III / II milenio a.n.e.) (Fábregas Valcarce & alii, 2011).

Non sabemos tampouco cal era a relación do home co cabalo; se seguimos a Ingold (1976; 1980) no estudo do pobo Skolt e a súa vinculación cos renos, e o aplicamos ó noso caso, non sabemos se a comunidade que gravou estes animais eran cazadores, pastores ou gandeiros, é dicir, se os cazaban, se os coidaban ceibes en rabaños ou os acurralaban, ou sexa, doma, pastoreo ou cría.

O interese de estarmos diante doutra zona con concentración de representacións de zoomorfos, a maioría rochas con équidos, chama a continuar no estudo da domesticación na Península Ibérica, e en particular no noroeste, con datacións entre o primeiro milenio a.n.e.

Agora si, as administracións competentes deben traballar no estudo, conservación e divulgación do conxunto arqueolóxico de Porreiras e Insalde que comprende 22 mámoas, case 90 rochas gravadas, a estela do Casal de Insalde e a estela-menhir da Serra da Boulhosa, un conxunto diacrónico variado onde decantaron tradicións gráficas distintas durante milenios.

**ANEXO I. PETRÓGLIFOS NORTE DA SERRA DO EXTREMO. VERDOEJO E GANFEI (NORTE).**

MOTIVOS										
		COVIÑAS	CIRCOS	ZOOMORFOS	ANTROP. ESQUEM.	MUÍÑOS NAVICULARES	ESPIRAIS	ANTROP. CLÁSICOS	RETICULADOS	LIÑAS
MM	1 PE					x 1				
MM	2 PE	x	x							
MM	3 PE	x	x	x 1						x
MM	4 PE		x							
MM	5 PE					x 1				
O	1 PE	x	x	x 2						x
O	2 PE	x	x				x			
O	3 PE	x	x	x				x	x	x
O	4 PE	x	x							
O	5 PE			x						
O	6 PE			x						
O	7 PE			x (m)						
O	8 PE			x						
O	9 PE	x	x							x
O	10 PE	x								
O	11 PE						x			
O	12 PE									
O	13 PE						x			
O	14 PE	x								x
O	15 PE	x		x			x			
ST	1	x	x	x (m)	x					
ST	2	x								
ST	3	x		x			x			
ST	4									
ST	5									
ST	6	x	x	x			x		x	
ST	7	x								
ST	8 PE				x					
ST	9 PE								x	
ST	10 PE	x	x				x			x
ST	11 PE	x					x			
ST	12					x				

V	1 PE	x		x (m)						
V	2 PE	x		x						
V	3 PE			x						

\* Deixamos fóra deste cadro Santo Ovidio e A Fonte Formosa (Alves e Reis, 2017b)

MM= Monte Morgade

O= Os Outeiros

ST= São Tomé. Do 1 ó 7 segue Alves e Reis (2017:67-69), aínda que nalgún caso varían as nosas lecturas.

V= Verdoejo: 1.- A Telheira, 2.- A Quinta dos Galegos, 3.- A Devesa.

Ó lado dalgún díxito vai P.E. que indica as superficies achegadas desde o Proxecto Equus.

Nas casiñas o número indica a cantidade dos elementos que aparecen no petróglifo, zoomorfos ou muíños, a m significa que o équido está montado e a letra L que aparecen letras.

**ANEXO II. PETRÓGLIFOS DO SUR DA SERRA DO EXTREMO. PORREIRAS E INSALDE.**


MOTIVOS															
REFERENCIA GPS	COVIÑAS	CIRCOS	ZOOMORFOS	ANTROP. ESQUEM.	ANTROP CLÁSICO	IDEOMORFOS	RECTÁN. SEGMENT.	PLACAS	CIRCO DIVIDIDO	BARRAS	LIÑAS	PÍA	CRUCIF HIST. / LETRAS(L) NÚMEROS(N)	REBAIXES	RETÍCUL
6							•								
7	•		•											•	
8	•														
9															
10	•										•				
11	•	•													
12	•														
13										•					
14	•			•			•				•				
15	•	•	E/EM•						•		•				•
16	•		• E				•								
17	•	•													
18	•														
19	•	•									•				
20	•														
21	•	•	• E												
22		•							•						
23															
24													• C		
25									•						
26		•	• E												
27	•	•									•		•		
28	•	•													
29	•														
30				•											

31	•	•	E/EM/CER	•	•	•												
32	•					•												
33																		
34																		
35	•	•																•
36			• E															
37	•	•				•												
38	•																	
39	•																	•
40	•																	•
41	•																	
42	•	?																
43	•	•																
44	•																	
45																		
46	•																	•
47	•																	•
48																		•
49																		•L/N
50	•	•																
51	•																	
52	•	•																
53	•																	
54	•																	
55	•		• E															
56						•												
57			• E															
58						•												
59						•				•								
60	•		•															•
61	•	•																
62	•																	
63	•		• E															
64	•																	
65	•																	
66																		• C
67										•								• C
68	•																	

69		•																	
70	•																		
71	•																	• C	
72																		• C	
73	•																		
74		•																	
75	•																		• C
76	•			•															• C
77	•																		• C
78	•																		•
79																			•
80																			• L
81	•	•		•															
82	•	•																	
83	•																		•
84	•	•																	
85	•	•																	
86	•																		• C
87	•																		
88		•																	
89		•																	
90	•	•																	
91																			
92																			
93																			
94																			
95																			
96																			



### ANEXO III



## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALVES, L.B. & COMENDADOR REY, B. (2017). Arte esquemático pintado en el noroeste peninsular: unha visión integrada transfronteiriza. *Gallaecia* 36: 11-52.
- ALVES, L.B. & REIS, M. (2017a) Tattooed landscapes. A reassessment of Atlantic Art distributions research, methods and cronology in the light of the discovery of a major rock art assemblage at Monte Faro (Valença, Portugal). *Zephyrus* 80: 49-67.
- ALVES, L.B. & REIS, M. (2017b) As gravuras rupestres do Monte Faro (Valença, Viana do Castelo). Un exemplo maior da Arte Atlántica peninsular. *Portugalia, Nova Série*, 38: 49-86. Porto.
- ALVES, L.B. (2009). O sentido dos signos. Reflexões e perspectivas para o estudo da arte rupestre do pós-glaciar no norte de Portugal in BALBIN BEHRMANN, R. DE (ed). *Actas de Arte prehistórico al aire libre en el sur de Europa*. Junta de Castilla y León.
- APARICIO CASADO, B., CARRERA RAMÍREZ, F. & PEÑA SANTOS, A. DE LA (2013). *Arte rupestre en Galicia*. Edicións do Cumio. Ponte Caldelas (Pontevedra).
- BAPTISTA, A. M. (1986). Arte rupestre pós-glaciaria. Esquematismo e abstracção. In ALARCÃO, J. (ed) *História da arte en Portugal*. Ed. Alfa. Lisboa.
- BAPTISTA, A.M. (1983-84). Arte rupestre do norte de Portugal: uma perspectiva. *Portugália. Nova sér.:* 4-5: 71-82. [Actas do colóquio inter-universitário de arqueologia do noroeste, novembro de 1983].
- BAPTISTA, A.M. (2018). *Uma escrita antes da escrita. A arte rupestre dos montes do Gião*. Ardal. Os Arcos de Valdevez.
- BUENO, P., DE BALBÍN, R. & BARROSO, R. (2005). Hiérarchisation et métallurgie: statues armées dans la Péninsule Ibérique. *L'antropologie* 109: 577-640.
- COSTAS GOBERNA, F.J. & PEÑA SANTOS, A. DE LA (2002). *A fauna e o ser humano na prehistoria do Baixo Miño a través dos gravados rupestres*. Monografías da Asociación Naturalista Baixo Miño (ANABAM). A Guarda.
- COSTAS GOBERNA, F.J. (2009). *As pedras e os xogos. A orixe dos taboleiros de xogo galegos*. Instituto de Estudios Vigueses. Vigo.
- COSTAS GOBERNA, J.B. & GROBA GONZÁLEZ, X. (1994). Os petroglifos do Maúxo. *Revista do Museo de Pontevedra* 48: 127-232
- COSTAS, F.J., ALVES, L.B., PEÑA, A. DE LA & SILVA, A.M.S.P. (2005). *Arte rupestre prehistórica no eixo atlántico*. Coord. J.M. Hidalgo Cuñarro. Vigo. Edita Eixo Atlantico do Noroeste Peninsular
- COSTAS, F.J., HIDALGO, J.M., NOVOA, P. & PEÑA, A. DE LA (1997). Aproximación a las representaciones de cuadrúpedos en el Grupo Galaico de Arte Rupestre in Costas Goberna, F.J. & Hidalgo Cuñarro, J.M. (eds). *Los motivos de fauna y armas en los gravados prehistóricos del continente europeo*. Asociación Arqueológica Viguesa.
- DUARTE CANTALEJO, P & CABELLO LIGERO, L. (2013). Sobre los antropomorfos esquemáticos en Málaga: reflejo de unos grupos sociales que mantuvieron el arte subjetivo. In J. Martínez García & M.S. Hernández Pérez (Eds.) *Actas II congreso de arte rupestre esquemático en la Península Ibérica*. Ayuntamiento de Vélez-Blanco
- ESPRIT (The engraved stone plaque registry and Inquiry tool) (2021) LILLOIS, K. iberian.its.uiowa.edu (Consultado 30-12-2021)
- FÁBREGAS R., FERNÁNDEZ, C. & RAMIL, P (1997). La adopción de la economía produc-

- tora en el noroeste peninsular in RODRÍGUEZ CASAL, A.A. (ed) *Actas del coloquio internacional "O neolítico atlántico e as orixes do megalitismo"*. USC. Santiago de Compostela.
- FÁBREGAS VALCARCE, R, PEÑA SANTOS, A. DE LA & RODRÍGUEZ RELLÁN, C. (2011). Río de Angueira 2 (Teo, A Coruña). Un conxunto excepcional de escenas de monta. *Gallaecia*, 30: 29-51. Santiago de Compostela.
- FÁBREGAS VALCARCE, R. (2001). *Os petróglifos e o seu contexto. Un exemplo da Galicia meridional*. Instituto de Estudios Vigueses. Vigo.
- FERNÁNDEZ PINTOS, J. *Tableros de juego rupestres en el SO de Galicia*. Decembro 2017 in [researchgate.net/publication/330090931](https://www.researchgate.net/publication/330090931) Tableros-de-juego-Rupestres-en-el-So-de-Galicia.
- GARCÍA ALÉN, A & PEÑA SANTOS, A. DE LA (1978). *Gravados rupestres de la provincia de Pontevedra*. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.
- GOMES, M.V. (2006). A estela de Casal de Insalde (Paredes de Coura). *O Arqueólogo Português, série IV*, 24: 267-288.
- INGOLD, T. (1976). *The Skolt lapps today*. Cambridge University Press.
- INGOLD, T. (1980). *Hunters, pastoralists and ranchers: Reindeer economies and their transformations*. Cambridge University Press.
- JORGE, S.O. (1999). *Domesticar a terra*. Gradiva publicações. Lisboa.
- JORGE, S.O. (2005). *O passado é redondo. Dialogando com os sentidos dos primeiros recintos monumentais*. Edições Afrontamento. Porto.
- MARTÍNEZ SOTO, E., VERDE ANDRÉS, C., ÁLVAREZ, X., CENTELLES GARCÍA, B., MANSO DE LA TORRE, X. & VILAR, X.L. (2018). O Proxecto Equus: un novo paradigma nas escenas de caza da arte rupestre galega e do norte de Portugal. *Revista de Estudos Miñoráns* 16-17: 23-75.
- MARTINS, A. & NEVES, C. (2016) Viajando ao interior do mundo: o repertório iconográfico da Lapa dos Louções (Arronches). *Revista Portuguesa de Arqueologia* 19: 87-103.
- MARTINS, A. (2006) Gravuras rupestres do noroeste de Portugal: a Chã da Rapada. *Revista Portuguesa de Arqueologia* 9 (1): 47-70.
- NOVOA ÁLVAREZ, P. & COSTAS GOBERNA, F.J. (2004). La fauna en los gravados rupestres de la ribera del Miño. *Glaucoptis* 10: 177-204.
- PEÑA SANTOS, A. DE LA & REY GARCÍA, J.M. (2001). *Petroglifos de Galicia*. Ed. Vía Láctea. A Coruña.
- PEÑA SANTOS, A. DE LA & VÁZQUEZ VARELA, J.M. (1979). Los petroglifos gallegos. Grabados rupestres prehistóricos al aire libre en Galicia. *Cuadernos del Seminario de estudios cerámicos de Sargadelos*. Edicións do Castro, Sada.
- PEÑA SANTOS, A. DE LA, NOVOA ÁLVAREZ, P., MARTÍNEZ TAMUXE, X. & COSTAS GOBERNA, F.J. (1996) ["1994-1995"]. Las representaciones de figura humana y fauna en los grabados rupestres galaicos del baixo Miño y costa sur de Galicia. *Castrelos* 7-8: 31-60. VIGO
- RODRÍGUEZ CORRAL, J. (2015). Las estatuas-menhir noroccidentales en contexto: conectividad y conexiones materiales durante el Bronce Tardío/Final. *Complutum* 26 (1): 153-172.
- RODRÍGUEZ, C., FÁBREGAS, R. & CARRERA, F. (2019). "Intervención arqueológica en el abrigo de Cova dos Mouros. Un primer ejemplo de pintura esquemática en Gali-

- cia". *Munibe* 70: 185-205.
- SANCHES, M.J. & NUNES, S. A. (2005). Monumentos em pedra numa região de Trás-os-Montes- Nordeste de Portugal. *Revista da Faculdade de Letras. Ciências e técnicas do património. 1 sér.* 4: 53-82.
- SANCHES, M.J., MORAIS, P.R. & TEIXEIRA, J.C. (2016 "2015"). Escarpas rochosas e pinturas na Serra dos Passos / Santa Comba (nordeste de Portugal). *Actas da II Mesa-Redonda «Artes Rupestres da Pré-história e da Proto-história»* (Porto, Nov. 2011): 71-117
- SÁNCHEZ-PALENCIA, F.J., BELTRÁN, A., ROMERO, D., ALONSO, F. & CURRÁS, B.X. (2010) *La zona minera de Pino del Oro: guía arqueológica*. Junta de Castilla y León.
- SANTOS ESTÉVEZ, M. (2012). Unha visión diacrónica da arte atlántica dentro dun novo marco cronolóxico. 1ª Mesa-redonda: Artes rupestres da pré-história e da proto-história. Paradigmas e metodoloxías de registo. *Traballos de Arqueologia*, 54: 219-238. Lisboa.
- SANTOS-ESTÉVEZ, M., TEJERIZO-GARCÍA, C. & ALONSO TOUCIDO, F. (2020). El abrigo con pintura esquemática de Pala de Cabras (Ourense). Encuentros y desencuentros entre dos tradiciones. *Complutum*, 31 (1): 7-24.
- SILVA, E.J.L., CUNHA, A.L. (1986). As gravuras do Monte da Laje (Valença). *Arqueologia* 13: 145.
- SILVA, M.F.M. & SILVA, C.G. (2007). *Carta arqueológica de Paredes de Coura*. C.M. de Paredes de Coura.
- SILVA, M.F.M. (2015). *Montes, pedras e gente. A ocupação proto-histórica do vale superior do Coura*. Idioteque Ed.
- SOBRINO BUHIGAS, R. (1935). *Corpus petrolyphorum gallaeciae*. Seminario de Estudos Galegos. Compostela.
- SOBRINO BUHIGAS, R. (2020). *Corpus dos petróglifos de Galicia*. Edicións Morgante. Cangas.
- VÁZQUEZ MARTÍNEZ, A. (2020). *Arte rupestre da comarca do Baixo Miño: unha achega cuantitativa dende a perspectiva das novas ferramentas*. Tese de doutoramento USC. Santiago de Compostela, 2019.
- VILAR PEDREIRA, X.L. & MÉNDEZ QUINTAS, E. (2009). *A estación de arte rupestre do Outeiro dos Lameiros*. CMM de Sabarís.
- VILAR PEDREIRA, X.L. (2001). Os muíños naviculares de soporte fixo. *Revista de Estudos Miñoráns* 1: 29-36.
- VILAR PEDREIRA, X.L. (2014). Escenas de caza nos petróglifos galegos e portugueses. *Revista Estudos Miñoráns*, 12/13: 129-134.
- VILAR, X.L., VERDE, C., MANSO, X., ALONSO, X., MARTÍNEZ, E., CENTELLES, B., LEDO, M. & VIÑA, J.A. (2022). Entre o 6500 e o ano 1000 a.n.e. in VVAA. *As Neves, territorio habitado*. Concello das Neves. [No prelo]
- VILAR, X.L., MANSO, X., MARTÍNEZ, E., LEDO, M., ALONSO, X., VERDE, C., CENTELLES, B. & VIÑA, J. (2020) Traballos do IEM en arte rupestre (2016-2019). Continúa a tradición. *Revista Estudos Miñoráns*, 19: 11-46.

## ***A “Ameaza Eólica” na Serra da Groba... da Serra ameazada á Serra Liberada?***

---

**BRUNO CENTELLES GARCÍA  
JUAN JOSÉ HERMIDA LAGO  
XILBERTE MANSO DE LA TORRE  
ANXO REIGOSA SOLLEIRO  
XOSÉ LOIS VILAR PEDREIRA**

### **RESUMO**

*Este traballo que agora presentamos pretende ofrecer, dun xeito práctico e accesible, unha aproximación á ameaza que para o Patrimonio Común que atesouran as serras da Groba e do Galiñeiro supón o desenvolvemento do Plan Sectorial Eólico de Galicia. Non é o noso propósito presentar un texto académico-científico. Trátase dun documento fundamentalmente informativo, non por iso menos rigoroso e documentado, baseado en datos oficiais recollidos en multitude de publicacións das que damos conta nas referencias bibliográficas. Xuntamos tamén unha serie de códigos QR que permiten enlazar con diferentes vídeos relacionados cos aspectos concretos que en cada momento se tratan.*

**PALABRAS CHAVE:** *Patrimonio, Val de Miñor, Serra da Groba, Ameaza eólica*

### **ABSTRACT**

*This article intends to condense, in a practical and accessible way, what the “Plan Sectorial Eólico de Galicia” means to the cultural heritage hosted in both Galiñeiro and Groba mountains. It is not the aim to publish a scientific-academic article, but an informative text. Nevertheless, the information has been rigorously compiled from specialized publicatios which are cited in the corresponding section. You will find QR codes along the text that will link you to a series of videos related to the concrete aspects beeing discussed in each paragraph.*

**KEY WORDS:** *Cultural and natural heritage, Val de Miñor, Serra da Groba, wind turbine threat.*


## OS PRIMEIROS PASOS DA “AMEAZA EÓLICA”. O PLAN SECTORIAL EÓLICO GALEGO (PSEG)

O Plan Sectorial Eólico Galego (PSEG) actualmente en vigor foi aprobado o 1º de outubro de 1997 (hai 24 anos) e foi modificado no ano 2002 (hai 19 anos). Este plan ocupa unha superficie de 827.713 Ha repartida en “zonas ADE” (Áreas de Desenvolvemento Eólico), o que supón un 28% do total da superficie de Galicia. Con estes datos, a conselleira de Medio Ambiente pretende convencernos de que o 70% de Galicia está “protexido”.

<https://www.arcgis.com/apps/webappviewer/index.html?id=4bae3fad95b6439bacef9d1a316765e9>

<https://www.msn.com/es-es/noticias/espana/la-xunta-afirma-que-sugestio-c3b3n-de-e-c3b3licos-es-garantista-y-culpa-al-gobierno-de-la-avalancha-de-proyectos-en-galicia/ar-AARXKsn?ocid=sf>

Nos seguintes gráficos podemos observar as catro Áreas de Desenvolvemento Eólico (ADE) que afectan ao Val de Miñor e ao Baixo Miño:



MAPA REG (detalle ADE,s).

O PSEG de 2002, que dá soporte legal ao actual despliegue eólico, afirma na súa páxina 72

*“Como queira que, ata a realización do micrositting, non se coñece a ubicación dos aeroxeradores que definen a incidencia urbanística do parque eólico, concretando a afección real aos usos do solo e que a mesma representa somentes o 10% da incidencia territorial inicial das áreas de investigación resulta obvio que non procede realizar a avaliación ambiental do presente plan, modificación do aprobado o 1º de outubro de 1997”.*

Por tanto o PSEG nunca foi sometido a ningún tipo de estudo ambiental conculcando así a Directiva 85/337/CEE relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e/ou privados sobre o medio ambiente. Tamén se conculca a Directiva 2001/42/CE sobre a avaliación das repercusións de determinados plans e programas no medio ambiente.

O PSEG carece de horizonte temporal cando TODO PLAN debe abarcar un tramo temporal concreto.

O PSEG actualmente vixente é claramente obsoleto. Fala aínda de “ECUS” e de “Pesetas” e utiliza para os seus cálculos aeroxeradores de 660 KW cando na actualidade están instalándose máquinas de 4, 5 e 6 MW, con postes moito máis altos (ata 145m) e diámetros de ata 170m (pas de 83m)

O PSEG foi elaborado tomando como base o primeiro Mapa Eólico de Galicia, con datos recopilados en 1988 (hai 33 anos!)

Pódese afirmar entón, con toda rotundidade, que o PSEG actualmente vixente é obsoleto, carente de avaliación ambiental e de horizonte temporal.

A Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o Aproveitamento Eólico en Galicia e se crean o Canon Eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, é a que regula actualmente os procedementos para a autorización administrativa das instalacións de parques eólicos no territorio galego establecendo elementos clave para os propietarios dos terreos, como cuestións vinculadas coa declaración de utilidade pública e os procedementos expropiatorios. Esta norma ten experimentado importantes cambios a partir da Lei 5/2017 de 19 de outubro, de Fomento de Iniciativas Empresariais e, máis recentemente, coa Lei 9/2021 de 25 de febreiro, de Simplificación Administrativa e de apoio á Reactivación Económica de Galicia, chegando a dar lexitimidade á implantación de parques eólicos fóra das zonas Areas de Desenvolvemento Eólico (ADE).

No período 2005-2009, baixo o goberno de coalición PSdeG-BNG e diante da evidente obsolescencia do PSEG, comézase a redacción dun novo documento actualizado. O trámite comeza en marzo de 2007 pero en 2009, xa co PPdeG de novo no poder, “apárcase” este novo PSEG para reactivar a plena vixencia do PSEG de 1997, modificado en 2002.

A desmesurada “explosión territorial eólica” en Galicia é inversamente proporcional á defensa de espazos protexidos. Ademais do enorme retraso na declaración de Zonas Especiais de Conservación (ZEC,s) e Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA,s), a Xunta de Galicia ten paralizada a obrigada ampliación dos espazos REDE NATURA 2000, seguramente para permitir este esaxerado desenvolvemento eólico. Das 203 ADE,s incluídas no PSEG, 93 delas presentan unha afección total ou parcial á RN2000.

<https://www.nosdiario.gal/articulo/politica/54-parques-eolicos-estan-rede-natura/20211215170238134161.html>


O PSEG foi tramitado omitindo calquera estudo ambiental e antepoñendo a pretendida necesidade de produción enerxética sostible (eólica) a toda a normativa ambiental de rango superior.

## A NECESIDADE ENERXÉTICA E A PRODUCCIÓN ACTUAL EN GALICIA E NO ESTADO ESPAÑOL

Atendendo aos datos da Rede Eléctrica Española (REE) referentes ao ano 2020, Galicia presenta unha xeración eléctrica renovable de 18.557GW e de 5.999GW non renovables para unha produción total de 24.556GW.

A demanda eléctrica de Galicia en 2020 foi de 17.372GW. Así que o 100% do consumo eléctrico de Galicia, incluíndo doméstico, servizos comúns, comercial e industrial, estaría sobradamente cuberto coa xeración eléctrica renovable (eólica e hidroeléctrica principalmente) sen necesidade dos 5.999GW non renovables.

A directiva 2009/28/CE establecía un obxectivo vinculante para acadar en 2020 unha cota do 20% de enerxía procedente de fontes renovables e unha cota de, como mínimo, un 32% en 2030.





Galicia triplicou de longo, xa en 2020, o obxectivo establecido pola UE para 2030! Ademais de Galicia, cun 106,82%, no estado español superaron en 2020 o 100% de produción eléctrica renovable con respecto á súa demanda enerxética Castela e León (164,74), Aragón (121,96), Extremadura (121,49) e Castela-A Mancha (102,36).

No outro lado da táboa estarían, sempre segundo datos REE 2020, Ceuta (0,00%), Madrid (1,73%), Melilla (2,88%), Baleares (4,80%), País Vasco (6,68%), Cantabria (9,91%), Valencia (12,67%), Canarias (17,51), Cataluña (19,09)...

<https://www.nosdiario.gal/articulo/economia/comunidade-madrid-non-ten-instalado-ningun-aeroxerador-eolico/20211210111344133818.html>

## A PRODUCCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA A PARTIR DO VENTO

Aínda que a hexemonía no balance custos/beneficios, incluídos os medioambientais, da produción eléctrica mediante aeroxeradores terrestres de tripla pa é xa claramente discutible fronte a outros modos de produción (fotovoltaica, por exemplo), parece certo que as súas características fana practicamente “universal” á hora de escoller situacións concretas para os aeroxeradores.

Nada teñen que ver coas actuais as primeiras máquinas instaladas nos derradeiros anos do século pasado. Nin en tamaño nin en potencia. Aeroxeradores 3,5 veces máis altos dotados de pas 6 veces máis longas conseguen na actualidade producións 20 veces máis altas que hai 25 anos! En 1995 eran “novidade” os VESTAS V29/225. Na Serra da Groba o PE ALBARIÑO I, de 2005 a maio de 2021, contaba con 11 aeroxeradores SIEMENS-GAMESA de 2,3MW. En 2021 o PE TORROÑA I prevé 4 aeroxeradores NORDEX N163.

Ano	Fabricante	Modelo	Potencia	Poste	Diámetro	Pa	Altura total
1995	VESTAS	V29/225	225 KW (0,225 MW)	51,5 m	29 m	13,5 m	66 m
2005	SIEMENS-G	SG 82	2,3 MW	70 m	82,40 m	40 m	111,2 m
2021	NORDEX	N163	5,7 MW	148 m	163 m	80 m	229,5 m

Canto é un MW? Que cantidade de electricidade precisamos nas nosas casas? Cada vez conectamos máis cousas pero cada vez manexamos aparellos máis eficientes.

**nos**

A capital do Estado non produce nin un só megawatt de electricidade de orixe eólica

### A Comunidade de Madrid non ten instalado ningún aeroxerador eólico


Os datos de xeración e consumo eléctrico dan conta das relacións de poder no interior do Estado. Mentres unhas áreas se especializan en produción de baixo valor engadido, outras céntranse na elaboración de mercadorías de alto valor. A actual lóxica do mercado eléctrico español explícase nesa variábel.



As montañas da serra de Madrid están libres de eólicos. (Foto: Nós Diario)

 Xacobe Ferreiro 09:47 do 11 de decembro de 2021

A Comunidade de Madrid dispón dunha superficie de 8.028 quilómetros cadrados pero non conta con ningún aeroxerador para a produción de electricidade de orixe eólica no seu territorio. A extensión de Madrid é superior en 77 quilómetros cadrados á circunscrición da Coruña, porén esta demarcación dispuña a mediados de 2019 de 68 parques eólicos. Outro tanto acontece en Ourense, cuxa superficie se sitúa en 7.237 quilómetros cadrados, declarando en marzo de 2019 un total de 11 parques noutros tantos lugares. O [Concello de Muras](#), cunha extensión de 163 quilómetros cadrados, suma 15 parques eólicos e un total de 381 aeroxeradores.



Consultando diferentes fontes de fabricantes de aerogeneradores e comercializadoras de enerxía elaboramos a seguinte infografía:

Tanto fabricantes de aerogeneradores como comercializadoras eléctricas coinciden en estimar como media para o noso modelo de “sociedade occidental avanzada” que 1 MW abastece 1.000 “vivendas tipo” ocupadas cada unha delas por 4 persoas. Unha soa máquina de 5,7 MW (NORDEX 163) abastecerá, facendo números rápidos, unhas 5.500 vivendas. 22.000 persoas!

Segundo os datos oficiais do censo de 2019, no Baixo Miño e no Val de Miñor, somos 77.000 persoas.

As catro máquinas previstas no PE TORROÑA I abondarían para satisfacer as nosas necesidades domésticas de enerxía eléctrica.

E pretenden instalar na Serra da Groba 27 aerogeneradores repartidos en cinco parques eólicos!

Segundo os datos do OEGA (Observatorio Eólico de Galicia) actualizados en 2019, <http://observatorio.eolico.webs.uvigo.es/enerxia-eolica-en-galicia/>

Temos instalados e funcionando en Galicia un total de 4.026 aerogeneradores. **CATRO MIL VINTESÉIS!**

En 2021 a publicación de novos proxectos eólicos, sexa desde a XUNTA, vía DOG, ou sexa desde o MITECO, vía BOE, é incesante e abrumadora:

- Durante os meses do verán, desde o MITECO, anunciáronse para a súa instalación en Galicia, 17 proxectos eólicos diferentes que sumarían 206 aeroxeradores para un total de 1.1070,3 MW. Enerxía eléctrica abonda para unha poboación de 4,7 millóns de persoas!



- No mes de outubro, os 17 proxectos eólicos publicados para Galicia (10 no DOG e 7 no BOE) suman 148 aeroxeradores para un total de 738,58 MW que abastecerían 2,9 millóns de persoas!.

Un dos parques eólicos publicados no mes de outubro é o ALBARIÑO I (DOG 27/10/2021) que pretende colocar na Serra da Groba 6 aeroxeradores cun total de 25,28 MW que cubrirían a demanda eléctrica de 25.000 fogares (100.000 persoas).

- En Galicia, segundo os datos oficiais do Instituto Nacional de Estatística (INE), en 2020 estabamos censadas 2,7 millóns de persoas.

Convén lembrar neste punto os datos publicados pola Rede Eléctrica Espa-

ñola (RRE) referentes ao ano 2020:

Galicia presenta unha xeración eléctrica renovable de 18.557GW e de 5.999GW non renovables para unha produción total de 24.556GW.

A demanda eléctrica de Galicia en 2020 foi de 17.372GW.

Así que o 100% do consumo eléctrico de Galicia, incluíndo doméstico, servizos comúns, comercial e industrial, estaría sobradamente cuberto coa xeración eléctrica renovable (eólica e hidroeléctrica principalmente) sen necesidade dos 5.999GW non renovables.

A directiva 2009/28/CE establecía un obxectivo vinculante para acadar en 2020 unha cota do 20% de enerxía procedente de fontes renovables e unha cota de, como mínimo, un 32% en 2030.

Galicia triplicou, xa en 2020, o obxectivo establecido pola UE para 2030!

Son realmente necesarios todos eses proxectos eólicos en Galicia?

Revisamos agora os datos da REE de produción de enerxía eléctrica renovable en España no ano 2020?

## ENERXÍA EÓLICA: PROMESAS QUE LEVA O VENTO

Co lema “Enerxía eólica: Promesas que leva o vento” elaboramos en decembro de 2020 unha infografía para evidenciar as grandes mentiras da campaña de Nadal da Asociación Eólica de Galicia (EGA): “O vento de Galicia, fonte de saúde, enerxía renovable, riqueza sostible... POLO NOSO MEDIO RURAL”

A Asociación Eólica de Galicia (EGA) foi fundada en 1997 co obxecto de promover a implantación da enerxía eólica en Galicia ademais de defender os intereses xerais das compañías asociadas.

<https://www.ega-asociacioneolicagalicia.es/>

<https://www.ega-asociacioneolicagalicia.es/quienes-somos/>

Entre os fins da EGA está difundir as bondades da enerxía eólica. Segundo a EGA “...a enerxía eléctrica eólica é limpa, barata e xeradora de emprego. Isto significa crecemento económico, emprego e innovación así como protección e consolidación do medio ambiente”.


A EGA, que demanda un marco regulatorio estable que ofrezca seguridade xurídica aos inversores, está actualmente formada por unha vintena de empresas diferentes.


A realidade, despois de 25 anos de experiencia eólica en Galicia, é ben distinta da prometida. E para demostralo, logo de consultar e contrastar datos de diferentes fontes, ofrecemos estes tres argumentos:

- Non é certo que sexa unha enerxía barata: España, por detrás de Alemaña, Dinamarca, Bélxica e Irlanda, é o quinto país da UE coa enerxía eléctrica máis cara.

<https://www.nosdiario.gal/articulo/economia/galiza-pagou-electricidade-mais-cara-do-estado-espanol-2019-2020/20210729235803126363.html>


Un dos principais argumentos para xustificar a inviabilidade da planta de ALCOA na Mariña lucense é o alto prezo da enerxía eléctrica necesaria para os seus procesos industriais. Nun radio de 40 quilómetros desde a factoría hai 1644,5 aerogeradores instalados e producindo enerxía eléctrica “barata”.





**Cantos aeroxeradores hai nun radio de 40 km de ALCOA?**

Concello	Aerox.
O Vicedo	84
Ouro	157
Muras	381
Viveiro	50
Xove	11
Cervo	16
O Valadouro	120
Alfoz	35
Abadín	198
Foz	9
Mondoñedo	39
Xermade	43
Vilalba	129
Ortigueira	116
Mañón	73
As Pontes	139
Cariño	44
<b>TOTAL</b>	<b>1.664</b>




- Non é certo que supoñan crecemento económico e fixación da poboación no rural: Todos os concellos de Galicia nos que, segundo datos do OEGA de 2019, había instalados 4026 aeroxeradores, perderon poboación. Un dos exemplos que a EGA adoita ofrecer como referencia das bondades eólicas é o concello de Muras, en Lugo, que na súa páxina web, <https://muras.gal/somos-premio-eolo-2021/> explica: “Vimos de ser recoñecidos co Premio Eolo á Integración Rural da Eólica por tratarse dunha comarca modélica no desenvolvemento eólico segundo o xurado reunido en Madrid o pasado 26 de maio. A Asociación Empresarial Eólica (AEE) outorga os Premios Eolo como un

recoñecemento á enerxía eólica en España e, nesta X Edición, participaron máis de 300 candidatos nas distintas categorías.”

<https://observatorio.eolico.uvigo.es/2021/09/18/terra-cha-potencia-eolica-galle-ga-en-un-contexto-de-deterioro-humano-y-economico/?lang=es>

<https://www.nosdiario.gal/articulo/social/muras-reparte-64000-euros-vecinanza-axudar-pagar-factura-da-luz/20200429173012096295.html>

### Porcentaxe de variación da poboación 1991-2020



Concello	Extensión km <sup>2</sup>	Aeroxeradores	Censo 1996	Censo 2013	Censo 2020
Abadín	196	198	3.647	2.721	2.367
Alfoz	77,5	35	2.553	1.946	1.688
Lourenzá	62,6	---	2.980	2.348	2.140
Mondoñedo	142,7	39	5.398	4.074	3.568
Muras	163,8	381	1.218	723	642
Ourol	142,1	157	1.663	1.123	1.018
Pastoriza, A	175	5	4.197	3.362	3.002
Pontenova, A	135,8	9,5	3.528	2.610	2.264
Riotorto	66,30	2,5	2.046	1.417	1.262
Trabada	82,7	---	1.817	1.228	1.118
Valadouro, O	110,5	120	2.603	2.100	1.991
Vilalba	379	129	15.797	14.980	14.072
Xermade	166,6	43	2.938	2.071	1.806

- Non é certo que supoñan crecemento económico, xeración de emprego e fixación da poboación no rural: En novembro de 2020 SIEMENS GAMESA anuncia o peche da súa fábrica de pas de aeroxeradores no concello de As Somozas. En outubro de 2017 inaugurara fábrica en Marrocos e en outubro de 2019 mercara a fábrica de Senvição, en Portugal. En setembro deste ano anunciábase o peche da factoría de VESTAS en Viveiro.

Pero non son unicamente aeroxeradores. Nun parque eólico hai moito máis:



Novos viais e novos trazados con curvas máis amplas, zonas de manobra para os xigantescos transportes, grandes superficies de traballo, enormes foxas para as cimentacións, quilómetros de gabias para soterrar as liñas de evacuación, torretas para as liñas aéreas de alta tensión, aterramentos e desmontes...

Agresións ao territorio!

Afeccións directas e irreparables contra a Paisaxe e contra o Medio Ambiente.

Prexuízos irreversibles contra a Fauna e contra a Flora. Contra os cursos de Auga superficiais e tamén os subterráneos: acuíferos, fontes, pozas, ríos e regueiras...

Danos irreversibles contra o Patrimonio Común, cultural, histórico, arqueolóxico, etnográfico...



<https://youtu.be/EFyWkVFyvW0>  
vídeo: “Infraestruturas”

Para deixar instalados na paisaxe estes xigantescos “muíños”.



<https://youtu.be/rHbNYbtDCSU>  
vídeo: “Cimentación”




<https://youtu.be/C5qVlEdVPK8>  
vídeo: “Comparando tamaños”

O enxeñoso fidalgo cervantino non tería aquí ningún tipo de dúbida: Son muíños... E son xigantes!




<https://youtu.be/9-7ZaKMFo1Q>  
Aerogeneradores SIEMENS-GAMESA 165



## AS PRIMEIRAS EVIDENCIAS DA “AMEAZA EÓLICA” NA SERRA DA GROBA. O P.E. ALBARIÑO I E O P.E. MERENDÓN

O PE ALBARIÑO I. Foi no verán de 2005 cando chegaron as primeiras noticias sobre proxectos eólicos ao sur da ría de Vigo. A empresa “Eurovento” pretendía instalar na Serra da Groba un gran parque eólico, o chamado ALBARIÑO I composto por 21 aerogeneradores de 2,3 MW para un total de 48,3MW (regulada a 48MW)

Logo dos incendios de 2006 o parque eólico xa perdera CINCO aerogeneradores por afección paisaxística á contorna do Mosteiro de Oia. A nova configuración mantén 16 aerogeneradores:



Publicábase por primeira vez no DOG do 1 de agosto de 2007, coa configuración de 21 aerogeneradores de 2,3 MW. Total 48,3 MW afectando a unha superficie de 6.600 ha (66 km<sup>2</sup>)



O proxecto ALBARIÑO I presentou importantes modificacións no ano 2010: A nova configuración pasa de 16 aeroxeradores a 11. Enténdese que son “Modificacións substanciais” que obrigan a unha nova DIA.



**DOG** XUNTA DE GALICIA

DOG Núm. 148      Mércores, 01 de agosto de 2007      Páx. 13.150

**VI. ANUNCIOS**      **PE ALBARIÑO I 2007**

DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA      **DOG 01/08/2007**


CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

*ACORDO do 31 de maio de 2007, da Delegación Provincial de Pontevedra, polo que se somete a información pública para autorización, declaración de utilidade pública, en concreto, e a necesidade de urxente ocupación que iso implica, aprobación do proxecto de execución, proxecto sectorial de incidencia supramunicipal da instalación eléctrica, estudo ambiental, e da solicitude de acollida ao réxime especial de produción de enerxía eléctrica das instalacións referidas ao Parque Eólico Albariño I. Concellos de Baiona, Gondomar, Oia e Tomiño. Provincia de Pontevedra. (Expediente D661A 07/1-4).*

En cumprimento do disposto no Decreto 327/1991 do 4 de outubro, de avaliación de efectos ambientais para Galicia, artigo 25 da Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia, artigo 53 y 54 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro sobre autorización de instalacións eléctricas, e o Decreto 302/2001, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica na Comunidade Autónoma de Galicia, sométese a información pública, por solicitude da empresa Eurovento, S.L., as instalacións que a continuación se describen:

Título: Parque Eólico Albariño I  
Solicitante: Eurovento, S.L.

PE ALBARIÑO I. Nova configuración con 16 aeroxeradores (DOG 26/03/2007)



**DOG** XUNTA DE GALICIA

DOG Núm. 59      Luns, 26 de marzo de 2012      Páx. 10522

**VI. ANUNCIOS**      **PE ALBARIÑO I**

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA      **Publicación da DIA**

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

*RESOLUCIÓN do 16 de xaneiro de 2012, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se dá publicidade á declaración de impacto ambiental formulada pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental con data do 16 de decembro de 2011, relativa ao proxecto do Parque Eólico Albariño I, nos concellos de Baiona, Oia, Tomiño e Gondomar (Pontevedra), promovido por Eurovento, S.L.U.*

Visto o artigo 5.7.º do Decreto 442/1990, do 13 de decembro, de avaliación do impacto ambiental para Galicia (DOG n.º 188, do 25 de setembro),


**RESOLUCIÓN:**

Dar publicidade mediante esta resolución á **declaración de impacto ambiental do 16 de decembro de 2011** formulada pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, relativa ao proxecto do Parque Eólico Albariño I, nos concellos de Baiona, Oia, Tomiño e Gondomar (Pontevedra), promovido por Eurovento, S.L.U., e que se poderá consultar na seguinte ligazón: <http://medioambiente.xunta.es/buscaExpedientes.do> e nas dependencias da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria, sitas no edificio administrativo San Caetano, bloque 5, cuarto andar, en Santiago de Compostela.


Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2012.      **DIA de 16/12/2011**

Ángel Bernardo Tahoces  
Director xeral de Industria, Enerxía e Minas


PE ALBARIÑO I. 11 aeroxeradores (DOG 26/03/2012)



PE Albariño I con 11 aeroxeradores (Mapa REG ata o 7/05/2021)




PE Albariño I con 5+1 aeroxeradores (Mapa REG desde o 7/05/2021) PE ALBARIÑO I (DOG 27/10/2021)




PE Albariño I (DOG 27/10/2021)

O parque eólico ALBARIÑO I mantivo esa configuración de 11 aeroxeradores desde de 2011 ata o 7 de maio de 2021, cando aparece xa coa actual configuración con 5+1 aeroxeradores. Nesa mesma data incorpórase ao mapa REG o PE “novo” TOROÑA, publicado na Consellería de Media Ambiente (MATV) o 15/03/2021


O PE MERENDÓN. No ano 2011 tivemos por fin acceso ao proxecto “Parque Eólico Merendón”, da mercantil “Tiraventos, S.L.”, nas parroquias de Loureza (Oia) e



PE Merendón (desde 2011 ata o 30/09/2021)




Mapa "Tiraventos, S.L." (2019/2020)





PE Merendón (DOG 23/12/2021)



Mapa REG (desde o 30/09/2021)

Santa Mariña (O Rosal) cunha potencia total de 21MW. Este parque eólico estaría constituído por 7 aerogeradores ENERCON E-101 de 3MW de potencia nominal montados sobre postes de 99m e cun diámetro de rotor de 101m (pas de 49m). A liña subterránea interna do parque, de media tensión, terá unha lonxitude total de 9.093m.

O PE MERENDÓN mantivo esta configuración de 7 aerogeradores ata as modificacións -substanciais- no Mapa REG coñecidas o 30 de

setembro de 2021. Entre 2011 e 2021 representantes da empresa entrevistáronse coa veciñanza e con representantes das comunidades de montes manexando cartografías e ubicacións de detalle diferentes ás publicadas oficialmente.

O 10 de agosto de 2020, “Tiraventos, S.L.” e o presidente da Comunidade de Montes de Loureza asinan, sen autorización da Asemblea, un contrato para a instalación dunha torre anemométrica.

Entre as modificacións constatadas no Mapa REG a partir da actualización do sitio web, o pasado 30 de setembro, temos as que afectan directamente ao P.E. MERENDÓN. Xa non é aquel que coñecemos no 2011 e que estivo publicado no mapa REG ata o pasado 30 de setembro cunha configuración de 7 aerogeradores. Tampouco é o que presentaba a empresa nos seus intentos de negociación con algunhas comunidades de montes. Agora aparece con 5 aerogeradores de 4,2 MW e cunha poligonal absolutamente diferente:

## OS NOVOS: PE ROSAL E PE TORROÑA I

O 30 de novembro de 2020 coñecemos a publicación na web da Consellería de Medio Ambiente do proxecto PE ROSAL e, o 18 de decembro, a do PE TORROÑA I. Seguindo as indicacións da CMATV descargamos a documentación de cada un deles e presentamos, en tempo e forma, as suxestións que consideramos acadaidas.

Un ano despois seguimos agardando algún tipo de contestación.

Que nós coñecemos, ningún dos concellos afectados por estes dous parques eólicos, Baiona, Oia, O Rosal e Tomiño, presentou suxestións a ningún destes proxectos.


Do parque eólico ROSAL sorprendeunos moito a caprichosa ubicación dos seus

dous aeroxeradores tendo en conta as características do terreo e as dificultades de acceso. Resulta moi complicado imaxinar naquelas paraxes os novos viais ou as explanacións necesarias, as excavacións para as cimentacións, as gabias para as conductiones eléctricas... e sorprendeunos tamén que no proxecto aparecese, literalmente, que “se aprovecharán los viales existentes”.

Con todo, as principais dúbidas aparecían ao considerar a “poligonal” do parque e as “instalacións de conexión” da subestación coa REE. Enténdese por poligonal de delimitación a área efectivamente afectada pola instalación dun parque eólico determinada




CMATV da Xunta de Galicia



PE ROSAL



PE TORROÑA I



PE ROSAL (CMATV 30/11/2020)

Atendémolo/a | Accesibilidade | Mapa do portal | Suxest

**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E VIVENDA

A CONSELLERÍA    MEDIO AMBIENTE E SOSTIBILIDADE    TERRITORIO E URBANISMO

**Avaliación do impacto ambiental de proxectos**

- › Ámbito de aplicación
- › Procedementos
- › Documentos
- › Proxectos agroforestais
- › Participación pública**
  - Participación pública
  - Listado de proxectos
- › Declaración ambiental

**Proxectos**

Código do proxecto:

Tipo de proxecto:  
Seleccionar


**2021/0058**  
Parque eólico Torroña    **15/03/2021**

2021/0038  
Parque eólico Rosa dos Ventos


2021/0068  
Reforma de naves de explotación de cebo de tenreiros nas proximidades de Vilar de Seo, na parroquia de Rábade

2019/0060  
Ampliación de explotación avícola, con capacidade para 132442 polos de engorde, na parroquia de Cortegada


Buscar    Ver todos




Mapa REG (captura 03/05/2021)



Mapa REG (captura 07/05/2021)



Mapa REG (captura desde 30/09/2021)



Parque eólico TORROÑA (modelo Google Earth segundo datos CMATV 15/03/2021)

no seu proxecto de execución. No caso do PE ROSAL chamaba moito a atención unha poligonal tan grande  $\sim 2 \text{ km}^2$ - para un parque eólico tan pequeno.

### Parque eólico TORROÑA I

PE TORROÑA I (CMATV 18/12/2020)


Do estudo do proxecto parque eólico PE TORROÑA I, publicado na CMATV o 18/12/2020, destacan o deseño e tamaño da súa poligonal, a reserva dunha parcela de  $10.000 \text{ m}^2$  para unha fábrica de formigón, e o anuncio de que este parque eólico compartiría a subestación de Barrantes (Tomiño) cos PE,s ALBARIÑO I e TORROÑA III, sendo esta a primeira evidencia de FRAGMENTACIÓN FRAUDULENTE dun gran proxecto industrial en pezas máis pequenas co evidente propósito de saltar a normativa.

### O máis novo: PE TORROÑA.


O 15 de marzo de 2021 a CMATV publica o Documento de Inicio do PE TORROÑA. Pero, sorprendentemente, este PE TORROÑA non é o mesmo PE TORROÑA que xa aparecía publicado no Mapa REG desde 2019. Na coñecida modificación do Mapa REG de 7 de maio de 2021 xa aparece este “novo” PE TORROÑA. E no mapa REG aparecen estes dous PE TORROÑA ata as modificacións do 30/09/2021.

Nas modificacións do Mapa REG de 30/09/2021 “desaparecen” os PE TORROÑA “vello” e PE TORROÑA III:





Mapa REG, desde 2019 a maio 2020



Mapa Rede Galega STOP EÓLICOS 2020

Captura de pantalla do sitio web de avaliación de impacto ambiental de Galicia. O encabezado mostra 'XUNTA DE GALICIA' e 'CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVIENDA'. A interface inclúe un menú de navegación, un campo de busca e varias seccións de información ambiental. Unha lista de parques eólicos está mostrada, con os títulos 'P.E. TORROÑA I' e 'P.E. ROSAL' destacados en vermello. A lista de parques eólicos inclúe: Parque eólico Santa de Parga, Parque eólico Souto e Sarrións, Parque eólico Monte Agudo e Monte, Parque eólico Torroña I, Parque eólico Santa de Parga, Parque eólico Rosal, Parque eólico O Vao, Parque eólico Monte Carmo e, Parque eólico O Carballido e Parque eólico Paradoiro.

## PARA “DESENTENDER” O PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO QUE REGULA -OU ISO DI- A TRAMITACIÓN DOS PROXECTOS EÓLICOS EN GALICIA.

Coñecemos o mapa do Plan Sectorial Eólico de Galicia (PSEG) coas súas Áreas de Desenvolvemento Eólico (ADE,s) e sobre el, no mapa do Rexistro Eólico de Galicia (REG), van aparecendo os diferentes proxectos eólicos. Aquí unicamente podemos coñecer o nome do parque eólico, as coordenadas dos seus elementos principais (aeroxeradores, torres meteorolóxicas e subestacións) e, no caso dos aeroxeradores, tamén o seu diámetro.

Cómpre aclarar que cando se fala de diámetro dun aeroxerador estase facendo referencia ao diámetro do círculo que debuxan as pas no aire. Así, cando se fala de 163m de diámetro entenderemos que esa máquina leva pas de 79,5m montadas nunha buxa de 4m de diámetro. ( $79,5 \times 2 + 4 = 163\text{m}$ )

O seguinte paso -ou iso parecía- é a publicación do Documento de Inicio de Avaliación de Impacto Ambiental (DIAIA) na web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (CMATV):

[https://cmatv.xunta.gal/seccion-tema/c/Avaliacion\\_ambiental?content= SX\\_Calidade\\_Avaliacion\\_Ambiental/Avaliacion\\_impacto\\_ambiental\\_proxectos/Seccion\\_AIA.html&sub=Participacion\\_publica/&ui= SX\\_Calidade\\_Avaliacion\\_Ambiental/Avaliacion\\_proxectos/dinamico/listado\\_proxecto\\_aap\\_central.html](https://cmatv.xunta.gal/seccion-tema/c/Avaliacion_ambiental?content= SX_Calidade_Avaliacion_Ambiental/Avaliacion_impacto_ambiental_proxectos/Seccion_AIA.html&sub=Participacion_publica/&ui= SX_Calidade_Avaliacion_Ambiental/Avaliacion_proxectos/dinamico/listado_proxecto_aap_central.html)

Na primavera de 2020, en pleno confinamento COVID19, detectamos unha forte reactivación da actividade eólica e desde o IEM - SOS Groba promovemos unha campaña na que solicitabamos aos concellos afectados polos proxectos eólicos na zona o debate nos plenos municipais para acordar posicionamentos oficiais ao respecto. Hoxe a totalidade dos concellos do Val De Miño e os do Baixo Miño están en contra dos proxectos eólicos na Serra da Groba.

Hai agora un ano, o mapa do Rexistro Eólico de Galicia (REG), da Consellería de Economía, Emprego e Industria falaba de 44 aeroxeradores na Serra da Groba repartidos en 6 parques eólicos: PE ALBARIÑO I (11 aerox.), PE MERENDÓN (7), PE TORROÑA I (4), PE TORROÑA III (10), P.E. TOROÑA (10) e PE ROSAL (2)

Aparecían tamén outros 13 aeroxeradores no PE GALIÑEIRO, na Serra do mesmo nome.

Destacar que sempre chamou a nosa atención o PE GALIÑEIRO, do que unicamente constaban no REG datos dos 13 aeroxeradores (coordenadas e diámetro). Non se falaba nin de subestación nin de torre metrolóxica.




<https://youtu.be/fyPOuEwHzTw>  
vídeo: “Parques eólicos na Groba e no Galifheiro”

Naquela altura resultaba moi complicado coñecer a secuencia de “pasos administrativos” dun parque eólico tramitado pola Xunta de Galicia.

Sabiamos que un parque eólico se tramita desde Galicia (XUNTA, CEEeI) cunha Avaliación de Impacto Ambiental simplificada ou ordinaria cando a suma das potencias dos seus aeroxeradores non supera os 50MW.

Os proxectos eólicos que superan os 50MW trámitaos o Goberno Central desde o seu Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO) e sempre cunha Avaliación de Impacto Ambiental ordinaria.



Aquí empezamos a manexar o concepto de “Fragmentación fraudulenta” aplicado á práctica ilegal de dividir grandes polígonos industriais eólicos en pequenas pezas pretendidamente independentes de, como máximo, 50 MW coa evidente intención de esquivar a tramitación estatal supostamente menos favorable para as empresas promotoras.

Levounos pouco tempo ser conscientes de que estabamos diante dun problema que ía moito máis alá do estritamente local. Non é esta unha cuestión que afecte puntualmente ás Serras da Groba e do Galiñeiro.

Estamos diante dun problema de país: Toda Galicia está sufrindo a mesma “Ameaza Eólica” e por todo o país van aparecendo plataformas cidadás e asociacións que, coma nós (IEM, SOS Groba, Salvemos Monteferro, Plataforma para a Defensa do Galiñeiro...), amosan a súa preocupación pola realidade eólica dos seus respectivos territorios.

Durante o verán de 2021 chegaron a coexistir na Serra da Groba 54 aeroxeradores de 7 miniparques. Os cambios na información oficial dispoñible son demasiado frecuentes e imprevisibles.

Na serra do Galiñeiro-Aloia houbo dous proxectos, hoxe aparentemente abortados. O primeiro deles, o PE GALIÑEIRO, con 13 aeroxeradores no Galiñeiro, e o segundo, o PE PARAGUDA, con 8 máquinas no contorno de San Antoniño, entre Morgadáns (Gondomar) e Malvas (Tui).

Estes aeroxeradores, de entre 4 e 6 MW, de entre 175 e 230m de altura total, cambiarían para sempre a paisaxe das serras do Galiñeiro e da Groba e dos seus arredores.

## A TRAMITACIÓN DOS PARQUES EÓLICOS EN GALICIA

Unha das modificacións importantes que contén o novo Mapa REG da Consellería de Industria é a ligazón para a “*Guía divulgativa das fases de tramitación dos parques eólicos de Galicia*”



serra da Groba, no PE TOROÑA e no conxunto ROSAL-MERENDÓN, si hai elementos fóra de ADE.

- Capacidade do promotor (solvencia económica, técnica, loxística...). Admítense a trámite proxectos presentados por miniempresas promotoras de recente creación, rexistradas *ad hoc*, sen ningún tipo de experiencia previa nin capacitación técnica e con 3.000€ de capital social para levar adiante proxectos orzamentados en ducias de millóns de euros. Ningún problema.

- Permiso de acceso á Rede Eléctrica. O pasado 30 de setembro, outra das novidades do mapa REG na nosa zona foi o PE PARAGUDA dentro da categoría “PE pendentes de admisión” (en cor amarela). O día 29 de outubro, cando a sociedade civil dos concellos de Gondomar e Tui comezaba a coordinar os seus esforzos en contra desta nova invasión na serra do Galiñeiro-Aloia, por unha filtración ao “Faro de Vigo” coñecemos que “A Xunta tumba o parque eólico de O Galiñeiro por falta de permisos”. <https://www.farodevigo.es/comarcas/2021/10/29/xunta-tumba-parque-eolico-o-58934811.html>

Nada máis lonxe da realidade! A noticia do “Faro de Vigo” explica que desde o 20 de outubro a Xunta coñece a falla de permiso de conexión do PE PARAGUDA á Rede Eléctrica Española. O día 30 de setembro xa aparecía no Mapa REG. E agardan ao 29 para facelo público. E escollen o “Faro de Vigo” para publicalo...

A “Guía Divulgativa...” sinala a Dirección Xeral de Planificación Enerxética como “encargado de recibir os proxectos e admitilos ou non a trámite” e aínda explica: “Para a admisión a trámite dunha iniciativa, verificarase... 5. Que o proxecto conte co permiso de acceso á rede eléctrica”

[https://ceei.xunta.gal/c/document\\_library/get\\_file?folderId=1784294&name=D LFE-23505.pdf](https://ceei.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=1784294&name=D LFE-23505.pdf)


Este documento, lonxe de aclarar o procedemento, evidencia a frecuencia e facilidade con que a propia Xunta de Galicia incumpre a normativa que di respectar.

### 01. Admisión a trámite do proxecto.

- Fóra da Rede Natura. Se non se protexen espazos RN2000 non hai risco.

- Non hai solapamento. Na Serra da Groba temos detectado solapamento entre os parques TOROÑA e ALBARIÑO I e entre os parques MERENDÓN e ROSAL. Si hai solapamento.

- Dentro das ADE,s. Na



Mapa REG (desde o 30/09/2021)



Publicación "Faro de Vigo" (29/10/2021)

## 02. Consultas previas.

*"A tramitación do proxecto das infraestruturas de evacuación, de ser necesaria, comeza nesta fase..."*

*"De ser necesarias?"* Que sentido ten un parque eólico sen infraestruturas de evacuación?

O primeiro paso na FRAGMENTACIÓN FRAUDULENTE DE PARQUES EÓLICOS é consentir a disociación dun mesmo proxecto en dous: proxecto de parque eólico por un lado e proxecto de infraestrutura de evacuación polo outro.

*"A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático será a encargada de elaborar o Documento de alcance. Consultará a... Público en xeral na web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e vivenda."* É certo que ata a primavera do 2021 foi práctica habitual a publicación, na web da CMATV, dos Documentos de Alcance. Foi así como coñecemos o PE ROSAL e o PE TORROÑA I previamente anunciados no Mapa REG.

Pero, como xa temos explicado neste traballo, o 15/03/2021 foi publicado na web da CMATV o PE TOROÑA (o "novo Toroña") sen aparecer nunca antes no Mapa REG.

O PE ALBARIÑO I (DOG 27/10/2021) e o PE MERENDÓN (DOG 23/12/2021), parques novos e diferentes aos coñecidos a partir do mapa REG e das súas anteriores publicacións en DOG, saen a "Información pública" sen que a CMATV publique os seus respectivos Documentos de Alcance.

A "Guía Divulgativa..." esquece explicar que este paso é potestativo e, sen razón aparente que o xustifique, a CMATV deixou de publicar PE,s na súa web.

## 03. Información pública.

*"Cando un proxecto de parque eólico supera as anteriores etapas... será publicado no DOG. A partir dese momento as persoas interesadas poderán facer as alegacións que consideren oportunas... disporán dun prazo de 30 días..."*

A "Guía Divulgativa..." esquece que a Lei 9/2021 de Simplificación Administrativa reduce á metade os prazos (15 DÍAS) en proxectos como o ALBARIÑO I ou o MERENDÓN, declarados "De utilidade pública".

E nesta "Guía Divulgativa..." vai todo así! "Principio de Transparencia e bo goberno", chámamlle.


## FRAGMENTACIÓN FRAUDULENTE DE PARQUES EÓLICOS.

Na Serra da Groba hai dous exemplos de FRAGMENTACIÓN FRAUDULENTE consentida pola Xunta de Galicia:


1. O conxunto ALBARIÑO I, TORROÑA I e TOROÑA está constituído por tres miniparques que superpoñen as súas poligonais, solapan aeroxeradores de parques diferentes, contan con elementos fóra de ADE e disocian os proxectos de parques eólicos dos proxectos de infraestruturas de evacuación. Temos, na realidade, un gran polígono industrial eólico, promovido pola superpoderosa ACCIONA, repartido en tres miniparques pretendidamente independentes. E cada un deses miniparques aparece dividido en dous proxectos diferentes. A día de hoxe coñecemos tres proxectos de parques eólicos. Nada sabemos das estruturas de conexión á REE.

2. O conxunto ROSAL e MERENDÓN, na parte sur da serra, está formado por dous parques eólicos. Coñecemos a finais de novembro de 2020 os detalles do proxecto PE ROSAL pero nada sabemos aínda da súa infraestrutura de conexión á REE. O 23/12/2021 publicouse no DOG o proxecto do PE MERENDÓN e aí puidemos comprobar como superpoñen poligonais e comparten estruturas. A subestación elevadora do PE MERENDÓN, moi probablemente compartida co PE ROSAL, está “fóra de ADE”, a máis de dous quilómetros en liña recta da poligonal do parque.

Unha vez publicado no DOG o proxecto PE ALBARIÑO I confirmábase a súa configuración de 6 aeroxeradores e anúnciase ademais que compartirá a subestación de Barrantes co PE TORROÑA I e co PE TOROÑA. (O proxecto publicado do PE TO-



Conxunto Albariño I - Torroña I e Toroña



Conxunto Merendón - Rosal




Modelo Google Earth. Conxunto eólico PE ALBARIÑO I + PE TORROÑA I + PE TOROÑA


RROÑA I detallaba que serían os PE,s ALBARIÑO I, TORROÑA I e TORROÑA III os que compartirían a subestación de Barrantes). O PE TOROÑA “novo” ten, segundo consta na documentación publicada na web da CMATV o 15/03/2021, a súa propia subestación situada ao leste do seu aeroxerador número 5.

Proxectando no modelo Google Earth os datos dos PE,s ALBARIÑO I, TORROÑA I e TOROÑA queda clara a superposicións de poligonais e, con ela, a evidencia de FRAGMENTACIÓN FRAUDULENTE dun gran Polígono Industrial Eólico promovido polo grupo empresarial ACCIONA mediante tres empresas pretendidamente independentes: Ceólica Hispania, S.L., LAN2030 Toroña,S.L. e Desarrollos Renovables del Norte, S.L.U

O DOG do 23/12/2021 publica o proxecto eólico PE MERENDÓN que, como xa explicamos con anterioridade, presenta substanciais modificacións con respecto ao proxecto de 2011 pasando de 7 aeroxeradores ENERCON E-101 de 3MW a 5 aeroxeradores de 4,2 MW e cunha poligonal absolutamente diferente que se superpón á xa coñecida do PE ROSAL




PE ALBARIÑO I  
(Ceólica Hispania, S.L.)



PE TOROÑA  
(LAN2030 Toroña, S.L.)



PE TORROÑA I  
(D. R. del N., S.L.U.)



PE ROSAL (CMAVT 30/11/2020) e PE MERENDÓN (DOG 23/12/2021). Superposición e compartición de estruturas. FRAGMENTACIÓN FRAUDULENTE

Esta modalidade de fraude consiste en dividir unha grande instalación industrial, que polo seu tamaño e características tería moi graves consecuencias medioambientais, en pequenas pezas pretendidamente independentes que pretenden ser avaliadas en momentos diferentes e de xeito individual co evidente propósito de esquivar as garantías medioambientais que, polo menos teoricamente, a lexislación protexe.

Pero a realidade demostra que non se trata dunha especial habilidade de ACCIONA, que na Serra da Groba pretende burlar a legalidade. A fragmentación fraudulenta de parques eólicos é unha práctica moi habitual en todo o país. Practicamente en todas as zonas de Galicia podemos comprobar con facilidade a existencia destas irregularidades, e como son coñecidas, consentidas e mesmo alentadas pola Xunta de Galicia.

Probablemente un dos casos máis evidentes e escandalosos de fragmentación fraudulenta é o que protagonizan os PE,s VENTUMELO, NEBOADA e TREBOADA, na zona de Trives-Sil, publicados xuntos na web da CMATV o día 1 de febreiro de 2021.

- A empresa encargada da redacción dos tres documentos é “ADANTIA, S.L”,
- Tres parques eólicos “distintos” con tres “promotoras” diferentes: PE TREBOADA (WIND GROWER, S.L.), PE VENTUMELO (WIND HERO, S.L.) e PE NEBOADA (MAIA DIRECTORSHIP, S.L.). Curiosamente, as dúas primeiras teñen o seu domicilio social na rúa Cala Bona, 19, en Palma de Mallorca, foron rexistradas o mesmo día no Rexistro Mercantil de Palma e os seus CIF,s son practicamente consecutivos: B16637241 e B16637209.

- Nos parques TREBOADA e VENTUMELO coinciden exactamente os seus equipos técnicos: Director Técnico: Jordi Soláns Oste, Coordinador: Victoriano de la Torre Cancelo, Técnicos: César Arquero Cabral e Carolina Bernal Juy. O parque NEBOADA, co mesmo Director Técnico e co mesmo Coordinador, comparte con aqueles





unicamente á Técnica Carolina Bernal Juy. Neste terceiro proxecto aparece como segundo Técnico Miguel Álvarez Lorenzo.



- Chama a atención, unha vez situados no Mapa REG os tres proxectos, a presenza na zona doutros dous, chamados PE ORBALLEIRA e PE XEADA que presentan exactamente a mesma configuración en canto a número e características dos aeroxeradores. Cada un destes CINCO PARQUES conta con 12 aeroxeradores, 10 deles de 4,2MW e os outros 2 de 4MW para un total de 50MW, xusto no límite que permite ser tramitados pola Xunta de Galicia.

E QUEN SON WIND HERO e WIND GROWER? Entre estas dúas empresas hai coincidencias evidentes: enderezo, data de constitución, capital social (3.000,€ cada unha), cargos directivos...

MAIA DIRECTORSHIP, a promotora do PE NEBOADA, aparentemente é algo diferente ás dúas anteriores, pero ao comprobar



Mapa REG (de 2019 a 30/09/2021)



os seus cadros directivos atopamos a Bruno Mascaró Ruibert como membro da dirección da empresa. Bruno Mascaró xa aparecía como cargo directivo de WIND GROWER (Treboada) e de WIND HERO (Ventumelo). Tamén aparecen como Administradores mancomunados AVINTIA ENERGÍA, SL e VEGA 2002, SL.

AVINTIA está claramente relacionada con WIND HERO e WIND GROWER. Coinciden cargos directivos:

Antonio Mascaró Gomila, Jaime Mascaró Ruibert e Bruno Mascaró Ruibert, e coincide tamén o enderezo: Cala Bona, 19. Palma de Mallorca.

AVINTIA ENERGÍA, SL, igual que a EGA (Asociación Eólica de Galicia), fan parte da AEE (Asociación Empresarial Eólica)

NEIVA DIRECTORSHIP, SL, que promove o PE XEADA, e SINAGRA INVESTMENTS, SL, que pro-

## PE XEADA

### 4 Descripción del proyecto

El parque eólico Xeada se sitúa en los municipios de Quiroga y, Vilamartín de Valdeorras y A Rúa. En las provincias de Lugo y Ourense. Se encuentran a una altitud de entre 1.000 y 1.220 m en las ubicaciones que se presentan a continuación.

El acceso al Parque eólico Xeada se realiza partiendo del enlace de la N-120 para acceso a Bendillo y Vilar de Mondelo, tomando la carretera a Vilar Mondelo. Al llegar a la altura de Bendillo se utilizará un vial de acceso común Parques eólicos Neboada, Orballeira y Xeada.

Dicho acceso común a los tres parques se tramitará asociado al Parque eólico Orballeira, de esta manera se aprovecha una sola infraestructura para acceder a 3 parques eólicos.

Se proyecta la instalación de 12 aerogeneradores del modelo Vestas V150, estos aerogeneradores tienen potencias unitarias de 4,2MW (10 aerós) y 4 MW (aerós) por lo que la potencia total del proyecto será de 50 MW.

move o PE ORBALLEIRA, foron tamén constituídas inicialmente cun capital de 3.000€ cada unha. As cinco empresas promotoras teñen o seu enderezo en Cala Bona, 19, Palma de Mallorca, están rexistradas no Rexistro Mercantil de Palma de Mallorca na mesma data (05/07/2019) e aparecen vinculadas ao “Clan Mascaró”.

Concellos afectados: San Xoán de Río, Castro Caldelas, A Pobra de Trives, Chandrexa de Queixa, Vilamartín de Valdeorras, e A Rúa en Ourense, e Ribas de Sil e Quiroga en Lugo.

Parque Eólico	Aerox	Detalle aeroxeradores	Potencia Total	Director técnico	Coordinador	Técnicos
TREBOADA	12	10X4,2MW + 2X4MW	50MW	Jordi Soláns Oste	Victoriano de la Torre C.	Carolina Bernal Juy, César A.
VENTUMELO	12	10X4,2MW + 2X4MW	50MW	Jordi Soláns Oste	Victoriano de la Torre C.	Carolina Bernal Juy, César A.
NEBOADA	12	10X4,2MW + 2X4MW	50MW	Jordi Soláns Oste	Victoriano de la Torre C.	Carolina Bernal Juy, Miguel A. L.
ORBALLEIRA	12	10X4,2MW + 2X4MW	50MW	Jordi Soláns Oste	Victoriano de la Torre C.	Carolina Bernal Juy, Miguel A. L.
XEADA	12	10X4,2MW + 2X4MW	50MW	Jordi Soláns Oste	Victoriano de la Torre C.	Carolina Bernal Juy, Miguel A. L.
MEGAPARQUE	60	50X4,2MW + 10X4MW	250MW	Jordi Soláns Oste	Victoriano de la Torre C.	Carolina Bernal Juy, César A. e Miguel A.L.

Fontes: Empresa.es, Incocif.es, Aeeolica.org, Adantia.es, GrupoAvintia.com, Infoempresa.com, EGA, REG, CMATV.

## A MOBILIZACIÓN SOCIAL. A RESPOSTA CIDADÁ.

No verán de 2005 chegaron ao Val de Miñor as primeiras noticias do interese eólico na Serra da Groba. Asociacións e grupos locais, como o IEM (Instituto de Estudos Miñoráns) <https://iem.gal/> ou Salvemos Monteferro <https://www.salvemomonteferro.org/>, comezaron a informarse e a tomar posición diante daquela nova realidade. Diante daquela nova ameaza ao conxunto patrimonial da Serra da Groba e, por extensión, do Val de Miñor.

Aqueles primeiros movementos confluiron no nacemento, en 2007, da Asociación SOS Serra da Groba.

<http://sosgroba.blogspot.com/>

<https://www.facebook.com/SOS-Groba-32082679461896>

Diante da posterior ameaza eólica contra a Serra do Galiñeiro, que se concretaba nun parque eólico de 13 aeroxeradores, asociacións, plataformas e colectivos cidadáns, entre os que se atopaban o IEM, SOS Groba ou Salvemos Monteferro, organizáronse na nacente Plataforma pola Protección da Serra do Galiñeiro

<https://serragalinheiro.wordpress.com/>

O traballo de estudo e divulgación de SOS GROBA, claramente posicionado en contra dos parques eólicos na Serra da Groba, chega á sociedade miñorá en forma de charlas e conferencias, visitas guiadas, campañas informativas, saídas escolares e outras actividades de mobilización cidadá:

Logo duns anos de parón eólico en Galicia, a actividade no sector recobrou vigor no ano 2019 e outra vez a sociedade civil organizada é quen de dar respostas por medio de plataformas e colectivos a nivel galego ou a nivel estatal.

Moi pronto fomos conscientes de que non se trataba dunha cuestión puntual nas serras da Groba ou do Galiñeiro. Era unha cuestión de país. Establecemos contactos con outras or-



Vídeo “A dúas velas”:  
<https://youtu.be/F64OhaQeiGM>



ganizacións de ámbito galego coas que compartiamos preocupacións e realidades. Foi así como naceu a Rede Galega STOP Eólicos. <https://www.redestopeolicos.org/>.

E, practicamente ao mesmo tempo, participamos tamén no nacemento da plataforma estatal ALIENTE (Alianza Enerxía e Territorio)

Desde o IEM e a Plataforma SOS GROBA impulsamos, en novembro de 2020, o MANIFESTO de oposición aos parques eólicos das Serras da Groba e do Galiñeiro:

Máis de 60 colectivos responderon ó chamamento do IEM e de SOS Groba para manifestar a súa oposición á instalación dos parques eólicos das Serras da Groba e do Galiñeiro.

A instalación masiva de parques eólicos por toda Galicia está a levantar moita oposición social e o Val de Miñor non é unha excepción

Nos últimos meses, as grandes empresas do sector eólico retomaron a tramitación e desenvolvemento das infraestruturas eólicas impulsadas pola Xunta de Galicia. Na Serra da Groba estaba prevista a instalación de 44 aeroxeradores e na do Galiñeiro 13. Durante o verán chegamos a 54 aeroxeradores e hoxe serían 27.



METROPOLITANA

FARO DE VIGO  
Viernes, 28 de septiembre de 2007

# Convocan una marcha para protestar por el futuro parque eólico de Serra da Groba

La plataforma social contra la instalación organiza hoy una visita guiada a los yacimientos arqueológicos y espacios naturales "amenazados"

D. L. / BAIONA

La asociación de defensa medioambiental SOS Serra da Groba organiza una visita por distintos yacimientos arqueológicos y espacios naturales que, según esta plataforma, "se verán afectados o, incluso, destruidos por la construcción del parque eólico Albariño I en la zona".

Este recorrido, que se llevará a cabo en la tarde hoy, partirá a las 19.45 horas del entorno de la playa de Santa Marta. De la mano de Xosé Lois Vilar, el presidente de la asociación, los asistentes podrán contemplar



Presentación de la asociación SOS Serra da Groba. / J. LORES

Faro de Vigo, 28/09/2007



Vídeo: "SOS GROBA 2005-2020"  
<https://youtu.be/sxKbzOkTXhc>



Vídeo: "Ouro, estrelas e lobos na Serra da Groba. Xeira IEM 2016"  
<https://youtu.be/mzIYfzcnCo>



## MANIFESTO DE OPOSICIÓN AOS PARQUES EÓLICOS DAS SERRAS DA GROBA E DO GALIÑEIRO

Os colectivos abaixo asinantes manifestan a súa oposición á instalación dos parques eólicos que a Xunta de Galicia está a promover nas serras do Galiñeiro e da Groba.

Recentemente instaláronse na Chan da Gabiñeira e no alto da Groba senllas estacións meteorolóxicas co obxectivo de avanzar no proceso de instalación dun gran parque eólico. Na serra da Groba proxéctanse 44 aeroxeradores, 4 subestacións eléctricas e 5 estacións meteorolóxicas repartidos en 6 miniparques eólicos (2 en fase de tramitación e 4 de nova solicitude) que se situarán nos concellos de Baiona, Oia, O Rosal e Tomiño. No Galiñeiro, en fase de tramitación, proxéctanse 13 aeroxeradores.

Estes aeroxeradores, de 2,5 a 5,6 MW de potencia e de 175 a 230m de altura total, cambiarán para sempre a paisaxe das serras do Galiñeiro e da Groba e dos seus arredores.

As serras do Galiñeiro e da Groba constitúen espazo natural de vital relevancia na área do sur de Pontevedra onde se desenvolve unha intensa actividade turística que, atraída polas características do seu contorno, triplica a súa poboación no verán. Esta gran presión antrópica pon en valor o Galiñeiro e a Groba como espazos que necesariamente deben contribuír á sostibilidade do territorio a través dos servizos ecosistémicos que ofrece. O Galiñeiro e a Groba atraen diariamente a miles de persoas que buscan o disfrute dos seus valores medioambientais, patrimoniais e paisaxísticos.

A instalación dos parques eólicos leva consigo graves e irreparables afeccións á paisaxe, movementos de terras para a nova construción e ampliación de pistas de acceso dotándoas de anchura abonda e modificando o radio das curvas para posibilitar o tráfico dos voluminosos vehículos e transportes necesarios, e escavacións de 25x25x3 metros para as cimentacións dos aeroxeradores, e quilómetros de gabias para soterrar as liñas de evacuación da electricidade producida. Estes importantes movementos de terras alterarán tanto os cursos fluviais en superficie como os subterráneos e xerarán unha gran cantidade de sedimentos, como xa se teñen producido noutras grandes obras civís no Val de Miñor.

Pero os graves impactos medioambientais tamén se producen unha vez que os aeroxeradores deixan de funcionar. A partir dun aeroxerador en desuso, tanto o fuste como a cabina conteñen materiais reciclables nun 85%, porén as pas, feitas con fibra de carbono, fibra de vidro e resinas non se poden reciclar. Tan só nunha escasa porcentaxe dos casos estes materiais poden reutilizarse ou reciclarse por métodos moi custosos tanto económica como ambientalmente. A opción maioritaria para as pas en desuso é o seu soterramento en vertedoiros, pois non existe na actualidade ningunha normativa europea que regule a súa eliminación. Estímase que a vida media dos aeroxeradores é de 20-25 anos e foi a partir de 1997 cando se puxeron en marcha os primeiros parques eólicos en Galicia, polo que xa empezan a chegar ó final da súa vida útil.

As serras do Galiñeiro e da Groba dan acubillo a unha importante comunidade de especies animais e vexetais e hábitats. Moitos deles figuran no Catálogo Galego de especies ameazadas e na Directiva Hábitat, que a administración ten a obriga de protexer e conservar tal e como xa foi recollido na proposta de ampliación da Rede Natura en 2011, onde se solicitaba a declaración do LIC da Serra da Groba e monte da Valga (ES1140018). Daquela, a Xunta de Galicia non considerou prioritaria a protección deste espazo. Estas comunidades de seres vivos e os seus hábitats veranse severamente afectadas tanto na fase de execución como nas fases de explotación e desmantelamento dos parques eólicos.

Por outra banda, os montes das serras da Groba e do Galiñeiro poden e deben xogar un importante papel como sumidoiros de CO<sub>2</sub> tal e como se está levando a cabo nalgúns proxectos actuais. A instalación dos parques eólicos limita o desenvolvemento forestal na súa contorna.

Os valores patrimoniais e etnográficos da serra da Groba son innegables. A existencia de numerosísimos xacementos arqueolóxicos, moitos deles catalogados, pero outros moitos aínda sen catalogar, veranse afectados polo desenvolvemento das infraestruturas eólicas necesarias.

Pero, polo que quizais se coñece o Galiñeiro e a Groba é por albergar a que posiblemente é a poboación de cabalos salvaxes máis antiga do mundo. Ó redor de 1500 garranos desenvólvese unha importantísima actividade cultural única no mundo cunha fonda tradición e pegada etnográfica. Os curros atraen miles de visitantes para gozar do contacto coa tradición, a natureza e a paisaxe.

A pesar dos numerosos valores que agochan as Serras do Galiñeiro e da Groba, na actualidade non gozan de ningunha figura de protección. Esta lamentable situación vén sumarse a unha realidade que pon de manifesto o verdadeiro

interese que as administracións públicas teñen pola conservación do patrimonio natural. Mentres que no conxunto do estado español o 27% da superficie son espazos de Rede Natura 2000, Galicia atópase á cola das comunidades con menos superficie protexida, con tan só un 11,97%, a moita distancia da penúltima (País Vasco) con 20,90%.

- O modelo enerxético actual non favorece os intereses e necesidades da cidadanía.



video: "EQUUS" <https://youtu.be/oSMWH068dns>

## É UN MODELO ENERXÉTICO QUE FAVORECE AS MULTINACIONAIS E PREXUDICA A CIDADANÍA.

Os últimos datos de 2017 poñen de manifesto que Galicia non é unha potencia enerxética, xa que non dispón de suficientes recursos enerxéticos para cubrir a súa demanda. Porén, en Galicia lévase a cabo unha importante actividade de transformación enerxética a partir de recursos importados dentro do contexto do estado español que supuxo o 10% de todos os recursos enerxéticos transformados en España.

En termos de enerxía eléctrica, en 2017, Galicia produciu 31.532 GWh, unha cantidade de electricidade moi superior á consumida (18.918 GWh). De toda a enerxía eléctrica producida a partir de fontes de enerxía renovables, o 64,88% procedeu dos eólicos, sobrepasando o obxectivo do 50% para 2020. Pola contra, tan só o 0,68% procede da enerxía solar. Galicia exporta gran parte da electricidade que produce ó resto de España.

Para comprender a dimensión desta situación, tomando os datos das propias empresas eléctricas, un aeroxerador de 2MW abastece de electricidade a 8.000 habitantes ou o que é o mesmo a 2.000 fogares (4 persoas por fogar). En 2019 a poboación do Baiona, Gondomar, Baiona, Oia, O Rosal, Tomiño e A Guarda era de 77.000 habitantes. Para abastecer de electricidade esta poboación serían necesarios 10 aeroxeradores de 2 MW e tan só 7 de 3 MW. Tan só na Serra da Groba vanse instalar 44!

Galicia está xogando un papel destacado, dentro de España, como un territorio que abastece de enerxía o resto do estado e soportando un sector enerxético cun elevado impacto medioambiental. Entre 1940 e 1970 desenvolvéronse a maioría dos encoros hidroeléctricos, nos anos 60 a refinaría de petróleo da Coruña – Arteixo, na década dos 70 as centrais térmicas de Meirama e As Pontes, en 2002 a regasificadora de Ferrol e dende 1995 160 parques eólicos con máis de 4000 aeroxeradores repartidos por 106 concellos.

Mentres que outros países europeos promoven o autoconsumo e a produción de enerxía nos domicilios, favorecendo o desenvolvemento da enerxía solar en países como Alemaña, que produciu cinco veces máis enerxía solar que todo o Estado español, en España óptase por un modelo de produción de enerxía controlado por grandes multinacionais, en moitos casos de capital estranxeiro, que lles xera grandes beneficios económicos, mentres que a cidadanía española é a quinta de Europa en pagar a electricidade máis cara, por detrás de Alemaña, Dinamarca, Bélxica e Irlanda (datos de 2019).

- Pingües beneficios económicos para a cidadanía

O *lobby* eólico defende a instalación de parques eólicos en base ós beneficios económicos que se xeran para os concellos que albergan as infraestruturas eólicas. Isto non é certo. Tal e como recolle o Observatorio Eólico de Galicia (OEGA), dende o ano 1995 en que se produciu o boom da instalación de parques eólicos, o 98% dos parques eólicos de Galicia sitúanse en concellos rurais nos que a súa instalación non supuxo nin a fixación de poboación, nin a promoción de emprego nin a mellora significativa do servizo eléctrico nin dos custos da electricidade. Todo isto, a pesar de que un dos obxectivos prioritarios do Plan Sectorial Eólico de Galicia é “*Promover o desenvolvemento económico e social sobre todo nos territorios concretos en que se implante*”.

Dos 106 concellos onde se atopan 4.026 aeroxeradores en toda Galicia, analizouse o incremento poboacional en 56 concellos (incluíndo as cabezas de comarca) nos que



se atopan instalados 2.749 aerogeradores. 50 destes concellos perderon un promedio do 28% da súa poboación dende 1996 ó 2020.

Na actualidade o buque insignia da industria eólica en Galicia, a factoría de Siemens Gamesa, referente na fabricación de pas para aerogeradores instalada no concello das Somozas, está en plena crise. Anuncia o despedimento de 52 traballadores/-as e a rebaixa da súa produción semanal de pas: de nove a catro. A propia empresa explica que *“todos os escenarios son posibles, mesmo o peche definitivo por cesamento da actividade”*.

- O rural de Galicia desaparece, morre.

Tal e como indica o OEGA no seu informe de 2019: *o nivel de xustiza enerxética supuxo a perda de oportunidades significativas para transformar a dinámica económica e social das zonas rurais e para contribuír á converxencia das comunidades rurais máis desfavorecidas cos niveis de vida existentes noutros territorios.*

Os habitantes e os concellos da serra da Groba non van ser a excepción.

- Burla de lei

Para evitar a complexa tramitación dun parque eólico de potencia superior a 30 MW, na serra da Groba proxéctase instalar 6 miniparques eólicos que non superen os 30 MW. Esta subdivisión do parque en unidades de menos de 30 MW simplifica a súa tramitación. A subdivisión dos parques nestas unidades máis pequenas constitúe claramente unha burla de lei que vulnera as directivas europeas e dificulta a participación pública da cidadanía na tramitación destes parques.

- Aposta por unha verdadeira transición enerxética e a conservación do patrimonio

Opoñémonos á industrialización masiva dos espazos naturais públicos. Opoñémonos á instalación masiva de parques eólicos. Opoñémonos á instalación dos parques eólicos das serras do Galiñeiro e da Groba.

Propoñemos e defendemos unha verdadeira transición enerxética sostible e harmónica, que teña en conta as singularidades de cada territorio, que aposte polo autoconsumo e o desenvolvemento da enerxía solar térmica e fotovoltaica, que promova o consumo responsable de enerxía, que aposte por reducir a mobilidade individual e promova a mobilidade colectiva, tal e como se está a facer nos demais países da UE. Pero, ante todo, que sexa xusta coa cidadanía. Somos conscientes de que toda acción humana supón un efecto medioambiental, pero estes efectos deben ser convenientemente avaliados e minimizados co obxectivo de garantir a sostibilidade da produción e consumo enerxético.

Reclamamos das administracións o establecemento de figuras de protección que garantan a conservación do patrimonio natural, como declarar espazos de Rede Natura 2000 as Serras do Galiñeiro e da Groba.

Instituto de Estudos Miñoráns (IEM)

SOS Serra da Groba

Salvemos Monteferro

Asociación Naturalista do Baixo Miño (ANABAM)

Asociación Herpetológica Española

Sociedade Galega de Historia Natural

Ecoloxistas en Acción

Co-mando Ghichas

Asociación Salvemos Cabana  
Asociación do Monte Galego  
Plataforma pola protección da Serra do Galiñeiro  
A Ría Non se Vende  
A.C. Berra Val Miñor  
AA.VV. e Cultural Casco Vello  
ADEGA  
AGA (Asociación Galega Apicultura)  
Amigos da Terra  
Asoc.”ViaxaMos no tempo”  
Asoc. Permacultura “Eiras de Miño”  
Asoc.Trece Catorce  
Asoc.Veciños de Chenlo  
Asoc.Veciños de Valadares  
Asoc.Veciños de Vincios  
Asociación A Groba  
Asociación Cultural Pedraghullo  
Asociación Mundo Minero  
Bembribe: Pena Cabalaria  
C.C. As Pedriñas  
C.M.V.M.C. de Chaín  
C.M.V.M.C. de Couso  
C.M.V.M.C. de Valadares  
C.M.V.M.C. de Vincios  
C.M.V.M.C. de Zamáns  
C.S. A Revolta  
C.S. Lume  
Club Escalada Montaña Azimut  
Club Montañeiros Celtas  
Club Peña Trevinca M.G.  
Clube de Montaña Xistra  
Clube Espeleolóxico Maúxo  
Escalada Sostenible Galicia  
Federación AA.VV. Eduardo Chao – Vigo  
Federación Galega Montañismo  
Grupo de Montaña Alud  
Outro vigo é posible  
Plataforma Defensa da Ría Cíes  
Verdegaia  
Agrupação de montanha Augas Limpas  
Asociación Cultural Berra Val Miñor  
A Ría Non de Vende  
Bouzas Móvete  
C. S. A Revolta  
C.S. A Faisca  
C.V. contra a Macrodepuradora do Lagares

Caleidoskopio  
 Colectivo Xogo Descuberto  
 Foro Social de Cangas  
 G.A.S. Vigo  
 OAR Redondela  
 Plataforma Cidadá de Redondela  
 Plataforma Defende Mos  
 Salvemos O Salgueirón  
 Verdegaiia  
 Voces polo Litoral de Teis

## A XEITO DE CONCLUSIÓN

No convencemento de que todo canto traballo de estudo e investigación poidamos facer quedaría incompleto se non fosemos capaces de ofrecerlo á cidadanía, un dos sinais de identidade do IEM e de SOS Groba son as actividades de información e divulgación.

<https://iem.gal/>  
<https://www.facebook.com/institutoestudiosminorans/>  
<http://sosgroba.blogspot.com/>  
<https://www.facebook.com/SOS-Groba-320826794618966>  
<https://www.redestopeolicos.org/>



Tino Baz, presentación "A Serra Liberada"

7 PARQUES EÓLICOS,  
54 AEROXERADORES

# A GROBA NON SE VENDE

ENERXÍAS RENOVABLES SI, PERO NON ASÍ!

**PALESTRAS INFORMATIVAS:**

DOIA / VENRES 16 ÁS 20H / CASA CULTURAL DE DOIA  
 O ROSAL / SÁBADO 17 ÁS 19H / SALÓN DE EXPOSICIÓNS  
 TOMINO / SÁBADO 24 ÁS 19H / AUDITORIO DE GOIÁN

DESTRUCCIÓN DA PAISAXE / DESTRUCCIÓN DA BIODIVERSIDADE  
 DESTRUCCIÓN DO PATRIMONIO / MODIFICACIÓN DOS CURSOS DA AUGA  
 NON CREAN EMPREGO / SÓ BENEFICIAN AS GRANDES EMPRESAS

SOS  
Serra da Groba  
para o Parque de Eólica

MEIDAS COVID-19

hai que paralo!

DOMINGO  
16 MAIO  
ÁS 11H

# MARCHA contra o proxecto eólico na SERRA DA GROBA

SAÍDA DENCE O ALTO DA MATA (FONTE ICONA)  
ESTRADA BAIONA - LOUREZA KM 9,7

SOS  
Serra da Groba  
para o Parque de Eólica



vídeo: Marcha contra os eólicos na Serra da Groba <https://youtu.be/s9CI493jSZs>



vídeo: Baiona, 18 de novembro de 2021 <https://youtu.be/mpxLr1YJJYU>



vídeo: “Vigo a debate” (Televisión, 15/12/2021) <https://youtu.be/W5xe6nTqnaA>



<https://www.facebook.com/search/top?q=rede%20galega%20stop%20e%C3%B3licos>

Entre a gran variedade moitas actividades poderíamos salientar:

- Na primavera de 2021, en colaboración con Tino Baz, presentamos “A Serra Liberada”
- E tamén na primavera, coincidindo coa relaxación das esixencias COVID 19, comezamos unha serie de charlas e faladoiros en centros educativos, parroquiais e veciñais de todos os concellos do Val de Miño e do Baixo Miño. Rematamos o ano con máis de 40 actos informativos celebrados.



Foto: FARO DE VIGO

<https://www.farodevigo.es/fotos/actualidad/2021/05/16/marcha-parques-eolicos-groba>

- Convocamos para o domingo 16 de maio unha gran “Marcha contra o proxecto eólico na Serra da Groba”
- Participamos na gran manifestación do sábado, 5 de xuño, en Santiago de Compostela
- Fixemos campañas de recollidas de sinaturas en contra dos parques eólicos na Serra da Groba e presentamos máis de 100.000 alegacións contra o proxecto do parque eólico ALBARIÑO I publicado no DOG de 27/10/2021.
- Debatemos en “Televigo” co presidente da Asociación Eólica de Galicia (EGA).

“E se aínda seguimos aquí...”

Val de Miñor e Baixo Miño, decembro de 2021

**ADDENDA:** Esta actualización do artigo orixinal cobra sentido polas significativas novidades acaecidas na realidade eólica galega ata o día de hoxe.

### A “Ameaza Eólica” na Serra da Groba... da Serra ameazada á Serra Liberada?

#### Parque eólico Albariño I

Publicado no DOG 207, de 27/10/2021 como “proxecto de interese público”, polo que se reduce á metade o prazo de exposición pública e presentación de alegación (15 días)

Oposición cidadá: Milleiros de persoas a título particular, o IEM-SOS Groba e outras plataformas e asociacións cidadás presentaron os seus escritos de alegacións contra este proxecto. Os concellos de Baiona, Oia e Tomiño, e tamén as Comunidades de Montes de Baíña, A Granxa, Belesar (Baiona), Burgueira (Oia) e Pinzás (Tomiño), presentaron cadanseu escrito de alegacións.



[https://iem.gal/destacadas-portada/precisamos-da-tua-axuda-para-mostrar-o-rexeitamento-social-contra-o-parque-eolico-na-serra-da-groba/?preview\\_id=11667&preview\\_nonce=35d4d1fe29&preview=true&\\_thumbnail\\_id=11668](https://iem.gal/destacadas-portada/precisamos-da-tua-axuda-para-mostrar-o-rexeitamento-social-contra-o-parque-eolico-na-serra-da-groba/?preview_id=11667&preview_nonce=35d4d1fe29&preview=true&_thumbnail_id=11668)

#### Parque eólico Merendón

Publicado no DOG 245, de 23/12/2021 como “proxecto de interese público”, polo que se reduce á metade o prazo de exposición pública e presentación de alegación (15 días)

Oposición cidadá: De maneira similar a como xa fixeran diante da publicación do proxecto Albariño I, milleiros de persoas a título individual, o IEM-SOS Groba e outras plataformas e asociacións cidadás presentaron as súas alegacións contra o proxecto PE Merendón. Os concellos de Oia e O Rosal, e tamén as Comunidades de Montes en Man Común de Loureza (Oia) e de Santa Mariña (O Rosal), presentaron as súas.



<https://iem.gal/axenda/alegacions-do-iem-sos-groba-en-contra-do-proxecto-parque-eolico-merendon-in661a-2011-19-4-dog-num-245-do-23-12-2021-nos-concellos-de-oia-e-o-rosal/>

-O IEP (Instituto de Estudos da Paisaxe), dependente da Consellería de Medio Ambiente, da Xunta de Galicia, emite un INFORME NEGATIVO sobre os proxectos eólicos na Serra da Groba.

-O OEGA (Observatorio Eólico de Galicia) entende que A Serra da Groba, entre outros espazos na contorna da Ría de Vigo, deberían ser considerados “ESPAZOS LIBRES DE EÓLICOS”.

DOG




**XUNTA DE GALICIA**

---

DOG Núm. 207
Mércores, 27 de outubro de 2021
Páx. 52772

[Escuchar](#)

## PE ALBARIÑO I (25,28MW)

### (Serra da Groba)

**VI. ANUNCIOS**  
A) ADMINISTRACIÓN AUTÓNOMICA

**VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN**

*RESOLUCIÓN do 22 de setembro de 2021, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) e declaración de utilidade pública do proxecto do parque eólico Albariño I, situado nos concellos de Baiona, Oia e Tomiño, provincia de Pontevedra (IN661.A 2007/1-4).*

En cumprimento do disposto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico; na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental; na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e demais normas vixentes de aplicación, sométese a información pública a solicitude relacionada coa instalación que se describe a seguir:

Solicitante: Ceólica Hispania, S.L.

Denominación do proxecto: parque eólico Albariño I.

Concellos afectados: Baiona, Oia e Tomiño (Pontevedra).


Potencia que se vai instalar: 25,28 MW.


Número de aerogeradores que se van instalar: 6.

## Val de Miñor e Baixo Miño

### (concellos de Baiona, Oia, Tomiño e Gondomar)

DOG




**XUNTA DE GALICIA**

---

DOG Núm. 245
Xoves, 23 de decembro de 2021
Páx. 63662

[Escuchar](#)

## PE MERENDÓN (Oia e O Rosal)

### 5 aerox de 4,2MW (Total 21MW)

### Poste 112m. Diámetro 136m (pas de 66,5m) Altura total 180m

**VI. ANUNCIOS**  
A) ADMINISTRACIÓN AUTÓNOMICA

**VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN**

*RESOLUCIÓN do 15 de decembro de 2021, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se someten a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) e a solicitude de declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións do parque eólico Merendón, localizado nos concellos de Oia e O Rosal (expediente IN661.A 2011/19-4).*

En cumprimento do disposto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico; na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental; na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e demais normas vixentes de aplicación, sométese a información pública a solicitude relacionada coa instalación que se describe a continuación:

Solicitante: Tiraventos, S.L.

Denominación do proxecto: parque eólico Merendón.

Concellos afectados: Oia e O Rosal (Pontevedra).

Potencia que se vai instalar: 21 MW.

Número de aerogeradores que se van instalar: 5.

Producción neta anual estimada: 75.485 (MWh/ano).

Orzamento total (execución material): 15.125.749,74 €.

VIGO
La Voz de Galicia

## Informe negativo del Instituto de Estudios do Territorio al parque eólico de A Groba «por impactos críticos»

**MÓNICA TORRES**  
BAIONA

INICIO > BAIONA ES > La Xunta pide tranquilidad respecto al proyecto eólico en la Groba: “tramitar no es lo mismo que autorizar”

### La Xunta pide tranquilidad respecto al proyecto eólico en la Groba: “tramitar no es lo mismo que autorizar”

© 19/11/2021 Redacción


No caso do proxecto eólico Albariño l, con data de 26 de outubro deste ano o Instituto de Estudos do Territorio (IET) emitiu un informe de impacto e integración paisaxística sobre o devandito proxecto no marco do procedemento de declaración de impacto iniciado pola Administración galega. A principal conclusión da análise do IET é que o proxecto presentado tería impactos críticos xa que alteraría os valores das áreas de especial interese paisaxístico afectadas -concretamente, Serra da Groba, Corroubelo e Chan de Valga-.

La Xunta quiere lanzar un mensaje de tranquilidad: el futuro de la eólica en Galicia seguirá pasando por una planificación ordenada que acerque seguridad jurídica al sector y a la sociedad al tiempo que se da prioridad a un desarrollo compatible con el medio natural.

“Cómpre subliñar que este informe non é vinculante pero, ao igual que o resto dos que se solicitaron a outros organismos sectoriais, terán que ser valorados no seu momento pola Administración autonómica á hora de decidir se se autoriza ou non o proxecto”, conclúen desde a Xunta.

**Con data 26 de outubro deste ano (TRES SEMANAS despois de terlle enviado a Xunta a documentación aos concellos e UN DÍA ANTES da publicación do proxecto no DOG 207 de 27/10/2021) o Instituto de Estudos do Territorio (IET) emitiu un informe de impacto e integración paisaxística e bla, bla, bla...**





**OEGA - Observatorio Eólico de Galicia**  
19 de noviembre a las 9:49 · 🌐

100.000 sinaturas contra un parque eólico, o primeiro de varios previstos na Serra da Groba..., para pensalo un pouco, non?.

Desde o Observatorio Eólico vimos dicindo desde hai anos que se deberían preservar espazos libres de eólicos, como a Ría de Vigo, e apostar polo repotenciamento dos parques xa obsoletos. Isto último non permite incrementar a potencia instalada pero si a produción.

Tamén defendemos un cambio profundo do modelo: protagonismo para as comunidades locais na planificación dos lugares aptos e na promoción de unidades de produción que rendan beneficios directos para esas comunidades.

## Serra da Groba, Espazo Libre de Eólicos!

-O CCG (Consello da Cultura Galega) nun Informe da Comisión Técnica Temporal sobre Enerxía Eólica e Paisaxes Culturais en Galicia. DOI: 10.17075/icttseepec.2021, na súas *conclusión finais* determina:

- É prioritaria a revisión do PSEG (Plan Sectorial Eólico de Galicia) e o seu sometemento a avaliación ambiental estratéxica.
- O PSEG debe atender aos obxectivos sinalados nas Directrices da Paisaxe.
- Debe atender á protección dos valores culturais do territorio.
- Debe atender á protección dos valores naturais dos espazos que aínda non foron incorporados á Rede Natura.
- É necesario ampliar a Rede Natura e caracterizar as paisaxes cunha definición a maior escala e detalle.
- Cómpre salvaguardar lugares que teñen valor pola súa riqueza natural, cultural, paisaxística. etnográfica ou histórica.
- Hai que ter en conta que a construción de parques eólicos racha coa conectividade entre lugares, coa imaxe da paisaxe tradicional e coa memoria colectiva.
- É necesaria una estratexia de xestión do patrimonio cultural e do territorio como elemento aglutinador e portador de valores culturais e garante da permanencia do patrimonio.
- É necesario impedir a individualización de parques eólicos contiguos que comparten infraestruturas comúns (fraccionamento de proxectos).
- Os proxectos eólicos supoñen, na maioría dos casos, danos ambientais e patrimoniais que poden ser irreversibles.
- Non se pode equiparar a participación pública coa información pública, segundo ampara o Convenio europeo da paisaxe.
- Este despregamento eólico modificaría negativamente o territorio e as súas dinámicas e xeraría unha nova (e diferente) paisaxe. A implantación de parques eólicos debe consideralos dentro do proceso de toma de decisións sobre un territorio pensado globalmente.
- Deben ser consideradas de xeito integral as múltiples afeccións que as instalacións eólicas xeran á sociedade.
- A re-planificación do modelo de desenvolvemento económico cara a una sociedade sustentable inclúe una reflexión sobre as condicións reais de sustentabilidade das chamadas “enerxías renovables”.

- Urxe solicitar unha moratoria na autorización de parques. Esta proposta xustifícase xuridicamente por dous principios ambientais: o principio de precaución e o de non regresión ambiental.

## INFORMES



## INFORME DA COMISIÓN TÉCNICA TEMPORAL SOBRE ENERXÍA EÓLICA E PAISAXES CULTURAIS EN GALICIA

DOI: 10.17075/icttseepc.2021



O R.D. 23/2020 de 23/06 publicado no BOE 175, de 24/06/2020, establece no seu artigo 1 a data tope de 22 meses de validez da DIA dun proxecto eólico. Eses 22 meses computanse desde o 24/06/2020. Como consecuencia directa, calquera proxecto eólico anterior ao 24/06/2020 deberá acreditar antes do 24/04/2022 a obtención dunha DIA (Declaración de Impacto Ambiental) favorable. A non acreditación suporá a caducidade automática do proxecto... Pero a disposición adicional do R.D. Lei 29/2021, de 22/12, publicado no BOE 305, de 22/12/2021 e vixente desde o 23/12, establece novos prazos:

- Proxectos entre 28/12/2013 e 31/12/2017: 30 meses.
- Proxectos entre 31/12/2017 e 24/06/2020: 31 meses.

A nova “data de caducidade”, agardando posibles novas modificacións legislativas, é o 24/01/2023.

-Xavier Simón, director do OEGA (Observatorio Eólico de Galicia) publica un traballo científico sobre a repercusión económica e na calidade de vida da poboación local da masiva implantación eólica no concello de Muras (Lugo), no que conclúe: “Os eólicos non melloraron a calidade de vida da xente de Muras”

**ELPROGRESO** 🔍 ☰

## Simón: "Os eólicos non melloraron a calidade de vida da xente de Muras"

I VANESA BRAN

🕒 15 ENERO 2022 14:37 H.

MURAS
VIENTO
ENERGÍA EÓLICA
ELECTRICIDAD



Belén Chao, Xavier Simón, Manuel Requeijo e Mario Rouco, na presentación do libro en Muras. V. BRAN

O investigador presentou un estudo sobre o impacto da enerxía eólica no concello chairago

"A relevancia enerxética de **Muras** non se traduce nunha **repercusión económica para os seus veciños**. Podemos dicir tras un exhaustivo análise que, desgraciadamente, non existe unha relación entre desenvolvemento económico vinculado aos eólicos e mellora na calidade de vida dos mureses".

-O TSXG (Tribunal Superior de Xustiza de Galicia), en sentenza de 21 de xaneiro de 2021, anula a repotenciación do parque eólico Roncudo, no concello coruñés de Corme, e advirte á Xunta de que a súa norma para “acelerar” os procedementos administrativos salta a lei da UE (Unión Europea).

*“... si nada impide reducir el plazo de información pública de 30 días a la mitad en el caso de la actuación tendente a obtener la autorización previa*

**praza** O 21 de xaneiro de 1988 o Consello da Xunta autorizaba constituir o Concello de Cariño, segregado do de Ortigueira Acceso

Orzamentos 2022 [Pola sanidade pública](#) [Dereito á vivenda](#) [40 anos do Estatuto](#) [Sector eólico](#) [Coronavirus](#) [Máis](#)

[Twitter](#) [Facebook](#) [RSS](#) **Sector eólico** Política

## O TSXG anula a repotenciación dun eólico en Corme e advirte á Xunta de que a súa norma para aceleralos salta a lei da UE

David Lombao @davidlombao  
venres 21, xaneiro 2022

si nada impide reducir el plazo de información pública de 30 días a la mitad en el caso de la actuación tendente a obtener la autorización previa y de construcción no sucede lo mismo con la reducción que su disposición adicional primera hizo respecto de ese trámite en lo que concierne a la instrucción del procedimiento de evaluación ambiental

primacía del derecho comunitario sobre el autonómico no deja lugar a dudas, de lo que se concluye que no fuera acorde a derecho la reducción del plazo de información pública a la mitad en el procedimiento de evaluación del impacto ambiental



  
ADMINISTRACION DE JUSTICIA

**T. S. X. GALICIA CON/AD SEC. 3  
A CORUÑA**

SENTENCIA: 00017/2022  
PONENTE: D. JUAN CARLOS FERNANDEZ LOPEZ

RECURSO NUMERO: PROCEDIMIENTO ORDINARIO 7196/2020

RECURRENTE: [REDACTED] ; [REDACTED]  
[REDACTED] ; [REDACTED]

Procurador: RAQUEL IGLESIAS REGUEIRA  
Letrado: JUAN ANTONIO GOMEZ MARCOS  
ADMINISTRACION DEMANDADA: DIRECCION XERAL DE ENERXIA  
Procurador:  
Letrado: ABOGACIA DE LA COMUNIDAD  
CODEMANDADA: EDP RENOVABLES ESPAÑA SLU  
Procurador: MARIA RITA GOIMIL MARTINEZ  
Letrado: MARTA ALVAREZ-LINERA PRADO

  
ADMINISTRACION DE XUSTIZA

*y de construcción... no sucede lo mismo con la reducción que su disposición adicional primera hizo respecto de ese trámite en lo que concierne a la instrucción del procedimiento de evaluación ambiental...*

*... (la) primacía del derecho comunitario sobre el autonómico no deja lugar a dudas, de lo que se concluye que no fuera acorde a derecho la reducción del plazo de información pública a la mitad en el procedimiento de evaluación del impacto ambiental”*

## Parque eólico Toroña

Revisando o REG atopamos “modificacións substanciais”, sen previo aviso, no proxecto PE TOROÑA.



Detalle de impacto paisaxístico dos aerogeradores 1, 2 e 3 na “versión 3.0” do PE TOROÑA. (Infografía IEM – SOS Groba)

- Sabemos que o “novo” PE Toroña apareceu por sorpresa na páxina da CMATV o 15 de marzo de 2021 sen que fose publicado con antelación no Mapa REG da consellería de Industria.

- Este “novo” Toroña -que non substitúe o “vello” Toroña- non aparece no Mapa REG ata o 7 de maio de 2021.

- Este “novo” PE Toroña é un parque “completo”: ten 10 aerogeradores, unha torre meteo e unha subestación.

- No mapa REG coexisten os dous “PE Toroña” (o vello e mais o novo) como dúas realidades separadas, con códigos de identificación distintos e con emprazamentos diferentes.

- Coa modificación do Mapa REG de 30 de setembro de 2021 desaparecen da serra da Groba o “vello” Toroña e tamén o Toroña III.

- O 27 de outubro publícase no DOG o proxecto PE Albariño I. O estudo deste proxecto “destapou” que a subestación de Barrantes, da que é “titular” o PE Albariño I, sería compartida co PE Toroña I e co “novo” PE Toroña (nese momento o único PE

The screenshot shows the website of the Xunta de Galicia, specifically the 'CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA'. The page is titled 'Avaliación do impacto ambiental de proxectos' and lists several wind projects. The entry for '2021/0058 Parque eólico Toroña' is highlighted with a red circle, and the date '15 / 03 / 2021' is displayed next to it. Other projects listed include '2021/0038 Parque eólico Rosa dos Ventos', '2021/0034 Parque eólico Hépatas II', '2021/0047 Parque eólico Alto do Ceo', and '2021/0023 Parque eólico Alto Torreiro'.

Toroña coñecido), pero chamaba a atención que ese “novo” PE Toroña xa tiña a súa propia subestación.

- Na documentación do PE Torroña I, publicada na CMATV o 18 de decembro de 2020, consta que este parque compartirá subestación co PE Albariño I e co PE Torroña III. Con data 18 de xaneiro de 2022, no Mapa REG:

- Aparecen dous novos aeroxeradores en Baíña, e moven o T1 cara ao oeste. Agora Baíña (BAIONA) leva tres aeroxeradores. Belesar (BAIONA) ningún.

- Xa non leva aquel solitario “T2” en Mougás (OIA). Mougás xa non leva aeroxeradores deste parque.

- Xa non leva dous aeroxeradores nas canteiras de Burgueira (OIA). Agora vai só un en Burgueira.

- O aeroxerador número 5 do “máis novo” PE Toroña xa non está en Loureza (OIA). Agora está en Santa María (TOMIÑO).


- O aeroxerador número 10 do “máis novo” PE Toroña xa non está en Loureza (OIA). Agora está en Goián (TOMIÑO).

- Desaparece a subestación do “novo” PE Toroña (Confirma o que anunciaba o “Albariño I” compartindo subestación en Barrantes co PE Albariño I e co PE Torroña I)

- Segundo o Documento de Inicio de Avaliación de Impacto Ambiental (DIAIA) do “novo” PE Toroña, coñecido na CMATV o 15/03, os aeroxeradores tiñan 127.7m de poste e 145m de diámetro (pas de 71m) para unha altura total de 200m

- Segundo a actual publicación do REG, terán 103m de poste e 155m de diámetro (pas de 76m) para unha altura total de 180.5m.

O pasado sábado, 29 de xaneiro, desprazouse a Baíña un representante da empresa LAN 2030 TOROÑA, S.L. para, nunha reunión informativa acordada coa xunta reitora da Comunidade de Montes, explicar as “bondades” do PE TOROÑA para a Comunidade de Montes e para a poboación de Baíña. A conclusión desa xuntanza foi moi clara: A Comunidade de Montes non acepta ningún proxecto industrial eólico no seu territorio e colaborará co resto de Comunidades de Montes da contorna da Serra da Groba na loita en defensa dos seus montes e contra a ameaza real que supón a desmedida proliferación de proxectos industriais eólicos na zona.



Realidade eólica na serra da Groba 01/2022 (Infografía IEM-SOS Groba)

## BIBLIOGRAFÍA

- A NOVA PENEIRA [https://www.google.com/search?q=a+nova+peneira+serra+da+groba&rlz=1C1AVFC\\_enES858ES858&oq=a+nova+peneira+serra+da+groba&q=chrome..69i57j69i64l3.16471j0j9&sourceid=chrome&ie=UTF-8](https://www.google.com/search?q=a+nova+peneira+serra+da+groba&rlz=1C1AVFC_enES858ES858&oq=a+nova+peneira+serra+da+groba&q=chrome..69i57j69i64l3.16471j0j9&sourceid=chrome&ie=UTF-8) (consultada 30/12/2021)
- ALIENTE, Alianza Energía y Territorio. <https://aliente.org/> (consultada 30/12/2021)
- ALIENTE, Alianza Energía y Territorio. <https://www.facebook.com/Aliente.org> (consultada 30/12/2021)
- ASOCIACIÓN EÓLICA DE GALICIA (EGA) <https://www.ega-asociacioneolicagalicia.es/> (consultada 30/12/2021)
- ASOCIACIÓN EÓLICA DE GALICIA (EGA) <https://www.facebook.com/EolicaGalicia/> (consultada 30/12/2021)
- ASOCIACIÓN PETON DO LOBO. <https://asociacionpetondolobo.blogspot.com/> (consultada 30/12/2021)
- ASOCIACIÓN PETON DO LOBO. <https://www.facebook.com/Asociacionpetondoloboblogspotcomes/> (consultada 30/12/2021)
- ASOCIACIÓN SOCIO-CULTURAL O IRIBIO. <https://ascoi.wordpress.com/> (consultada 30/12/2021)
- CONCELLO DA GUARDA <https://www.aguarda.es/> (consultada 30/12/2021)
- CONCELLO DE BAIONA <https://www.baiona.gal/es/> (consultada 30/12/2021)
- CONCELLO DE GONDOMAR <https://concellodegondomar.gal/es/> (consultada 30/12/2021)
- CONCELLO DE MURAS <https://muras.gal/> (consultada 30/12/2021)
- CONCELLO DE NIGRAN <https://www.nigran.es/> (consultada 30/12/2021)
- CONCELLO DE OIA <https://www.concellodeoia.es/> (consultada 30/12/2021)
- CONCELLO DE TOMIÑO <https://tomino.gal/> (consultada 30/12/2021)
- CONCELLO DE TUI <https://tui.gal/> (consultada 30/12/2021)
- CONCELLO DO ROSAL <https://portal.concellodorosal.es/> (consultada 30/12/2021)
- CONSELLO DA CULTURA GALEGA. INFORME ENERXÍA EÓLICA E PAISAXES CULTURALS EN GALICIA. <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4437> (consultada 30/12/2021)
- COUREL LIVRE DE EÓLICOS <https://www.facebook.com/avolta.grande> (consultada 30/12/2021)
- DEPUTACIÓN DE A CORUÑA Boletín Oficial da Provincia de A Coruña <https://bop.dicoruna.es/bopportal/> (consultada 30/12/2021)
- DEPUTACIÓN DE LUGO Boletín Oficial da Provincia de Lugo <https://www.deputacionlugo.gal/es/boletin-oficial-da-provincia-de-lugo> (consultada 30/12/2021)
- DEPUTACIÓN DE OURENSE Boletín Oficial da Provincia de Ourense [https://sede.depourense.es/portal/sede/se\\_contenedor1.jsp?seccion=s\\_fdes\\_d4\\_v2.jsp&contenido=433&tipo=6&nivel=1400&layout=se\\_contenedor1.jsp&codResi=1&codMenu=62&codMenuPN=22&language=es](https://sede.depourense.es/portal/sede/se_contenedor1.jsp?seccion=s_fdes_d4_v2.jsp&contenido=433&tipo=6&nivel=1400&layout=se_contenedor1.jsp&codResi=1&codMenu=62&codMenuPN=22&language=es) (consultada 30/12/2021)
- DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra <https://boppo.depo.gal/es/buscas-no-boppo> (consultada 30/12/2021)
- DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA <https://www.depo.gal/> (consultada 30/12/2021)



- EIQUÍ EÓLICOS NON <https://www.facebook.com/LivresDeEolicos> (consultada 30/12/2021)
- EÓLICOS ASI NO. <https://www.facebook.com/EolicosAsiNO/> (consultada 30/12/2021)
- EÓLICOS MORRAZO NON <https://www.facebook.com/EolicosNoMorrazoNon> (consultada 30/12/2021)
- FARO DE VIGO <https://www.farodevigo.es/buscador?text=serra+da+groba> (consultada 30/12/2021)
- GOBIERNO DE ESPAÑA. AGENCIA ESTATAL BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO <https://www.boe.es/> (consultada 30/12/2021)
- GOBIERNO DE ESPAÑA. MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO (MITECO) <https://www.miteco.gob.es/gl/calidad-y-evaluacion-ambiental/temas/default.aspx> (consultada 30/12/2021)
- GOBIERNO DE ESPAÑA. MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO (MITECO) <https://energia.gob.es/es-es/Paginas/index.aspx> (consultada 30/12/2021)
- INSTITUTO DE ESTUDOS MIÑORÁNS (IEM). <https://iem.gal/> (consultada 30/12/2021)
- INSTITUTO DE ESTUDOS MIÑORÁNS (IEM). <https://www.facebook.com/institutoestudiosminorans/> (consultada 30/12/2021)
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA. CENSO. <https://www.ine.es/> (consultada 30/12/2021)
- LA VOZ DE GALICIA [https://www.google.com/search?q=la+voz+de+galicia+serra+da+groba&rlz=1C1AVFC\\_enES858ES858&oq=la+voz+de+galicia+serra+da+groba&aqs=chrome..69i57j0i333.11746j0j4&sourceid=chrome&ie=UTF-8](https://www.google.com/search?q=la+voz+de+galicia+serra+da+groba&rlz=1C1AVFC_enES858ES858&oq=la+voz+de+galicia+serra+da+groba&aqs=chrome..69i57j0i333.11746j0j4&sourceid=chrome&ie=UTF-8) (consultada 30/12/2021)
- NÓS DIARIO [https://www.google.com/search?q=NOS+DIARIO.+Serra+da+Groba&rlz=1C1AVFC\\_enES858ES858&oq=NOS+DIARIO.+Serra+da+Groba&aqs=chrome..69i57j0i333j69i64.8007j0j9&sourceid=chrome&ie=UTF-8](https://www.google.com/search?q=NOS+DIARIO.+Serra+da+Groba&rlz=1C1AVFC_enES858ES858&oq=NOS+DIARIO.+Serra+da+Groba&aqs=chrome..69i57j0i333j69i64.8007j0j9&sourceid=chrome&ie=UTF-8) (consultada 30/12/2021)
- OBSERVATORIO EÓLICO DE GALICIA (OEGA) <https://observatorio.eolico.uvigo.es/> (consultada 30/12/2021)
- OBSERVATORIO EÓLICO DE GALICIA (OEGA) <https://www.facebook.com/observatorioeolicodegalicia> (consultada 30/12/2021)
- Plataforma NON Eólicos Bustelo - Campelo - Monte Toural <https://www.facebook.com/eolicosNON> (consultada 30/12/2021)
- PLATAFORMA POLA PROTECCIÓN DA SERRA DO GALIÑEIRO <https://serragalinhoiro.wordpress.com/> (consultada 30/12/2021)
- PLATAFORMA POLA PROTECCIÓN DA SERRA DO GALIÑEIRO <https://www.facebook.com/Serra.do.Galinheiro/> (consultada 30/12/2021)
- PRAZA.GAL [https://www.google.com/search?q=praza.gal+serra+da+groba&rlz=1C1AVFC\\_enES858ES858&oq=praza.gal+serra+da+groba&aqs=chrome..69i57j33i21.7618j0j9&sourceid=chrome&ie=UTF-8](https://www.google.com/search?q=praza.gal+serra+da+groba&rlz=1C1AVFC_enES858ES858&oq=praza.gal+serra+da+groba&aqs=chrome..69i57j33i21.7618j0j9&sourceid=chrome&ie=UTF-8) (consultada 30/12/2021)
- REDE GALEGA STOP EÓLICOS. <https://www.facebook.com/search/top?q=rede%20galega%20stop%20e%C3%B3licos> (consultada 30/12/2021)
- REDE GALEGA STOP EÓLICOS. <https://www.redestopeolicos.org/> (consultada 30/12/2021)

- SALVEMOS MONTEFERRO. <https://www.facebook.com/salvemosmonteferro/> (consultada 30/12/2021)
- SALVEMOS MONTEFERRO. <https://www.salvemosmonteferro.org/> (consultada 30/12/2021)
- SINDICATO LABREGO GALEGO <http://www.sindicatolabrego.com/> (consultada 30/12/2021)
- SOS SERRA DA GROBA. <http://sosgroba.blogspot.com/> (consultada 30/12/2021)
- SOS SERRA DA GROBA. <https://www.facebook.com/SOS-Groba-320826794618966> (consultada 30/12/2021)
- STOP EÓLICOS XURÉS CELANOVA <https://www.facebook.com/stopeolicosxures-celanova/> (consultada 30/12/2021)
- TELEMARIÑAS <https://telemarinhas.com/charla-informativa-en-belesar-sobre-la-instalacion-de-parques-eolicos-en-a-serra-da-groba/> (consultada 30/12/2021)
- VALMIÑOR TV [https://www.google.com/search?q=valmi%C3%B1or+tv+serra+da+groba&rlz=1C1AVFC\\_enES858ES858&oq=valmi%C3%B1or+tv+serra+da+groba&aqs=chrome..69i57j33i21.14154j0j4&sourceid=chrome&ie=UTF-8](https://www.google.com/search?q=valmi%C3%B1or+tv+serra+da+groba&rlz=1C1AVFC_enES858ES858&oq=valmi%C3%B1or+tv+serra+da+groba&aqs=chrome..69i57j33i21.14154j0j4&sourceid=chrome&ie=UTF-8) (consultada 30/12/2021)
- XUNTA DE GALICIA Consellería de Medio Ambiente. IET. [https://cmatv.xunta.gal/organizacion/c/CMAOT\\_Instituto\\_Estudos\\_Territorio](https://cmatv.xunta.gal/organizacion/c/CMAOT_Instituto_Estudos_Territorio) (consultada 30/12/2021)
- XUNTA DE GALICIA. Guía Divulgativa: Fases de tramitación dos parques eólicos en Galicia. [https://ceei.xunta.gal/c/document\\_library/get\\_file?folderId=1784294&name=DLFE-23505.pdf](https://ceei.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=1784294&name=DLFE-23505.pdf) (consultada 30/12/2021)
- XUNTA DE GALICIA. CATASTRO. Consulta. <https://fogga.xunta.gal/es/sixpac> (consultada 30/12/2021)
- XUNTA DE GALICIA. Consellería de Industria. D.X. Planificación Enerxética. [https://ceei.xunta.gal/recursos/temas-de-interese/c/Enerxia?content=topic\\_0301.html](https://ceei.xunta.gal/recursos/temas-de-interese/c/Enerxia?content=topic_0301.html) (consultada 30/12/2021)
- XUNTA DE GALICIA. Consellería de Industria. <https://ceei.xunta.gal/portada> (consultada 30/12/2021)
- XUNTA DE GALICIA. Consellería de Industria. Mapa Rexistro Eólico de Galicia (REG) <https://www.arcgis.com/apps/webappviewer/index.html?id=4bae3fad95b6439bacef9d1a316765e9> (consultada 30/12/2021)
- XUNTA DE GALICIA. Consellería de Medio Ambiente. [https://cmatv.xunta.gal/seccion-tema/c/Avaliacion\\_ambiental?content= SX\\_Calidade\\_Avaliacion\\_Ambiental/Avaliacion\\_impacto\\_ambiental\\_proxectos/Seccion\\_AIA.html&sub=Participacion\\_publica/&ui= SX\\_Calidade\\_Avaliacion\\_Ambiental/Avaliacion\\_proxectos/dinamico/listado\\_proxecto\\_aap\\_central.html](https://cmatv.xunta.gal/seccion-tema/c/Avaliacion_ambiental?content= SX_Calidade_Avaliacion_Ambiental/Avaliacion_impacto_ambiental_proxectos/Seccion_AIA.html&sub=Participacion_publica/&ui= SX_Calidade_Avaliacion_Ambiental/Avaliacion_proxectos/dinamico/listado_proxecto_aap_central.html) (consultada 30/12/2021)
- XUNTA DE GALICIA. Consellería de Medio Ambiente. <https://www.xunta.gal/cmatv> (consultada 30/12/2021)
- XUNTA DE GALICIA. DOG. [https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia/portalPublicoHome.do?fecha=20211231&ruta=Indice251\\_gl.html](https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia/portalPublicoHome.do?fecha=20211231&ruta=Indice251_gl.html) (consultada 30/12/2021)
- XUNTA DE GALICIA. PLAN BÁSICO AUTONÓMICO. <http://mapas.xunta.gal/visores/pba/> (consultada 30/12/2021)

## *Unha reliquia toponímica na ábsida da igrexa de San Cristovo en Couso*

---

**GONZALO NAVAZA<sup>1</sup>**

### RESUMO

*O percorrido por diversas fontes bibliográficas lévanos a considerar como único o topónimo Ousía, da parroquia de Couso (Gondomar).*

*PALABRAS CHAVE: Boucía, parroquia de Couso, toponimia, Ousía.*

### ABSTRACT

*The route through some bibliographic sources leads us to consider as unique the place name Ousía, from the parish of Couso (Gondomar).*

*KEY WORDS: Boucía, parish of Couso, toponymy, Ousía.*

<sup>1</sup> gnavaza@telefonica.net


A *Boucia* é o nome dun dos lugares habitados da parroquia de Couso, inmediato á igrexa parroquial de San Cristovo. É topónimo único. Pola súa forma, nos estudos de toponimia adoita mencionarse entre os derivados de *bouza*, coma outros *Bouciña*, *Boucisca*, *Boucelos*, *Boucello*, *Boucido*, *Bouzoa*, *Bouzó*, *Bouzón*... etc., que, xunto cos simples *Bouza* e *Bouzas*, se repiten con relativa frecuencia na toponimia galega. *Bouza* é un termo de orixe prerromana que sobreviviu no léxico galego para designar terras bravas (non cultivadas) de vexetación mesta de matogueira e monte baixo. Se o nome da *Boucia* fose un derivado do substantivo común *bouza*, constituiría un caso excepcional de derivación en *-ía* desta familia lexical. O buscador da plataforma de internet *Galicia Nomeada* ofrécenos en todo o territorio galego cerca de tres mil topónimos formados con *Bouz-* ou *Bouc-*, pero ningún outro *Boucia* fóra do da parroquia de Couso.

En fontes impresas oficiais, o topónimo rexístrase por primeira vez como *Boucia* (sic, sen acento) no *Nomenclátor* provincial de Pontevedra de 1910, entre as seis entidades de poboación que se mencionan de Couso. Non consta en fontes anteriores, coma o dicionario xeográfico de Madoz (1806-1870), que só enumera cinco entidades na parroquia. Desde 1910, con esa forma e grafía *Boucia*, está presente en todas as edicións do *Nomenclátor* do século XX, que desde o do ano 1930 recolle na parroquia 14 entidades de poboación. A partir de 1997 estableceuse como denominación oficial a que o escribe con acento gráfico no *i* e precedido do artigo feminino galego, *A Boucia*, que é como figura no *Nomenclátor de Galicia* de 2003.


Se en todas as fontes impresas desde o século XIX o topónimo mantén uniformidade (o artigo e o acento son irrelevantes para o noso obxecto), en fontes manuscritas anteriores presentaba significativa vacilación na forma e grafía. No *Catastro de Ensenada* (1753) alternan as variantes e grafías *Boucia*, *Bousia* e *Ousia*. En principio non ofrece problema a segunda consoante e a aparente confusión dos sons, pois nese mesmo catastro lemos tamén “Couzo” para *Couso* e “Razas” para o lugar das *Rasas* (a realización ceceante para este lugar aínda se pode oír hoxe na fala local e mesmo tamén na cartografía e na rotulación viaria). Nun traballo de hai corenta anos, Henrique Costas estudou na fala da parroquia de Vincios fenómenos de ceceo coma estes, característicos de áreas non seseantes veciñas de áreas con seseo total. Esta tendencia fonética local, que explica as mencionadas grafías *Couzo* e *Razas*, xustifica considerar que a variante con S do topónimo era verosimilmente a primixenia e que *Boucia* constitúe unha pronuncia ceceante. A partir de aí cómpre saber cal das variantes, *Ousia* e *Bousia*, é a máis etimolóxica ou máis próxima á orixe. Se fose *Bousia* a forma orixinaria, habería que explicar a anómala perda do B- inicial na outra variante; se a forma orixinaria fose a que comeza por vogal, o B de *Bousia* e *Boucia* podería explicarse por razóns fonéticas, por consonantización da vogal velar /o/ nese contexto fónico do topónimo precedido de artigo (*a-ou* > *abou*, fenómeno paralelo ao de *Sancta Eulalia* > *Santa Ouaia* > *Santa Baia*), favorecida sen dúbida pola interferencia da familia léxica de *bouza*. Desta alteración dedúcese que o topónimo *Ousia* xa non era transparente no seu significado para os falantes. Significa tamén que na súa orixe o topónimo non gardaba ningunha relación etimolóxica coa familia de *bouza*.

Para consultar o *Catastro de Ensenada* de Couso debemos acudir a unha dobre fonte, pois desde a Idade Media e durante todo o Antigo Réxime a parroquia estaba dividida en dúas áreas xurisdicionais, unha ao sur, desde a Igrexa de San Cristovo ata as estremas montañosas meridionais que separan a parroquia das pertencentes aos

actuais concellos de Tui e Tomiño, outra ao norte, estremando con Peitieiros e Gondomar. A primeira formaba parte da xurisdición de Pesegueiro, de señorío episcopal, e no *Catastro de Ensenada* aparece denominada “San Cristóbal de Couso de Arriba”; a segunda, de carácter reguengo, inclúese nese catastro como un “agregado” da veciña parroquia de Peitieiros, xurisdición do Val de Miñor. Esta división administrativa está na orixe dunha singularidade de “Couso de Arriba” no século XIX: que décadas despois da supresión dos señoríos os seus veciños tivesen que continuar pagando o “oprobio do quinto” ao bispo de Tui ata que conseguiron declaralo abolido despois dun longo proceso xudicial.-



Das tres variantes con que o *Catastro de Ensenada* recolle o nome do noso topónimo *A Boucía* (isto é, *Ousia*, *Bousia* e *Boucía*) é significativo que, ao referirse a propiedades de veciños que residen no propio lugar, sexa a forma sen B- inicial a que se use (*Ousia*), e en especial cando o topónimo se emprega na cadea onomástica que identifica o veciño, con función equivalente á dun apelido toponímico, como sucede cun *Lorenzo Miguez da Ousia*, que ten casa terreña “al sitio Ousia”:



Non dubidamos en identificar este topónimo co substantivo común *ousia* ou *ousía* ‘ábsida’, que os dicionarios definen como “construción con planta xeralmente semicircular, cuberta cunha bóveda, que sobresa na parte posterior dun templo e onde se sitúa o altar maior” (DRAG, s.v. *ousia*, que o dá como sinónimo de *ábsida*). O termo era usual no galego medieval: “na Ousia de sã Domigos” (ano 1297, R. Lorenzo 1968), “da cassa da aussya de Sam Migell” (ano 1390, Méndez Fernández, 1991) e tamén tiña uso en cadeas onomásticas como apelido ou sobrenome toponímico: “Estevo da Ousia” (ano 1331, Ferro Couselo, 1967).

O medieval *oussia* era o resultado patrimonial do latín *ABSIDE*, un termo de orixe grega. Desde finais da Idade Media sufriu a competencia do cultismo correspondente

(con diferente acentuación en castelán e en portugués: *ábside* / *abside*) e descoñecemos se a forma popular conservou vitalidade no galego popular. En portugués seguiu tendo uso, pero con significado restrinxido; o *Dicionário Priberam da Língua Portuguesa* define *oussia* (con *i* tónico) como “Capela principal de uma igreja, onde está o altar-mor”. En galego non temos constancia certa desa supervivencia. Segundo vemos no *Dicionario de dicionarios*, o termo *ousía* non se incorpora á tradición lexicográfica galega ata datas moi recentes (Rivas Quintas, 1988). No TILG (*Tesouro informatizado da lingua galega*) podemos comprobar que *ousía* tampouco tivo moito uso no galego literario moderno: un caso na revista *Nós*, do ano 1926, e sete casos en dúas obras de 1931 e 1933, todos eles con *i* tónico (*ousía*). No galego das últimas décadas, fronte aos múltiples exemplos do cultismo *ábsida*, o TILG só rexistra *ousia* (sen acento) en dous únicos exemplos en dous autores, Darío Xoán Cabana e Anxo Angueira.

A motivación do emprego do topónimo vén dada pola particular división administrativa da parroquia desde a Idade Media. A propia igrexa parroquial servía de marco de referencia, e as terras situadas ao norte (ou sexa, na parte da ábsida) eran de señorío reguengo, en tanto que o resto da parroquia era de señorío arcebispal. Na demarcación do *Catastro de Ensenada* indícase que un dos marcos está situado na propia igrexa. No nome doutra das aldeas da parte norte, chamada A Terra do Rei, consérvase memoria do antigo señorío.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- FERRO COUSELO, XESÚS (1967) *A vida e a fala do devanceiros*. Editorial Galaxia. Vigo
- LORENZO, RAMÓN (1968). *Sobre cronología do vocabulario Galego-Português (Anotações ao ‘Dicionário etimológico’ de José Pedro Machado)*. Ed. Galaxia. Vigo.
- MADOZ, PASCUAL (1806-1870). *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar (1846-1850)*.
- MÉNDEZ FERNÁNDEZ, LUZ (1991). *Libro de Tenzas Santiago*
- RIVAS QUINTAS, ELIGIO (1988). *Frapas. Contribución al diccionario gallego*. Ed. Ceme, Salamanca
- TILG (*Tesouro informatizado da lingua galega*). TILG (usc.es) (Consultado 6/10/2021)

## ***Labores mineiros galaico-romanos no dique de Urgal: unha minaría superficial de xacementos superxénicos de ouro.***

**ÓSCAR PAZOS RODRÍGUEZ<sup>1</sup>**

### RESUMO

O artigo identifica tres explotacións mineiras galaico-romanas de ouro no dique de Urgal, dentro da banda metasedimentaria de Monteferro-O Rosal, fai unha breve sinopse da orixe xeolóxica do ouro e da relación destes xacementos con outros da Gallaecia e interpreta as explotacións en referencia ás condicións xeolóxicas coñecidas. Para rematar, e no que atinxe ao coñecemento real que temos da minaría antiga, critica suposicións comúns nas interpretacións xeo-arqueolóxicas da minaría romana e sinala os obxectivos a investigar para avanzar neste coñecemento.

**PALABRAS CHAVE:** minaría galaico-romana, minaría do ouro, banda metasedimentaria Monteferro-O Rosal.

### ABSTRACT

The article identifies three Galician-Roman gold mining operations in the Urgal dike, within the Monteferro-O Rosal metasedimentary complex, makes a brief synopsis of the geological origin of gold and the relationship of these deposits with others in Gallaecia, and interprets the exploitations in reference to known geological conditions. Finally, and with regard to the real knowledge we have of ancient mining, it criticizes common assumptions in the geo-archaeological interpretations of Roman mining and points out the objectives to be investigated to advance this knowledge.

**KEYWORDS:** Galician-Roman mining, gold mining, Monteferro-O Rosal metasedimentary band.

<sup>1</sup> oscar\_pazos@hotmail.com

## INTRODUCCIÓN

O dique de Urgal é un corpo granítico con forma de dique no medio da banda metasedimentaria Monteferro-O Rosal. Composicionalmente é un granito de dúas micas (biotita e moscovita) con turmalina, o que a diferencia do granito de dúas micas que forma os montes da Groba, dende A Guarda até Baiona e as Cíes, que non ten turmalina. O dique aflora en superficie formando unha banda N-S e 8 km de longo e de poucas decenas de metros de largo que vai dende A RamPazosallosa até preto de Vilachán, onde forma un gran corpo lenticular de 5 por 1,5 km aproximadamente no que destaca o monte da Pedrada coma un gran relevo residual (FIG1). Na parte do dique, entre A Ramallosa e Pinzás, succédense tres conxuntos de labores de minaría antiga que veñen sendo interpretados como exploracións galaico-romanas de ouro. Dous destes labores, As Insuas (GA36003037) e Os Buracos (GA36054072), son ben coñecidos de vello e levan décadas catalogados como xacementos arqueolóxicos pola Xunta de Galicia, e o Buracos dos Mouros recibiu particular atención nun artigo sobre a minaría romana e poboamento na bacía do río Miño de Currás & López (2012). Ademais, Pérez Pintos & Bouzón (2001) recolleron os indicios toponímicos relacionados coa minaría antiga nestes montes. O labor de Regueiro do Caeiro foi identificado por Pazos (2018) e recentemente catalogado (GA36054044). O obxecto deste traballo é describir estes labores mineiros e explicar no posible o seu sentido mineiro en relación á xeoloxía coñecida.




FIGURA 1. Encadramento xeo-tectónico do dique de Urgal (en amarelo) coa posición dos labores galaico-romanos e outros indicios de minaría antiga sinalados polo ITGE na banda metasedimentaria (puntos amarelos).

## XEOLOXÍA DO OURO

Os xacementos de ouro de Urgal sitúanse en relación coa banda metasedimentaria de Monteferro-O Rosal, unha estrutura xeolóxica que continúa ao sur do Miño até o Douro no coñecido como Grupo do Douro e ao que están asociadas unha chea de mineralizacións metálicas, salientablemente volframio, estaño e ouro, as dúas últimas



exploradas dende a antigüidade. O conxunto de explotacións de ouro máis importante nesta faixa son as minas de Valongo, ao leste de Porto, poida que o conxunto de minaría subterránea de ouro máis importante da península Ibérica. Materiais xeoloxicamente correlacionables volven aflorar tamén na chamada unidade Malpica-Tui, na que destacan as explotacións de ouro de Corcoesto, minadas no mesmo ciclo mineiro galaico-romano e de novo no século XIX (FIG2).

A banda metasedimentaria de Monteferro-O Rosal na que fai intrusión o dique de Pinzás está formada por un feixe de sedimentos moi vellos, de idade Paleozoica, que corresponden a diferentes fases de apertura dun océano de hai cincocentos a catrocentos millóns de anos. Os materiais máis vellos son conglomerados e areniscas de idade cámbrica que sinalan un medio continental ou costeiro, mentres que os sedimentos máis novos conservados nesta zona son os metaesquistos de Vilachán, de idade silúrica temperá, hai uns catrocentos millóns de anos, e corresponderían cos lameiros do fondo oceánico. Porén, todos estes sedimentos foron integrados na oroxenia varisca hai uns 300 millóns de anos, sendo parcialmente metamorfizados, no que mudaron as súas características orixinais, perdendo composición mineral e texturas (por exemplo, perdendo os máis dos fósiles mariños e as estruturas deposicionais que podían conter) e formando outras estruturas novas e novos minerais, salientablemente a esquistosidade N-S e as nomeadas ‘andalucitas dos peregrinos’, ‘cruces de Santiago’ ou ‘*lapis crucifer*’, que poden atoparse por estes lugares. A oroxenia tamén creou os granitos que hoxe temos na zona, tanto os que limitan a banda metasedimentaria coma o propio dique de Urgal. Esta complexa e longa historia interesa porque nos sedimentos mariños (probablemente nos ordovícicos) sedimentaron moi lixeiras concentracións de ouro que foi removido polos procesos xeolóxicos internos asociados á oroxenia, e após concentrado nas fases hidrotermais finais, en novos feixes de diques e filóns que atravesan tanto os metasedimentos coma o propio granito de Urgal. En resumo, o que temos é un ouro depositado nuns vellísimos sedimentos oceánicos e removido e concentrado por procesos hidrotermais asociados ao emprazamento e arrefriamento dos granitos no interior da cordilleira varisca. Un par de centos de millóns de anos longos de erosión deixaron ao descuberto metasedimentos, granitos e ouro.



FIGURA 2. Extensión das unidades xeolóxicas paleozoicas relacionadas coas mineralizacións de ouro no atlántico galaico e xacementos principais.

## LABORES MINEIROS NO DIQUE DE URGAL

No dique de Urgal identifícanse tres grupos de vellos labores que polo seu tamaño e morfoloxía podemos asociar á minaría de ouro galaico-romana. A disposición subparalela das cavadas, conforme ás direccións estruturais dos diques mineralizados no granito, dinos que estamos nunha minaría primaria, e o derrubamento das ribadas cavadas e suavidade das morfoloxías é indicio da antigüidade dos labores. A toponimia, algúns achados arqueolóxicos coma muíños e a existencia de moitas outras pegadas de minaría antiga na bisbarra axudan a identificar e interpretar estas.

De norte a sur a primeira explotación é a de Xuncal ou Regueiriño do Caeiro (FIG3), formada por tres cavadas iniciadas a pé do val e abertas contra a ladeira do outeiro do Caeiro, cunhas dimensións de 30 metros de largo e 50-60 metros de longo en dirección N130E. A seguinte explotación, nomeada As Insuas, está formada tamén por unha serie de cavadas abertas contra o outeiro de Insua tamén



FIGURA 3. Labor Regueiriño do Caeiro, en Baiona. Abaixo, vista parcial da corta mineira. Arriba, traza aproximada da corta mineira na ortofoto de Google Earth e no mapa de pendentes.



FIGURA 4. Labor das Insuas, en Baiona. Abaixo, muro de contención feito de croios graníticos da zona que indican forte meteorización. Arriba, traza aproximada da corta mineira na ortofoto de Google Earth e no mapa de pendentes.

en dirección N120-N130 (FIG4). Esta explotación está catalogada pola Xunta (GA36003037), que dá conta da existencia nas súas inmediacións dun forno destruído na construción da autopista AG-57 e do que nada máis se sabe. Malia a destrución do entorno, aínda poden identificarse cinco cavadas, unha delas de máis de cen metros de longo que continúa cruzando o monte de parte a parte formando un pequeno socalco no terreo. Do outro lado do outeiro, na vertente do río Groba, o topónimo das Buracas podería indicar a existencia de vellos labores hoxe perdidos. E 1,3 km ao sur seguindo o dique de Urgal, na aldea do

mesmo nome, o topónimo Foxo podería indicar tamén a existencia dalgún pequeno vello labor mineiro. E a 3 km ao sur da aldea de Urgal, seguindo o dique, comezan de



FIGURA 5. Enriba á dereita, minas galaico-romanas no Urgal cos labores dos Buracos dos Mouros en primeiro plano. Enriba á esquerda, mapa de pendentes da zona dos regatos da Gata e o Estripeiral Grande coa posición das cavadas e a zona de acumulación de refugallos, augas abaixo. Debaixo, fotografía dos foxos de dirección N70E segundo a traza dos filóns auríferos ao sur do Estripeiral Grande.

novo os restos de minaría, moi superficiais os máis deles mais aínda identificables no terreo e na fotografía do voo americano de 1957 por non teren sido estes lugares habitados nin cultivados, malia que en acelerado proceso de destrución hoxe pola descontrolada apertura de pistas e moi agresivo monocultivo forestal. Estes labores fórmanos pequenos foxos de vinte a corenta metros de longo e menos dun metro a dous ou máximo catro metros de fondo orientados sempre N60-80E e cavados ao longo de 1,5 km no dique de Urgal e de parte a parte, na súa largura (FIG5). Ao norte do Estripeiral Grande os foxos xúntanse para formar unha única gran cavada duns seis a sete metros de fondo, mais a topografía interna desta cavada segue a mostrar o labor de foxos individuais segundo as direccións estruturais dos filóns. O labor máis ao sur cava xa no pequeno val do regato da Gata, vertendo ao propio rego.

## CARACTERÍSTICAS DOS XACEMENTOS DE OURO NO DIQUE DE URGAL

En 1987 acudiron a esta zona traballadores do IGME para investigar as posibilidades mineiras atraídos polas vellas explotacións de volframio e estaño abertas na comarca (mina Palmira en Vilachán do Monte e mina Salaberri/San Antonio nos montes de Morán, no Rosal). Porén, os xeólogos do IGME abandonaron axiña o interese polo estaño e o volframio, e seguindo as pegadas dos vellos traballos galaico-romanos centraron a investigación no ouro, estendendo os traballos ao longo de seis anos nos que fixeron estudos de detalle, mediron anomalías superficiais mediante análises químicas de solos, cavaron gabias de centos de metros para explorar os filóns e xa, na última fase, centraron a exploración na zona dos

Buracos furando 3916 metros de rocha en dezaseis sondeos de 99 a 330 metros de cumprimento (ITGE, 1993). As cimentacións dalgúns destes furos aínda poden verse na zona, así como os foxos superficiais cavados ao longo de centos de metros mesmo dentro dos labores antigos, e que non deben ser confundidos cos labores galaico-romanos.

Os resultados dos traballos do ITGE (hoxe IGME) dannos un coñecemento moi detallado da xeoloxía do ouro que fai desta mina galaico-romana dos Buracos un xacemento senlleiro para o seu estudo. As características máis salientables do xacemento son as seguintes:

1.- O ouro vai asociado aos filóns que cortan o dique ao través e sen se estender ao encaixante metamórfico. As cavadas mineiras seguen as direccións destes filóns (60-80E). Por tanto, as direccións e xeometrías das cavadas reproducen as direccións principais e xeometría do xacemento xeolóxico.

2.- O ouro atópase nos filóns e nas zonas greisenizadas (un tipo de alteración hidrotermal) que envolven algúns destes filóns. Os contidos de ouro no greisen son baixos, sen acadar nunca os 5 gr/t e de xeito común inferiores a 1 gr/t. Os filóns máis rendibles cortados polos case que 4000 metros de furos foron un de 70 cm de groso cun teor de 10 gr/t e outro de 10 cm cun teor de 65 gr/t. Porén, o 90 % dos filóns ten menos de dez centímetros de largo e o 75% menos de 5 cm, e o contido en ouro nos filóns segue unha función logarítmica, de xeito que os rendementos decrecen rapidamente cando a explotación se estende. Só un 15% dos filóns ten un rendimento de 2 g/tn (acumulando a metade do ouro total no xacemento).

3.- A densidade filoniana é moi irregular e os filóns teñen escasa continuidade, uns metros ou apenas decenas de metros. Por riba, tamén a mineralización dentro dos filóns é moi errática, de xeito que a xeometría das zonas mineralizadas é moi irregular e imprevisible, o que fai moi complicado seguir a pista do ouro e obriga a exploracións en área para asegurar o achado dos filóns e feixes de filóns máis rendibles.

4.- O ouro aparece nos filóns e diseminado nos greisens asociado aos sulfuros (pirita, calcopirita e arsenopirita). Nos greisens aparece como diminutas inclusións nos sulfuros (<8  $\mu\text{m}$ ), e moi raramente como ouro libre. Nos filóns, o ouro aparece tamén dentro dos sulfuros, con tamaños menores na forma de inclusións (<15  $\mu\text{m}$ ) ou máis grandes (25 - 35  $\mu\text{m}$ ), re-enchendo quebras dos cristaliños de sulfuros sen superar nunca os 175  $\mu\text{m}$ . Así pois, o ouro é invisible á vista e a súa concentración require o moído previo da rocha (até o tamaño de gran do propio ouro a liberar) e o enferruxamento en forno metalúrxico dos sulfuros.

Estes catro puntos resumen as limitacións xeolóxico-metalúrxicas para minar o xacemento do Urgal. A escasa continuidade dos filóns e do ouro fai pouco rendible desenvolver unha minaría de pozos e galerías, pois estes se escavan sempre seguindo os filóns e no Urgal os filóns desaparecen aos poucos metros, e por tanto implica unha minaría a ceo aberto, explorando fronteiras amplas para localizar os filóns e feixes de filóns máis rendibles e concentrar alí os esforzos. E isto é o que se mira nos Buracos e mesmo en todo o dique de Urgal. A cantidade de traballos menores espallados por un quilómetro e medio ao norte e sur das cavadas principais dos Buracos evidencia que a exploración se estendeu practicamente a cada metro de afloramento e que estes afondaron só naqueles sitios nos que os mineiros obtiveron

rendementos apetecidos. Os 4 km que separan os labores das Insuas e O Caeiro na Ramallosa destas outras dos Buracos amosan que a exploración foi extensa ao tempo que intensiva en todo o dique, o que de feito pode facerse extensivo a toda a banda metasedimentaria onde os traballos grandes e pequenos deixaron múltiples pegadas até os nosos días.

Alén da xeometría errática dos filóns e a escasa continuidade das mineralizacións, a superficialidade dos traballos semella vir determinada pola fondura e intensidade da meteorización. Nos mil cincocentos metros nos que se suceden case que de xeito ininterrompido os traballos dos Buracos, o escavado foi case todo granito meteorizado ou moi meteorizado, e na aparencia sen meterse no granito san. De feito, os furos feitos polo IGME detectan potencias importantes de granito meteorizado xusto alá onde se localizan as meirandes cavadas, ao norte e sur do Estripeiral Grande. A cuestión é aínda máis evidente nas explotacións do Caeiro e As Insuas, onde a minaría antiga cava en zonas con potentes caolinizacións, desenvolvidas probablemente sobre os niveis de greisen. Da potencia destes mantos de alteración (explotados de feito artesanal ou semi-industrial até tempos recentes) deixan tamén evidencia no Caeiro e As Insuas os abundantes croios de granito arredondeados que hoxe aparecen ciscados polos montes ou amoreados nos muros. O interese mineiro desta zona meteorizada é dobre, por estar a rocha esmiazada de seu e por estar os sulfuros enferruxados, de xeito que separar o ouro da rocha é moito máis sinxelo. Por riba, estes regolitos poderían conter enriquecementos superxénicos de minerais metálicos, nos que os procesos de meteorización química descompoñen o granito e acumulan no solo metais de baixa solubilidade formando costras e ferruxes e as apreciadas pebidas edáficas de ouro. Así pois, respecto do seu aproveitamento, estes xacementos do dique de Urgal poden considerarse secundarios superxénicos.

## TRABALLOS MINEIROS

Pouco sabemos das mecánicas precisas de explotación das minas de ouro galaico-romanas. Supostos e hipóteses amplamente difundidas coma a da «ruina montium hidráulica» ou o uso da auga coma máquina escavadora carecen de fundamento teórico ou calquera evidencia arqueolóxica firme (Pazos, 2019). Malia que a auga é necesaria tanto para lavar os concentrados de minerais pesados como para desbotar os refugallos, nada sabemos das mecánicas de traballo. Semella lóxico que nos Buracos aproveitasen o Estripeiral Grande para desbotar os refugallos da mina, pero antes de desbotar terían que moer os xabres e os filóns para liberar e concentrar o ouro, e no seu caso cocer no forno os sulfuros ou os óxidos para liberalo. E non sabemos se cocían os sulfuros, os óxidos ou aproveitaban só o ouro libre do xabre, se escachaban as rochas e moían todo o material que quitaban (e a que tamaño moían) ou facían primeiro unha selección dos niveis mineralizados ou enferruxados á vista. E nin sabemos se facían estes traballos nas propias cavadas ou fóra delas, no cauce do Estripeiral ou nuns socalcos topográficos que hai costa abaixo dos Buracos cara ao leste. Tampouco sabemos se usaron mercurio nos Buracos, como parece que o usaron no val do Eria en León (Fernández Lozano, 2020) ou nas Médulas no Bierzo (Sánchez-Palencia e García, 2014), e todas estas



FIGURA 6. Posible muíño portátil para exploración mineira atopado nos Puxeiros. Actualmente no Museo de Pontevedra.

cuestións só poden responderse cunha investigación arqueolóxica e paleoambiental das áreas mineiras e dos refugallos amoreados nos vales río abaixo. Tampouco queda ren da infraestrutura hidráulica que debería levar e distribuír a auga aos labores que nos Buracos se estende por 1500 metros cunha diferenza de cotas que van dos 500 m.s.n.m aos 370 m.s.n.m. Aínda non descubrimos resto ningún e non sabemos como eran estas canles no Urgal, de onde levaban a auga ou como salvaban os desniveis do 20% entre labores, se tiñan encoros regulares ou deixaban caer a auga libre. Até o momento atopáronse un par de cachos de muíños -un romano e outro de man- no Estriperial Grande cincocentos metros augas abaixo da mina e un posible pociño de moer portátil moi similar a outros aparecidos nas galerías de Tres Minas (Portugal) nas chairas dos Salgueiros (FIG6), no paso natural dos Buracos a Torroña e Oia (515.600E 4.654.250N, 29T). Estes pociños parecen ter sido usados como ferramentas de exploración.

No estado tan incipiente da investigación, cuestións como a datación de explotación ou as cuantías do ouro minado só poden ter aproximacións especulativas. Os labores esténdense por unha área dunhas 0,6 hectáreas no Caeiro, ~3 hectáreas nas Insuas e ~7 hectáreas nos Buracos, e os teores medidos calculados a partir dos furos do IGME dan unha media de 0,35 gr/t de ouro total, libre e atrapado nos sulfuros, diseminado nos greisen e nos filóns. Non coñecemos cal foi a parte aproveitada nin se os galaico-romanos accederon a especiais enriquecementos superxénicos, con teores medios superiores a estas medias.

## CONCLUSIÓNS

No dique granítico de Urgal consérvanse hoxe os restos de tres explotacións mineiras galaico-romanas de ouro. Polo momento só identificamos os restos das cavadas mineiras, moi alterados co paso do tempo e a desfeita acelerada nas últimas décadas pola urbanización e o monocultivo industrial do monte con maquinaria pesada. As explotacións do Caeiro (0,6 ha), As Insuas (3 ha) e Os Buracos dos Mouros (7 ha) son a ceo aberto e moi superficiais, minando os xacementos superxénicos, nos que a rocha fora disgregada de xeito natural e os sulfuros que contiñan o ouro enferruxados, facilitando a separación do ouro e mesmo enriquecendo os teores.

## BIBLIOGRAFÍA

- CURRÁS, B.X. & LÓPEZ, L.F. (2012) Minería romana y poblamiento en la cuenca del Baixo Miño (Noroeste peninsular). In BRAZ C.M. & AL. (Coord.) *Povoamento e Exploração dos recursos mineiros na Europa Atlántica occidental*: 179-202.
- FERNÁNDEZ LOZANO, J. *Mercurio para el beneficio de yacimientos secundarios de oro en época romana. ¿Realidad o ficción?* [https://www.youtube.com/watch?v=ENjSRqbWw\\_4](https://www.youtube.com/watch?v=ENjSRqbWw_4) (Consultada 8/4/2021).
- ITGE (1993). *Exploración minera en reservas estatales (sector noroeste)*. Reserva “Tomino”. 1-237. ITGE. Madrid.
- PAZOS, Ó. (2018). *A invención da Gallaecia e a minaría do ouro. Unha tese sobre as orixes de Galicia*. 1-190. Aterra Libros. Vigo.
- PAZOS, Ó. (2019). Una necesaria revisión de la «ruina montium hidráulica» y el uso del agua en la minería romana del oro. In *Actas do XVIII Congreso Internacional Sobre Patrimonio Geológico Y Minero. XXII Sesión Científica de la SEDPGYM. 26 a 29 de septiembre de 2019*. (En prensa).
- PÉREZ PINTOS, X. & BOUZÓ, X.M. (2001). Minería aurífera romana: do Miñor ao Miño. *Revista de Estudos Miñoráns* 1: 37-50.
- SÁNCHEZ-PALENCIA, F.J. & GARCÍA, A. (2014). El posible uso del mercurio en las minas romanas de oro del Noroeste de Hispania: Las Médulas y Las Cavenes de El Cabaco. In Sánchez-Palencia, F.J. (ed.) *Minería romana en zonas interfronterizas de Castilla y León y Portugal (Asturia y NE de Lusitania)*: 231-242. Junta de Castilla y León. Valladolid.





## *O adel do concello de Baiona (1402)*

---

**Xulián Maure Rivas<sup>1</sup>**

### RESUMO

*Dous pergameos medievais que se conservan no Arquivo diocesano de Tui dan pé a facer a historia dunha casa de Baiona e o seu aforamento nos últimos cincuenta anos do século XIV. E, paralelamente, do oficio de adel, e da evolución dos prezos na primeira metade do século XV.*

*PALABRAS CLAVE: Século XV, adel, Baiona, carta de aforamento.*

### ABSTRACT

*Two medieval parchments that are preserved in the Diocesan Archive of Tui give rise to the history of a house in Bayonne and its capacity in the last fifty years of the fourteenth century. And, in parallel, the trade of adel, and the evolution of prices in the first half of the fifteenth century.*

*KEYWORDS: 15th century, adel, Bayonne, gauging letter.*

<sup>1</sup> maure@edu.xunta.gal

A Antón Santamarina,  
adel maior na vangarda das nosas letras,  
no seu octoxésimo aniversario.

Cando nos achegamos ó noso patrimonio documental, ademais de aprender de onde vimos, para entender mellor quen somos e cara onde podemos ir, tamén nos permite descubrir o que xa non queda vivo do todo aquilo que foi facendo a nosa historia; por exemplo, un topónimo que xa desapareceu ou unha palabra que xa non nos di nada. Este documento que presentamos hoxe é tamén unha mostra dun modelo de xestión urbanística na Baiona da Idade Media e ó mesmo tempo avivanos a lembranza dun topónimo desaproveitado, dun oficio do concello xa perdido e tamén da evolución do prezo da galiña na primeira metade do século XV.

## VALORES INMOBILIARIOS

Hai nos pergameos medievais da igrexa de Santa María de Baiona que se conservan no Arquivo diocesano de Tui dúas cartas de aforamento que, datadas con máis de cincuenta anos de distancia entre elas, teñen elementos comúns. A primeira de 1350 trata do foro dunha casa que está na rúa que chaman de Soutelo na vila de Baiona, foro feito polos cregos da igrexa de Santa María a un alfaiate casado con María Amada. Este matrimonio acepta as seguintes condicións: “*per tal pleito uos damos a dita casa con seu saydo que uós a rreparedes et adubedes de todas las cousas et adubeiros de que ouuer messter a dita casa, em tal maneira que per migoa de lauor non speresca. Et que dedes a nós et a os ditos clérigos da dita igleia cada ano<sup>1</sup> por día de pascoa frofida viij marauedís desta moeda blanca de dez dineiros o marauedí<sup>2</sup>. O alfaiate e a súa dona María Amada terán que reparar e conservar ben a casa da rúa do Soutelo e pagar oito marabedís cada ano.*

A segunda carta de aforamento, a que aquí transcribimos hoxe, é de 1402 e nela un abade da igrexa de Santa María de Baiona afora a un alfaiate e á súa muller a metade dunha casa na rúa Soutelo desta mesma vila, casa en que morou María Amada. Estes son os requisitos do foro: “*per tal pleito et condiçón que a agisedes et a apostedes ben logo de pedra et tella<sup>10</sup> et madeira et de todo adobeiro que ouuer mester, per tal gisa que non desperesca per míngoa de lauor et de boo paramento; et que dedes a mī<sup>11</sup> et a miñas voses en cada hūu ano<sup>1</sup> por día de sam Migell do mes de setembro primeiro que uen endeante, dez et oyto marauedís<sup>2</sup>.*

É posible que se trate da mesma casa a que está aforada nos dous documentos. Os que aforan son cregos da mesma igrexa de Santa María de Baiona; a rúa Soutelo consta como enderezo da casa aforada nos dous casos; os foreiros son dos alfaiates e as súas mulleres, dúas familias dedicadas á mesma profesión; e sobre todo María Amada consta como moradora da casa nas dúas cartas de aforamento. Tendo en conta os textos dos dous pergameos podemos colixir que hai moitas posibilidades de facer unha breve historia dunha casa de Baiona e o seu aforamento nos últimos cincuenta anos do século XIV.

Nesta época había na igrexa de Santa María de Baiona catorce cregos, dous abades e doce razeiros, como pode verse nun documento desta colección datado en 1387:

“ Roy Martís, abade con cura da meatade da iglleia de santa<sup>[02]</sup> María de Bayona<sup>1</sup> et Alvaro Peres, abade sem cura da outra meatade da dita iglleia, et Johán Gonçalues et Gonçaluo Anes Çenteo et Martín Trigo et<sup>[03]</sup> Ruy Martís o uello et Afonso Esteues et Johán de Sam Domingo et Johán Martís Rrodoan, et Ruy Martís Çiclay et Johán Miguelles et Diego<sup>[04]</sup> Peres et Pero Tristam et Gomez Lourenço clérigos rraçoeiros da dita iglesia”. No documento de 1350 dous procuradores dos dous abades e dos razoeiros desta igrexa aforan unha casa por oito marabedís cada ano. Abades e razoeiros son os titulares da casa “que Martín Chuco, clérigo, mandou aa dita igleia”. Pasados cincuenta anos atopamos, con moita probabilidade a mesma casa, agora dividida entre dous propietarios. Xa non é toda a casa do colectivo eclesiástico; en 1402 unha metade é do abade Rui Martís, por doazón da muller do alfaiate María Amada, e a outra metade segue sendo dos razoeiros da igrexa. No novo aforamento feito en dezaioito marabedís, os razoeiros seguirán recibindo oito, pero agora pola metade da casa, e o abade recibirá dez pola outra metade. Todo o mantemento da casa corre por conta dos foreiros ou inquilinos. A renda desta casa aforada sube o 55% en cincuenta e dous anos e a propiedade sofre unha serie de cambios de maneira que de ser en 1350 propiedade da igrexa de Baiona, en 1402 a metade da casa é do abade e a outra metade mantense coa titularidade da igrexa para sustento dos razoeiros.


É frecuente nos documentos de foros indicar, ademais da renda anual, unha pequena obriga como símbolo de submisión, introducida pola cláusula “et por foros”. O abade de Baiona Rui Martís a maiores da renda anual de dez marabedís establece que lle dean “por foros en cada hũu ano, hũu galliña ou dous marauedís por ella”. Esta cláusula resulta de grande utilidade para os historiadores da economía; pois, sen saír da colección de documentos da igrexa de Santa María de Baiona, sabemos como se cotizaban as galiñas nestas datas. Os prezos van subindo desde dous marabedís en 1402, tres en 1425 e catro marabedís en 1443.

A colección documental de Santa María de Baiona, aínda inédita agás media ducia de documentos publicados en números anteriores desta revista, mostra que moitas das casas de Baiona eran de titularidade eclesiástica, ben colectiva ou ben individual dun abade ou dun razoeiro; as rendas anuais que producían os aforamentos con frecuencia subían cando o foro pasaba para os seguintes herdeiros e todos os foreiros tiñan a obriga de manter ben reparadas as casas aforadas e as melloras que fixesen nelas pasaban na terceira ou seguinte xeración para a comunidade de abades e razoeiros.

## O TOPÓNIMO SOUTELO

Para os que estuden a historia da toponimia de Baiona unha das mellores fontes de información é o patrimonio documental, hoxe repartido case todo polos diversos arquivos públicos estatais e eclesiásticos, aínda que algúns documentos quedaron nas mans de eruditos ou perdidos para sempre.

Nos rúes actuais de Baiona non aparece o topónimo Soutelo; pero en *Bayona de Galicia. Pasado y presente de la real villa histórica turística y marinera* de Héctor Barreiro Troncoso entre os camiños veciñais aparece o nome de “Sotuelos” posiblemente debido a un erro da imprenta. No noso documento trátase dunha “rúa que chaman Soutello, yndo para dita igleia”. No documento anterior de 1350 aparece



unha referencia semellante “rrúa *que dizen* do Soutelo”. Esta palabra, diminutivo de “Souto”, topónimo moi estendido por Galicia, fainos pensar nun bosque de castiñeiros e é posible que no século XV algún camiño da igrexa pasase por un soutelo e del recibise o seu nome. Noutro documento desta colección con data de 1365 aparece a referencia dun camiño estreito como “*congostra da Lagarteira que vai para a igleia*”. Este topónimo está actualmente vivo na carta municipal e fai referencia a unha rúa nova, agora cortada por un bloque de vivendas da segunda metade do século XX. No século XIV non era unha rúa nin camiño; era un bosque onde había moitos lagartos e unha congostra que levaba a igrexa de Baiona. Os topónimos abundanciais en *-eira* como Lagarteira son moi frecuentes en toda Galicia; sen saír do Val de Miñor temos Coelleira en Gondomar e Porqueira en Nigrán. Non parece moi arriscado propoñer que a rúa de Soutelo coincida coa congostra que está no que foi o bosque da Lagarteira e que agora coñecemos cos nomes de rúa do Rosal e rúa da Guarda. Estes nomes son tan recentes que un veciño hai poucos días dixo que el recorda chamarlle o Camiño do Abade.


O espazo comprendido entre as liñas verdes e a vermella era parte do bosque da Lagarteira e a congostra, hoxe dividida entre a rúa do Rosal e a rúa da Guarda, ben pode ser a que nos séculos XIV e XV recibía o nome de rúa do Soutelo. A liña vermella indica a lóxica continuación da nova rúa da Lagarteira, cortada para servizo de acceso e aparcamento dun bloque de vivendas.

## ADEL DO CONCELLO

Entre as testemuñas que foron presentes ó outorgamento desta carta de foro está Martín Fernandes, adel do concello de Baiona. Coa palabra “adel”, documentada, polo de agora, só no sur da provincia de Pontevedra (Tui, Baiona e Pontevedra), désígnase o encargado do concello que ten como oficio pregoar avisos de todo tipo, necesarios no funcionamento da administración.

1

Yo bales mudo myranda e frano del reyno  
 de castilla e leon e de la villa de  
 montebeda dos fe en testimonio de  
 verdad en el nono de mayo de  
 quise a tan quince dias del mes de  
 mayo en la publica de esta villa  
 de lo de beno qual es de reyno de la villa  
 de la ag de reyno no aal las cosas que  
 mandaba la justicia e reyes jamen  
 to que ninguna persona vea ni oya  
 tanto en la villa no alegen de la  
 e de reyna de la villa que los ombres que  
 e de la villa de reyno de la villa de  
 na no abian de ser alla e de reyno  
 a de reyno de reyno de reyno de reyno  
 ta de reyno de reyno de reyno de reyno  
 en la villa de reyno de reyno de reyno  
 lo fmo e fmo de reyno de reyno de reyno  
 de reyno de reyno de reyno de reyno de reyno  
 villa de reyno de reyno de reyno de reyno  
 a quince dias del mes de mayo de la villa  
 e quince dias del mes de mayo de la villa  
 e quince dias del mes de mayo de la villa

  
 Juan de la Cruz  
 Juan de la Cruz  
 Juan de la Cruz

Archivo Histórico de la Nobleza (Toledo)  
<http://pares.mcu.es/ParesBusquedas20/catalogo/show/4027516?nm>

No *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense* nº XII (1939: 237) recóllese, sacada do códice de minutas do notario de Baiona Alvaro Eans das Eiras, unha queixa contra os carniceiros que traían para vender bois e vacas mansas roubadas. Cando o xuíz ordenou que pagasen vinte marabedís por cada cabeza, para facelo público e que todos foren sabedores, mandou “a Vicente adeel da dita villa, que presente estaba, que lanzase o dito pregón en nos lugares acostumbrados da dita villa”. A importancia social dos adeis está presente xa no feito de buscalos para testemuñas en distintos documentos. Os adeis de Pontevedra tiñan unha asignación para beber e outra para vestir, dado que a súa profesión esixía boa voz e ir ben vestido. No *Livro do concello de Pontevedra (1431-1463)* aparece rexistrada esta palabra en plural “adees”, cando se establece o seu soldo: “iten para os adees... LXXXX maravedis (Rodríguez 1989,110) e cando se lles facilita o pano “para seu bestir” (Ibidem, 128).

Sirva de confirmación da profesión de pregoeiro e de contraste lingüístico no nome deste oficio no século XVI este breve documento que está no Archivo Histórico de la Nobleza (Toledo). Un episodio da presenza do pirata Francis Drake nas illas de Baiona.

Yo Balentin de Miranda, scribano del rey  
nuestro señor e veçino desta villa de  
Pontebedra doy fe en testimonio de  
verdad en como oy, dicho dia lunes  
que se contan quince días del mes de  
mayo en la /sa/ publica desta dicha villa  
Alonso/Alvaro de Ben, oficial e pregonero de la dicha  
villa apregonó a altas boses que  
mandaba la Justicia e regimiento  
que ninguna persona, vecinos i estantes  
en la dicha villa no saliesen della  
so pena de la vida y que los onbres que  
estaban repartidos para la Curuna  
no abían de hir alla. Et esto se (se)  
apregonó porque abía orden y carta  
de Cangas que abía enemigos  
en las hislas de Bayona. Y en fe dello  
lo sino e firmo de pedimento de don Pedro  
de Montenegro, capitán desta  
villa e arrabal. Fecho en Pontevedra  
a quince días del mes de mayo del ano de mil  
e quinientos et ochenta e nueve anos.  
En testimonio † de verdad  
Balentín de Miranda

## CODA

Un simple documento de aforamento dunha casa de Baiona a comezos do século XV, conservado durante máis de seiscentos anos, fainos pensar que aforar e alugar son

mecanismos non moi distintos de gozar da propiedade inmobiliaria. Os cambios de topónimos van parellos ós cambios da organización do territorio e da sociedade. A presenza dun adel no concello de Baiona lévanos a interrogarnos se agora con tantos medios de información estamos mellor comunicados que cando o adel lanzaba os seus pregóns nos lugares acostumados.

## NORMAS DE TRANSCRICIÓN E LECTURA DO DOCUMENTO

Para unha cómoda lectura do texto é conveniente ter presente os seguintes criterios de transcripción:

-Para localizar no orixinal a correspondencia co texto transcrito o final de cada liña indícase cun número superíndice.

-As maiúsculas e minúsculas obedecen ás normas do sistema gráfico actual. O mesmo vale para o uso de acentos e puntuación.

-Hai palabras que levan supraescrito un t como en «ano<sup>t</sup>» ou en «mill<sup>t</sup>». Indica que no orixinal manuscrito leva un til, signo xeral de abreviación, que non ten correspondencia fonética.

-O dígrafo <ll> pode corresponder tanto ó fonema palatal /ʎ/, que aparece nas palabras «moller» ou «fillo», como ó fonema /l/ das palabras «mill» ou «polla», que se deben ler “mil” e “pola”.

-As palabras abreviadas transcríbense na súa forma plena, indicando en cursiva as letras abreviadas. Así a palabra «Ts» transcríbese como Testemuñas.

-Cando o til de nasalidade <~> vai sobre unha vocal con valor de nasal implosiva, transcríbese cun n/m en letra cursiva; por exemplo, «cô» transcríbese con.

-Respéctanse os dobres usos dos grafemas <u> e <i>, cos seus valores de vocais e consoantes. Así atopamos «auer ou leuar » que hoxe escribiríamos con <b/v> «haber ou levar», e tamén «igleia » que na ortografía actual leva o grafema <x> «igrexas».

En xeral seguimos as normas de transcripción de uso máis frecuente nos documentos galegos, publicadas polo profesor Ramón Lorenzo (1988).

## TRANSCRICIÓN DO DOCUMENTO


1402, abril, 26. Baiona.

*Foro dunha casa sita na rúa que chaman Soutelo feito polo abade da igrexa de Santa María de Baiona a Afonso da Montesiña e a súa muller Branca Peres, por dezaoitto marabedís*

ACT: Doc. Baiona 42, pergameo, 240x169 mm.

Ano<sup>t</sup> do nacemento de noso señor Jesu Cristo de mill<sup>t</sup> et quatro çentos et dous anos<sup>t</sup>, viinte et seis días do mes de abril. Sabean quantos<sup>[01]</sup> esta carta de aforamento viren como<sup>t</sup> eu Rui Martins, abade con cura da meatade da igleia de santa María de Bayona<sup>t</sup>, dou et outorgo a foro a uós,<sup>[02]</sup> Afonso da Montesyña, alfayate et a uosa moller,

Branca Peres, moradores et visiños de Bayona,<sup>1</sup> et a dúas pesoas depois de uós, húa de<sup>[03]</sup> pos outra, quaes de dereito herdaren uosos bées; conuén a saber: aquela casa em que morou María Amada, que está em esta dita vila de<sup>[04]</sup> Bayona, ena<sup>1</sup> rúa que chaman Soutello, yndo para dita igleia, a qual parte per parede con casa que ora he da confraría de Santiago que foi de<sup>[05]</sup> Rui Torino<sup>1</sup>, que lle máduo Esteuño Torino<sup>1</sup>, seu fillo; et da parte de çima, con casa que foi de Johán Gonçalues, manso, et de súa moller<sup>[06]</sup> Ynés Gonçalues. Da qual dita casa que uos asy aforo, eu ey a meatade por enrença da dita María Amada a qual he a parte de fondo et a outra<sup>[07]</sup> meatade tiña a dita María Amada aforada dos clérigos rraçoeiros da dita igleia; perla qual dita meatade emos de auer de foro oyto marauedis<sup>[08]</sup> de brancos durante o dito foro. Et a qual dita casa uos aforo como<sup>1</sup> dito he con seu ixido et con todas súas entradas et seidas et pertencas<sup>[09]</sup> et dereituras que lle pertencen et pertencer deuen de dereito, per tal pleito et condiçón que a agisedes et a apostedes ben logo de pedra et tella<sup>[10]</sup> et madeira et de todo adobeiro que ouuer mester, per tal gisa que non desperesca per míngoa de lauro et de booo paramento; et que dedes a mi<sup>[11]</sup> et a miñas voses en cada huu ano<sup>1</sup> por día de sam Migell do mes de setembro primeiro que uen endeante, dez et oyto marauedis de brancos de dez<sup>[12]</sup> dineiros o marauedi. Et por foros en cada huu ano<sup>1</sup>, húa galliña ou dous marauedis por ella. Et destes ditos dez et oyto marauedis, que dedes em<sup>[13]</sup> cada huu ano<sup>1</sup> por lo dito día aos ditos clérigos rraçoeiros da dita igleia os ditos oyto marauedis. Et (mi et) a mi et a miñas voses<sup>[14]</sup> o mays<sup>2</sup>. Con a qual dita casa et ixido uos prometo et outorgo d' enparar et defender eno<sup>1</sup> dito tempo a dereito per meus bées que para elo obrigo. Et<sup>[15]</sup> a uoso seymento et das ditas pesoas, que a dita casa et ixido et toda súa/benfeitória fique liure et quite et desenbargada de uós et de uosas uoses<sup>[16]</sup> aos ditos clérigos rraçoeiros da dita igleia para todo senpre. Et eu, dito Afonso da Montesyña,





que a esto presente sōo, fazente por mī et por<sup>[17]</sup> la dita Branca Peres, miña moller, que non está presente, por la qual obrigo meus bēes, que ela aia esto por firme et estauyl<sup>l</sup> eno<sup>l</sup> dito tempo et<sup>[18]</sup> pesoas<sup>l</sup>, asy rreçebo de uós o dito foro perla maneira et condições sobre ditas et obrigo meus bēes et da dita miña moller et pesoas a uos dar et pagar<sup>[19]</sup> o dito foro en cada hūo ano<sup>l</sup> et aos ditos clérigos rraçoeiros da dita igleia, segundo que se aquí contén. Et qual quer das partes que contra esto for<sup>[20]</sup> et o non teuer et coprir et agardar que peyte por pena<sup>l</sup> a outra parte que o teuer et conprir et agardar quinentos marauedis da dita moeda. Et<sup>[21]</sup> a pena<sup>l</sup> pagada ou non, que esta carta et o que se en ela contén fique firme et estauil<sup>l</sup> et valla eno<sup>l</sup> dito tempo em súa rreuur. Feita a carta en Bayona<sup>l</sup>, día<sup>[22]</sup> et mes et era sobre ditos. Testemuñas que foron presentes: Johán de san Domingo, clérigo rraçoeiro da dita igleia, Rui Caneiras, Aluar Eanes de Vayña et Pero Anes et Ruy Peres,<sup>[23]</sup> bōo, Martín Fernandes, adel<sup>l</sup> et outros.

Et eu, Gonçaluo Eanes, notario público jurado por el rrey en Bayona<sup>l</sup> de Miñor et en seu alfós a esto presente<sup>[24]</sup> foi et scripuí et aquí meu nome et signal pugi que tal he.<sup>[25]</sup>

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BARREIRO TRONCOSO, HÉCTOR (2012). *Bayona de Galicia. Pasado y presente de la real villa histórica turística y marinera*. Pontevedra, Deputación Provincial.
- Domínguez Fontela, Juan (1939-1940). Documentos arcaicos gallegos del Códice de minutas del notario de Bayona de Miñor, Álvaro Eans das Eiras o Álvaro Yans da Seira, a principios del siglo XV. *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense* Tomo XII, número 250, p. 233-240. Ourense.
- LORENZO, RAMÓN (1988). Normas para a edicion de textos medievais galegos in DIETER KREMER (ed.) *Actes du XVIII Congrès International de Linguistique et Philologie ramanes*. T.VI, Tubingen: Max Niemeyer Verlag, 76-85.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, ÁNGEL (1989). *Livro do Concello de Pontevedra (1431-1463)*. (Documentos para a história de Pontevedra medieval). Pontevedra. Museo de Pontevedra.
- Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega, TMILG*. (<http://ilg.usc.es/tmilg/>)



***O protestantismo no Val Miñor.  
A avanzada de Morgadáns.***

---

**José L. Alonso Hermida<sup>1</sup>**

**RESUMO**

*En Morgadáns, unha localidade illada e apartada dos principais centros de decisión, tivo lugar a finais do XIX un curioso acontecemento relacionado coa fundación do primeiro grupo evanxélico da provincia de Pontevedra, que acadou polo menos un número de 30 adeptos. As peripecias e dificultades coas que se atopou o grupo foron numerosas, en particular no referente á construción dun cemiterio propio, o que levou a unha progresiva disidencia e volta ó catolicismo.*

**PALABRAS CLAVE:** *Morgadáns, Gondomar, protestantismo, evanxélicos, disidentes, colportores, cemiterio protestante.*

**ABSTRACT**

*In Morgadáns, an isolated locality far from the main decision centers, a curious event took place at the end of the 19th century related to the founding of the first evangelical group in the province of Pontevedra, which reached at least 30 followers. The vicissitudes and difficulties encountered by the group were numerous, in particular for the construction of its own cemetery, which led to a progressive dissidence and return to Catholicism.*

**KEY WORDS:** *Morgadáns, Gondomar, protestantism, evangelicals, dissidents, colporteurs, protestant cemetery*

---

<sup>1</sup> [dospadrons@yahoo.es](mailto:dospadrons@yahoo.es)

En 1517 Martin Lutero crava as “noventa e cinco teses” no portal da igrexa do Castelo de Wittenberg, dando así comezo ó que anos mais tarde pasaría a denominarse Reforma Protestante. A pesar de que a igrexa de Roma reaccionou poñendo en marcha a coñecida como Contrarreforma, o cisma estendeuse por toda Europa, salvo en España, onde a Inquisición perseguíu de maneira implacable os disidentes, de xeito que os seguidores do novo credo víronse obrigados a abandonar o reino e refuxiarse en estados máis tolerantes. A reforma foi consolidándose e espallándose, dando lugar a diferentes ramas, que, co nome xenérico de protestantismo, se foron establecendo a ámbolos dous lados do Atlántico.

Coa arribada de transatlánticos e o intercambio comercial, diplomático e de tropas coa Inglaterra dos comezos do século XIX, algúns galegos, particularmente das poboacións costeiras, entraron en contacto cos movementos evanxélicos británicos, sen que iso tivese máis consecuencias prácticas que a simple posesión de propaganda relixiosa ou dalgunhas biblias. Foi con motivo do Sexenio Democrático 1868-1874, cando os “colportores” (vendedores de biblias) ingleses e españois, aproveitando a maior tolerancia relixiosa, iniciaron a súa andaina por España, basicamente coa venda de biblias e a actividade evanxelizadora polas cidades e vilas, visitando mercados e fábricas. Un deles, George Borrow, don Jorgito para os españois, acadou renome internacional co seu libro “A Biblia en España”, que moitos anos despois foi traducido ao castelán por Manuel Azaña.



Casa para culto en Os Padróns. Por enriba do tellado ó fondo, camiño de Viñó onde tiñan lugar as primeiras reunións. (Autor)

En Galicia a primeira predicación pública da fe evanxélica tivo lugar na Coruña en 1875. Eran os tempos da Restauración Borbónica, polo que o labor evanxelizador avanzou con moitas dificultades e oposición, tanto polas Administracións, como pola propia Igrexa católica, que vía na nova doutrina unha ameaza e, a través dos curas e bispos, constrinxiu os fregueses e as autoridades para obstaculizar a presenza dos misioneiros e facerlle a vida imposible ao crecente número de evanxélicos galegos. Esta oposición foi particularmente grave nalgunhas poboacións onde se denegaban certificados de bautismo, permisos para visitas pastorais, autorizacións para enterrar, ou licenzas para a construción de cemiterios de disidentes (ademais de denuncias diante da xustiza polos motivos mais triviais, como non descubrirse ó paso do viático).

Foi no verán de 1877 cando iniciaron en Vigo a actividade pastoral os misioneiros ingleses Tomás Blamire e Jaime P. Wigstone (con anterioridade estiveran en Madrid, Barcelona, A Coruña e outras localidades), mediante a venda de biblias e literatura protestante. En Vigo había unha pequena colonia británica, pero o obxectivo principal dos colportores eran os galegos, sobre todo os traballadores e xente do común, cos que contactaban nas feiras, na rúa, ou ás portas das fábricas. Ademais, organizaban reunións para a lectura dos evanxeos, para predicación e, algo moi importante nese momento, impartían clases para ensinar a ler e escribir, en locais alugados para tal fin. Hai que salientar que a taxa de analfabetismo na Galicia desa época estaba arredor do 75%, aínda que moito máis alta nas mulleres ca nos homes. A importancia concedida á educación entre os evanxélicos galegos xurdía do principio protestante da Sola Escritura, é dicir, a Biblia é a única fonte de autoridade e, se non se sabía ler, non se podía comprobar que o que se ensinaba ou predicaba era conforme coa biblia ou coas tradicións e modas de cada momento. Desta forma, a maioría dos evanxélicos galegos aprendían a ler de adultos ou ían á escola xa de pequenos, sen diferenciar entre nenos e nenas á hora de impulsar a escolarización.<sup>1</sup>

A actividade pastoral dos evanxelistas non se circunscibiu exclusivamente á pequena cidade de Vigo que, aínda que contando con non máis de 15000 habitantes a mediados do s. XIX, estaba experimentando un notable desenvolvemento poboacional. Blamire e Wigstone puxeron pé tamén en pequenas e medianas localidades limítrofes, como Marín, Redondela, Camposancos ou Morgadáns. No rural, a hostilidade fronte ós “herexes” foi moito maior, pola influencia da igrexa católica e a resistencia por parte dos cregos motivada, entre outras cousas, pola elevada taxa de curas por habitante e a escaseza de recursos económicos da que o clero dispuña para o seu sustento. Promovidas polos bispos, nas parroquias afectadas puxéronse en marcha accións contra a crenza intrusa: envíanse circulares, lense cartas pastorais, organízanse xornadas misionais e pronúncianse sermóns e arengas nas liturxias dominicais.

Morgadáns, parroquia que tivera concello propio xunto con Chaín cando se constituíron as primeiras corporacións municipais, dependía na segunda metade do século XIX do de Gondomar. Conforme ós distintos censos feitos nese período, o número de habitantes achegábase ós 2000, sendo daquela a parroquia mais poboada do municipio. A actividade económica estaba centrada basicamente na agricultura e a gandería, producíndose nas últimas décadas unha elevadísima taxa migratoria, que chegou a

<sup>1</sup> O único sobrevivente na actualidade do grupo de Morgadáns, residente na parroquia, asegura que tiña vetada a asistencia á escola pública, véndose na obriga de ter que acudir ó ensino privado



Adro da Igrexa de Morgadáns. (Autor)

acadar, nos primeiros anos do século XX, un 32,43% dos varóns de entre 15 e 24 anos e un 51,36 dos situados entre os 24 e os 35.

A pesar do seu illamento ó non contar coas actuais vías de comunicación (a estrada Vincios-Couso foi construída entre os anos 1918 e 1921 e a de Gondomar ao Porriño na década de 1920), Morgadáns mantiña un moderado contacto coa cidade olívica, así como con Tui, sede do bispado e antiga capital de provincia, Baiona e Gondomar. Os veciños de Morgadáns desprazábanse a pé ou a cabalo polos camiños e carreiros, sendo común a asistencia á feira do Porriño ou ós mercados da Esfarrapada, Tui, Sabarís ou Vigo, para o comercio de produtos agrícolas, leña, ou manteiga.

Dende o camiño de Viñó, centro das primeiras reunións dos protestantes, o acceso a Vigo facíase (como ata non hai moitos anos e mesmo despois da construción da estrada de Vincios a Couso), subindo por algún dos camiños que conducían á Gándara, en Chain, onde, nun cruzamento, se tomaba o que por Donín levaba ata Os Casás e despois ós Arcos, xa en Vincios, onde enlazaba coa estrada de Gondomar ao Porriño, recién construída.

Aínda que hai datos de “actos de herexía” por parte dun veciño de Morgadáns algúns anos antes da chegada dos misioneiros protestantes, non é posible relacionar ese caso con un primeiro contacto. Tamén se sabe de desencontros entre os tres cregos da parroquia, así como que a relación cos fregueses non estaba exenta de rozamentos puntuais.<sup>2</sup> Con todo, hai que ter en conta que o enfado ou o malestar cos curas non

<sup>2</sup> A tradición oral da familia dunha conversa, revela o conflito co párroco pola colocación dunhas candeas.



Imaxe actual do cemiterio de Varela e Cereixo. Ó fondo, o Outeiro dos Protestantes.(Autor)

debería ser a razón da fundación das igrexas evanxélicas na provincia de Pontevedra. Coa presión social que recibía calquera que se declaraba pola Reforma e a perda de apoio familiar, social e económico, só a convicción de que realmente o Evanxeo era a única verdade podía facerlles estar dispostos a enfrontarse a toda a sociedade e poderes fácticos da época.

Para entender a chegada do Evanxeo a Morgadáns hai que buscar na outra punta de España, en Sevilla. Dende tempos da repoboación e, en particular, a partir do século XVII, tense noticia da emigración de xornaleiros galegos a diferentes puntos de Andalucía para traballar nos labores agrícolas e nos portos relacionados con América. É coñecida a existencia de pequenas colonias de morgadanese en diferentes cidades da provincia de Sevilla (Utrera, Dos Hermanas), aínda que, por razóns de traballo, era na capital onde se concentraba o maior número de emigrados<sup>34</sup>. Estes galegos de Morgadáns, que ou ben residían ou ben viaxaban todos os anos a Andalucía, tiveron noticias dos protestantes e, por curiosidade ou por un desexo espiritual, empezaron a acudir aos cultos evanxélicos en Sevilla. Algúns deles non só fixeron súa a fe que escoitaron predicar, senón que pronto levaron a mensaxe aos seus conveciños nos campos andaluces e tamén ás súas mulleres, fillos e parentes en Morgadáns á súa volta. Así,

3 No Catastro de Ensenada de Morgadáns, aparece como propietario dun muíño un veciño residente en Utrera.

4 En Morgadáns a tradición oral fala de que o reloxo presente no campanario da igrexa parroquial foi doado por un veciño emigrado en Sevilla, de apelido Alcoucer, que, tras facer fortuna na capital bética, quixo agasallar a parroquia natal con tan prezado artefacto.


formouse unha pequena congregación evanxélica na parroquia, que foi a primeira da provincia de Pontevedra e unha das primeiras de Galicia, que se reunían para adorar a Deus e ler a Biblia antes de entrar en contacto cos misioneiros recién chegados a Vigo e cos que se identificaron de contado como irmáns.

Como resultado diso, Morgadães foi recibindo frecuentes visitas dos pastores ingleses Blamire e Wigstone. Nos primeiros días, o grupo recién formado reuníase na casa do veciño Domingo Alonso, de Viñó, que logo foi alugada para as xuntanzas dominicais. Anos máis tarde, o grupo xestionou a construción, na finca doutro membro residente nos Padróns, dun local axeitado ó tamaño do grupo e ás condicións do culto. Nun relato de Wigstone sobre o seu paso por España, di:

*“Morgadães é unha aldea distante unhas nove millas de Vigo<sup>5</sup>. En 1878 algunha xente veu dende alí pedíndonos axuda. Os curas, coa súa influencia, e as autoridades, prohibíranlles reunirse para leren a Biblia; apedrábanos, e daquela éralles perigoso saíren da casa”.*

Non mellorou a situación trala asistencia dos predicadores, de xeito que máis adiante, no mesmo relato, Wigstone describe con todo tipo de detalle un capítulo máis da implacable persecución á que foron sometidos, tanto os pastores, como os veciños recién conversos. A súa tradución viría a ser:

*“Alí tivemos unha primeira reunión, que durou preto de dúas horas, moi pacífica. Pero, de camiño á casa, alguén nos disparou unha arma dende detrás de unha sebe. Mentres subíamos os outeiros, moi empinados, empezaron a rodar cachotes e arrebolar*



Situación sobre o mapa do Cemiterio dos Protestantes. (Autor)

5 1 milla=1609,34 m.





Recinto do apartado de disidentes, cemiterio de Morgadães. (Autor)

*coios contra nós. No cumio, atopamos unha multitude de xente, cos petos a rebordar de pedras, pedras nas mans e pedras nos mandís, dirixidos por tres curas, un deles armado cunha pistola.*

*Despois de parlamentar un anaco, corremos cara á estrada principal, a unhas dúas millas máis arriba dos camiños do monte, que de feito non estabamos nada seguros de recordar. Outro grupo grande estaba esperando para abordarnos nunha curva da estrada, e os outros seguíannos cos cregos, berrando: “hoxe teremos os pelescos deses ingleses”. Pero nós encomendámonos ao Señor, diriximos os paraugas, abertos, por suposto, cara á chuvia de pedras, e seguimos correndo. Acadamos a estrada, e Blamire dixo: “ben, Deus, aquí estamos. Pensei que nunca a veríamos de novo”. Agardábanos unha tartana, e así chegamos a casa.”*

O feito tivo unha certa repercusión na prensa, incluso na de Madrid e na estranxeira de España e América, polo que o mesmo relator continúa dicindo que:

*“O goberno enviou policías armados ata a vila e requisou a arma do sacerdote, mentres que ó alcalde e ó xuíz ordenóuselles controlar persoalmente as nosas visitas e permitírnos o acceso á aldea. A partir dese momento, os fieis puideron ler a Biblia en paz, e dende entón leváronse a cabo pequenas xuntanzas.”*

A partir deste momento, Morgadães continuou recibindo visitas de maneira regular por parte de Blamire e Wigstone, aínda que con máis frecuencia as deste último. Así e todo, esta presenza non rematou coas dificultades dos conversos. Nunha sociedade tan intensamente mediatizada polo catolicismo, presente en todos e cada un dos actos



Sepulturas no apartado de disidentes do cemiterio de Morgadás. (Autor)

de cada veciño, era de esperar unha persistente persecución, non só eclesiástica senón, e neste caso o máis importante, civil e administrativa. E así foi.

A conversión adoitaba ser familiar, rompendo publicamente coa igrexa católica familias completas, dende nenos ata persoas anciás, bautizándose os adultos por inmersión e baixo confesión de fe no nome da Trindade. Os evanxélicos galegos non bautizan nenos, porque a práctica dos primeiros cristiáns era de facelo so con adultos crentes.

A situación dos anciáns foi unha das principais preocupacións do grupo de Morgadás, ó igual que o foi noutras poboacións onde se estableceu a doutrina evanxélica, xa que os párrocos aproveitaban o desexo dos galegos por ter un enterro digno para soste que os que se fixesen protestantes serían enterrados como cans, fóra de terreo consagrado. Aínda que para os evanxélicos non existe tal cousa como chan consagrado, ós simpaticizantes e curiosos si que lles causaba temor o de que non houbera onde enterralos á súa morte, e para un galego rural do século XIX iso era unha perspectiva terrible<sup>6</sup>.

Dende a construción da nova igrexa parroquial en 1853 ata o remate do cemiterio hixienista no lugar da Ferrería, os defuntos católicos da parroquia foron soterrados no adro da igrexa; sobre o papel quedaban excluídos os non bautizados, suicidas, excomulgados ou membros doutras relixións. A prohibición expresa de dar sepultura nos camposantos católicos aos seguidores doutros credos fixo que dende o primeiro momento algúns veciños, en representación dos conversos, fixesen xestións diante das administracións para poder ter un sitio onde enterrar os falecidos que indefectiblemente ían ter e que, nun principio, propuxesen que podía ser á beira do cemiterio parroquial, na Pedra. Presentan instancia diante do Gobernador civil de Pontevedra

<sup>6</sup> O grupo evanxélico establecido en Morgadás pertencía á rama “Asamblea de Hermanos”.

a comezos do ano 1880, na que, barallando argumentos tanto xurídicos como de tipo moral e social, solicitan que se ordene ó alcalde de Gondomar que leve a cabo o procedemento necesario para a construción do cemiterio de disidentes e expresan o medo de que, no caso de teren algún defunto este, non tivese lugar onde ser soterrado, cos problemas que iso suporía. A resposta, en abril de 1880, foi unha tallante negativa, alegando as autoridades do concello, trala xestión co párroco, que non había sitio a carón do camposanto católico para tal fin, nin os recursos económicos necesarios para abordar súa construción. Iso si, non se opoñen a que “os interesados constrúan o devandito cemiterio ás súas expensas, no lugar que mellor lles conveña”. No entanto, o 20 de xuño do mesmo ano, o concello de Gondomar acorda iniciar os trámites para levantalo nun terreo comunal situado no monte coñecido como Varela e Cereixo da parroquia de Gondomar, por ser a súa situación a mais céntrica para todo o municipio. Na mesma resolución foi rexeitada a lóxica proposta do vocal Manuel Méndez que expuxo: “debería construírse na parroquia de Morgadáns ou noutra onde houberse disidentes”. O criterio era compartido polo propio gobernador civil, que llo recorda ó concello e, mediante un oficio dirixido ó párroco de Morgadáns, pídelles que o informe de se ó lado do cemiterio católico existe lugar apropiado para situar o lugar de enterramento para disidentes. Aínda así, o concello mantense na súa postura inicial de construílo na parroquia de Gondomar, de xeito que na sesión do 5 de setembro de 1880 é aprobado. Ante a urxencia de dispoñer de sitio pola previsible morte dalgún evanxélico, finalmente a obra lévase a cabo nunha parcela de 64 estadais cadrados no lugar acordado de Varela e Cereixo, e cóutase provisionalmente.<sup>7</sup> Con todo, pese ás présas, ata ano e medio despois non se aproba o orzamento para o peche definitivo do terreo, que se acorda en 250 pesetas.



Dous horreos compartindo eira. O propietario do segundo, evanxélico, substituíu a cruz por un pináculo. (Autor)

A poxa da obra e os trámites para a mesma fan retrasar o remate, polo que, ante a inminente morte dunha muller de relixión protestante do grupo de Morgadáns, o concello solicita ó gobernador civil permiso para levantar un peche alternativo de madeira ata que se faga o definitivo de pedra. A proposta é aceptada polo gobernador e o 6 de maio de 1882 falece María Rosa Alonso Costas, sen ter rematado o peche proposto polo concello, polo que o xuíz municipal oficia ó alcalde que sinala un sitio para o enterramento. Ó día seguinte, 7 de maio, a falecida recibe sepultura no lugar inicialmente previsto. A viaxe, probablemente en carro, transcorre durante catro quilómetros, polo vello camiño de Morgadáns a Gondomar, para rematar en Varela e Cereixo. O enterramento ten lugar en precario e co camposanto sen rematar.

Semanas despois, o 28 de maio, o gobernador civil de Pontevedra insta o concello a construír con urxencia un cemiterio de disidentes nun lugar axeitado da parroquia de Morgadáns; o concello teima na súa primeira decisión e finalmente o gobernador civil reafirmase resolvendo, en xaneiro do 1883, que debe ser na parroquia de Morgadáns, aínda que, acolléndose a un considerando do oficio anterior do gobernador civil que contemplaba a opción de construír o cemiterio alí onde se situaran os restos do primeiro defunto, o concello acorda, en sesión extraordinaria con data 28 de xaneiro de 1883, rematar a obra, que se encarga ó canteiro Manuel Alonso Rial de Morgadáns. O 15 de maio de 1883 queda rematado.

Xa co cemiterio de Varela e Cereixo en Gondomar, continuou a extenuante e desigual pugna por lograr un lugar de enterramento digno en Morgadáns para os falecidos no seo da nova doutrina, que neses primeiros momentos contaba xa con máis de trinta membros. Con ese obxectivo, un ano despois, dous protestantes de Morgadáns, Juan Martínez Pérez e Julián Alonso Bravo, en representación do colectivo, solicitan de novo ó concello, o 28 de maio de 1884, permiso para construíren un cemiterio na parroquia, nun terreo propio no lugar de Veiga de Leiras, preto da capela de San Roque. A solicitude é rexeitada por unanimidade en xuño do mesmo ano por, segundo a Xunta de Sanidade do concello de Gondomar, non reunir as condicións hixiénicas e de salubridade requiridas para ese uso. Dous meses máis tarde, unha nova solicitude, nesta ocasión presentada por Antonio Pérez Domínguez e Juan Alonso, tamén en representación dos evanxélicos, solicita permiso para cemiterio nun predio de Manuel



José Gallego. Último evangélico vivo residente en Morgadáns. (Cedida por interesado)

Alonso no lugar do Souto, tamén en Morgadáns, volvendo recibir a negativa do concello, neste caso por defecto de forma (redacción e plano)

Finalmente, e por iniciativa dos emigrantes (moitos deles protestantes, que continuaron sendo fieis á súa crenza en Montevideo e Bos Aires), en 1912 iníciáanse os trámites para a erixir o cemiterio hixienista parroquial, contando nese caso cunha área acoutada para uso exclusivo de disidentes da relixión católica. A obra remátase en 1919, concluíndo así o calvario que, para lograr ter lugar de enterramento propio, experimentou o colectivo evanxélico, moi minguado xa pola implacable persecución sufrida por parte do estamento eclesiástico católico e a súa prolongación administrativa.

De todos os evanxélicos de Morgadáns, un dos que tivo un papel máis destacado foi Domingo Alonso, que, coa súa muller e nenos pequenos, tivo que abandonar a comarca pola terrible persecución que sufría a mans dos intolerantes, e estableceu en Marín, que xa daquela era a igrexa evanxélica máis numerosa de Galicia. Domingo gozou dun gran prestixio entre os evanxélicos marinenses, e foi elixido por eles como un dos responsables da igrexa, cargo no que permaneceu ata que emigrou a América do Sur a principios do século XX.

Na actualidade, case 150 anos despois daquela primeira visita, só queda en Morgadáns un único membro desa relixión nacido na parroquia<sup>7</sup>. Tampouco quedan vestixios daquel primeiro cemiterio no monte de Varela e Cereixo. Permanecen, iso si, numerosos datos e documentación nos arquivos, merecentes de un estudo máis en profundidade que agardamos que alguén faga algún día.

## BIBLIOGRAFÍA

- FERNÁNDEZ CASANOVA, C. (1991) La sociedad gallega del siglo XIX In MATO, A (Coord.) *Historia de Galicia 4:785-800*. Ed. Faro de Vigo.
- FUERTES PALOMERA A. (2008) *Arciprestados de Tui-Vigo*. MIÑOR
- ESPINOSA RODRÍGUEZ J. (1951). *Casas y Cosas del Valle Miñor*. Vigo
- GONZÁLEZ RAPOSO B. (1999). O protestantismo en Galicia: unha historia centenaria, esquecida. Ed. Xerais. Vigo.
- GONZÁLEZ RAPOSO, B. & GONZALEZ RAPOSO, M<sup>a</sup> DEL S. (2007). *Liberdade relixiosa e asentamento dos protestantes en Galicia*. Ed. Galaxia. Vigo
- SOLIÑO TRONCOSO A. & CHAMORRO SANROMÁN J. (2018) *Percorridos polo patrimonio cultural da vila e concello de Gondomar de Miñor*. Instituto de Estudos Miñoráns. Gondomar
- SOLIÑO TRONCOSO, M., MOSQUERA VELEIRO J. L., SOLIÑO TRONCOSO A. & SOLIÑO TRONCOSO A. (1995) *Gondomar Historia, Arte e Territorio*
- MOSQUERA VELEIRO, J.L. Comer, beber e arder. Aproximación á economía e sociedade do Val Miñor ó comezo do século XX. *Revista de Estudos Miñoráns* 20: 163-181
- GÓMEZ DE RUEDA, I. (1995). Ritos exequiales. No creyentes, no bautizados y suicidas. *Revista Murciana de Antropología* (2): 179-188.  
[https://www.researchgate.net/publication/27339481\\_Ritos\\_exequiales\\_no\\_creyentes\\_no\\_bautizados\\_y\\_suicidas](https://www.researchgate.net/publication/27339481_Ritos_exequiales_no_creyentes_no_bautizados_y_suicidas) (consultada 11/07/2020)

<sup>7</sup> Ó outro lado do Atlántico, en Arxentina e Uruguai, aínda se manteñen descendentes das familias evanxélicas emigradas.

- LOPEZ MARTINEZ, A.L. *La presencia de gallegos en la Baja Andalucía (Siglos XVII-XIX)* pdf  
<https://idus.us.es/bitstream/handle/11441/91728/1/LA%20PRESENCIA%20DE%20GALLEGOS%20EN%20LA%20BAJA%20ANDALUC%C3%8DA%20%28siglos%20XVII-XIX%29.pdf?sequence=1> (consultada 2/04/2021)
- SAAVEDRA P. (1995) La vida cotidiana en la periferia de la civilización: Los campesinos de Galicia en los siglos XVII-XIX. *Ayer (Asociación de Historia Contemporánea)*  
[https://revistaayer.com/sites/default/files/articulos/19-4-ayer19\\_LaHistoriadelaVidaCotidiana\\_Castells.pdf](https://revistaayer.com/sites/default/files/articulos/19-4-ayer19_LaHistoriadelaVidaCotidiana_Castells.pdf) (consultada 18/05/2020)
- SIERRA BERNARDINO E. (1997) Protestantes ingleses na Galicia contemporánea: Os misioneiros «brethren of Plymouth» *Minius: Revista do Departamento de Historia, Arte e Xeografía* 6: 85-98.  
<https://revistas.webs.uvigo.es/index.php/mns/article/view/2933> (consultada 18/04/2020)
- SIERRA BERNARDINO E. (2016) *La heterodoxia protestante en la edad contemporánea: antecedentes, génesis y evolución de las Asambleas de Hermanos (Galicia 1869-1931)*. Tese de doutoramento. Universidade de Vigo  
<http://hdl.handle.net/11093/602> (consultada 23/06/2020)

## *A represión franquista en Gondomar*

**ELENA CRESPO FERNÁNDEZ<sup>1</sup>**

### RESUMO

*Durante a Guerra Civil, en Gondomar non chegou a haber un enfrontamento armado entre sublevados e partidarios da República. Non obstante, o pobo tamén foi participante da axitación que experimentaba o país. Así, aínda que os momentos de maior alteración se viviron entre o día 20 e o día 24 de xullo de 1936, a represión franquista, que cedo foi imposta en toda España, manifestouse tamén de forma notable en Gondomar.*

*A represión levada a cabo polo franquismo foi tanto extranormativa como normativa, e non foron poucos os que na vila sufriron as consecuencias da mesma; os mestres represaliados, os "paseados", os "fuxidos", e os encausados, foron protagonistas daquela época de incertidume.*

**PALABRAS CHAVE:** Guerra Civil, Gondomar, paseados, fuxidos, represión, franquismo, 1936, Golpe de Estado.

### SUMMARY

*During the Civil War, in Gondomar there was no armed confrontation between insurgents and supporters of the Republic. However, the people were also involved in the unrest the country was experiencing. Thus, although the moments of greatest alteration were lived between the 20th and the 24th of July 1936, the Francoist repression that was soon imposed throughout Spain also manifested itself remarkably in Gondomar.*

*The repression carried out by the Franco regime was both extranormative and normative, and there were not a few in the town who suffered the consequences of it; the retaliated masters, the "walkers", the "fugitives", and the indicted, were the protagonists of that time of uncertainty.*

**KEY WORDS:** Civil War, Gondomar, walks, fugitives, repression, Francoism, 1936, Coup d'etat.

<sup>1</sup> elenacrespofdez@gmail.com

## INTRODUCCIÓN

O presente estudo pretende analizar a represión franquista no concello de Gondomar durante a guerra civil a partir de fontes orais, dos sumarios incoados pola xurisdición de guerra, dos Rexistros Cívís e da escasa bibliografía existente sobre a cuestión. Centraremos no estudo da represión física, deixando de lado outras modalidades represivas, como a represión económica, administrativa, social, cultural e psicolóxica, cuxa análise sobrepasa as posibilidades dunha investigación desta natureza pero que serviron igualmente para asegurar a dominación e o sometemento da poboación, polo que tamén requirirían dunha análise en detalle que aquí non podemos abordar. Con isto, non se pretende dar a entender que as vítimas provocadas pola instauración do réxime franquista non sexan importantes para explicar a súa consolidación.

En primeiro lugar, cómpre advertir que o golpe de Estado en Gondomar triunfou cedo, xa que a resistencia na vila durou escasamente catro días. Por este motivo, o traballo que se expón a continuación céntrase nos anos durante os que se desenvolveu a guerra civil. A pesar de que o seu título «A represión franquista en Gondomar» pareza poder estenderse a todo o período franquista, o momento da guerra, e máis concretamente os primeiros días da mesma, parecen ter unha maior importancia. Foi neste momento cando verdadeiramente a maior parte da sociedade comezou a comprender e experimentar na súa propia pel o cambio que se estaba a dar, sendo moitos os perseguidos polas súas ideas e véndose obrigados a modificar moitos dos seus costumes.

A pesar de que naquel momento Gondomar era unha vila moito máis pequena e illada do que é hoxe, contando no censo de 1930 con 8.219 persoas e no de 1940 con 8.570<sup>1</sup>, durante a guerra, e sobre todo durante aqueles primeiros días, a violencia tivo a súa presenza como noutras moitas partes de España.

O impacto que o réxime que se estaba a implantar no país e as crueldades que se cometeron produciron nas persoas que o viviron quedaron tristemente moi arraigadas na súa conciencia. Tal é así, que os que daquela eran nenos e adolescentes, aínda hoxe lembran a axitación daqueles días de cambio. Dende unha óptica social e unha conciencia comprometida co pasado, comprender a realidade daqueles anos en Gondomar é aínda hoxe un asunto pendente para os que buscan respostas aos acontecementos que as súas familias tiveron que vivir, e en máis dunha ocasión sufrir e calar. Agardamos que tamén sexa de interese para todos aqueles dispostos a comprender a realidade dese pasado que máis dunha vez foi silenciado e esquecido, e que non obstante, e precisamente tamén por iso, aínda hoxe ten unha pegada innegable no transcorrer do noso tempo.

Así pois, o estudo dos acontecementos que en Gondomar se produciron durante a guerra civil móstrase case como unha conta pendente que a vila ten co seu pasado. Tamén en Gondomar se sufriu a represión franquista que dá título a este traballo e nada hai que xustifique o esquecemento daqueles anos dos que somos herdeiros.

---

1 INE. Censos de poboación. Disponibles en <http://www.ine.es/inebaseweb/pdfDispacher.do?td=108631&ext=.pdf> e <http://www.ine.es/inebaseweb/pdfDispacher.do?td=120515&ext=.pdf>. Consultado o 19/05/2017.



## METODOLOXÍA E FONTES

### Bases metodolóxicas

Dende o punto de vista metodolóxico, para o desenvolvemento das seguintes páxinas, foi preciso realizar unha primeira selección entre a numerosa bibliografía existente sobre a temática da represión franquista, profundando especialmente naqueles traballos que se centran en Galicia e nas contadas publicacións referidas a Gondomar. Neste senso, cómpre aclarar que neste traballo optamos polo emprego do concepto de *represión*, aínda que na actualidade existe certo debate historiográfico ao referirse á dinámica levada a cabo polos sublevados para impor o seu poder e utilízanse termos como *xenocidio*, *violencia política*, ou mesmo *limpeza*<sup>2</sup>. Tal variedade de expresións responden ao intento de cualificar o complexo aparello implantado polos sublevados que, nutríndose do seu propio terror, foron quen de impor o seu proxecto de dominación política e social.

A continuación analizaranse os sumarios incoados pola xurisdición de guerra para estudar en detalle as xornadas inmediatamente anteriores e posteriores ao golpe de Estado na vila e investigar a represión baseada na aplicación dos bandos de guerra e do Código de Xustiza Militar. Os datos obtidos do estudo dos sumarios militares, concretamente as causas 644/1936, 718/1936, 772/1936, 805/1936, 816/1936, 847/1936, 892/1936 e 1376/1936, foron organizados mediante o xestor de datos Access. Nel rexistráronse as principais referencias obtidas dos procedementos xudiciais co fin de facilitar o seu estudo dando protagonismo aos procesados nas causas, que figuran nos anexos do traballo cos seus datos máis relevantes.

Finalmente procedeuse ao baleirado dos Rexistros Cívís para determinar quen foron os asasinados extranormativamente, é dicir, á marxe da propia normativa empregada polos rebeldes. Os datos obtidos destas dúas fontes principais foron contrastados coas fontes orais empregadas na investigación para obter unha imaxe o máis completa posible do proceso represivo no concello de Gondomar.

### A problemática das fontes

Os sumarios militares constitúen a fonte máis rica para o estudo da violencia política e a represión franquista, xa que neles se incorpora unha enorme cantidade de documentos diversos. Non obstante, a fiabilidade desta fonte de estudo ha de matizarse, pois tense comprobado, mediante estudos concretos e a partir da memoria daqueles que presenciaron consellos de guerra, que as sentenzas ditadas polos mesmos, as máis das veces, estaban xa establecidas previamente. Con todo, son unha fonte moi importante para o coñecemento da resistencia que atopou o golpe e da represión implementada dende o triunfo da sublevación.

Así mesmo, e en relación á súa fiabilidade para o estudo da represión, téñense levado a cabo estudos que pretenden discernir o peso que as versións das diferentes testemuñas presentes nos procesos tiveron nas sentenzas finais; tales estudos, aínda

---

2 Vid., neste senso, as diferentes achegas ao dossier da revista *Hispania Nova*, núm. 10 (2012), coordinado por Julio Aróstegui, Jorge Marco e Gutmaro Gómez Bravo, titulado *De Genocidios, Holocaustos, Exterminios...*

hoxe, non permitiron chegar a determinar unha clara preferencia polas versións de determinados grupos sociais, aínda que, desde logo, os informes emitidos polos cregos e pola Garda Civil considéranse esenciais para a modulación das penas.

Ben diferente é a problemática que presenta o uso dos Rexistros Civís como fontes para o estudo da represión. En primeiro lugar, non existe un criterio metodolóxico unánime á hora de cuantificar as vítimas da represión física con resultado de morte. O Decreto número 67 do 11 de novembro de 1936 establecía que as inscricións de falecidos ou a desaparicións de persoas debían facerse nos Rexistros Civís dos seus últimos domicilios<sup>3</sup>. Na práctica, na inmensa maioría das ocasións, os asasinados extraxudicialmente foron inscritos no Rexistro Civil do concello no que os seus cadáveres eran atopados, xa que o seu domicilio adoitaba ser descoñecido para os que realizaban o achado.

Por outra banda, e en relación coa cuestión da contabilización xeográfica das vítimas, a historiografía atópase dividida entre os que se inclinan polo criterio de veciñanza e os que o fan polo lugar de inscrición. Incluso non faltan exemplos de bases de datos que combinan ambos criterios<sup>4</sup>, co conseguinte risco de duplicidades no caso de que non se crucen correctamente os rexistros, o que levaría a un incremento artificial no número de vítimas. No seguinte estudo, e dado que o seu contido pretende achegarse á experiencia que viviron os gondomareses daquel tempo, engadíranse aquí non soamente as vítimas mortais veciñas da localidade, senón tamén aquelas que, non sendo, foron asasinadas ou apareceron nas súas inmediación contextualizando o terror na vida daqueles veciños.

En terceiro lugar, é preciso ter en conta que nos rexistros de defuncións adoita aparecer como causa da morte non o feito violento en si senón os efectos que provoca este. Deste xeito, moitos dos que foron asasinados figuran como falecidos por hemorraxias internas ou externas, cerebrais ou de tórax, non sendo doado diferencialos dos finados por causas naturais. O feito de detallar a causa última da morte, sen especificar se esta fora ou non violenta e baixo o pretexto de protexer a intimidade das vítimas, daba á represión certa seriedade e aparencia de legalidade sendo este un fenómeno aceptado socialmente. Tal procedemento viña establecido no artigo 86 da Lei Provisional do Rexistro Civil de 1870<sup>5</sup>.

Por último, e independentemente da facilidade para distinguir aqueles que morreron por mor da represión daqueles outros que o fixeron por outras causas, está a cuestión de que, en moitos casos, os defuntos nin sequera se chegaban a inscribir no Rexistro. Tal realidade complica moito o coñecemento das vítimas mortais, pois moitas apareceron en lugares tan remotos aos seus propios domicilios que se rexistran como descoñecidos nas localidades onde aparecen, e, en moitos casos, os seus familiares nin sequera chegaron a ter coñecemento do lugar e a data onde asasinaron os seus seres queridos. Non acontece o mesmo coas execucións levadas a cabo polos consellos de guerra, xa que os xuíces instrutores decretaban a inscrición no Rexistro da morte do reo.

Por outro lado, e xa para concluír, é preciso indicar que a información que se pode obter das fontes orais para a reconstrución dos feitos é indispensable. Por medio da

---

3 J. PRADA RODRÍGUEZ (2011): *Geografía de la Represión Franquista*, Madrid, Catarata: 94.

4 No caso de Galicia, por exemplo, o *Proxecto Nomes e Voces*.

5 J. PRADA RODRÍGUEZ (2011): *Geografía de la Represión Franquista*, Madrid, Catarata: 95.

historia oral pódese chegar a colectivos que tamén sufriron a represión e dos que practicamente non quedaron testemuños escritos; é o caso dos nenos e das mulleres. Emporiso, a historia oral, a pesar de permitir unha visión amplísima do fenómeno da represión, ha de analizarse con coidado. Debe de ter en conta que a memoria é selectiva e establece filtros no recordo incluso de forma inconsciente e sistemática, deformándoo e mesturándoo en moitos casos con outros coñecementos adquiridos con posterioridade.

### Estado da cuestión

Ao afondar na temática da guerra civil e a represión franquista, axiña se comprende que, a nivel estatal, existe un considerable abano de estudos sobre o tema. Dende o cincuenta aniversario do comezo da contenda véñse elaborando unha considerable produción literaria sobre a mesma, aínda que non toda da mesma calidade, o que se veu favorecido pola apertura dos arquivos militares, a promulgación da Lei 52/2007, denominada habitualmente de *Memoria Histórica*, e o apoio e interese de diversas institución e universidades para o estudo do pasado máis recente.

A bibliografía sobre a violencia e a represión durante a Guerra Civil experimentou unha considerable transformación nos últimos dez anos. Hoxe, a historiografía española é moi diferente da que existía hai varias décadas, pois novas preguntas, fontes e metodoloxías, permiten afondar nas lóxicas internas trasladando o antigo foco de atención dende as vítimas aos verdugos<sup>6</sup>.

Aínda así, no estudo da represión franquista predominan as investigacións de ámbito local, onde teñen un gran peso os acontecementos dos meses de verán e outono de 1936. A análise a escala reducida de ámbitos concretos permite a realización de estudos máis minuciosos e profundos, que achegan información particular das diferentes dinámicas que existiron segundo a zona e as súas circunstancias, o que a análise comparativa en bloques non contemplaba<sup>7</sup>. Así, e a través da información que os arquivos militares, o Rexistro Civil e a oralidade ofrecen, xunto cos congresos realizados arredor da temática da represión franquista<sup>8</sup>, estanse levando a cabo estudos moi interesantes sobre as dinámicas da violencia local durante a guerra que enriquecen a súa visión xeral, sen dúbida, nada estática.

Non obstante, este tipo de publicacións moitas veces pode incorrer en análises en exceso descritivas que non responden as preguntas e discusións ligadas ao conflito e cun compoñente esaxeradamente emocional e particular. Con todo, co enfoque ade-

6 Neste senso, unha síntese da bibliografía máis relevante aparecida nos últimos dez anos sobre a guerra civil pode verse en Á. VIÑAS e J. A. BLANCO (dirs) (2017): *La Guerra Civil Española, una visión bibliográfica*, Marcial Pons Digital.

7 S. VEGA SOMBRÍA (2011): *La política del miedo. El papel de la represión en el franquismo*, Barcelona, Crítica, e J. PRADA (2010): *La España masacrada. La represión franquista de guerra y posguerra*, Madrid, Alianza Editorial.

8 F. ALÍA MIRANDA e Á. R. DEL VALLE CALZADO (2008): *La Guerra Civil en Castilla-La Mancha. 70 años después*, Cuenca, Universidad de Castilla-La Mancha e J. CHAVES (coord.) (2009): *Memoria e investigación en torno al setenta aniversario del final de la Guerra Civil*, Badajoz, Diputación de Cáceres-Universidad de Extremadura.

cuado, neste ámbito pódense realizar estudos moi interesantes que descubren acontecementos dos que non se tiñan apenas noticias<sup>9</sup>.

O entendemento da violencia desde un punto de vista cualitativo permitiu nos últimos dez anos o estudo comparativo sobre a súa evolución, que se estendeu ao estudo dos campos de concentración e os cárceres<sup>10</sup>. Tamén compre subliñar as distintas investigacións relativas á interpretación multidimensional da violencia<sup>11</sup>, segundo a cal a física estaría nun estrato inferior; a violencia económica, administrativa, social e cultural nun nivel intermedio; e as estruturas mentais autorreprimidas nun nivel superior. Tal enfoque resulta moi enriquecedor pois permite estudar a interrelación entre as diferentes modalidades represivas que se levaron a cabo durante o franquismo. Neste punto, fálase dun suxeito colectivo que xorde do sufrimento individual<sup>12</sup> en contraposición aos sublevados.

As últimas publicacións sobre a guerra civil e a represión tratan de aproximarse á relación que esta tivo coa segunda república, co golpe de Estado, coa resistencia armada e co fenómeno dos fuxidos. Interesa o coñecemento da retagarda, e o papel e características que a violencia tivo neste ámbito<sup>13</sup>. Deste xeito, o estudo da violencia esténdese de maneira variable cara á retagarda<sup>14</sup>, resultando ser unha das renovacións metodolóxicas máis importantes dos últimos dez anos<sup>15</sup>. En relación aos estudos sobre a retagarda, ten peso a lectura que se dá do inimigo político como deshumanizado<sup>16</sup>, que por suposto non deixa de xerar certo debate entre os historiadores.

9 Neste punto cómpre destacar a primeira síntese de ámbito galego de J. DE JUANA e J. PRADA RODRÍGUEZ (coords.) (2006): *Lo que han hecho en Galicia. Violencia política, represión y exilio (1936-1939)*, Barcelona, Crítica; e as diferentes monografías provinciais: E. GRANDÍO SEOANE (1994): *Coruña en el siglo XX*, A Coruña, Vía Láctea e ÍD (2000): *Años de guerra*, Oleiros, Vía Láctea; M. JESÚS SOUTO (1998): *La represión franquista en la provincia de Lugo (1938-1940)*, Santiago, Universidade de Santiago de Compostela; J. PRADA (2006): *De la agitación republicana a la represión franquista. Ourense, 1934-1939*, Barcelona, Ariel e ÍD (2004): *Ourense, 1936-1939. Alzamento, Guerra e Represión*, Sada, Ed. do Castro; D. PEREIRA (2003): "Os Mortos esquecidos, radiografía da represión franquista nun pequeno concello rural, o caso de Cerdedo (Pontevedra)", en *A represión franquista en Galicia: actas dos traballos presentados ao Congreso da Memoria*; Narón; e A. RODRÍGUEZ GALLARDO (2008): *Memoria e silencio na Galicia contemporánea*, Tui, Alén Miño. Cabe mencionar que, para a provincia de Pontevedra, aínda hoxe se bota en falta unha obra de conxunto homologable ás anteriores.

10 Á. EGIDO LEÓN e M. EIROA SAN FRANCISCO: «Los campos de concentración franquistas: del olvido a la memoria», en J. CUESTA (dir.) (2008) *Memorias históricas de España (siglo XX)*, Madrid, Fundación F. Largo Caballero. No ámbito galego resultan fundamentais os traballos sobre prisións de D. RODRÍGUEZ TEIJEIRO (2010): *Presos e prisións na Galicia de guerra e de posguerra*, Vigo, Galicia; e (2011): *Las cárceles de Franco*, Madrid, Los Libros de la Catarata.

11 Neste senso destaca o traballo mencionado de J. DE JUANA e J. PRADA RODRÍGUEZ (coords.) (2006): *Lo que han hecho en Galicia. Violencia política, represión y exilio (1936-1939)*, Barcelona, Crítica.

12 F. ESPINOSA (coord.) (2010): *Violencia roja y azul. España, 1936-1950*, Barcelona, Crítica; R. C. CANCIO FERNÁNDEZ (2007): *Guerra Civil y Tribunales: de los jurados populares a la justicia franquista (1936-1939)*, Cáceres, Servicio de Publicaciones de la Universidad, e G. GÓMEZ BRAVO e J. MARCO (2011): *La obra del miedo. Violencia y sociedad en la España franquista (1936-1950)*, Barcelona, Península.

13 M. THOMAS (2014): *La fe y la furia. Violencia anticlerical popular e iconoclastia en España*, Granada, Comares, e F. JIMÉNEZ HERRERA (2014): «El Comité de Investigación Pública a través de la documentación custodiada en el Archivo General Militar de Madrid». *Hispania Nova*, núm. 12, <http://erevistas.uc3m.es/index.php/HISPNOV/article/view/2002>.

14 J. CANAL e E. GONZÁLEZ CALLEJA (eds.) (2012): *Guerras civiles. Una clave para entender la Europa de los siglos XIX y XX*, Madrid, Casa de Velázquez.

15 J. RODRIGO (2009): «Presentación. Retaguardia: un espacio de transformación», *Ayer*, núm. 76: 13-36.

16 F. DEL REY (dir.) (2011): *Palabras como puños. La intransigencia política en la Segunda República española*, Madrid, Tecnos.

Non obstante, outros autores<sup>17</sup> consideran que o contexto da guerra non explicaría o «delirio colectivo» que se produciu<sup>18</sup> e interpretan a violencia revolucionaria como causada, en parte, pola conflitividade social da etapa republicana, deixando de lado o estudo da distinta evolución das fronteiras e a retagarda<sup>19</sup>. Segundo esta interpretación, o golpe e o terror que a partir do mesmo se xera presentábase como resultado lóxico da experiencia republicana, malia que ambas zonas compartiron tácticas exterminadoras<sup>20</sup>. Así mesmo, tamén se relaciona de forma directa a violencia do franquismo, especialmente nas zonas rurais, co acceso ao poder de sectores á marxe das redes tradicionais que conformaban o poder local, o que daría paso a unha brutal expresión de violencia franquista<sup>21</sup>; de feito, non falta quen sostén que a eliminación das bases sociais e políticas da Segunda República foi máis precisa e exhaustiva nas vilas pequenas<sup>22</sup>.

Evidentemente, a importancia dos conflitos sociais e políticos previos tivo relación coa dimensión da represión franquista, pero dentro dun amplo e complexo repertorio de comportamentos violentos. Así mesmo, dende un punto de vista psicolóxico, as expectativas de cambio que xerou na poboación o período febreiro-xullo de 1936 influirían de forma significativa na brutalidade da represión<sup>23</sup>, e a propia violencia retroalimentaríase de si mesma para xerar un círculo vicioso do que se nutriu o réxime<sup>24</sup>.

Dentro do marco de análise diacrónica da violencia, o proceso de institucionalización da ditadura foi moi estudado nos últimos anos, o que aumentou de forma considerable o coñecemento xeral do proxecto franquista e en particular da violencia como parte da propia natureza da ditadura<sup>25</sup>. Neste senso, os estudos deixan de enfocarse unicamente no protagonismo estatal e aproxímanse ás dinámicas particulares nas que as delacións e denuncias sustentadas sobre a degradación das formas de vida comunitaria se converten nun excepcional medio de aproximación á implicación

17 J. RUIZ (2011): «Las metanarraciones del exterminio». *Revista de libros de la Fundación Caja Madrid*, núm.172: 8-12.

18 Véxase tamén S. PAYNE (2005): *El colapso de la República. Los orígenes de la guerra civil*, Madrid, La Esfera de los Libros.

19 Neste senso, existen novedosos traballos sobre a utilización da poboación como arma de guerra; un exemplo sería J. MATHEWS (2013): *Soldados a la fuerza. Reclutamiento obligatorio durante la Guerra Civil, 1936-1939*, Madrid, Alianza Editorial.

20 J. ARÓSTEGUI, J. MARCO y G. GÓMEZ BRAVO (coords.) (2012): *Sobre Genocidios, Holocaustos y Exterminios. Sobre los procesos represivos en la España durante la guerra civil y la dictadura franquista, dossier de Hispania Nova*, núm. 10, <http://hispanianova.rediris.es/10/dossier.htm>.

21 A obra de conxunto máis recente na que se pode ver esta temática é a de E. GONZÁLEZ CALLEJA, F. COBO ROMERO, A. MARTÍNEZ RUS e F. SÁNCHEZ PÉREZ (2015): *La Segunda República española*, Barcelona, Pasado y Presente: 637-975.

22 C. GIL ANDRÉS (2006): *Lejos del frente. La guerra civil en la Rioja Alta*, Barcelona, Crítica; C. GIL ANDRÉS (2006): «Vecinos contra vecinos. La violencia en la retaguardia riojana durante la Guerra Civil», *Historia y Política*, núm. 16: 109-130, e J. MARCO (2012): *Guerrilleros y vecinos en armas. Identidades y culturas de la resistencia antifranquista*, Granada, Comares.

23 J. PRADA (2006): *De la agitación republicana a la represión franquista. Ourense, 1934-1939*, Barcelona, Ariel.

24 C. GONZÁLEZ MARTÍNEZ e M. ORTIZ HERAS (2010): «Control social, control policial en la dictadura franquista», *Historia del Presente*, núm. 16: 143-152; G. GÓMEZ BRAVO (coord.) (2011): «Introducción: Violencia y espacio público en la sociedad contemporánea», *Cuadernos de Historia Contemporánea*, núm. 33: 13-72.

25 L. STUDER, G. RAMOS, V. HEREDERO e A. LEÓN: 2013: «La violencia política y social durante el franquismo en el archipiélago canario (1936-1975)», en M. Á. CABRERA e P. RIVERO (coords.), (2010): *Luces sobre un tiempo en gris. Exposición bibliográfica sobre la represión franquista en Canarias*, Santa Cruz de Tenerife, Servicio de Publicaciones de la Universidad de La Laguna: 25-70.

social da violencia durante a guerra e tamén durante o franquismo. Deste xeito, as análises sobre a consolidación institucional do franquismo, na actualidade, céntranse nunha historia sociocultural, pois a natureza política da ditadura de Franco, en cuxos estudos se dá grande importancia ás súas vertentes máis violentas<sup>26</sup>, esperta un grande interese nos historiadores.

Así mesmo, a historiografía ten profundado na existencia dunha “cultura punitiva” que arraigou durante o tempo da guerra e se prolongou durante os anos máis duros da posguerra<sup>27</sup>. Non obstante, os traballos máis modernos mostran que a ideoloxía do réxime non tratou de impoñerse unicamente desde a represión ou a coerción social, senón na colaboración desde abaixo, fomentada sobre todo a través de actitudes cotiás, por suposto, moduladas pola violencia<sup>28</sup>. Neste punto, a doutrina social cristiá serviu de aglutinante e base de captación de apoios sociais, ademais de pretexto para o perdón dos abusos e inxustizas.<sup>29</sup>

Así, nos últimos anos avanzouse de forma significativa no coñecemento dos aparellos de xestión e administración da violencia<sup>30</sup>, en parte, grazas á maior accesibilidade á información custodiada nos arquivos militares e ao maior interese polos batallóns de traballadores e o sistema penitenciario franquista. Nestes enriquecedores traballos, non faltan as asociacións da natureza do franquismo co patrón concentracionario fascista no que estaría incluído<sup>31</sup>. Neste senso, os traballos sobre as institucións punitivas que se viñan realizando dende pouco antes do 2000 seguen existindo e enriquecécese na actualidade de novos fondos documentais, como os do Tribunal de Contas, e da investigación sobre a historia da prisión<sup>32</sup>. De feito, a reflexión sobre a explotación dos prisioneiros e presos republicanos por parte de institucións públicas e privadas nas diferentes unidades militarizadas de traballos forzados, nutríndose incluso da criminoloxía e dos estudos de longa duración<sup>33</sup>, foi quizais a achega máis notable nos últimos anos<sup>34</sup>.

26 C. HERNÁNDEZ BURGOS (2013): *Franquismo a ras de suelo. Zonas grises, apoyos sociales y actitudes durante la dictadura (1936-1976)*, Granada, Universidad de Granada; J. PRADA (dir.) (2014): *No solo represión. La construcción del franquismo en Galicia*, Madrid, Biblioteca Nueva.

27 M. Á. DEL ARCO BLANCO (2009): «El secreto del consenso en el régimen franquista: cultura de la victoria, represión y hambre», *Ayer*, núm. 76,:245-268; M. Á. DEL ARCO BLANCO e C. HERNÁNDEZ BURGOS (2011): «Más allá de las tapias de los cementerios: la represión cultural y socioeconómica en la España franquista (1936-1951)», *Cuadernos de Historia Contemporánea*, núm. 33: 71-93; C. HERNÁNDEZ BURGOS (2011): *Granada azul. La construcción de la «Cultura de la Victoria» en el primer franquismo*, Granada, Comares.

28 C. MOLINERO (2006): «El reclamo de la “justicia social” en las políticas de consenso del régimen franquista», *Historia Social*, núm. 56: 93-11

29 Para as principais aportacións metodolóxicas na renovación dos estudos penitenciarios e a súa aportación recente ao estudo do franquismo, véxase C. ORTIZ (coord.) (2013): *Lugares de represión, paisajes de la memoria. La cárcel de Carabanchel*, Madrid, Los Libros de la Catarata.

30 M. ÁLVARO DUEÑAS (2006): «Por Ministerio de la ley y voluntad del Caudillo». La Jurisdicción Especial de Responsabilidades Políticas (1939-1945), Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales.

31 J. RODRIGO (2010): «Trabajar para el enemigo. Campos de concentración y trabajo forzoso en la guerra y la posguerra», *Andalucía en la Historia. Dossier Nuevas miradas sobre la Guerra Civil*, núm. 30: 26-29.

32 P. OLIVER OLMO e J. C. URDA LOZANO (coords.) (2014): *La prisión y las instituciones punitivas en la investigación histórica*, Cuenca, Ediciones de la Universidad de Castilla La Mancha.

33 J. BARAJAS e E. DÍAZ (2007): *Batallones disciplinarios (esclavos del Franquismo)*, Barcelona, Asociación per a la Memòria Històrica i Democràtica del Baix Llobregat.

34 J. M. GASTÓN e F. MENDIOLA (coords.) (2007): *Los trabajos forzados en la dictadura franquista*, s. l., Instituto Gerónimo de Uztáriz.

Por primeira vez, na historiografía española fálase das cuestións patrimoniais da guerra, dos memoriais e do aspecto educativo que se pode obter do estudo daquel tempo e búscase un novidoso achegamento ás cuestións da violencia a partir da cultura material<sup>35</sup>. Non obstante, aínda haberá que seguir apostando por análises sobre a violencia, a través de canles de traballo xunto a ciencias como a Xeografía, a Arqueoloxía, o Dereito e a Antropoloxía.

Parece que un dos maiores retos que quedan pendentes para a historiografía española é o de abandonar definitivamente os recontos de feitos e atrocidades e centrar os estudos na comprensión e interpretación das verdadeiras dimensións e lóxicas que moveron a violencia e a represión durante a guerra<sup>36</sup> e que se prolongaron aínda na posguerra<sup>37</sup>.

No caso de Galicia, as obras sobre o estudo da represión franquista e a guerra civil son máis limitadas. Non obstante, existen moi bos estudos que tratan a retagarda galega e os seus acontecementos de posguerra. É común que estes traballos se inicien coa contextualización dos espazos aos que fan referencia, durante o inicio dos anos trinta, e se analice a represión que durante a guerra se efectuou naqueles lugares dos que tratan dende unha óptica cuantitativa e cualitativa. Neste senso, predominan as análises sobre os distintos tipos de violencia que se levaron a cabo sobre a poboación galega, así como da súa dinámica, as súas motivacións<sup>38</sup> e a súa relación co tempo anterior e posterior á guerra<sup>39</sup>. Así mesmo, dáselle moita importancia ás características da nova orde, tanto institucionais como políticas, e tanto no ámbito local<sup>40</sup> como no provincial<sup>41</sup>.

Xa para tratar o tema da represión franquista en Gondomar, dicir que o *Instituto de Estudos Miñoráns* conta con algunha publicación que, aínda que breve, permite achegarse á cuestión da guerra civil na vila e na contorna. Moita información chegou ao estudo da represión franquista na vila a escavación realizada entre o ano 2008 e 2009 en San Xián, dirixida por Xosé Lois Pedreira e o Instituto de Estudos Miñoráns<sup>42</sup>.

Así mesmo, o traballo de Carlos Meixome Quinteiro tamén achega unha grande información en relación aos aparecidos mortos nas cunetas de Vincios, ademais de

35 A. GONZÁLEZ RUIBAL (2015): *Volver a las trincheras. Una arqueología de la Guerra Civil española*, Madrid, Alianza Editorial.

36 G. GÓMEZ BRAVO e R. PALLOL (eds.) (2015): *Actas del Congreso Posguerras. 75 aniversario del fin de la guerra civil española*, Madrid, Fundación Pablo Iglesias.

37 J. ARÓSTEGUI (coord.) (2012): *Franco: la represión como sistema*, Barcelona, Flor del Viento.

38 E. GRANDÍO SEOANE, J. PRADA RODRÍGUEZ, e D. PEREIRA (2011): "Vinieron por nosotros...La represión paralegal durante la guerra civil. El caso de Galicia" en *Nuevos horizontes del pasado. Culturas políticas, identidades y formas de representación: Actas del X Congreso de la Asociación de Historia Contemporánea. Actas del X Congreso de la Asociación de Historia Contemporánea*, 121.

39 J. PRADA RODRÍGUEZ (2004): *Ourense, 1936-1939. Alzamento, Guerra e Represión*, Sada, Ed. do Castro; e J. DE JUANA e J. PRADA RODRÍGUEZ (coords.) (2006): *Lo que han hecho en Galicia. Violencia política, represión y exilio (1936-1939)*, Barcelona: Crítica.

40 D. PEREIRA (2003): "Os Mortos esquecidos, radiografía da represión franquista nun pequeno concello rural, o caso de Cerdedo (Pontevedra)", en *A represión franquista en Galicia: actas dos traballos presentados ao Congreso da Memoria*; Narón.

41 M. JESÚS SOUTO (1999): *Los apoyos al régimen franquista en la provincia de Lugo (1936-1940). La corrupción y la lucha por el poder*, Santiago, Universidade de Santiago de Compostela.

42 *Atopados. A fosa de San Xián*. (2017). PDF en liña, Gondomar: Instituto de Estudos Miñoráns. Todos los nombres en [http://www.todoslosnombres.org/sites/default/files/documento446\\_0.pdf](http://www.todoslosnombres.org/sites/default/files/documento446_0.pdf). Consultado 3/04/2017.

datos relativos aos fuxidos da contorna<sup>43</sup>. Sobre os fuxidos, e a súa vinculación con Gondomar, tamén resulta interesante a biografía de Placeres Castellanos Pan realizada por Elsa Quintas Alborés<sup>44</sup>.

## O GOLPE DE ESTADO EN GONDOMAR

Tralo trunfo da Fronte Popular e o cambio de maiorías nas eleccións legislativas de 1936, José Pequeño volveu ao posto de alcalde, que tivera que abandonar en 1933, en substitución de Domingo Bravo Caneda. Ata o estoupido da guerra civil, agás o emotivo discurso do alcalde dende o balcón do concello no aniversario da proclamación da República non se experimentaron acontecementos de entidade. Durante a República en Gondomar non se levara a cabo ningún movemento de masas e ao máximo momento de conflictividade que se chegou foi á convocatoria dunha folga xeral de panadeiros que non se chegou a realizar por declararse o estado de guerra<sup>45</sup>.

Nas vésperas do pronunciamento militar do xeneral Franco, a vila contaba cunha considerable participación nos movementos asociativos, que aumentara durante o tempo republicano pero que xa viña collendo forza dende os anos vinte; asemade, as sociedades agrarias tiñan representatividade en tódalas parroquias. A maior parte dos mestres eran republicanos e asociábanse arredor da Sociedade de Mestres Nacionais, os panadeiros na de Obreiros Panadeiros e os albaneis no sindicato do Ramo da Construción, que en 1932 contaba con 152 afiliados<sup>46</sup>. Tódalas asociacións contaban con locais nas parroquias, e na vila atopábase a Casa do Pobo, no lugar da Feira, onde se reunían todos os sindicalistas.

Tal e como se indica na causa 718/1936, o día 20 de xullo o presidente do sindicato Obreiro adherido á U.G.T. do Ramo da construción e oficios varios de Gondomar, Joaquín Míguez Ledo, estaba ás 9 da mañá botando unhas cartas no correo de Gondomar, cando foi sorprendido por un ciclista que viña de Vigo coa noticia de que debía declarar a folga xeral en tódolos oficios, pois xa se fixeran na Casa do Pobo de Vigo e noutras localidades da contorna. Deste xeito, Joaquín Míguez Ledo convocou unha reunión para as dúas da tarde no lugar da Feira á que debían asistir todos os socios e á que tamén convidou o Alcalde da vila.

Malia que aquela reunión finalmente se celebrou ás catro da tarde, nela tomáronse decisións claves para o transcorrer dos vindeiros días. Primeiro, esixiuse a saída do local a todos aqueles menores de 19 anos, polo que o secretario Marcial Mariño de tan só 17 anos, quen parece ser que exercía o cargo pola súa boa caligrafía, debeu abandonar a estancia. Tras este primeiro cribado, entre os maiores de idade aceptouse o paro xeral e o presidente suxeriu que o pobo debía armarse, pois tiña noticia que tamén así o fixeran en concellos como o de Baiona e Nigrán. Aquela proposta desatou unha discusión na que non faltaron comentarios como os do obreiro Marcelino García, quen non

43 *A estrada da morte*. (2006). PDF en liña, C. Meixome, O portal do Val Miñor en <https://valminor.info/opinion/cartas-ao-director?start=115>. Consultado 2/04/2017.

44 E. QUINTAS ALBORÉS (2008): *Placeres Castellanos*, Santo Tirso, A Nosa Terra.

45 J. L. MOSQUERA VELEIRO, A. SOLIÑO TRONCOSO, A. SOLIÑO TRONCOSO e M. SOLIÑO TRONCOSO (1995): *Gondomar, Historia, Arte e Territorio*, Vigo, Ir Indo: 59-60.

46 J. L. MOSQUERA VELEIRO, A. SOLIÑO TRONCOSO, A. SOLIÑO TRONCOSO e M. SOLIÑO TRONCOSO (1995): *Gondomar, Historia, Arte e Territorio*, Vigo, Ir Indo: 52.



consideraba mester do sindicato levar a cabo tal campaña: “si el Gobierno de Madrid quería que le defendieran mandase fusiles y ametralladoras, queriendo dar a entender con esta frase que le parecía ridículo querer oponerse al ejército con escopetas de caza, y con el propósito de que desistiesen”.

En medio daquel rebumbio, o presidente do sindicato buscou apoio no alcalde preguntando sobre as medidas que ía tomar para opoñerse ao movemento militar iniciado xa en varios puntos de España. Segundo os alí presentes, Manuel Domínguez Sanromán e Manuel Franco, o edil pediu que, por atoparse enfermo, non o molestasen, malia que se declarou a favor dos obreiros. Neste punto, Marcelino Suárez Iglesias alegou na causa 718/1936 que o Alcalde se comprometera a proporcionarlles municións sempre e cando a sociedade puxese as armas. De feito, o mesmo Marcelino indica que aquela mesma noite solicitou a Núñez, o único ferraxeiro da vila, que lle entregase á mañá seguinte cartuchos baleiros, pólvora, perdigóns e demais ingredientes para cargalas<sup>47</sup>.

Finalmente, como a Garda Civil de Gondomar debía estar concentrada en Vigo, acordouse que se formarían patrullas de obreiros armados que en dúas roldas, unha pola noite e outro polo día, vixiarían á vila para teoricamente impedir que no contexto da folga non se producisen desmandos. Así, xa aquela tarde os obreiros desfilaron pola vila apuntando coas súas escopetas a aqueles que espreitaban dende as fiestras. Foi o caso de José Ramón Crespo Méndez, quen, a pesar de ser daquela un neno de sete anos, aínda hoxe lembra aquel episodio<sup>48</sup>.

Naquel contexto de axitación, é preciso non esquecer que os obreiros trataban de defender a legalidade republicana contra un golpe de Estado, aínda que en moitos casos o fixesen superando os límites do que sería moralmente correcto e xusto. En calquera caso, e aínda que non se trata de comparar, os seus mecanismos non chegaron a ser como os logo mellorados e utilizados sistematicamente polos sublevados a medida que gañaron territorio e aínda durante o franquismo.

En defensa das autoridades lexitimamente constituídas e por orde do presidente do Sindicato do Ramo da Construción e Oficios Varios da vila, moitos obreiros patrullaron as rúas e requisaron armas aos simpatizantes das dereitas para que non se sumasen ao golpe e poder defender o goberno cando chegasen os sublevados dende Vigo. Este fora o caso de veciños como Antonio Iglesias e Avelino das Gaiandas, que se achegaron aos domicilios do falanxista Domingo Alonso Vila e do dereitista Penedo. Tamén Eduardo Hermida Pereira, Antonio Iglesias “Cañón”, Manuel Domínguez e o “Dientes” requisaron armas aquela noite<sup>49</sup>. Outro tanto fixeran na mañá do día 20 Marcial Alonso Álvarez, Felipe Méndez Núñez, Eduardo, Marcelino de Mañufe e Joaquín Durán Méndez, coñecido como o “Xosco”. Outros, utilizando a camioneta de carga de Aquilino Sestelo e de Encarnación, percorreron as parroquias de Peitirios e Couso, facéndose cunhas 10 escopetas que requisaron ante o temor dos seus donos, regresando despois a tempo para a reunión do sindicato onde as entregaron<sup>50</sup>.

47 Archivo Intermedio Militar Noroeste (AIMN), causa 718/1936, fols. 30, 31, 33 e 37v.

48 Entrevista realizada a José Ramón Crespo Méndez, 20 de abril de 2017, Arquivo persoal de Elena Crespo Fernández.

49 AIMN, 805/1936, fol. 49.

50 AIMN, 718/1936, fol. 10v.

As patrullas tamén tiñan a función de vixiar as industrias onde se traballaba e facer efectiva a folga xeral. Así o fixeron os panadeiros Santos Pérez González, Salustiano Cortegoso Iglesias e Manuel Rodríguez Amorín, percorrendo as panaderías para impedir que se fixese pan dende a noite do día 20 ata a do día 22. Malia que a idea inicial era a de non chegar á violencia, parece ser que na panadería de Domingo Fernández Carrera, á noite do día 20, Santos Pérez e Salustiano Cortegoso ameazaron con que “les saltarían la tapa de los sesos” se desobedecían a orde de paro. Segundo as testemuñas, todos levaban escopetas agás o “Dientes”, que levaba unha pistola. A violencia, segundo as testemuñas unicamente verbal, non impediu que Domingo Fernández cocese pan aquela noite e paradóxalmente llo vendese ao día seguinte a membros do propio sindicato.

Na panadería de dona Esperanza Araújo e Enrique Rodríguez Pérez, os mesmos homes presentáronse sen armas; e o primeiro día, dos trinta que patrullaban soamente catro levaban armas e permanecían as máis das veces desarmados<sup>51</sup>.

Non obstante, durante aqueles días os obreiros aproveitáronse da situación e abusaron da autoridade que a situación lles ofrecía. Deste xeito, puxeron unha alcabala na Feira, onde persuadían a todos aqueles que pasaban de camiño ao traballo para que os acompañasen á teórica garda durante a que tamén se requisaron víveres para o sindicato. Encarnación Sestelo Amorín, que vivía no lugar da Feira, moi próxima ao lugar, narra estes episodios como segue:

*Como dicían que co comunismo todo era de todos, viñan a nosa casa a buscar repolos, touciño, o que houbera. Ata levaran unha ola grande! (...). Viñan rapaces pequenos con bombas nas mans e mamá dícialles: ‘Ai Dios mio!, meus filliños, non tedes medo que vos exploten?’ E eles díciallle: ‘que va señora Encarnación, nos isto manexámolo’. (...) Levaban as bombas nas mans para tirar pontes e facer estropicios<sup>52</sup>.*

A testemuña de Encarnación mostra o sentimento de superioridade que reinou durante aqueles días entre algúns dos membros do sindicato. Tamén destes abusos se lembra Consuelo Crespo Méndez; referidos ás requisas de avituallamento na Paradelas e de como os donos da ferraxería de Núñez se arranxaban para evitar que lles levasen todo o que tiñan:

*Moitas veces non querían que lles levasen algunhas cousas e botábanas por un ventanuco que daba á nosa casa, chegábamos e tiñámolas no curral, despois eles viñan buscalas<sup>53</sup>.*

Dos “estropicios” aos que se refería Encarnación Sestelo, o máis significativo foi a obstrución da ponte da Pasaxe. Aquel episodio comezara sobre as 10 da noite do día 20, cando os integrantes da rolda nocturna, entre eles os responsables das supostas

51 AIMN, 644/1936, fols. 15 a 17.

52 Entrevista realizada a Encarnación Sestelo Amorín, 23 de abril de 2017, Arquivo persoal de Elena Crespo Fernández.

53 Entrevista realizada a Consuelo Crespo Méndez, 16 de abril de 2017, Arquivo persoal de Elena Crespo Fernández.

requisas da mañá e outros máis, como Julio José e Marcelino Pérez, foron enviados por orde do presidente do sindicato e co mesmo camiión a voar a ponte da Pasaxe en Vincios. A camioneta ía conducida por un tal “Chispa”, panadeiro de Ángel Valverde, pois o chofer da dita camioneta, o fillo dos donos, Jesús Sestelo, non aparecera<sup>54</sup> xa que estaba agochado nunha pequena adegas na súa casa<sup>55</sup>.

Nas causas militares nas que se dá testemuña destes feitos apréciase moi ben o enfrontamento que por desgracia é frecuente entre veciños no contexto das guerras civís e que xa existía na vila naquel momento. Claramente se reflicta nas declaracións de Isaura Miranda Morais, a quen os membros das patrullas foran buscar a casa para que lles fíxese a cea. Segundo ela, cando os obreiros se dirixían á parroquia de Vincios, Marcelino Suárez advertiu aos presentes que tivesen coidado ao pasar pola casa do médico don Latino Salgueiro, pois «en dicha casa había bombas y podrán arrojarlas al paso»<sup>56</sup>. Tal advertencia serviu de precedente para que o día 22 un grupo armado de veciños da Ramallosa practicase un rexistro na casa do médico. Aquela acusación non queda totalmente clara, xa que Marcelino Suárez negou que pronunciase tales verbas, pois, segundo el, nin sequera se atopaba presente no momento en que os obreiros saían cara á Pasaxe<sup>57</sup>.

No que as testemuñas non se contradín é en que os obreiros saíron rumbo á ponte da Pasaxe arredor das 11 da noite e que ían capitaneados polo “Dientes”, quen, ao paso pola rúa, obrigou a varias persoas a acompañalos, entre eles a Manuel González e a Feliciano Vargas<sup>58</sup>. Tamén José Luís López obrigou a Felipe Méndez Núñez a seguiolos. Xa na ponte, uns dez homes, protexidos por outros con escopetas<sup>59</sup>, cuns ferros e cuns picos traídos da casa de Rogelio Lorenzo, romperon os peitorís da ponte e puxéronos no centro da estrada, xunto a cinco piñeiros grandes, co obxectivo de interceptar o paso dos vehículos.

Trala desfeita, a camioneta volveu por Peitieiros ao sindicato, onde o presidente e o “Dientes” entregaron armas a varios homes e obrigáronos a facer novamente garda pola vila. Manuel González Pérez foi ameazado polo “Dientes”: «si no le pegaría cuatro tiros».

Máis imposicións se levaron a cabo ao día seguinte. Foi o caso de Felipe Méndez Núñez, que xa pasara toda a noite vixiando o sindicato<sup>60</sup>, que despois tamén participou na requisa de armas coa mesma camioneta da véspera nas parroquias de Couso e Peitieiros. Tamén Hermida Pereira, Antonio “Cañón” e Avelino “das Gaiandas” foron sorprendidos polo “Dientes” na praza pública da vila e obrigados a dirixirse á casa de Vicente Penedo a esixirle a súa escopeta de dous canóns. Así o fixeron, entregando máis tarde a arma no concello e a munición no sindicato<sup>61</sup>.

54 AIMN, 644/1936, fols. 12 e 12v.

55 Entrevista realizada a Encarnación Sestelo Amorín, 23 de abril de 2017, Arquivo persoal de Elena Crespo Fernández.

56 AIMN, 718/1936, fol. 11v.

57 AIMN, 718/1936, fols. 31 e 31v.

58 AIMN, 805/1936, fol. 11.

59 Marcial Alonso, Eduardo Hermida, Felipe Méndez Núñez, Manuel González Pérez e Antonio Iglesias, armados con escopetas, quedaron custodiando a camioneta en previsión de que a chegada de forzas do Exército puidera interromper as operacións.

60 AIMN, 718/1936, fols. 25v, 9, 61 e 59.

61 AIMN, 805/1936, fol. 8.

Fixérano así, pois aquel día 21 pola mañá o tenente alcalde don Rogelio, coa noticia de que fora declarado o estado de guerra, ordenara, por medio dun bando, a inmediata recollida de tódalas armas no concello. Publicárao antes de que o alcalde chegase á vila, pois vivía en Borreiros, unha parroquia afastada<sup>62</sup>. Deste xeito, e no prazo de catro horas que o tenente alcalde estableceu para a entrega do armamento, entregáronse, segundo declarou o garda xurado Ulloa, tres: entre elas a escopeta de dous canóns de Felipe Méndez Núñez, que fora requisada a Vicente Penedo, e a que lle deran a Manuel González Pérez. Entre os que tamén entregaron as súas armas aquela mañá do día 21 estaba Marcial Alonso, que tamén participara na requisa e na vixilancia da vila segundo as ordes do “Dientes”.

A publicación do bando de guerra supuxo, como é lóxico en situacións de incerteza como aquela, o desencontro entre o presidente do sindicato e os obreiros nunha reunión convocada para as catro da tarde do mesmo día. Nela, o presidente, Joaquín Míguez Ledo, pediu opinión sobre que facer trala publicación do bando, e tal e como os que alí estaban declararon na causa 718/1936, ninguén contestara á pregunta do presidente. Aquela actitude provocara o enfurecemento do presidente, que dixera que ía ordenar o peche do local e “que como allí no había gente que serviese para nada se iba a unir con los compañeros de San Pedro de la Ramallosa”<sup>63</sup>. Naquel momento irromperon no sindicato o panadeiro de Baiona Bernardo Seoane “Fasquías” e Luís López na busca de armamento, aos que a noticia da orde do tenente alcalde de entregalas no concello incomodou bastante: “que autoridad tenía el Teniente Alcalde para ordenar tal cosa (...) aquí no podemos hacer nada, esto lo tenemos que arreglar nosotros”<sup>64</sup>. A discusión durou pouco xa que enseguida apareceu precipitadamente o chofer daqueles anunciando a chegada dun camión de gardas de asalto, desaparecendo enseguida de alí todos os que puideron, entre eles, o presidente<sup>65</sup>.

A presenza de membros do sindicato de Baiona non concluíu na Feira, pois á noiteña daquel día 21 chegaron a pé outros dous individuos que na Praza do Pobo preguntaron polo presidente do sindicato que xustamente alí se atopaba. Logo de comunicarlle que saíse á estrada, pois viñan individuos que querían estar con el, tivo que atravesar, cos brazos en alto, dúas fileiras de homes armados. Mesmo foi ameazado cunha pistola no peito por José López, quen capitaneaba a aqueles homes para que volvese levantar os brazos de novo. Cando Míguez preguntou aos foráneos con que ánimo viñan á vila, aqueles contestaron que “venían a bombardear la casa de Latino (...) y la del Teniente Alcalde, don Rogelio Lorenzo, porque el primero decían que tenía armas y bombas y el segundo había puesto el Bando ordenando la recogida de armas”

Nas súas declaracións, Míguez asegurou que tratou de disuadir aqueles homes dos seus propósitos e que, finalmente, coa axuda dun “estudiante de arquitectura que les podría corroborar que tales personas eran muy amantes de los obreros”<sup>66</sup>, conseguiu que parte deles desistisen das súas ideas. Non obstante, cinco ou seis homes rexistraron a casa do médico, como aínda hoxe lembra Consuelo Crespo Méndez, sobriña de Eufrasia, a criada da casa, quen no momento no que aqueles estraños entraron pola

62 AIMN, 644/1936, fol. 13v.

63 AIMN, 718/1936, fols. 38v, 25v, 28v e 29.

64 AIMN, 644/1936, fol. 14.

65 AIMN, 718/1936, fols. 32 e 32v.

66 AIMN, 644/1936, fol. 14.

cociña, armándose do coitelo máis grande, intentou evitar, sen éxito, que revolvesen a casa dende as cortes ata o fallado non atopando ningunha arma<sup>67</sup>. Entre eles ía o xornaleiro do propio médico quen, durante o rexistro e dirixíndose a el dixera “mire, don Latino, ahora vamos a ser todos iguales”. Tras rexistrar a casa de don Latino, aqueles homes marcharon da vila deixándoa a cargo do “Dientes”, quen “armado de una pistola y, con alguno de los obreros de Gondomar más exaltados, hizo requisa de armas y (...) con ellas patrullaban por el Pueblo, aunque no cometieron ningún desmán”. (...) En esta actitud estuvieron hasta que llegaron fuerzas de Vigo y huyó el Dientes<sup>68</sup>.

Os sublevados chegaron a Gondomar á mañá do día 23 de xullo en dous camiións de gardas de asalto e pararon en fronte da casa do médico don Latino, onde xa os esperaban. Alí preguntaron polo sindicato obreiro e dirixíronse ata aquel lugar, onde atoparon os obreiros e as súas cociñeiras. Á chegada dos gardas de asalto algúns foron detidos e outros puideron escapar. José Mouriño Amorín contaba á súa muller Consuelo Crespo Méndez que incluso houbera quen subira ás polas máis altas das árbores da Feira para non ser visto<sup>69</sup>.

Tras disolver a xuntanza do sindicato, onde estaban a piques de xantar, os gardas, diante da mirada de aqueles que ata alí se achegaran, nun ambiente case festivo, que contrastaba co sentimento dos que sufriron os abusos da que xa pasara a ser a autoridade, cortáronlle o pelo a algunhas das mulleres e mozas dos obreiros que alí atoparon cociñando<sup>70</sup>. Aquela represalia para as mulleres republicanas, realizada por toda España durante a guerra, era un modo de violencia e vexación dirixida aos obreiros; as súas mulleres eran consideradas un botín de guerra, polo que o feito de raparlles o pelo era a forma que os gardas tiñan de mostrarlles a súa autoridade.

Unha situación semellante presenciouse na vila durante aqueles días. Foi o caso dunha rapaza que ía vender leite a Baiona e que roubara unha barra de pan nunha panadaría; colléranla e trouxéranla dende aquela vila a pé cun letreiro nas costas que dicía “por ladrona”. Como contou Encarnación Sestelo Amorín, tanto xudiaron con ela que marchou para América e non volveu máis. O curioso daquel asunto fora que quen roubara a barra de pan non fora ela, senón a súa irmá xemelga<sup>71</sup>.

Cando chegaron os gardas de asalto á vila, sufocouse a actividade de requisas e abusos que dende o sindicato obreiro se estaban a realizar, a pesar de ofrecer certa resistencia: “a Isaura non sei como non a mataron, porque tripou a bandeira española”. Despois, como se dunha procesión se tratase, volveron pola avenida Elduayen facendo desfilar as rapadas coas mans atadas e con carteis nas costas onde puña “por roja”. Os que viron aquel desfile lémbrense da propia Isaura Miranda Morais, María Morais, a súa cuñada da Areiña; Aurelia Iglesias, Purificación Vas, Lucinda Penedo, e a “Manuelita” de Tebra<sup>72</sup>.

67 Entrevista realizada a Consuelo Crespo Méndez, 16 de abril de 2017, Arquivo persoal de Elena Crespo Fernández.

68 AIMN, 644/1936, fol. 14v.

69 Entrevista realizada a Consuelo Crespo Méndez, 16 de abril de 2017, Arquivo persoal de Elena Crespo Fernández.

70 Entrevista realizada a Consuelo Crespo Méndez, 16 de abril de 2017, Arquivo persoal de Elena Crespo Fernández.

71 Entrevista realizada a Encarnación Sestelo Amorín, 23 de abril de 2017, Arquivo persoal de Elena Crespo Fernández.

72 Entrevista realizada a Encarnación Sestelo Amorín, 23 de abril de 2017, Arquivo persoal de Elena Crespo Fernández.

Xa na rúa Eduardo Iglesias pararon diante da farmacia onde vivía o médico don Latino Salgueiro e onde os donos da Panadaría “Copena” e doutras tendas da rúa ofreceron rosca, rosquillas bolearados e bebida a todos os que quixesen. Dan boa conta daquel ambiente as lembranzas de Consuelo Crespo Méndez que daquela tiña oito anos; hoxe recorda que aquel día probara gasosa por vez primeira<sup>73</sup>. Alí mesmo, diante da farmacia, os gardas mostraron a bandeira republicana que traían do sindicato da Feira, e dirixíndose a Antonia Copena, pronunciaron a frase que quedaría gravada con sorna na memoria daqueles que alí estaban: “¿La quiere para hacer unos cortinones?” Ante a negativa da muller, alí mesmo queimaron o símbolo da República.

Malia estes anecdóticos acontecementos, cando o día 23 os sublevados chegaron a Gondomar a situación normalizouse na vila. Algúns dos obreiros depositaron as súas armas no concello e as que había no sindicato fixéronse desaparecer polos campos próximos á sociedade. Entre as viñas, días máis tarde, a Garda Civil puido atopar un Remington, calibre 48, sen número, dos chamados americanos<sup>74</sup>. Tal fora así, que non foran poucos os que tempo despois atoparan armas agochadas, como acreditou José Ramón Crespo Méndez, quen, xa pasada a guerra, limpando un valado, atopou catro revólveres que con seguridade foran ocultados alí durante aqueles episodios<sup>75</sup>.

Aínda que naquel momento o groso da escasa resistencia republicana que houbo en Gondomar foi sufocada, aínda na causa número 718/1936 se fai referencia a “movementos revolucionarios” ao día seguinte. Así, sobre as tres da tarde do día 24, Joaquín Míguez Ledo ordenou a Ascasio Jorge e a José Cabaco Durán ir ao sindicato de San Pedro da Ramallosa cun vale do de Gondomar para entregarllo ao seu presidente a cambio de cinco paquetes de dinamita. A eles uníriase José Pereira Costa, coñecido polos outros dous como o fillo de Fermín, e ambos, armados con escopetas, cumpriron o que se lles mandara, entregando os explosivos a Joaquín Míguez nun lugar próximo ao local social. Como o presidente tiña unha reunión, encomendoulle o seu agocho a José Pereira Costa.

Nada máis agochar aqueles cinco paquetes de dinamita de tres cartuchos cada un e de aproximadamente 3 Kg, preparados xa co seu correspondente pistón e mecha duns 8 cm de longo, apareceron dous camións de forzas adeptas ao movemento militar facendo que todos os reunidos se retirasen de inmediato. Posteriormente, e a pesar de que se fixo un recoñecemento no lugar onde José Pereira dixera esconder os explosivos, o feito foi que non apareceron ata tempo despois. Foi o día 6 de novembro de 1936 cando a Garda Civil confirmaba que “fue hallada cierta cantidad de este explosivo coincidente poco más o menos con lo traído (...) en un riachuelo próximo y (...), que fue entregada a la autoridad militar de Bayona”<sup>76</sup>.

O día 24 de xullo de 1936, Ramón Blanco, ao mando dun destacamento da comandancia militar de Baiona, tomou o concello e separou do cargo o alcalde popular José Pequeño<sup>77</sup>. Así mesmo, nunha sesión extraordinaria, o 25 de xullo, designouse

73 Entrevista realizada a Consuelo Crespo Méndez, 16 de abril de 2017, Arquivo persoal de Elena Crespo Fernández.

74 AIMN, 718/1936, fol.11.

75 Entrevista realizada a José Ramón Crespo Méndez, 20 de abril de 2017, Arquivo persoal de Elena Crespo Fernández.

76 AIMN, 718/1936, fols. 3, 45 e 45v.

77 AIMN, 918/1936.

unha Comisión Xestora Provisional que gobernaría na vila ata que se normalizase a situación e que tería como Delegado Civil e de Orde Pública o médico e membro da CEDA Latino Salguero Pereira. Outros membros foron: Antonio Agusti (tamén da CEDA), Santiago Quintas (radical), José de Lis (conservador) e Manuel Núñez Méndez (tamén conservador). Todos eles foron confirmados nos seus postos o día 5 de outubro de 1936.

Durante os anos que durou a guerra, o goberno municipal de Gondomar foi igual de inestable que durante a República. Seguindo aquela tónica, en marzo do ano 1938 o Goberno Civil nomeou unha nova xestora que ademais de seguir estando presidida por Latino Salgueiro e formar parte dela tamén Agusti e Núñez, completouse con Inocencio Fernández, José Fernández Moreira, Enrique Crespo Veiga, Miguel Fraga Núñez, José Pino Carrera e Ángel López Penedo. Un ano despois, o alcalde, Latino Salgueiro, sería destituído e substituído por Agustín Montana, quen por motivos de saúde nin sequera chegou a cumprir un ano no poder, sendo remplazado por José Quintas.

Como se pode concluír á vista dos frecuentes cambios governativos daqueles anos, durante a guerra poucas iniciativas se aprobaron nos plenos. Destacou o nomeamento de Francisco Franco como fillo adoptivo da vila, a devolución dos cemiterios católicos ás igrexas, e a petición dos veciños ás autoridades para que volvesen ás escolas os mestres sancionados<sup>78</sup>.

De xeito paralelo á conformación do poder local, organizáronse grupos paramilitares, tal foi o caso da *Garda Cívica*. Aquela entidade estaba constituída por homes de confianza para os sublevados que por idade, ocupación ou determinadas circunstancias non ían á guerra, e, identificados cun brazalet amarelo, prestaban servizo na localidade. Entre os seus membros podemos citar a José Núñez Sanromán, Domingo Rodríguez, José Bravo, José Salgueiro Moreira, Enrique Crespo Veiga, Saturnino Sestelo, Constante Lis, Fraga Gil e Antonio Salgueiro Couto<sup>79</sup>. A súa función en Gondomar concretábase fundamentalmente en facer garda pola rúa Eduardo Iglesias.

A Garda Cívica debía velar pola orde na vila e incluso, de ser o caso, axudar na detención de membros da esquerda que fuxiran ou se agocharan. Así mesmo, unha noite cada un, debían acudir ao cuartel da Garda Civil para atender o teléfono. Destas gardas nocturnas lémbrense os irmáns José Ramón e Enrique Crespo Méndez, quen con 7 e 6 anos ían pasar a noite ao cuartel co seu pai Enrique Crespo Veiga: “O meu pai collía un fusil e a min dábame un de pau” dixo entre risas, a modo de anécdota, o máis novo dos irmáns na entrevista que se lle puido realizar. Nela tamén explicou que eles durmían nunhas colchonetas no despacho dos gardas, onde estaba o teléfono, e que na parte de arriba do cuartel estaba o cabo<sup>80</sup>.

78 J. L. MOSQUERA VELEIRO, A. SOLIÑO TRONCOSO, A. SOLIÑO TRONCOSO e M. SOLIÑO TRONCOSO (1995): *Gondomar, Historia, Arte e Territorio*. Vigo, Ir Indo, 65-66.

79 Entrevista realizada a Consuelo Crespo Méndez, o 16 de abril de 2017 e a José Ramón Crespo Méndez, o 20 de abril de 2017. Arquivo persoal de Elena Crespo Fernández.

80 Entrevista realizada a Enrique Crespo Méndez, 15 de abril de 2017, Arquivo persoal de Elena Crespo Fernández.

## A REPRESIÓN FRANQUISTA EN GONDOMAR

### Represión extranormativa

A violencia, a represión e o terror convertéronse nunha especie de “principio fundamental do Movemento”, pois o seu recurso para acadar a vitoria foi devastador e decisivo á hora de desarticular as bases sociais da esquerda obreira e burguesa, implantadas de forma considerable na sociedade da época. Dende os inicios da contenda, a través do medo a curto e longo prazo, mecanismo planificado xa con anterioridade ao movemento militar, conseguiuase acalar o tecido social que non se identificaba cos intereses dos sublevados, ademais de dominar e destruír o réxime democrático que resistía con especial forza os abusos. Neste contexto, a represión contra aqueles non adeptos ao movemento militar adquire carácter de “normalidade”. As vítimas non se consideraban no mesmo plano moral e esencial que os represores, polo que a violencia se aplicou de forma automática.

Desta última idea nútrese a represión que se levou a cabo á marxe de institucións e organismos estatais, aínda que, por suposto, a tolerancia e influencia de tales entidades foi directa e definitiva para as súas actuacións. Por tanto, a represión extranormativa deriva e forma parte do proceso represivo global implantado polo novo réxime. Non obstante, na súa aplicación existe un certo grao de indeterminación no que cabía o asasinato de persoas sen significación política e social e sen ningún tipo de responsabilidades. Deste xeito, a represión extranormativa, ademais de poder estar dirixida por organismos políticos ou sindicais independentes do Estado, tamén podía ser implementada por organismos do mesmo á marxe do seu funcionamento regular; ao cabo, a represión baseada na aplicación da normativa vixente non era máis que unha farsa de garantías sociais que na práctica non existían<sup>81</sup>.

Dentro da represión formalmente non amparada por ningunha norma ditada polos sublevados, existiu un amplo abano de prácticas vexatorias e mortais. No que respecta a estes procedementos, en Gondomar foron moi destacadas as actuacións dos gardas o “Rabioso” e o “Gutiérrez” que, a pesar de exercer en Baiona, tiñan por costume vir a Gondomar a realizar abusos e causar terror nos presos. Daquilo aínda hoxe se lembran Consuelo Crespo Méndez e Encarnación Sestelo Amorín, que ían ás noites con máis mulleres, como Carolina e Luísa Peralba, rezarlles o rosario. Dende os inicios da guerra, a fe católica fora case o único medio permitido polo réxime para acougar a impotencia, a rabia e a dor provocada polas inxustizas que se estaban a cometer<sup>82</sup>. Parece ser que entre as cruentas prácticas dos gardas estaba a de ordenar aos reclusos que se mancasen entre eles. De feito, nos primeiros días da contenda morrera un home portugués que vivía en Mañufe a consecuencia dos brutais golpes que un dos seus compañeiros de cadea lle aplicara: “Quedara tan ferido que o feito de ser levado ao hospital de Vigo non fora suficiente para salvarlle a vida”<sup>83</sup>.

---

81 J. PRADA RODRÍGUEZ (2011): *Geografía de la Represión Franquista*, Madrid: Catarata: 101-116.

82 Entrevista realizada a Consuelo Crespo Méndez, o 16 de abril de 2017 e a Encarnación Sestelo Amorín, o 23 de abril de 2017. Arquivo persoal de Elena Crespo Fernández.

83 Entrevista realizada a Encarnación Sestelo Amorín, 23 de abril de 2017, Arquivo persoal de Elena Crespo Fernández.



O “Rabioso” e o “Gutiérrez” tamén foron protagonistas do enfrontamento armado contra dúas persas que se acochaban por motivos políticos o día 27 de xaneiro de 1937 en Vilas, na parroquia de Morgadáns, e que causou a morte dun deles. O día anterior, Manuel Prado Pereira e Jesús Rodríguez García, tras pasar o día pola serra do Galiñeiro, achegáranse á tardiña, dende Chenlo, a Vilas, onde pediron pousada ao leiteiro José Domínguez Domínguez, quen lles deixou unha casa vella que tiña para que pasasen a noite.

Mentres os dous fuxidos se achegaron ata a aldea de Prado, tamén en Morgadáns, pois viñan famentos e en Vilas non había ningunha tenda onde mercar alimentos, parece ser que foi a sogra do leiteiro quen insistiu tanto no risco que supuña acoller os fuxidos, que a media noite, o dono da casa rematou por baixar ao Cuartel da Garda Civil de Gondomar e notificar o seu acocho.

Aquilo supuxo o despregamento dun amplo operativo en Vilas, á mañá do 27 de xaneiro de 1937, no que algúns gardas e falanxistas rodearon a casa de José Domínguez Domínguez. Como consecuencia do tiroteo que comezaron, perdeu a vida Jesús Rodríguez García e resultou ferido por un disparo no ventre o garda cívico Constantino Ruiz Rodríguez.

Manuel Prado Pereira, saltando por unha ventá logrou escapar. Pola contra, o seu compañeiro de 37 anos caeu morto. Foi enterrado no cemiterio da parroquia despois de que os gardas que o asasinaran repartisen entre eles as súas poucas pertenzas, entre elas, o seu revólver e as súas botas de goma encarnada. A súa familia non sabería do seu paradiro ata 1944, data na que foi identificado con nome e apelidos no Rexistro Civil de Gondomar.

Parece ser que Manuel Prado Pereira quixo vingar a morte do seu compañeiro no verán daquel mesmo ano, pois un día de calor, cando o leiteiro de Vilas saía apresurado da súa casa para sufocar un incendio que se activara a poucos metros dela, foi alcanzado por un disparo de fusil morrendo no acto. Culpouse a Manuel Prado Pereira daquel incendio e asasinato, xunto co do Alcalde do barrio José María Barreiro, que apareceu tres días despois no monte: o 10 de xuño de 1937. Despois daquel suceso, Manuel Prado Pereira tamén fora acusado do asasinato do muiñeiro de Vilaza, Santiago Moreira Rodríguez, quen, un día de feira, foi sorprendido na súa casa tras vir de vender uns bois, sendo roubado e morto naquel intre<sup>84</sup>.

Aínda que os anteriores son tamén exemplos claros da represión levada a cabo na vila durante a guerra, en Gondomar, coma na ampla xeografía española, dentro das prácticas que se poden englobar baixo o termo de “represión extranormativa” destacaron os chamados “paseos”: asasinatos nocturnos sen previos xuízos de detidos cuxos cadáveres atopaban os veciños nas gabias de estradas e lugares afastados das casas. Tal modalidade represiva tiña unha dobre funcionalidade: por un lado, eliminaba os indeseables para o novo réxime, e por outro, amedrentaba e acalaba co exemplo aqueles contrarios aos sublevados.

Deste xeito, a violencia deixouse ver de forma moi crúa na aparición de “paseados” na parroquia de Vincios, onde no Rexistro Civil da vila, de setembro a outubro de 1936, se contabilizaron 16 mortos a consecuencia de feridas por arma de fogo. Os corpos sempre apareceron entre as 4 e as 7 da mañá nos lugares da Pasaxe, Gándara,

<sup>84</sup> B. VÁZQUEZ ACUÑA (2015): *Memoria dunha parroquia republicana*, Vigo, Instituto de Estudios Vigueses: 313.

Vichicáns, Tumbio e os Agunchos. Excepcional naquela tónica foi o caso da aparición de Manuel Estévez Álvarez, natural de Oia, ás 7 da mañá do día 12 de setembro na parroquia de Couso.

Ningunha daquelas vítimas era veciña de Gondomar, pois nos “paseos” era común que os presos fosen sacados por suxeitos que non fosen da vila e levados cara a zonas afastadas, dificultando así a tarefa de busca dos cadáveres por parte dos seus familiares. Todos os que apareceron asasinados en Gondomar eran varóns de entre 29 e 69 anos, proviñan de lugares diversos da contorna, como Tui, Coruxo, Valadares, e especialmente, das zonas viguesas de Lavadores e Alcabre. Os seus corpos foron transportados no camiión de Encarnación Sestelo cara aos lugares onde se lles deu enterramento, nos cemiterios das parroquias de Mañufe, Gondomar, Vincios e Couso.

Especialmente ilustrativas do impacto que causou na sociedade a convivencia coa morte coaccionándoa e reprimíndoa a cambio de salvar a vida, son as testemuñas de Consuelo Crespo Méndez e Encarnación Sestelo. As lembranzas da primeira mostran o terror que tales experiencias lles xeraban aos máis cativos:

*Lembro que eu estaba mirando pola fiestra da casa cos meus irmáns, e parou diante da “gasolinera” para repostar un camiión onde ían catro ou cinco mortos dos que so se vían os zapatos porque ían tapados con toxos, e un dos gardas que ía sentado nos “orillos” do camiión nos dixo ‘o os retirais o disparamos agora mesmo’. Eu tan rápida como puíden saquei os meus tres irmáns de 7, 6 e 4 anos e pechei a fiestra<sup>85</sup>.*

Pola súa banda, a testemuña de Encarnación Sestelo fala do desacougo e a dor profunda que causaba ver o sufrimento alleo, o daqueles que perdían aos seus seres queridos e viñan choralos á vila. Neste senso, impresionáralle tremendamente a dor dunha muller que botara todo o día diante dunha terra aínda remexida do cemiterio de Mañufe sobre a que descansaba o cadáver do seu marido aparecido en Vincios: “Estivera todo o día chorando e dicindo: ‘Fernando, Fernando!’<sup>86</sup>.”

No que respecta aos “paseados” veciños de Gondomar, conséstanse cinco asasinatos producidos por gardas civís da vila que responden ao “modus operandi” do que se vén falando. Aínda que do primeiro deles non existen documentos que acrediten a autoría da Garda Civil e foi rexistrado como un accidente, considérase como tal por xustificarse do mesmo xeito que nos outros tres exemplos, claros casos de “paseos”. En ámbolos catro casos, tres deles a mesma noite, os detidos no depósito municipal da Garda Civil de Gondomar foran sacados de madrugada baixo o pretexto de ter que indicarlles ás autoridades o lugar onde tiñan armamento oculto.

O primeiro suceso, o asasinato de José Pereira Costas, de 18 anos, tivo lugar á madrugada do día 19 de agosto de 1936 e nel participaron os gardas civís Claudio Martínez González e José Vázquez Teijeiro, xunto co garda cívico Domingo Alonso Vila. O detido resultou morto na zonas das Roteas de San Miguel de Oia a consecuencia dun

85 Entrevista realizada a Consuelo Crespo Méndez, 16 de abril de 2017, Arquivo persoal de Elena Crespo Fernández.

86 Entrevista realizada a Encarnación Sestelo Amorín, 23 de abril de 2017, Arquivo persoal de Elena Crespo Fernández.

balazo na cabeza, falecendo no acto<sup>87</sup>. No testemuño da súa morte que se dá na causa 718/1936, resulta sorprendente a escasa importancia que se lle dá, pois menciónase en relación á busca dos explosivos que o defunto, xunto con Ascasio Jorge, trouxera a Gondomar do sindicato da Ramallosa. Segundo os gardas, no lugar indicado por José Pereira Costas e onde debían estar os detonantes, comezárase un tiroteo dende un lugar próximo, no que unha das balas alcanzara o detido.

Acontecemento similar foi o que lles ocorreu, xa ao ano seguinte, a Abilio Araújo Barbosa, Manuel Prudencio del Rosario e Jesús, o paleiro de “Ángel Valverde”.

No que respecta aos dous primeiros, de 36 e 33 anos, ambos portugueses, residentes en Chaín e, segundo fontes orais, “boa xente, obreiros que nunca se meteran en problemas”<sup>88</sup>; foron chamados á mañá do día 10 de febreiro de 1937, o primeiro, e á noitiña o segundo, para prestar declaración xunta o cabo Ángel Rúa Cabanas. Do momento da detención do seu compañeiro naquela desgraza, o paleiro de Ángel Valverde, non se ten constancia. Non obstante, e segundo a tradición oral, parece ser que o cabo da Garda Civil de Gondomar, Ángel Rúa Cabanas, acostumaba resgardarse na entrada da panadería de “Ángel Valverde” coa súa moza Mercedes Muñíos nos días de choiva; e Jesús e o seu compañeiro Santos “ás veces prendíanlles a luz, e outras apagábanlles”<sup>89</sup>. Tales actitudes pouco favorecedoras para o namoro dos mozos foron popularmente interpretadas como a causa do asasinato dun daqueles panadeiros.

Fose como for, o feito foi que, a madrugada do día 11 de febreiro de 1937, os tres foron sacados da cadea, entre grandes berros, por Domingo Alonso Vila, Eduardo Gutiérrez Peón e Ángel Rúa Cabanas, e asasinados ao pasar Oia, no Alto do Curto, no concello do Rosal. Posteriormente, os veciños trasladaron os seus corpos ao cemiterio de San Xián, onde foron soterrados. En Gondomar, sobre ás 6 da mañá, parece que foi Encarnación Sestelo, que acostumaba levar o almorzo aos presos, quen descubriu que faltaban ámbolos tres. Escandalizada notificoullo a Herminia Losada<sup>90</sup>, a cuñada de Abilio, quen pouco tempo despois deu a trágica nova ás xa viúvas: a súa irmá Esperanza e Lucinda. Aquelas mulleres xa tiveran noticias do acontecido antes de chegar á vila para levarlles tamén o almorzo, pois, ao baixar de Chaín, un Garda Cívico díxeralles con sorna: “Non vaiades que xa almorzaron”<sup>91</sup>.

O asasinato de Abilio Araújo e Manuel Prudencio foi disfrazado de “lei de fugas” na causa 711/1937 na que se solicita a investigación da súa defunción; de Jesús non se menciona nada, pois non tiña familia que reivindicase o seu falecemento. O recurso á “lei de fugas” foi común e serviu para xustificar moreas de asasinatos baixo o pre-

87 AIMN, 718/1936, fol. 22.

88 Entrevista realizada a Dolores Salgueiro Troncoso, 15 de abril de 2017, Arquivo persoal de Elena Crespo Fernández.

89 Entrevista realizada a Encarnación Sestelo, 23 de abril de 2017, Arquivo persoal de Elena Crespo Fernández.

90 Entrevista realizada a Encarnación Sestelo, 23 de abril de 2017, Arquivo persoal de Elena Crespo Fernández.

91 *Atopados. A fosa de San Xián*. (2017). PDF en liña, Gondomar: Instituto de Estudos Miñoráns. Todos los nombre en [http://www.todoslosnombres.org/sites/default/files/documento446\\_0.pdf](http://www.todoslosnombres.org/sites/default/files/documento446_0.pdf). Consultado 3/04/2017.

texto da fuxida dos presos<sup>92</sup>. Nas súas declaracións, Domingo Alonso Vila e Eduardo Gutiérrez Peón<sup>93</sup> indicaron que os dous portugueses foran levados ata Oia porque lles dixeran que era alí onde tiñan armas acochadas, pero que ao chegar ao lugar “emprendieron una veloz carrera, se les intimó varias veces a que se pararan dándoles las voces de alto y como lejos de obedecer corrian con más fuerza, se les hizo fuego resultando muertos en el acto”.

Así mesmo, os dous gardas, xunto co médico don Latino Salgueiro, para xustificar a súa actuación, alegaron que os falecidos:

*eran de ideas comunistas y estaban afiliados a la U.G.T. de Gondomar, eran incansables propagandistas de las ideas marxistas; eran contrarios al orden y tenían poco amor al trabajo; eran los que excitaban los ánimos en todo conato de huelga; todas sus actividades las dedicaban a la política de su ideario acudían a mítines (...) de carácter comunista, eran elementos levantiscos y de acción por lo que estaban considerados como indeseables (...)*  
*Al declararse el Glorioso Movimiento Nacional (...) fueron los primeros que se alzaron en armas, requisaron otras para sus compañeros, patrullaron por la población, dieron ánimos a los indecisos y exacerbaron a los partidarios para que se opusieran al triunfo de este<sup>94</sup>.*

O xuíz que levara o caso, Gumersindo Salinas Fernández, ante as declaracións daqueles, decretou o sobrosemento da causa.

É de interese o feito de que os cadáveres de Abilio Araújo e Manuel Prudencio foron inscritos no Rexistro Civil do Rosal con data o 14 de marzo de 1937, máis de un mes despois da súa morte, o que fai pensar que a Garda Civil pretendía dalos por fuxidos. Tal pretensión podería responder á intención de evitar ter que dar demasiadas explicacións sobre a súa morte, pois é sospeitoso o feito de que as acusacións tan graves que acreditaban os gardas, relativas aos incidentes de xullo, non fosen axuizadas con anterioridade, como si o foran as daqueles que con máis seguridade participaron nos eventos relatados.

En relación á morte de Abilio Araújo, Manuel Prudencio e Jesús, púidose saber máis pasado o tempo, pois entre o ano 2008 e o 2009 Xosé Lois Vilar Pedreira dirixiu unha escavación que permitiu o recoñecemento e retorno dos corpos ao seu lugar de veciñanza.

A escavación en San Xián, onde foran enterrados os defuntos, tamén esclareceu á crueldade da súa morte, pois comprobouse que Abilio Araújo perdera a vida a consecuencia dun traumatismo cranio-encefálico severo logo de ter lesionado o fémur esquerdo por un utensilio de latón, probablemente unha das armas dos gardas, e sufrir disparos de perdigón no peroné dereito. Pola súa banda, Jesús falecera tamén de forma violenta e dun traumatismo cranio-encefálico severo causado por disparos de dous

92 Aínda que, por suposto, a amentada lei, de darse o caso de verdadeiro intento de fuga, tamén era aplicada. Foi o caso de Antonio Iglesias, quen, logo de estar preso en San Simón, foi enviado ao penal Navarro de San Cristovo. Morreu o 22 de maio de 1938 na fuga que protagonizou xunto con 795 prisioneiros, como se deixa constancia na causa 805/1936.

93 No folio 3 da causa 711/1937 indícase que o Rúa non puidera prestar declaración por atoparse naquel momento loitando na fronte de Asturias.

94 AIMN, 711/1937, fols. 2v e 3.

tipos distintos de proxectil, do que se pode deducir que no seu homicidio participaron activamente dúas persoas diferentes.

Apenas dous meses despois da morte de Abilio Araújo, Manuel Prudencio e Jesús, perdía a vida Manuel Lorenzo Pazos, de 22 anos. En relación á súa morte poucos datos se puideron reunir, unicamente que apareceu morto o 6 de abril de 1937 en Vilasobroso, Mondariz, a causa de “feridas producidas por arma de fogo”<sup>95</sup>. A fala popular sempre dixo que “o mataran a el porque non atoparan o pai”<sup>96</sup>, pois era fillo do, xa naquel tempo, ex tenente alcalde Rogelio Lorenzo.

### A represión xudicial militar

Parte da represión que se levou a cabo na vila durante aqueles anos de contenda a nivel nacional, a “represión normativa”, quedou moi ben plasmada nas causas militares que se levaron a cabo contra determinados veciños. Durante a Guerra Civil, incoáronse un total de oito causas militares, nas que aparecían procesados trinta e tres veciños da vila, todos eles varóns. A aqueles homes acusábanos de participar na resistencia á sublevación militar ou estar en posesión de armas tras ser declarado e concluído o prazo para a súa entrega establecido no bando pertinente. Todos eles foron xulgados



Fonte: Elaboración propia a partir de documentación de *Atopados. A fosa de San Xián*. (2017). PDF en liña, Gondomar: Instituto de Estudos Miñoráns. Todos los nombre en [http://www.todoslosnombres.org/sites/default/files/documento446\\_0.pdf](http://www.todoslosnombres.org/sites/default/files/documento446_0.pdf). Consultado 3/04/2017.

95 *Atopados. A fosa de San Xián*. (2017). PDF en liña, Gondomar: Instituto de Estudos Miñoráns. Todos los nombre en [http://www.todoslosnombres.org/sites/default/files/documento446\\_0.pdf](http://www.todoslosnombres.org/sites/default/files/documento446_0.pdf). Consultado 3/04/2017.

96 Entrevista realizada a Consuelo Crespo Méndez, 16 de abril de 2017, Arquivo persoal de Elena Crespo Fernández.

na praza de Vigo mediante unha orde de proceder que sempre se levou a cabo a partir dun atestado da Garda Civil de Gondomar dirixido ao Gobernador Militar.

A primeira causa protagonizada por veciños da vila foi a 718/1936. O proceso iniciouse o día 18 de agosto de 1936 contra Ascasio Jorge, José Cabaco Durán, e José Pereira Costas, acusados de traeren dinamita do Sindicato da Ramallosa ao de Gondomar nos días da sublevación militar. Tralas súas declaracións, o 31 do mesmo mes, tamén se ordenara a incautación doutros residentes de Gondomar. Fora o caso de: Marcial Alonso Álvarez, Marcial Mariño García, Marcial Alonso, Manuel Domínguez Sanromán, Manuel Franco González, Marcelino Suárez Iglesias, Felipe Méndez Núñez, Manuel Rodríguez Gómez, Manuel González Pérez e Marcelino García. A estes últimos acusáronos de requisar armas de fogo e causar estragos na Ponte da Pasaxe durante os mesmos días que aqueles que primeiro foran encartados.

As declaracións das testemuñas confirmaron as acusacións realizadas pola Garda Civil da vila, polo que o día 14 de novembro o xuíz ditou auto de procesamento contra: Marcial Alonso Álvarez, acusado de formar “parte de un grupo que se dedicaba a requisar armas en el pueblo, y participó en el acto de sabotaje cometido contra el puente de pasajes (...)”; Marcelino Suárez Iglesias, por aconsellar “un registro para requisa de supuestas armas o explosivos”; Manuel González Pérez, porque “cunha escopeta le encomendaron el servicio de guerra en un puente”, e Felipe Méndez Núñez, por intervir na “requisa de armas e intento de la voladura de un Puente”.

Na mesma causa, o día 27 de outubro de 1936, a Garda Civil de Gondomar notificou a defunción dun dos acusados, José Pereira Costas, pois, segundo dixeron, e como xa se citou neste traballo, estando a realizar co acusado certo recoñecemento, “al llegar al sitio llamado Rotea sitio en la carretera de Bayona, fue agredida la fuerza por armas de fuego desde un lugar próximo que hubo que repeler con fuego de arma larga resultando muerto de un tiro en la cabeza el detenido”<sup>97</sup>.

Un mes despois, o día 27 de novembro de 1936, engadiuse á causa 718/1936 a sentenza da 805/1936 contra o ex alcalde de Gondomar José Pequeño Rodríguez, Rogelio Lorenzo González e outros, por estar relacionada co asunto que se trataba na primeira. Seguidamente, o xuíz instrutor elevou o resumo do actuado ao auditor de Guerra, quen, finalmente, decretou o sobreesamento provisional das actuacións contra os procesados poñendo a disposición da autoridade gobernativa a: Ascasio Jorge, Marcial Alonso Álvarez, Felipe Méndez Núñez, Marcelino Suárez Iglesias, Manuel González Pérez e José Cabaco Durán. Quedaron en liberdade: Marcial Mariño García, Marcial Alonso, Manuel Domínguez Sanromán, Manuel Franco González, Manuel Rodríguez Gómez e Marcelino García González.

Cinco días despois da primeira, o 23 de agosto de 1936, iniciouse a causa 644/1936 contra: Salustiano Cortegoso Iglesias, Santos Pérez González e Manuel Rodríguez Amorín. Nela, os tres veciños eran acusados de impedir e facer coacción para que non se traballase nas panaderías da vila os días 20, 21 e 22 do mes de xullo daquel ano. As testemuñas confirmaron as acusacións realizadas polos panadeiros ante a Garda Civil, polo que o día 26 de setembro o xuíz ditou auto de procesamento contra os axuizados por ser “autores de una coacción hecha en varias panaderías de la indicada Villa en los días 20 y siguientes de Julio último, para que en aquellas se dejase de trabajar, ejerciendo dicha coacción armados con escopetas”.

97 AIMN, 718/1936, fols. 49 e 22v.

No caso de Manuel, co que se fixera unha excepción por estar doente dunha recente operación e realizara as súas declaracións na súa casa, notificouse ao “Comandante del Puesto de la Guardia Civil de Gondomar, para que inmediatamente que se encuentre aquel en disposición de ser conducido, lo ingresen en la cárcel”. Os outros dous encartados, trala publicación da súa requisitoria, xa foran encadeados en Vigo.

O día 12 de novembro de 1936 o xuíz instrutor elevou o resumo do actuado ao auditor de guerra, que o día 15 de novembro, “teniendo en cuenta las circunstancias en que realizaron los hechos de los que no se dependen pruebas suficientes para estimar que fueran los procesados y en atención por tanto a que no resulta debidamente probada la perpetración por parte de los procesados del delito perseguido”<sup>98</sup>, decretou o sobresemento da causa, pasando os acusados a disposición da autoridade gubernativa.

Xa en setembro, o día 5, iniciouse a causa 772/1936 contra Moisés Fernández, na que era acusado de posuír unha pistola despois de que se declarase o bando do estado de Guerra. As declaracións das testemuñas que participaron no proceso desmentiron que Moisés Fernández participase nos acontecementos revolucionarios do mes de xullo de aquel ano e atribuíron á ignorancia e ao illamento no que vivía o feito de que non entregase a arma no concello, como se ordenara. O día 8 de setembro de 1936, o xuíz ditou o seu auto de procesamento acusándoo de ter “en su domicilio una pistola el día 22 de Agosto último”, e ao día seguinte elevou o resumo do actuado ao auditor de guerra, quen, “teniendo en cuenta el aislamiento en que el citado individuo vive, su incultura, puesto que no sabe leer, ni escribir, haciendo ello posible que las prescripciones de los bandos no llegaran a su conocimiento, y en atención a los buenos informes aportados”<sup>99</sup>, propuxo o sobresemento provisional do actuado quedando a disposición da autoridade gubernativa.

Aquel mesmo día 8 de setembro de 1936 iniciouse a causa 805/1936 contra: José Pequeño Rodríguez, Rogelio Lorenzo González, Joaquín Míguez Ledo, Eduardo Hermida Pereira, Antonio Iglesias, alcumado o “Cañón”, Manuel Domínguez, Feliciano Vargas e José Cribeiro. Nela, os sete veciños eran acusados de participar nos acontecementos revolucionarios acaecidos na vila durante os días do levantamento militar, o que foi corroborado polas testemuñas que participaron no procedemento xudicial. O 14 de setembro, o xuíz ditou auto de procesamento contra os axuizados e a súa prisión incondicional. José Pequeño Rodríguez e Rogelio Lorenzo González foron acusados de dispoñer a “incautación de armas las cuales se depositaron en el Sindicato Obrero (...) que presidía Joaquín Míguez Ledo”, quen, xunto cos outros dous, foi tamén acusado por distribuír “dichas armas entre los obreros afiliados (...)” para opoñer resistencia “al glorioso movimiento del Ejército”. Pola súa parte, Eduardo Hermida Pereira, Antonio Iglesias, Manuel Domínguez, e Feliciano Vargas foron imputados por apoderarse daquelas “armas que usaron, y además deshicieron el petril del Puente de Pasajes (...)”.

O día 18 de setembro, o xuíz instrutor elevou o resumo do actuado ao auditor de guerra, quen, á súa vez, ordenou a celebración do consello de guerra. Deste xeito, tras ser nomeados fiscal e defensor, e taxados os danos ocasionados na Ponte da Pasaxe, o día 25 de setembro de 1936 o fiscal acusou a: José Pequeño Rodríguez, Rogelio Lorenzo González, Joaquín Míguez Ledo, Eduardo Hermida Pereira, Antonio Iglesias e Manuel Domínguez, (...) de haber deshecho el Puente de Pasajes (...) ocasionando

98 AIMN, 644/1936, fols. 21 e 44.

99 AIMN, 772/1936, fols.8 e 12.

daños (...) que se tasaron en la cantidad de CIENTO SETENTA Y CINCO PESETAS”; polo que o xuíz instrutor decretou o embargo preventivo dos bens dos procesados “en cantidad suficiente a cubrir la de CUATROCIENTAS PESETAS”

Así mesmo, o 10 de outubro o xuíz instrutor achegou un documento no que expuña que “la defensa de Joaquín Míguez Ledo es incompatible con la de los demás procesados”, polo que pedía o nomeamento doutro defensor para aquel acusado. Daquela, Joaquín Míguez Ledo designou como defensor a don José Queizán Hermida. Pola súa banda, Ulpiano Herrero Alonso actuaría como defensor de: Feliciano Vargas, Rogelio Lorenzo González, José Pequeño Rodríguez, José Cribeiro, Manuel Domínguez, Eduardo Hermida Pereira e Antonio Iglesias.

Finalmente, o día 17 de outubro de 1936, na sala de Audiencia do Palacio de Xustiza de Vigo, celebrouse o consello de guerra. O presidente do tribunal foi o tenente coronel de Artillería José Albo Abascal, e vogais os capitáns de infantería: don Ramón Blanco Linares, don Benigno Aznar Montero, don Luis Rodríguez Marquina, don Eduardo Penales Fernández e don Ramón Losada Pardo. Como suplentes actuaron os capitáns de Carabineros don Ramón Díaz de Guevara e o de Artillería don Tomás Pérez Losada. Así mesmo, de vogal relator foi o tenente auditor de segunda don Juan Villavicencio Pereira, e como fiscal, o tenente auditor mobilizado don Ramón Rivero de Aguilar. De defensores actuaron os alféreces de complemento do Rexemento de Infantería de Mérida num. 35 don José Queizán Hermida e Ulpiano Herrero Alonso, estando presentes tódolos procesados.

No consello de guerra concluíuse que Joaquín Miguel Ledo, a finais de xullo, levara a dirección do sindicato de Oficios Varios de Gondomar e desobedecera as ordes do alcalde e o tenente alcalde. Así mesmo, tamén se lle atribuíu a organización das masas obreiras nas que participaran Eduardo Hermida Pereira, Antonio Iglesias, Manuel Domínguez e Feliciano Vargas, quen fixeran requisas de armas e interceptaron a ponte da Pasaxe de Vincios. Deste xeito, o auditor de guerra condenou a Joaquín Míguez Ledo á pena de morte “y a cada uno de los procesados EDUARDO HERMIDA PEREIRA, ANTONIO IGLESIAS (a) CAÑÓN, MANUEL DOMÍNGUEZ y FELICIANO VARGAS a la pena de reclusión perpetua”<sup>100</sup>.

Ademais, no tocante a José Pequeño Rodríguez e Rogelio Lorenzo González, decretou que se opuxeran ás actuacións dos anteriores e que Rogelio mesmo publicara o bando de guerra para impedir actuacións violentas, polo que ambos foron absoltos, pasando a disposición da autoridade gubernativa. Á disposición da mesma autoridade pasou tamén o mestre José Cribeiro, trala proposta de sobresemento do auditor de guerra; e, no consello, non o relacionaran cos sucesos de finais de xullo por estar en Pontevedra formando parte dun tribunal de exame. Emporiso, si se lle atribuíron posibles responsabilidades propagandistas que puideron motivar os feitos por ser de certa tendencia comunista e formar parte, con carácter esquerdistas, dunha mesa electoral nas eleccións do 18 de febreiro de 1936.

O mesmo día no que se incoou a causa na que se condenaba a morte a Joaquín Míguez Ledo, o 8 de setembro de 1936, tamén se iniciaba a 816/1936 contra os concelleiros José Vargas Lorenzo e Álvaro Pérez Iglesias. O primeiro deles parece que dixo, nunha reunión do concello, celebrada o día 23, que, a pesar de que o bando de guerra estaba publicado, os obreiros debían continuar armados e que había que desarmar as

100 AIMN, 805/1936, fols. 41, 67v, 97 e 110.





Joaquín Míguez Ledo, presidente do sindicato do Ramo da Construción de Gondomar.

Fonte: *Atopados. A fosa de San Xián*. (2017). PDF en líña, Gondomar: Instituto de Estudos Miñoráns. Todos los nombres en [http://www.todoslosnombres.org/sites/default/files/documento446\\_0.pdf](http://www.todoslosnombres.org/sites/default/files/documento446_0.pdf). Consultado 3/04/2017.

dereitas, pois non recoñecía máis goberno lexítimo que o de Madrid. Pola súa parte, Álvaro Pérez ratificara as verbas de José Vargas e advertira que debían ser cautelosos.

As testemuñas que participaron na causa 816/1936 corroboraron as acusacións que se lles fixeran aos dous concelleiros no Cuartel da Garda Civil de Gondomar, engadindo, tamén, que Álvaro era un coñecido esquerdistas da vila. O día 8 de outubro de 1936, o xuíz emitiu o auto de procesamento contra José Vargas Lorenzo e declarou en rebeldía a Álvaro Pérez tras publicar a súa requisitoria. Ámbolos dous foron acusados de facer campaña para opoñerse ao triunfo do movemento, excitando os ánimos dos asistentes a unha sesión municipal, e de levar a cabo actividades políticas extremas. Por

este motivo, o xuíz ordenou o embargo de tódolos seus bens, e, o día 10 de outubro, elevou o resumo do actuado ao auditor de guerra.

Así, a autoridade xudicial ordenou a celebración do consello de guerra contra José Vargas Lorenzo, quedando en suspensión os trámites relativos a Álvaro Pérez, pois aínda non aparecera. Deste xeito, tras ser nomeados fiscal e defensor o mesmo 10 de outubro, o fiscal considerou que José Vargas era responsable dun delito de excitación para a rebelión polo que pediu para el a pena de prisión maior. Pola súa parte, José Vargas nomeou como defensor o Alférez de Complemento don Enrique Gregorio Álvarez.

O seu consello de guerra celebrouse o día 16 de outubro de 1936 na Sala de Audiencias do Palacio Xudicial de Vigo. O tribunal estaba presidido polo tenente coronel de Artillería José Albo Abascal, actuando como vogais os capitáns de Infantería don Ramón Blanco Linares, don Benigno Aznar Montero, don Luís Rodríguez Marquina, don Eduardo Penelas Fernández e don Ramón Losada Pardo. Como suplentes actuaron o Capitán de Carabineiros don Ramón Díaz Guevara e o de Artillería don

Tomás Pérez Llorente; ademais, como vogal poñente o tenente auditor de Segunda don Juan Villavicencio Pereira, e como fiscal o tenente auditor mobilizado don Ramón Rivero de Aguilar.

Finalmente, no consello de guerra concluíuse que, na sesión municipal celebrada en Gondomar, “el día 23 de Julio cuando ya estaba en aquella Villa declarado el Estado de Guerra (...) el Concejal procesado José Vargas Lorenzo pronunció unas palabras diciendo que para él no había más gobierno legítimo que el de Madrid, que era preciso desarmar a las derechas y que al mismo a pesar de sus años si fuera preciso iría con los rebeldes y al frente de ellos”. Ante a exposición dos feitos probados, o auditor de guerra estableceu a sentenza de José Vargas Lorenzo: “pena de nueve años de prisión mayor y las accesorias de suspensión de todo cargo y del derecho de sufragio durante el tiempo de la condena”<sup>101</sup>

O veciño da vila José Suárez Penedo tamén fora procesado nunha causa, neste caso, na 847/1936, iniciada o día 10 de setembro de 1936. Nela acusábano de proferir insultos en contra do exército, ao que as testemuñas alegaron que non foran feitas con malas intencións, senón que a modo de broma. Foi procesado o día 20 de setembro de 1936 por pronunciar “frases ofensivas e insultantes a reclutas excedentes de cupo, que se incorporaban (...) para cumplir sus deberes militares”<sup>102</sup>. Os autos foron elevados ao auditor de guerra o día 23 de setembro de 1936, quen, finalmente, o 2 de outubro do mesmo ano, remiteos de novo ao instrutor dispoñendo o sobresemento provisional das actuacións e o pase do axuízado a disposición da autoridade gubernativa.

Así mesmo, tamén José María Bertolo Tabeada foi procesado nunha causa que se iniciou catro días despois da citada anteriormente. O 14 de setembro de 1936, iniciouse a causa 892/1936 contra José María Bertolo Tabeada, acusado de manter na súa posesión unha arma tras ser publicado o bando de guerra. As testemuñas daquel feito non atribuíron a José María ningunha significación política nin participación nos feitos acaecidos na vila a finais de xullo. Non obstante, o día 19 de setembro de 1936, o xuíz ditou auto de procesamento elevando a prisión a aquel veciño acusado de atopárselle nun rexistro practicado pola Garda Civil na súa casa “un cachorrillo antiguo fabricado en 1835, municiones de caza, pólvora suelta, posta, etc. (...)”<sup>103</sup>. Finalmente, o día 20 de setembro, o xuíz instrutor elevou resume do actuado ao auditor de guerra, quen o 1 de outubro remitiuno de novo ao instrutor para o sobresemento provisional do actuado.

Outra causa na que tamén estiveron incursos veciños de Gondomar foi a 1376/1936, iniciada o día 18 de novembro de 1936 contra Benigno Almuíña Claro, José Pérez Troncoso, Marcial Alonso Álvarez (a) “Francés”, Davino Alonso Fernández, José Pereira Costas e Florentino Domínguez alcumado o “Dientes”. Aqueles homes foran acusados de irromper a finais de xullo na casa dunha veciña da vila e impedir que o seu carpinteiro traballase, o que corroboraron as testemuñas que participaron no xuízo. O día 31 de decembro de 1936, o xuíz ditou auto de procesamento contra Benigno Almuíña e José Pérez Troncoso, o 17 de xaneiro de 1937 fíxoo contra Marcial Alonso Álvarez e o 23 do mesmo mes contra Davino Alonso, José Pereira, e Florentino Domínguez. Segundo estableceu o xuíz, os veciños presentáranse o día 21 de xullo de

101 AIMN, 816/1936, fols. 33 e 33v

102 AIMN, 847/1936, fol. 12.

103 AIMN, 892/1936, fol. 13.

1936 no “domicilio de la vecina (...) Rosalía Rial y obligaron al carpintero José Martínez (...) que trabajaba en dicha casa, a dejar inmediatamente el trabajo (...) Consumado el delito (...) provistos de escopetas prestaron también servicio de vigilancia”<sup>104</sup>, decretando a continuación o seu procesamento.

O día 4 de febreiro de 1937, o xuíz instrutor elevou o resumo do actuado ao auditor de guerra, quen o 5 do mesmo mes decretou o sobresemento provisional das actuacións contra Benigno Almuiña Claro, José Pérez Troncoso, Marcial Alonso Álvarez e Davino Alonso Fernández, quedando os catro veciños a disposición da autoridade gubernativa. No relativo a Florentino Domínguez, os seus trámites quedaron en suspensión, pois tras publicarse a súa requisitoria, o día 16 de xaneiro de 1937, e ser declarado en rebeldía, non se puido localizar.

Como se pode concluir tras este breve repaso ás causas militares nas que durante a guerra se viron envoltos algúns veciños da vila, aqueles procesos caracterizáronse pola rapidez e exemplaridade coa que se levaron a cabo. Na práctica, as garantías ás que teoricamente os procesados tiñan dereito, as máis das veces serviron como simples pretextos ás autoridades para levar a cabo inxustizas morais tan cruentas como as que se cometeron por vías extraxudiciais.

## Outras manifestacións da represión

### a) Os fuxidos

Moitos veciños da vila buscados polas autoridades para ser detidos agocháranse nas súas casas ou fuxiran ao monte, e incluso algúns puideron escapar a Portugal. Este foi o caso do alcalde José Pequeño, quen, despois de ser tratado violentamente, conseguiu fuxir a Lisboa e dende alí saíu cara a Montevideo, onde xa estivera emigrado. No tocante ás manobras dos fuxidos ou daqueles que non querían ir á guerra e procuraban saír do país, en Gondomar tiveron importancia as accións dun influínte dereitista de San Cibrán de Donas coñecido como “o Bonito”, quen lle facilitou a moitos a súa fuxida<sup>105</sup>.

Pola contra, os que tremían polas súas vidas e non tiveron a sorte de poder fuxir ao estranxeiro, sobre todo nos primeiros meses, deberon permanecer entobados nas súas casas ou fuxidos polo monte. En tales circunstancias viuse o tenente alcalde don Rogelio, quen, segundo as fontes orais consultadas, parece ser que, cando menos nas vésperas do pronunciamiento militar, realizara algún acto propagandístico dende o balcón do concello, polo que foi perseguido. Do seu acocho dá conta a entrevistada Consuelo Crespo Méndez, quen acudira coa súa filla, Concha Lorenzo, a levarlle a comida á adega que a familia tiña na parroquia de Chaín, onde o home se atopaba no interior dun bocoi.

Parece ser que a intervención do párroco da vila, don Carlos, foi decisiva para que o seu pai puidese saír con vida daquela. Tal fora así xa que, segundo contou Encarnación Sestelo, nos primeiros días do levantamento, os comunistas, que tiñan as reunións na casa de Rogelio Lorenzo e “gritaban como animais”, nunha das súas xuntanzas

104 AIMN, 1376/1936, fol. 10.

105 Entrevista realizada a Encarnación Sestelo, 23 de abril de 2017, Arquivo persoal de Elena Crespo Fernández.

discutían a idea de asasinar o crego e Rogelio volvera por el: “o cura non o matades, ao contrario, ten feito moito ben para Gondomar”.

Outra persoa das que tamén andou agochada foi o médico pontevedrés don Etelvino, quen, por temer a denuncia de Latino Salgueiro, do mesmo oficio, andou escapado polo bosque do pazo do Conde e durmiu algunha noite na casa da entrevistada Encarnación Sestelo, no lugar da Feira.

Así mesmo, tamén pola contorna do Miñor andou fuxido o primeiro alcalde de Vigo trala proclamación da Segunda República, Enrique Blein Budiño, quen, coa súa esposa, se acochara nunha cova no monte de Gondomar<sup>106</sup>. Alí, e a pesar da axuda que puideron recibir dalgúns dos veciños, finalmente foron detidos e ámbolos dous foron encarcerados en Vigo. A súa muller sufriu frecuentes castigos, como o feito de ser encadeada durante días nos retretes da prisión. Pola súa banda, Blein acabou sendo trasladado ao Hospital Municipal de Vigo onde morreu en moi malas condicións o día 10 de decembro de 1936 a causa dun cancro estomacal.

O exemplo máis destacado daqueles que se botaron ao monte foi o do que fora mestre da parroquia de Vilaza, Víctor Fraiz. O fuxido do que máis se lembran en Gondomar era un emigrado a Cuba de Silleda, que ao seu retorno estudara maxisterio, e exercera o seu labor educativo en varias vilas, e entre elas, na primeira metade dos anos 20, na parroquia de Vilaza de Gondomar. Periodista ocasional e conferenciante habitual, tivera un gran protagonismo na creación da F.E.T.E.-U.X.T. de Galicia e fora candidato a deputado da “Fronte Popular” pola provincia de Pontevedra, polo que o seu nome xa figurou cedo entre os dos máis buscados. Deste xeito, cando en Vigo se proclamou o bando de guerra, el, que vivía en Coia, decidiu fuxir da súa casa, onde pouco tardaron os gardas en ir buscalo. Comezou así unha andaina por toda a contorna viguesa que remataría no paredón do Castelo do Castro en Vigo, o día 14 de setembro de 1937.

No que respecta á vinculación que durante a súa fuxida Fraiz tivo con Gondomar, dicir que, antes de que rematase o ano, buscou acubillo na casa que o seu cuñado, José Fraga Gil, tiña na parroquia de Vilaza, no lugar de Villarés. Alí permitíronlle agocharse no alpendre e insistíronlle en que se entregase. Como o señor Fraga Gil era de dereitas e garda cívico, Fraiz non quixo deterse moito tempo na súa casa por se o descubrían, polo que marchou de madrugada. Aquel día estivo acochado entre matogueiras, pois andaban a buscalo os gardas cívicos Domingo Misa e José Quintas Santiago, xunto co falanxista Benjamín Fernández Varela, mestre de Parada<sup>107</sup>.

Parece que foi aquel día, cando, xa ben entrada a noite, acudiu a pedir axuda a don Ramón Méndez González, ao seu pazo do Barreiro, como ben lembra Consuelo Crespo Méndez:

*Tempo despois contaron na casa que a noite anterior á que viñeran os gardas ao Barreiro, estivera alí Víctor Fraiz, o mestre de Vilaza. El tiña moita “amistade” con meu avó porque el e a súa muller eran os padriños da prima Placeres, chámase Placeres porque leva o nome da muller; e viñan moito a visitar ao avó cando vivían en Vilaza.*

106 J. FLORY (2015): *Galicia bajo la bota de Franco*. Alvarellos: 86.

107 E. QUINTAS ALBORÉS (2008): *Placeres Castellanos*, Santo Tirso, A Nosa Terra: 39.

*Aquela noite Fraiz chamara á porta, xa moi tarde, e abríralle meu avó, dixé-ralle que tiña moitísima fame e el mandoulle á tía Benita que lle fixese unha tortilla. Ceou alí, e quería pasar a noite no pazo, pero o avó non llo permitiu, pois podían descubri-lo, entón, mandoulle uns chourizos e marchou.*

*Eu do que si me lembro ben foi de cando chegaron ao día seguinte os gardas (...). Nós e os meus primos estábamos xogando ás agochadas e saltabamos pola “ventana” que había do forno ao campo.*

*De súpeto, apareceron alí dous camións cheos de gardas e nós asustámonos moito; os meus primos metéranse debaixo das camas (...). Entraron pola adega cunhas luces de pila grandísimas e miraron en tódolos bocois, despois preguntáronme a min que quen fora o señor que saltara pola “ventana” do forno. Eu dixéralle que fora a prima Esperanza, aínda que fomos todos, quedarán alí ben marcadas as nosas pegadas, e os gardas fixéronnos pór o pé enriba delas para comprobalo (...). Lembro que antes de marchar revolveron o pazo e falaron individualmente con cada un da casa<sup>108</sup>.*

Aquela noite Fraiz durmiu en Vilaza e á mañá dirixiuse cara á parroquia de Chaín, dende onde foi cara á serra do Galleiro, botando alí varios meses, ata que a presenza de gardas pola zona fixoo volver ao Val Miñor novamente en busca de refuxio na casa do seu cuñado José Fraga Gil. Desta vez, foille imposible parar, pois os rexistros que os gardas facían na súa casa eran constantes e o propio Fraga Gil andaba agochado, pois o buscaban para que o delatase. Deses violentos rexistros lémbrese Encarnación Sestelo Amorín, pois o seu irmán Saturnino Sestelo Amorín tivera que acompañar nunha ocasión ao garda Gutiérrez nun dos seus frecuentes rexistros:

*Gutiérrez collera a escopeta e encañonara a unha das criadas da casa para que lle dixese onde estaba Fraga, pero ela non o sabía, claro. O garda, coa borracheira que tiña, caía para os lados, pero se non chega a estar Saturnino alí xa a mataba e quedaba morta.(...) Aquela muller tanto llo agradeceu a Saturnino que ao día seguinte apareceu pola casa cuns polos (...) Mamá mandoullos de volta para que lle fixese un caldo aos seus fillos<sup>109</sup>.*

O estoupido da guerra coincidiralle a un dos fillos de Fraiz, Víctor Jesús, chegando a Vigo, para visitar a súa moza. O rapaz, nada máis chegar o seu tren á estación, foi detido e encarcerado por ser o fillo dun dos personaxes máis buscados da contorna. Xustamente, á súa nai, Placeres Castellano, coincidiralle viaxando á inversa, cara a Madrid, para asistir a unha asemblea do Socorro Rojo Internacional, podendo despois exiliarse a Francia e dende alí a Arxentina. Pero o seu fillo non tivera a mesma sorte, e, despois de estar encarcerado na Illa de San Simón durante máis de tres meses, e en vista de que o seu pai non se entregaba, sen previo xuízo, foi fusilado o día 10 de novembro ás dúas da mañá no Alto da Concheira con tan só 19 anos.

Os outros seis fillos que Placeres e Víctor tiñan pasaban temporadas na casa de Gondomar dos seus tíos José Fraga Gil e Aurelia Castellanos. A principios de 1937,

108 Entrevista realizada a Consuelo Crespo Méndez, 16 de abril de 2017, Arquivo persoal de Elena Crespo Fernández.

109 Entrevista a Encarnación Sestelo, 23 de abril de 2017, Arquivo persoal de Elena Crespo Fernández.

as ameazas de morte pola radio aos seus descendentes varóns, de non aparecer o seu pai, eran constantes, polo que cando se encadeou en Gondomar a Celso Vicente, Fraiz, crendo que salvaba os seus fillos, entregouse a un consulado estranxeiro coa esperanza de que lle puidesen argallar un exilio que non foi posible. Tralo proceso militar ao que se someteu entre o 28 de febreiro e o 4 de marzo de 1937, Fraiz foi condenado a morte, sendo fusilado ás 7 da mañá do 14 de setembro no Monte do Castro.

No seu xuízo chaman a atención as declaracións na súa contra do seu propio cuñado, José Fraga Gil, quen, despois de separarse da súa muller Aurelia, alegou que se nalgunha ocasión o axudara fora por sentirse ameazado, aproveitando tamén a ocasión para delatar o seu veciño don Ramón Méndez González darlle de cear, como xa se fixo constar<sup>110</sup>.

Parece ser que Fraga Gil, fora unha das persoas da localidade que máis se puxera en contra dos que se xulgaron naquel tempo, fundamentalmente, nos primeiros días da guerra.

José Suárez Penedo, de tan só 18 anos, aínda que cunha sorte maior cá que correu Víctor Fraiz, tamén tivo que enfrontarse ás declaracións na súa contra de aquel garda. Os sucesos remóntanse ao 12 de agosto de 1936 pola mañá, cando José Suárez Penedo esperaba xunto aos seus compañeiros de traballo nun camiión na praza do pobo, mentres recollían a outro deles. Ao ver como dous amigos del pasaban pola estrada en dirección a Gondomar para coller o tranvía a Vigo e cumprir o seu servizo como recrutados excedentes de cupo, despedíronse del cun “adeus”, sendo contestados cun “desgraciados ¿dónde vais?, quintos, peludos que no servís para nada”.


Naquel momento, pasaba por alí o garda cívico Fraga Gil, quen, ao escoitar aquelas verbas, ordenou a José baixar do camiión. Segundo o garda declarou con posterioridade na causa número 847/1936, o traballador ofreceu resistencia, polo que Fraga Gil se viu obrigado a ameazalo cunha pistola, e finalmente tiveron que axudar a baixalo do vehículo os seus propios compañeiros. Fraga Gil conduciu a José ao cuartel da Garda Civil, onde o denunciou por presunto autor de insultos ao uniforme militar, o que a autoridade consideraba digno de sanción. Posteriormente, foi conducido ao cárcere, onde quedou detido dúas horas e logo, por orde do novo tenente alcalde, o Señor Quintas, foi posto en liberdade.

Aquel mesmo día, mentres José traballaba na estrada de Peitieiros, foi visto polo mesmo Fraga Gil, polo que, ao chegar a noite, volveu ser detido. Xa no cárcere, soubo por outros presos que Fraga Gil se enfrontara ao tenente alcalde por polo en liberdade, “indignándose incluso y tirando violentamente el sombrero al suelo” e insistindo en que se detivese de novo. José pasou uns días no cárcere de Gondomar, recibindo incluso a visita do seu tocaio de Couso, un dos que marchaba a Vigo e saudara daquel xeito. José xa estaba na cárcere de Vigo onde permaneceu ata o 8 de outubro, cando o día 14 de agosto o xuíz decretou a súa liberdade tras considerar que as súas verbas foran pronunciadas en ton amigable, a pesar de que o garda cívico desmentise rotundamente no xuízo<sup>111</sup>.

Volvendo falar daqueles fuxidos da contorna gondomaresa, tamén foi un personaxe ben soado Manuel Prado Pereira, da parroquia de Panxón, no concello de Nigrán. Lolito, o nome polo que era coñecido, liderara os sucesos revolucionarios de outubro de 1934 no Val Miñor e, nos días posteriores á sublevación militar de 1936, di-

110 E. QUINTAS ALBORÉS (2008): *Placeres Castellanos*, Santo Tirso, A Nosa Terra: 43.

111 AIMN, 847/1936, fols. 2, 14v, e 23 a 25.



Victor Fraiz e a súa muller Placeres Castellanos en Vigo.

Fonte: E. QUINTAS ALBORÉS (2008): *Placeres Castellanos*, Santo Tirso, A Nosa Terra: 22.

Guillén, de San Andrés de Comesaña, cos que, vestido con roupa de militar, atracou casas e establecementos de persoas “afectas”. Tamén a eles se lles atribuíu o acaecido na Ponte de Pego Negro o día 11 de xuño do ano 1938. Daquela, os fuxidos atopábanse acochados nas inmediacións da ponte de Vilaza agardando a que pasase o camión conducido por José Sío Artuzar, que ía todos os luns de feira comprar ovos a Gondomar.

Cando o camión se achegou á ponte, ás 6:45 da mañá, os cinco fuxidos que nela se acochaban déronlle o alto, pero José Sío Artuzar, advertindo que ía ser atracado, acelerou tratando de atropelalos, polo que os fuxidos comezaron un tiroteo no que unha das balas atravesou a cabina do camión. As manobras do vehículo fixeron que Carmen López, que tamén ía no camión xunto con dúas persoas máis do Porriño, saíse disparada cara á estrada; saíu ilesa daquela e os homes fuxiron cara a Xián e Chandebrito.

Finalmente, como tantos outros, Lolito foi detido en Priegue, en Nigrán, o día 17 de decembro de 1938. Entre os obxectos que se lle interviñeron tras a súa detención atopáronse copias manuscritas que el mesmo facía de propaganda antifascista.

Tras ser xulgado e condenado a morte pola xurisdición militar da Praza de Vigo, cuxos reos normalmente eran executados no Cuartel do Castro, con Lolito fíxose unha excepción, e foi morto en Priegue, moi preto da súa casa, para dar así exemplo a todos aqueles que aínda naquel momento non aceptaran a nova situación política.

Durante aqueles anos de guerra, como se aprecia en Gondomar, tamén houbera violencia e terror. De feito, ata que non se sufocou Tui o día 28 de xullo de 1936, o medo a un conflito forte na vila seguiu moi presente, pois incluso se escoitaban os canonazos que se disparaban naquela cidade.

rixira as requisas de armas e de dinamita nas obras da traída de augas de Valadares coas que se fixeran as bombas dos sindicatos de San Pedro da Ramallosa e Panxón, a onde o sindicato de Gondomar tamén se fora prover. Incluso coincidiría na serra do Galleiro con Víctor Fraiz, e a el se atribuíron moitos dos atracos e actuacións armadas que durante a guerra se realizaron na contorna, como foron os asasinatos de José Domínguez Domínguez, José María Barreiro, e Santiago Moreira Rodríguez.

Sábese que algún tempo despois daqueles dramáticos acontecementos, Lolito pasou a Lavadores, onde se refuxiou cos irmáns de

### b) Os mestres

Como ben fixeron constar as fontes orais consultadas “aqueles foran anos nos que había que estar moi calado”<sup>112</sup>, pois o medo a ser represaliado por desgustar os que exercían o poder era enorme. Neste senso, moitos dos mestres que exerceran o seu labor docente durante o tempo da República foron reprimidos durante aqueles anos. Así, a carón do que fora mestre de Vilaza, Víctor Fraiz, cuxos dramáticos avatares xa foron tratados, foron tamén represaliados, aínda que non con tan funestos fins, outros mestres da vila. Xa o 1 de setembro do ano 1936 foran suspensos dos seus cargos, por orde do Gobernador civil, sete deles:

Gloria Barbazán Fernández, de Peitieiros, e a Juan Antonio Ambrós Rodríguez, de Couso, foron suspendidos de emprego e soldo durante dous meses. Joaquín Ferrándiz Fernández, de Prado, ademais de imponse a sanción dos anteriores, foi traslado fóra da provincia por dous anos e inhabilitado para desempeñar cargos directivos. O mesmo lle aconteceu a Rogelio Granja Valverde, de Mañufe, aínda que este non saíra da provincia, pois fora trasladado ao Rosal.

No que respecta a Luciano Folgar Monteagudo, de Chaín, Juliana Gómez Martín, de Donas, e Prudencio Figueiro Vila, de Vincios, foron represaliados coa suspensión temporal de emprego e soldo, traslado dentro da provincia por tres anos, e inhabilitación para cargos directivos. En relación ao primeiro, dicir que tamén foi acusado na causa número 138, xunto a José Cribeiro, por ter unha intensa actividade en pro da candidatura comunista nas últimas eleccións que se realizaran.

José Cribeiro González, o mestre de Donas, do que xa se falou no apartado adicado aos procesados da vila, fora separado do servizo e dado de baixa no escalafón. Xulgado na causa 805/1936 por realizar propaganda comunista na súa escola e na vila



José Cribeiro nos primeiros anos 60.

Fonte: *Atopados. A fosa de San Xián*. (2017). PDF en liña, Gondomar: Instituto de Estudos Miñoráns. Todos los nombre en [http://www.todoslosnombres.org/sites/default/files/documento446\\_0.pdf](http://www.todoslosnombres.org/sites/default/files/documento446_0.pdf). Consultado 3/04/2017.

112 Entrevista realizada a Encarnación Sestelo Amorín, 23 de abril de 2017, Arquivo persoal de Elena Crespo Fernández.



con anterioridade ao levantamento militar, ser de certa tendencia comunista e formar parte, con carácter esquerdista, nunha mesa electoral nas eleccións do 18 de febreiro de 1936, atribuíronse posibles responsabilidades na resistencia que na vila se fixo ao triunfo do movemento.

Segundo fontes orais, fora sacado da cadea porque o cura don Carlos, tralas insistencias da súa muller, conseguira que o liberasen: “Eu sei que estou dicindo unha mentira, ... porque Cribeiro era rojo rojo (...). A muller volvíase louca, volvíanselle as mans para atrás dos nervios que tiña”<sup>113</sup>.

Victoriano Taibo García, o mestre de Morgadáns, foi quen levou a represión máis dura de entre tódolos citados, pois foi suspenso durante un tempo de emprego e soldo e trasladado fóra da rexión, a Valladolid. Tal traslado estaba relacionado con cuestión nacionalistas. O mestre era membro da Real Academia Galega, do Instituto de Estudos Históricos do Miño, estaba adscrito ao movemento galeguista e, ademais de ter publicadas obras da súa propia autoría, colaborara coas Irmandades da Fala e con publicacións como *A Nosa Terra*, *Nós*, ou *O Tío Marcos da Portela*<sup>114</sup>.

## CONCLUSIÓNS

En Gondomar, como no resto de España, o período no que se desenvolveu a guerra civil estivo marcado polo medo, a violencia e o silencio. Na vila non chegou a haber un enfrontamento armado entre sublevados e partidarios da República, pois o poder foi cedido sen apenas resistencia. Unicamente os membros do Sindicato do Ramo da Construción e Oficios Varios trataron de impedir o triunfo do movemento na vila, pero foron represaliados ou fuxidos no mesmo intre no que chegaron dende Vigo os gardas de asalto.

Deste xeito, o período no que Gondomar experimentou unha maior axitación foi do 20 ao 24 de xullo. Aqueles días, os favorables á República, ou, cando menos, aqueles coaccionados por outros e amedrentados pola situación de incerteza, defenderon o goberno lexitimamente constituído e patrullaron polas rúas e requisaron armas aos simpatizantes das dereitas para que non se sumasen ao golpe e poder defender o goberno cando chegasen os sublevados dende Vigo.

No momento no que os golpistas chegaron á vila, a situación, en certo sentido, tranquilizouse, pois quedou establecida a orde que se imporía dende alí en diante. Os que tomaron o poder detiveron e condenaron xudicial ou extraxudicialmente aqueles que, segundo eles, eran susceptibles de ser represaliados polas súas actuacións anteriores ou posteriores ao triunfo do movemento militar. Os obreiros, mestres e simpatizantes das esquerda foron os que levaron a peor parte.

En Gondomar, a represión implantada polo franquismo, que serviu de base para a consolidación do novo réxime, foi moi visible nas aparicións de “paseados” nas cunetas da estrada de Vincios. Así mesmo, fixo perder a vida a nove veciños da vila; un

113 Entrevista realizada a Encarnación Sestelo Amorín, 23 de abril de 2017, Arquivo persoal de Elena Crespo Fernández.

114 A. S. PORTO UCHA (2008): *Mestras e Mestres pontevedreses depurados polo franquismo, Primeiras acción represivas e estudo por concellos no sur da provincia (1936 – 1942)*, Tui, Alén Miño: 171-173.

deles fora condenado a morte por un consello de guerra, e os demais morreron en enfrontamentos coa garda civil ou foron vítimas de asasinatos extraxudiciais.

Dos que non foron executados, moitos pasaron anos na cadea e outros moitos, os que non puideron saír do país, tiveron que fuxir e vivir unha vida de penurias, mentres as súas familias sufrían as consecuencias económicas, ideolóxicas e abusivas que trouxo consigo a implantación do novo réxime, sobre todo, para aqueles que simpatizaran coas esquerdas.

En definitiva, aquela época foi para os habitantes da vila un período de medo, tristura e dificultades económicas. A resignación aos abusos e á dor foi a tónica común en moitas familias que tiveron que ver marchar os seus membros varóns á fronte coa incerteza de non saber se volverían vivos, e, ás veces, pouco despois, recibir as malas novas da súa defunción. Mención especial merecen tamén aquelas outras que tiveron que convivir durante moitos anos cos asasinados dos seus propios familiares tendo que calar toda a dor e a rabia que sen dúbida deberon sentir.

## FONTES E BIBLIOGRAFÍA

### Fontes

Entrevista realizada a Consuelo Crespo Méndez, o 16 de abril de 2017 e a José Ramón Crespo Méndez, o 20 de abril de 2017. Arquivo persoal de Elena Crespo Fernández.

Entrevista realizada a Dolores Salgueiro Troncoso, 15 de abril de 2017, Arquivo persoal de Elena Crespo Fernández.

Entrevista realizada a Encarnación Sestelo, 23 de abril de 2017, Arquivo persoal de Elena Crespo Fernández.

Entrevista realizada a Enrique Crespo Méndez, 15 de abril de 2017, Arquivo persoal de Elena Crespo Fernández.

Entrevista realizada a José Ramón Crespo Méndez, 20 de abril de 2017, Arquivo persoal de Elena Crespo Fernández.

### Referencias bibliográficas

ABAD GALLEGO, X. C. (2005). *Héroes o Forajidos, "Fuxidos" y Guerrilleros Antifranquistas en la Comarca de Vigo*, Vigo, Instituto de Estudios Vigueses.

ABAD GALLEGO, X. C. (2008). *Cen Personaxes en torno a unha guerra, A República e a guerra civil na Comarca de Vigo a través dos seus protagonistas*, Vigo, Instituto de Estudios Vigueses.

ALÍA MIRANDA, F. & Á. R. DEL VALLE CALZADO (2008). *La Guerra Civil en Castilla-La Mancha. 70 años después*, Cuenca, Universidad de Castilla-La Mancha.

ÁLVARO DUEÑAS, M. (2006). «Por Ministerio de la ley y voluntad del Caudillo». La Jurisdicción Especial de Responsabilidades Políticas (1939-1945), Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales.

ARÓSTEGUI, J. (coord.) (2012). *Franco: la represión como sistema*, Barcelona, Flor del Viento.

ARÓSTEGUI, J., J. MARCO & G. GÓMEZ BRAVO (coords.) (2012). Sobre Genocidios, Holocaustos y Exterminios. Sobre los procesos represivos en la España durante la guerra civil y la dictadura franquista, dossier de *Hispania Nova*, núm. 10, <http://hispanianova.rediris.es/10/dossier.htm>. (Consultado o 29/11/2021).

- ARQUIVO MILITAR DO BALUARTE. Ferrol, causas 644/1936, 718/1936, 772/1936, 805/1936, 816/1936, 1376/1936, 892/1936, 847/1936 e 711/1937.
- Atopados. *A fosa de San Xián*. (2017). PDF en liña, Gondomar: Instituto de Estudos Miñoráns. Todos os nomes en [https://www.todoslosnombres.org/sites/default/files/documento446\\_0.pdf](https://www.todoslosnombres.org/sites/default/files/documento446_0.pdf). (Consultado o 29/11/2021).
- BARÁ, L. (2017). *Non des a esquecemento, Relatos do xenocidio fascista en Galicia, da resistencia e da solidariedade*. Gondomar. Instituto de Estudos Miñoráns.
- BARAJAS, J. & E. DÍAZ (2007): *Batallones disciplinarios (esclavos del Franquismo)*, Barcelona, Associació per a la Memòria Històrica i Democràtica del Baix Llobregat.
- CANAL, J. & E. GONZÁLEZ CALLEJA (eds.) (2012). *Guerras civiles. Una clave para entender la Europa de los siglos XIX y XX*. Madrid, Casa de Velázquez.
- CANCIO FERNÁNDEZ, R. C. (2007). *Guerra Civil y Tribunales: de los jurados populares a la justicia franquista (1936-1939)*. Cáceres, Servicio de Publicaciones de la Universidad.
- CHAVES, J. (coord.) (2009). *Memoria e investigación en torno al setenta aniversario del final de la Guerra Civil*, Badajoz, Diputación de Cáceres-Universidad de Extremadura.
- DE JUANA, J. & J. PRADA RODRÍGUEZ (coords.) (2006). *Lo que han hecho en Galicia. Violencia política, represión y exilio (1936-1939)*. Barcelona, Crítica.
- DEL ARCO BLANCO, M. Á. & C. HERNÁNDEZ BURGOS (2011). Más allá de las tapias de los cementerios: la represión cultural y socioeconómica en la España franquista (1936-1951). *Cuadernos de Historia Contemporánea*, 33: 71-93.
- DEL ARCO BLANCO, M. Á. (2009). El secreto del consenso en el régimen franquista: cultura de la victoria, represión y hambre. *Ayer* 76: 245-268.
- DEL REY, F. (dir.) (2011). *Palabras como puños. La intransigencia política en la Segunda República española*, Madrid, Tecnos.
- EGIDO LEÓN, Á. & M. EIROA SAN FRANCISCO (2008). Los campos de concentración franquistas: del olvido a la memoria, in J. CUESTA (dir.) *Memorias históricas de España (siglo XX)*. Madrid, Fundación F. Largo Caballero.
- ESPINOSA F. (coord.) (2010). *Violencia roja y azul. España, 1936-1950*. Barcelona, Crítica.
- FLORY, J. (2015). *Galicia bajo la bota de Franco*. Santiago de Compostela, Alvarellos.
- GASTÓN, J. M. & F. MENDIOLA (coords.) (2007). *Los trabajos forzados en la dictadura franquista*, s. l., Instituto Gerónimo de Uztáriz.
- GIL ANDRÉS, C. (2006). *Lejos del frente. La guerra civil en la Rioja Alta*. Barcelona, Crítica.
- GIL ANDRÉS, C. (2006): Vecinos contra vecinos. La violencia en la retaguardia riojana durante la Guerra Civil. *Historia y Política* 16: 109-130.
- GÓMEZ BRAVO, G. & J. MARCO (2011). *La obra del miedo. Violencia y sociedad en la España franquista (1936-1950)*. Barcelona, Península.
- GÓMEZ BRAVO, G. & R. PALLOL (eds.) (2015). *Actas del Congreso Posguerras. 75 aniversario del fin de la guerra civil española*. Madrid, Fundación Pablo Iglesias.
- GÓMEZ BRAVO, G. (2009). *El exilio interior. Cárcel y represión en la España franquista*. Madrid, Taurus.
- GÓMEZ BRAVO, G. (coord.) (2011). Introducción: Violencia y espacio público en la sociedad contemporánea. *Cuadernos de Historia Contemporánea* 33:13-72.
- GONZÁLEZ A., J. A. (1998). *Nigrán, Memoria dunha guerra 1936 - 1939*. Vigo, Numen.
- GONZÁLEZ CALLEJA, E., F. COBO ROMERO, A. MARTÍNEZ RUS & F. SÁNCHEZ PÉREZ (2015). *La Segunda República española*. Barcelona, Pasado y Presente.
- GONZÁLEZ MARTÍNEZ, C. & M. ORTIZ HERAS (2010). Control social, control policial en la

- dictadura franquista, *Historia del Presente* 16: 143-152.
- GONZÁLEZ RUIBAL, A. (2015). *Volver a las trincheras. Una arqueología de la Guerra Civil española*. Madrid, Alianza Editorial.
- GRANDÍO SEOANE, E. (1994). *Coruña en el siglo XX*. A Coruña, Vía Láctea.
- GRANDÍO SEOANE, E. (2000). *Años de guerra*. Oleiros, Vía Láctea.
- GRANDÍO SEOANE, E., J. PRADA RODRÍGUEZ, e D. PEREIRA (2011). Vinieron por nosotros... La represión paralegal durante la guerra civil. El caso de Galicia. *Nuevos horizontes del pasado. Culturas políticas, identidades y formas de representación: Actas del X Congreso de la Asociación de Historia Contemporánea*: 121.
- HERNÁNDEZ BURGOS, C. (2011). *Granada azul. La construcción de la «Cultura de la Victoria» en el primer franquismo*. Granada, Comares.
- HERNÁNDEZ BURGOS, C. (2013). *Franquismo a ras de suelo. Zonas grises, apoyos sociales y actitudes durante la dictadura (1936-1976)*. Granada, Universidad de Granada.
- <http://erevistas.uc3m.es/index.php/HISPNOV/article/view/2002>.
- INE. *Censos de poboación. Disponibles* en <http://www.ine.es/inebaseweb/pdfDispatcher.do?td=108631&ext=.pdf> e <http://www.ine.es/inebaseweb/pdfDispatcher.do?td=120515&ext=.pdf>. (Consultado o 19/05/2017).
- INSTITUTO DE ESTUDOS MIÑORANOS (2005). *Gondomar, O son do río*. Edicións do Cumio. Gondomar.
- JESÚS SOUTO, M. (1998). *La represión franquista en la provincia de Lugo (1938-1940)*. Santiago, Universidade de Santiago de Compostela.
- JESÚS SOUTO, M. (1999). *Los apoyos al régimen franquista en la provincia de Lugo (1936-1940). La corrupción y la lucha por el poder*. Santiago, Universidade de Santiago de Compostela.
- JIMÉNEZ HERRERA, F. (2014): El Comité de Investigación Pública a través de la documentación custodiada en el Archivo General Militar de Madrid. *Hispania Nova*, 12.
- MARCO, J. (2012). *Guerrilleros y vecinos en armas. Identidades y culturas de la resistencia antifranquista*. Granada, Comares.
- MATHEWS, J. (2013). *Soldados a la fuerza. Reclutamiento obligatorio durante la Guerra Civil, 1936-1939*. Madrid, Alianza Editorial.
- MEIXOME, C. (2006). *A estrada da morte*. PDF en liña, O portal do Val Miñor en <https://valminor.info/opinion/cartas-ao-director?start=115>. (Consultado o 2/04/2017).
- MOLINERO, C. (2006). El reclamo de la “justicia social” en las políticas de consenso del régimen franquista, *Historia Social* 56: 93-11.
- MOSQUERA VELEIRO, J.L., A. SOLIÑO TRONCOSO, A. SOLIÑO TRONCOSO & M. SOLIÑO TRONCOSO (1995). *Gondomar, Historia, Arte e Territorio*. Vigo, Ir Indo.
- NOMES E VOCES. En liña, [Nomesevoces.net](http://www.nomesevoces.net). en: <http://www.nomesevoces.net>. (Consultado o 23-11-2021).
- OLIVER OLMO, P. & J. C. URDA LOZANO (coords.) (2014): *La prisión y las instituciones punitivas en la investigación histórica*. Cuenca, Ediciones de la Universidad de Castilla La Mancha.
- ORTIZ, C. (coord.) (2013). *Lugares de represión, paisajes de la memoria. La cárcel de Carabanchel*. Madrid, Los Libros de la Catarata.
- PAYNE, S. (2005). *El colapso de la República. Los orígenes de la guerra civil*. Madrid, La Esfera de los Libros.
- PEREIRA, D. (2003). Os Mortos esquecidos, radiografía da represión franquista nun pe-

- queno concello rural, o caso de Cerdedo (Pontevedra), in *A represión franquista en Galicia: actas dos traballos presentados ao Congreso da Memoria*. Narón.
- PORTO UCHA, A. S. (2008). *Mestras e Mestres pontevedreses depurados polo franquismo, Primeiras acción represivas e estudo por concellos no sur da provincia (1936 – 1942)*. Tui, Alén Miño.
- PRADA RODRÍGUEZ, J. (2003). *Metodoloxía e fontes para o estudio da represión franquista en Galicia*. Ourense: Obradoiro de Historia de Galicia.
- PRADA RODRÍGUEZ, J. (2004). *Ourense, 1936-1939. Alzamento, Guerra e Represión*. Sada, Ed. do Castro.
- PRADA RODRÍGUEZ, J. (2011). *Geografía de la Represión Franquista*. Madrid: Catarata.
- PRADA, J. (2006). *De la agitación republicana a la represión franquista*. Ourense, 1934-1939. Barcelona, Ariel.
- PRADA, J. (2010). *La España masacrada. La represión franquista de guerra y posguerra*. Madrid, Alianza Editorial.
- PRADA, J. (dir.) (2014): *No solo represión. La construcción del franquismo en Galicia*, Madrid, Biblioteca Nueva.
- QUINTAS ALBORÉS, E. (2008). *Placeres Castellanos*, Santo Tirso, A Nosa Terra.
- REXISTRO CIVIL DE GONDOMAR.
- RIESCO ROCHE, S. (2006). Una reflexión sobre la contrarreforma agraria como medio represivo, *Hispania Nova* 6, <http://hispanianova.rediris.es/6/dossier/6d019.pdf>
- RODRIGO, J. (2009). Presentación. Retaguardia: un espacio de transformación, *Ayer* 76: 13-36.
- RODRIGO, J. (2010). Trabajar para el enemigo. Campos de concentración y trabajo forzoso en la guerra y la posguerra. *Andalucía en la Historia. Dossier Nuevas miradas sobre la Guerra Civil* 30: 26-29.
- RODRÍGUEZ GALLARDO, A. (2008). *Memoria e silencio na Galicia contemporánea*. Tui, Alén Miño.
- RODRÍGUEZ TEIJEIRO, D. (2010). *Presos e prisións na Galicia de guerra e de pós-guerra*. Vigo, Galaxia.
- RODRÍGUEZ TEIJEIRO, D. (2011). *Las cárceles de Franco*. Madrid, Los Libros de la Catarata.
- RUIZ, J. (2011). Las metanarraciones del exterminio. *Revista de libros de la Fundación Caja Madrid* 172: 8-12.
- STUDER, L., G. RAMOS, V. HEREDERO & A. LEÓN (2013): La violencia política y social durante el franquismo en el archipiélago canario (1936-1975), en M. Á. CABRERA & P. RIVERO (coords.) (2010): *Luces sobre un tiempo en gris. Exposición bibliográfica sobre la represión franquista en Canarias*, Santa Cruz de Tenerife, Servicio de Publicaciones de la Universidad de La Laguna: 25-70.
- THOMAS, M. (2014). *La fe y la furia. Violencia anticlerical popular e iconoclastia en España*. Granada, Comares.
- VÁZQUEZ ACUÑA, B. (2015). *Memoria dunha parroquia republicana*. Vigo, Instituto de Estudios Vigueses.
- VEGA SOMBRÍA, S. (2011). *La política del miedo. El papel de la represión en el franquismo*. Barcelona, Crítica.
- VIÑAS, Á. & J. A. BLANCO (dirs) (2017). *La Guerra Civil Española, una visión bibliográfica*. Marcial Pons Digital.
- VIÑAS, Á. (ed.) (2012). *En el combate por la historia. La República, La guerra civil, el franquismo*. Barcelona, Pasado y Presente.

## ANEXOS

Anexo 1. SUMARIOS MILITARES								
ANO CAUSA	Nº CAUSA	INSTRUTOR	NOME	APELIDOS	PROFESION	LOCALIDADE NATUREZA	VECINANZA	FILIACION POLÍTICA
1936	644	D. Francisco Arriaga Seoane	Manuel	Rodríguez Amorío	Panadeiro	Gondomar	Gondomar	
1936	644	D. Francisco Arriaga Seoane	Salustiano	Cortegoso Iglesias	Panadeiro	Gondomar	Couso (Gondomar)	Socialista
1936	644	D. Francisco Arriaga Seoane	Santos	Pérez González	Panadeiro	Gondomar	Gondomar	Comunista
1936	718	D. Benito Otero Brage	Ascasio	Jorge		Carbide (Portugal)	Vilaza (Gondomar)	
1936	718	D. Benito Otero Brage	Felipe	Méndez Núñez	Serrador	Vilaza (Gondomar)	Vilaza (Gondomar)	
1936	718	D. Benito Otero Brage	José	Cabaco Durán	Canteiro	Braga (Portugal)	Mañufe (Gondomar)	
1936	718	D. Benito Otero Brage	José	Pereira Costas	Canteiro		Mañufe (Gondomar)	
1936	718	D. Benito Otero Brage	Manuel	González Pérez	Labrego	Couso (Gondomar)	Couso (Gondomar)	
1936	718	D. Benito Otero Brage	Manuel	Domínguez Sanromán	Canteiro	Vilaza (Gondomar)	Vilaza (Gondomar)	
1936	718	D. Benito Otero Brage	Manuel	Rodríguez Gómez	Guarnicioneiro	Ribadavia	Gondomar	
1936	718	D. Benito Otero Brage	Manuel	Franco González	Xornaleiro	Gondomar	Gondomar	
1936	718	D. Benito Otero Brage	Marcelino	Suárez Iglesias		Corredoira (Cerdeo-Cotobade)	Gondomar	
1936	718	D. Benito Otero Brage	Marcelino	García	Mestre albanel	Vilaza (Gondomar)	Vilaza (Gondomar)	
1936	718	D. Benito Otero Brage	Marcial	Alonso Álvarez	Xornaleiro	Mañufe (Gondomar)	Mañufe (Gondomar)	
1936	718	D. Benito Otero Brage	Marcial	Alonso		Vilaza (Gondomar)	Vilaza (Gondomar)	
1936	718	D. Benito Otero Brage	Marcial	Mariño García		Gondomar	Gondomar	
1936	772	D. Manuel Lage Becerra	Moisés	Fernández Fernández	Labrego	Gondomar	Borreiros (Gondomar)	
1936	805	Luis De Vicente Sasiain	Antonio	Iglesias	Xornaleiro	Igrexa (Gondomar)	Igrexa (Gondomar)	
1936	805	Luis De Vicente Sasiain	Eduardo	Hermida Pereira	Xornaleiro	Vilaza (Gondomar)	Vilaza (Gondomar)	
1936	805	Luis De Vicente Sasiain	Feliciano	Vargas	Labrego	Peiteiro, Area (Gondomar)	Peiteiros, Area (Gondomar)	

CARGO SOCIETARIO	CARGO LOCAL	DATA DOS FEITOS	DATA ESCRITO FISCAL	PETICIÓN INICIAL DO FISCAL	DELITO	SENTENZA	LUGAR CUMPRIMENTO PENA	OBSERVACIONES
		1936/7/20	1937/3/10	Sobresemento provisional	Rebelión			
		1936/7/20	1937/3/10	Sobresemento provisional	Rebelión			
Presidente da sección de panadeiros do Sindicato de Gondomar		1936/7/20	1937/3/10	Sobresemento provisional	Rebelión			
		1936/7/20	1936/11/02	Sobresemento provisional	Tenencia de explosivos			
		1936/7/20	1936/11/02	Sobresemento provisional	Rebelión			
		1936/7/20	1936/11/02	Sobresemento provisional	Tenencia de explosivos			
		1936/7/20			Tenencia de explosivos			Morto o 1936/10/27
		1936/7/20	1936/11/02	Sobresemento provisional	Rebelión			
		1936/7/20	1936/11/02	Libertade	Rebelión			
		1936/7/20	1936/11/02	Libertade	Rebelión			
		1936/7/20	1936/11/02	Libertade	Rebelión			
		1936/7/20	1936/11/02	Sobresemento provisional	Rebelión			
		1936/7/20	1936/11/02	Libertade	Rebelión			
		1936/7/20	1936/11/02	Libertade	Rebelión			
		1936/7/20	1936/11/02	Libertade	Rebelión			
Secretario do sindicato obreiro de Gondomar		1936/7/20	1936/11/02	Libertade	Rebelión			
		1936/8/23	1936/9/11	Sobresemento provisional	Rebelión			
		1936/7/20	1936/9/25	Embargo preventivo dos bens dos procesados "en cantidad suficiente a cubrir la de CUATROCIENTAS PESETAS"	Rebelión	Cárcere	Penal de San Cristovo, Pamplona	Morto na fuga do Penal de San Cristovo o 1938/5/22
		1936/7/20	1936/9/25	Embargo preventivo dos bens dos procesados "en cantidad suficiente a cubrir la de CUATROCIENTAS PESETAS"	Rebelión	Cárcere	Penal de San Cristovo, Pamplona	Excarcelado o 1940/9/12
		1936/7/20	1936/9/25		Rebelión	Cárcere	Penal de San Cristovo, Pamplona	Excarcelado o 1940/9/12

1936	805	Luis De Vicente Sasiain	Joaquín	Míguez Ledo	Xornaleiro	Vilasobroso (Mondariz)	Vilaza (Gondomar)	
1936	805	Luis De Vicente Sasiain	José	Cribeiro González	Mestre	Santa María de Mogor	Donas (Gondomar)	Comunista
1936	805	Luis De Vicente Sasiain	José	Pequeño Rodríguez	Labrego	San Pedro da Ramallosa (Nigrán)	Borreiros (Gondomar)	
1936	805	Luis De Vicente Sasiain	Manuel	Domínguez	Xornaleiro	Pexegueiros (Tui)	Picoto (Gondomar)	
1936	805	Luis De Vicente Sasiain	Rogelio	Lorenzo González	Construtor	Chain (Gondomar)	Chain (Gondomar)	
1936	816	D. Manuel Lage Becerra	Álvaro	Pérez Iglesias				
1936	816	D. Manuel Lage Becerra	José	Vargas Lorenzo	Labrego	Gondomar	Peiteiros (Gondomar)	
1936	847	Luis Vicente Sasiain	José	Suárez Penedo	Albanel	Gondomar	Gondomar	
1936	892	D. Luis de Vicente Sasiain	José María	Bertolo Taboada	Mecánico		Gerdado	
1936	1376	D. Manuel Ariza Díez de Bulnes	Benigno	Almuíña Claro	Carpinteiro			
1936	1376	Manuel Ariza Díez de Bulnes	Davino	Alonso Fernández				
1936	1376	D. Manuel Ariza Díez de Bulnes	Florentino	Domínguez	Panadeiro	Malvas (Tui)	Sabarís (Baiona)	
1936	1376	Manuel Ariza Díez de Bulnes	José	Pérez Troncoso	Xornaleiro	Vilaza (Gondomar)	Vilaza (Gondomar)	
1936	1376	D. Manuel Ariza Díez de Bulnes	José	Pereira Costas	Canteiro	Braga (Portugal)	Mañufe (Gondomar)	
1936	1376	D. Manuel Ariza Díez de Bulnes	Marcial	Alonso Álvarez		Vilaza (Gondomar)	Mañufe (Gondomar)	



Presidente do sindicato obreiro		1936/7/20	1936/9/25	Embargo preventivo dos bens dos procesados "en cantidade suficiente a cubrir la de CUATROCIENTAS PESETAS"	Rebelión	Morte		Executado no Castelo do Castro de Vigo o 1936/10/24
		1936/7/20	1936/9/25	Cese da súa titulación como mestre e da imposición da sanción correspondente.	Rebelión	Sobresemento		
	Alcalde	1936/7/20	1936/9/25	Embargo preventivo dos bens dos procesados "en cantidade suficiente a cubrir la de CUATROCIENTAS PESETAS"	Rebelión	Absolución		Emigrado
		1936/7/20	1936/9/25	Embargo preventivo dos bens dos procesados "en cantidade suficiente a cubrir la de CUATROCIENTAS PESETAS"	Rebelión	Cárcere	Penal de San Cristovo, Pamplona	Excarcelado o 1940/9/12
	Tentente Alcalde	1936/7/20	1936/9/25	Embargo preventivo dos bens dos procesados "en cantidade suficiente a cubrir la de cuatrocientas pesetas"	Rebelión	Absolución		
	Concelleiro	1936/7/23			Excitación á rebelión			Fuxido
	Concelleiro	1936/7/23	1936/11/12		Excitación á rebelión	Cárcere	Prisión de Bilbao e Hospital Penal de Segovia	Excarcelado o 1940/8/26
		1936/8/13	1936/10/02	Sobresemento provisional	Rebelión			
		1936/7/20	1936/10/01	Sobresemento provisional	Rebelión			
		1936/7/20	1937/2/05	Sobresemento provisional	Auxilio á rebelión			
		1936/7/20	1937/2/05	Sobresemento provisional	Auxilio á rebelión			
		1936/7/20	1937/2/05	Trámites en suspensión	Auxilio á rebelión			Fuxido
		1936/7/20	1937/2/05	Sobresemento provisional	Auxilio á rebelión			
		1936/7/20			Tenencia de explosivos			Morto o 1936/10/27
		1936/7/20	1937/2/05	Sobresemento provisional	Auxilio á rebelión			

ANEXO 2. PASEADOS DA VILA E OUTRAS VÍTIMAS		
NOME	APELIDOS	DATA DA MORTE
José	Pereira Costa	19/08/36
Jesús	Rodríguez García	27/01/37
Abilio	Araujo Barbosa	11/02/37
Manuel	Prudencio del Rosario	11/02/37
Jesús		11/02/37
Manuel	Lorenzo Pazos	06/04/37
José María	Barreiro Ferreira	07/06/37
Antonio	Iglesias	22/05/38

ANEXO 3. PASEADOS EN GONDOMAR			
NOME	APELIDOS	DATA DA MORTE	APARICIÓN DO CADÁVERE
Edelmiro	Prado Lago	03/09/36	Monte de Pegonegro
Manuel	Estévez Álvarez	12/09/36	Couso
Edelmiro	García Suárez	14/09/36	Gándara, Vincios.
Jesús	Chaves	18/09/36	Km12 da estrada Porriño Gondomar
Arturo	Fernández Cabaleiro	18/09/36	Gándara, Vincios.
Aladino	García Estévez	22/09/36	Estrada de Porriño a Gondomar, Cela, Mos
Basilio	Rodas Pérez	22/09/36	Estrada de Porriño a Gondomar, Cela, Mos
Manuel	Costas Comesaña	22/09/36	Estrada de Porriño a Gondomar, Cela, Mos
Francisco	Martínez Díaz	24/09/36	Vincios, Tumbio, km 16,4 da estrada Porriño Gondomar
Descoñecido		27/09/36	Vincios, km 17,2 da estrada Porriño Gondomar
Alejandro	Bastos Posada	27/09/36	Agunchos, Vincios
Fernando	Costas Iglesias	06/10/36	Vichicáns, Vincios
José	Comesaña Pérez	06/10/36	Pasaxe
Antonio	Comesaña Pérez	06/10/36	Pasaxe
Emilio	Giráldez Rodríguez	06/10/36	Pasaxe
Emilio	Comesaña Sobreira	06/10/36	Vichicáns, Vincios
Manuel Enrique	Villar Cimadevila	06/10/36	
Francisco	Salgueiro Hermida	06/10/36	Couso

APARICIÓN DO CADÁVERE	CAUSA DA MORTE
Roteas, San Miguel de Oia	Dun tiro na cabeza
Gondomar	Fractura craneana producida por ferida de arma de fogo de fusil
San Xián, O Rosal	Disparos da Garda Civil
San Xián, O Rosal	Disparos da Garda Civil
San Xián, O Rosal	
Vilasobroso, Mondariz	Feridas producidas por arma de fogo
Morgadães	Hemorraxia interna de tórax
Pamplona	Morte na fuga do Penal de San Cristóbal

CAUSA DA MORTE	OUTRA INFORMACIÓN
Destrución cerebral por proxectil de arma de fogo	Barbeiro de 32 anos, veciño da Carrasqueira, Coruxo, solteiro, foi enterrado en Gondomar
Destrución cerebral por proxectil de arma de fogo	Taberneiro de 50 anos, veciño de Oia, Pedornes, foi enterrado en Couso
Hemorraxia e destrución de tórax e cráneo por ferida de proxectil de arma de fogo curta	Empregado de 50 anos, veciño de Lavadores, barrio de Caride. Deixou viúva e orfos a nove fillos. Foi enterrado en Vincios
Hemorraxia e destrución cefálica	
Hemorraxia e destrución cefálica	De 33 ou 34 anos, veciño de Tui. Deixou viúva e orfos a dous fillos. Foi enterrado en Vincios.
Feridas producidas por disparos de arma de fogo	
Feridas producidas por disparos de arma de fogo	
Lesións por proxectis de arma de fogo	
Feridas producidas por disparos de arma de fogo	Sereno de 64 anos, veciño do Calvario, Lavadores. Deixou orfos a seis fillos e foi enterrado en Vincios
Hemorraxia interna de tórax e cráneo por ferida de proxectil de arma de fogo curta	De 32 anos, foi enterrado en Vincios
Destrución cerebral por ferida de arma de lume curta	Peón de 32 anos, veciño do barrio da Gándara, Beade, Lavadores. Deixou viúva e orfos a cinco fillos. Foi enterrado en Vincios
Feridas producidas por disparos de arma de fogo	Empregado de 29 anos, era vocal da Sociedade Agraria de Alcabre e veciño da rúa Romil de Vigo. Deixou viúva e foi enterrado en Mañufe
Feridas producidas por disparos de arma de fogo	Albanel de 28 anos, veciño da Garita, Alcabre e secretario da Sociedade Agraria da mesma localidade. Deixou dous fillos orfos e viúva. É enterrado en Mañufe
Feridas producidas por disparos de arma de fogo	Empregado de 32 anos, veciño do Cruceiro, Alcabre e contador da Sociedade Agraria da mesma localidade. Deixou dous fillos orfos e viúva. Foi enterrado en Mañufe
Feridas producidas por disparos de arma de fogo	Empregado de 39 anos, veciño de O Viso, San Pedro da Ramallosa. Deixou dous fillos orfos e foi enterrado en Mañufe
Feridas producidas por disparos de arma de fogo	Carpinteiro de 49 anos, veciño de Alcabre e presidente da Sociedade Agraria da mesma localidade
Feridas producidas por disparos de arma de fogo	Empregado de 40 anos, veciño de Vigo, do barrio do Pino, traballaba no comercio "La innovación" na Porta do Sol de Vigo, era membro da xunta directiva de Vigo da ORGA-PRG. Deixou viúva e foi enterrado en Mañufe
Couso	Labrego de 38 anos, veciño do barrio de Sobreira en Valadares, Vigo



## *Rafael Alonso no Parador de Baiona*

**Luis CARLOS DE LA PEÑA<sup>1</sup>**

### RESUMO

*No ano 1966 inaugúrase o Parador de Baiona, segundo proxecto do arquitecto miñorán Jesús Valverde Viñas. Seguindo a tradición de representar nos seus establecementos hoteleiros os artistas contemporáneos, para o Parador de Baiona encárganse obras a Xavier Pousa, Rafael Úbeda, María Antonia Dans e o acuarelista Rafael Alonso. Entre eles, será Alonso quen pola cantidade e calidade das obras entregadas deixará unha fonda pegada estética. Influenciado nos inicios polo fotógrafo Castuera, os pintores coruñeses Molezún e Tenreiro, así como polos postimpresionistas na súa estada en París, a obra de Alonso representa un fio de continuidade na tradición da pintura en Galicia: entre os renovadores de antes da guerra civil e o movemento Atlántica dos primeiros anos oitenta.*

### ABSTRACT

*In 1966 the Parador of Baiona was inaugurated, according to the project of the miñorano architect Jesús Valverde Viñas. Following the tradition of representing contemporary artists in its hotel establishments works are commissioned to Xavier Pousa, Rafael Úbeda, María Antonia Dans and the watercolorist Rafael Alonso. Among of them, it will be Alonso who, due to the quantity and quality of the works delivered, will leave a deep aesthetic mark. Influenced in the beginning by the photographer Castuera, the painters from A Coruña Molezún e Tenreiro, as well as by the post-impressionists during his stay in Paris, Alonso's work represents a thread in the tradition of painting in Galicia: between the renovators before the Civil War and the Atlantic movement of the early 1980s.*

<sup>1</sup> penarizaga@hotmail.es

Na xa longa historia de Paradores, iniciada coa primeira apertura dun establecemento hotelero na serra de Gredos no ano 1928, a importancia do arquitecto Jesús Valverde é paradigmática na configuración física e estética dos establecementos hostaleiros públicos. No período histórico de maior desenvolvemento –década dos sesenta do pasado século-, de máis aperturas e aposta decidida desde as institucións por impulsar o turismo, unha fonte de divisas imprescindible no desenvolvemento económico xeral de España nesa década do século XX, Valverde está na posición clave como responsable da oficina técnica dentro do Ministerio de Información e Turismo. Orixinario do Val Miñor, é perfecto coñecedor, como o propio ministro Manuel Fraga, das posibilidades que a fortaleza de Monte Real, mercada á familia Bedriñana no ano 1963, ofrecía para facilitar unha completa e atractiva idea de promoción turística: a historia local, a monumentalidade da fortaleza, a localización no extremo sur das Rías Baixas, son todos eles factores potenciadores do esforzo inversor público.

Baiona era, a principios desa década, unha vila aínda basicamente mariñeira, dotada dunha pequena industria conserveira, na proximidade do Vigo que consolidaba o seu despregamento industrial –a factoría de Citroën empezou as súas actividades en 1958-, e cun reducido e tradicional turismo de carácter familiar de tempada. O Parador e o, inmediato no tempo, Monte Real Club de Iates serán os elementos tractores que situarían en moi poucos anos Baiona como un prestixioso destino turístico do noroeste peninsular.

Dicimos que a posición reitora de Valverde, nos aspectos técnicos e funcionais de Paradores e o seu coñecemento das circunstancias locais de Baiona, axudou a que no establecemento situado na península de Monte Real se coidasen moitos detalles arquitectónicos e decorativos. Xa non só se trataba de erixir un establecemento hostaleiro de certo rango, senón de construír un complexo singular que facía seus, reforzándoos, os sinais de identidade do promontorio histórico e da localidade na que se asenta. Así, son destacables os recoñecibles trazos das edificacións pacegas máis monumentais, a boa cantería, as balconadas ou solainas orientadas ao mediodía e ao poñente ou as grandes chemineas, as galerías, os paseos con soportais –por desgraza reutilizados en posteriores reformas para novos cuartos-; a imponente escalinata da entrada, o recordo do primeiro Conde de Gondomar co grande escudo que campa na fachada principal, copia amplificada –feita por Ángel Fernández “Vernet”- do orixinal da Casa do Sol en Valladolid; a localización de pezas de artillería en varios puntos da muralla, o gran parque en estado natural con piñeiros, loureiros e limoeiros silvestres; o mantemento dos restos da misteriosa casa de Pedro Madruga e aínda sen explorar todas as construcións intramuros dos antigos habitantes de Baiona, dos cales é fácil rastrexar aquí e alá restos innumerables de olería doméstica medieval.

O traballo de Valverde como arquitecto –arquitecto a pé de obra- abarcaba tamén, e como é lóxico, os aspectos funcionais dun establecemento hostaleiro da esixencia e valor referencial que estaba chamado a desempeñar o parador de Monte Real; o mobiliario e as pinturas que completasen a decoración debían tamén estar no nivel de esixencia requirida. Neste senso, as pautas existentes na rede de Paradores establecían ademais dos requirimentos básicos, moi austeros ao longo da súa historia, outras pezas provenientes nuns casos dos edificios adquiridos e, nos máis, obxectos de anticuario como bargueños, espellos, cerámicas, grandes mesas e arcas de madeira, que se completaban con elementos historicistas de nova factura que

acababan por configurar ambientes acolledores e confortables adaptados ao perfil sociolóxico do cliente tipo.

En canto ás pezas artísticas seleccionadas, Paradores consolidara unha salientable –e eloxiable– tradición de contar cos artistas contemporáneos, en moitos casos da mesma área xeográfica onde se situaban os establecementos. Este labor, desenvolvido ao longo dun século e nun número tan elevado de establecementos (97), orixinou unha inmensa colección de obras de arte, moitas delas con categoría de museables. No parador Conde de Gondomar de Baiona sinalamos a existencia de obras de Rafael Úbeda, de Xavier Pousa ou de María Antonia Dans, pero é Rafael Alonso (Pontevedra, 1924-1995) quen, pola cantidade, diversidade e calidade das acuarelas aquí presentes, marca unha pauta que non pasa inadvertida para as persoas amantes da arte.

Neste establecemento prodúcese a singular conxunción entre o rigor arquitectónico e as acuarelas de Rafael Alonso. Son estas o complemento amable, sosegado e colorista. A representación do mar tranquilo dunha pequena enseada da ría, o ambiente laborioso dos portos, os ceos nubrados e revoltos dos días de tormenta, as paisaxes da costa entre Baiona e A Guarda, os floreiros, xerras de porcelana e parterres con flores serán, en definitiva, un extracto da vida circundante, amplo e diverso con toda a variedade de paisaxes, obxectos, cores e case cheiros que rodean este privilexiado establecemento.

É innegable a propiedade decorativa da pintura á acuarela de Rafael Alonso, máis pesado nos seus óleos, menos efectivo para transmitir a viveza do ambiente. A mestría no debuxo, a propia técnica da acuarela interpretada moi persoalmente polo artista, “papel húmido, pinceladas rápidas para que estas non cheguen a parecer illadas, senón fusionadas”, son dons deste artista. O Rafael Alonso que traballa para o Parador de Baiona é un pintor consolidado. Deixou atrás as súas, tamén acertadas, experiencias



Rafael Alonso. Foto da colección familiar.

na decoración de espazos comerciais e o deseño de mobles para centrarse na pintura, un traballo que lle permite organizarse ao seu bo entender e para o que atopa unha demanda segura e crecente entre a puxante burguesía que se está formando en Vigo arredor da pesca e a construción naval, nas grandes empresas, entidades financeiras e compañías eléctricas de toda España. Nunca necesitou ter a súa obra presente en Madrid ou noutras grandes cidades con potencial demanda. Alonso pintou moito e vendeu todo o que fixo sen apenas moverse da súa casa. O seu amigo Jesús Valverde abrialle as portas de Paradores e, en especial, dun parador singular: o de Baiona.

A mediados dos sesenta, Alonso sintetizou as capas da súa mestría e da experiencia acumulada: as paisaxes mariñas primordiais captadas xunto ao fotógrafo gondomareño Juan Manuel Castuera (Gondomar, 1921-Compostela, 1990); os reflexos da luz na auga, a brétema da mañá que suaviza os perfís e confunde ao observador; a elegancia de moitos motivos vexetais, que case sempre vén asociada á simplicidade; a composición xeométrica que tantas veces lembra a Cézanne nas súas paisaxes encadradas por piñeiros que bordean unha sinuosa estrada rural e a multiplicidade de detalles repartidos por todo o papel e que falan a linguaxe sutil e complexa de Matisse, cando explica a súa idea da composición; e de Dufy, que Rafael Alonso aprendeu no París dos anos cincuenta e que el levará a novos límites, esenciais, categóricos, onde o xogo de Dufy, que ás veces parece convocar á dispersión, en Alonso concéntrase e simplifícase.

Na viaxe temporal de mediada a década dos corenta en Madrid, nas datas previas ao encargo de Paradores en 1966, Alonso pechou o círculo arredor de Benjamín Palencia, as vangardas da inmediata postguerra española e o fauvismo, contrastado nas súas fontes francesas. Non se produciu a tentación postcubista, a abstracción, o informalismo. Alonso parece decidir permanecer ancorado nas súas primeiras conviccións. Será un pintor figurativo, que representará o que os seus ollos ven, sen aparente revisión intelectual da materia observada; un creador non atraído pola experimentación e si por unha lenta aplicación de técnicas observadas noutros artistas, de incorporación de pequenos detalles compositivos, o que, a pesar de facer del un artista en aparencia á marxe das preguntas e inquiredanzas dos seus colegas, deron forma a un creador constante e confiado na eficacia das súas capacidades.

A mirada de Alonso é anterior á execución material da súa pintura. É unha mirada repousada que calibrou os elementos clave, fundamentalmente a importancia da composición. Alonso sempre sabe o que quere pintar, e despois a luz e o movemento do obxecto representado ordenan a execución material.

Dufy parece correr detrás dos seus xentíos frenéticos nas carreiras de cabalos e nas avenidas mediterráneas baixo o brillo dos faroliños, nas grimpas nerviosas ao vento das regatas e na sensualidade das súas flores lánguidas. Alonso, cando pinta, é un home no absoluto dominio da súa idea e da situación, nunca decadente. Un e outro captan o tempo; o de Dufy un tempo de entreguerras, nervioso e acelerado como o das vellas películas mudas; o de Alonso transmite o tempo lento do campo, as augas quietas das rías protexidas do vento e a vivacidade serena das flores frescas. Pero a mestría de Alonso reside tamén en que con estes elementos estáticos nunca pinta a nostalxia, moito menos o sentimentalismo ou quizá a tristeza.

Todo na súa obra á acuarela reflicte vida, vida palpitante, amable e alegre, capturada nunha fracción dun preciso instante, coma un fotograma separado do resto da película. Nese fotograma non vemos o movemento, pero a nosa razón lóxica intúeo.



Alonso conségueo, coa súa técnica, coa luz, coas reservas fugaces de branco, coas manchas de cor non perfiladas. Instantes de calma, por outra banda, moi propios do país. Por iso nas súas acuarelas latexa sempre unha pulsión telúrica, de íntima comunión co obxecto pintado, sexa a paisaxe rural, as mariñas ou as flores. Vin nos seus cadros a solemnidade e o silencio dos Ancares ou da serra da Groba, en tantas variantes como a montaña Sainte Victoire en Cézanne; nas súas mariñas corre o nordés empuxando e rizando o mar e nas súas flores están a cor e o zume do recién cortado.

Escribe a xeógrafa Josefina Gómez Mendoza que “hoxe falamos de paisaxes culturais alí onde a natureza non é dominante”. As paisaxes que pinta Alonso están cargadas de “humanidade”, de cultura por tanto, de presenza continuada de homes e mulleres intervindo na paisaxe, a través da vivenda, os cultivos, os usos do monte, a presenza dos animais domésticos e os sen dono, a interacción co mar e a explotación da pesca, o marisqueo, as algas e o intercambio comercial con outras culturas. A visión da paisaxe que ten Rafael Alonso é complementaria coa dos cronistas literarios contemporáneos deste mesmo ámbito espacial, como Eliseo Alonso ou Xosé Luís Méndez Ferrín.

*Por toda a costa abrupta e bramadora o mar aberto afoga e lanza o argazo que terán que “pescar”, á deriva, as mulleres do clamoeiro.*

*Eliseo Alonso*

Nas acuarelas de Alonso raramente aparece a figura humana e cando está representada é dun modo esquemático e diríase que torpe, coma se lle incomodase, coma se fose un obstáculo na paisaxe. Cando na costa de Mougás pinta as medas levantadas co argazo ou o millo dentro das pequenas leiras protexidas do vento por muriños de pedra, ás veces parece non quedarlle máis remedio que introducir unhas cantas figuras



Rafael Alonso. Acuarela. Colección do Parador de Baiona.

de homes e mulleres afanados no traballo. Estas figuras non son nunca o obxecto das acuarelas de paisaxes; a súa presenza é excepcional e marxinal. Poderíase afirmar que cando Alonso pinta unha escena no Berbés ou en Viladesuso pinta con toda atención os obxectos: os barcos, as caixas de peixe, as árbores e as rocas, pero exclúe a presenza humana. Na altura de 1966, a obra de Rafael Alonso afina a súa mestría nas mariñas, as paisaxes e as flores.

*A pesar das variantes polas que discorre a súa técnica, sempre sometida ao tema pictórico elixido, o núcleo centrifugado da súa obra é un himno alegre á luz, un canto á beleza das cousas, un estalido de harmonía sensible suxeito á férrea disciplina do debuxo e a cor.*

Manuel Cuña Novás

As paisaxes de Alonso son miradas a un mundo estático. Son escenas e lugares que convidan ao acougo, reclaman a observación dos detalles físicos e inducen á reflexión. Unha reflexión que non aspira nin ao sistemático nin ao abstracto. É a simple reflexión na propia interioridade do espectador diante dunha escena que discorre sen sobresaltos, que non require especial atención, na rutina diaria das tarefas portuarias ou no tempo calmo dos días e as estacións no campo, nas paisaxes rurais. O pintor entréganos a súa visión de lugares, como no porto do Berbés, onde habitualmente reina o movemento, as descargas do peixe, as augas das dársenas removidas polo movemento das embarcacións, os aprovisionamentos e os aparellos de quen partirá esa noite. Alonso ofrécenos a quietude, unha observación que sublima as tarefas, o frenesí portuario, para ofrecernos unha imaxe muda, sen o son asociado. O pintor ofrécenos absorto na súa tarefa, nos seus pensamentos, deixando esvarar a vista e o pincel case nun xesto automático a forza de exercitado.

Nas pinturas de Rafael Alonso do Parador de Baiona, estamos nunha época na que o artista é aínda fiel á reprodución realista do representado. Os papeis, en moitos casos de grandes formatos, están aproveitados por ambos lados, como era habitual en Alonso. Son acuarelas cargadas de cor. As reservas de branco quedarán para as paisaxes nevadas, unha nos Ancares e outra en Villacastín (Segovia), nos floreiros de cerámica e nalgunha superficie da auga, reflexo do mesmo ceo cincento. Non se observan aínda os trazos desestruturantes do representado, a técnica da colaxe de imaxes esquemáticas que superpón anacos xeométricos arbitrarios de campos sementados rompendo a visión lóxica, interrompendo a homoxeneidade da cor e dando movemento e vivacidade ao conxunto.

Hai unha estraña solemnidade nas paisaxes rurais e de montaña pintadas por Rafael Alonso. Falamos da influencia de Benjamín Palencia e de Raoul Dufy na técnica e na composición. Hai unha auténtica mestría de Alonso no tratamento da auga, a néboa e os reflexos nas súas escenas de recónditas calas das rías. Pero desde o meu punto de vista hai auténtica orixinalidade grandiosa nas paisaxes rurais e nos macizos montañosos que se alzan pechando o fondo, como auténticos protagonistas da escena. En Colmeiro importan os campesiños e as súas tarefas, a comunidade; en Virxilio as serras son sempre o fondo redondeado das súas vindimadoras, dos seus peliqueiros do entroido; están tamén nalgunhas obras iniciais de Xaime Quessada e nos lenzos de Antón Lamazares; pero en Alonso adquiren un protagonismo inédito.

Apenas atoparemos marcas físicas na materia utilizada para pintar os agros e as masas arbóreas. En anos posteriores serán moi frecuentes as incisións e enriquecerán o resultado ao trasladar unha gama de recursos máis ampla, coma se o pintor decidise implicarse fisicamente e en maior medida rascando (B. Palencia) determinadas zonas para lograr un efecto máis aló da mancha de cor. A pintura, nestas do Parador de Baiona, é aínda dona do espazo e en varias ocasións hai unha tentación *fauve* de encher de vivas cores a práctica totalidade do papel, en particular nas masas montañosas, elevando a liña do horizonte e deixando ao ceo apenas unha estreita franxa superior. Con todo, é apreciable a distinta técnica aplicada nunhas e noutras acuarelas. Parecen nalgúns casos corresponder a épocas diferentes –a maioría están datadas en 1966, algunha tamén en 1972 e outras son, con poucas dúbidas, anteriores á primeira data-, e quizá fose así, debido ao elevado número de pinturas que Rafael Alonso asumiu co encargo, posiblemente incrementado cos compromisos para outros paradores.

Á pintura de Rafael Alonso poderíase aplicar o comentario do crítico Raymond Coignat sobre Dufy: “as máis das veces só se ve nel o creador dun estilo refinado, próximo á imaxinería. Considéraselle case como un decorador enxeñoso, ... pero cuxo encanto non deixa de ser superficial e probablemente efémero”. Sería unha impresión equi-



Rafael Alonso. Acuarela. Colección do Parador de Baiona

vocada. Rafael Alonso é profundo na súa mirada porque só desde unha penetrante observación e coñecemento do obxecto pintado é posible extraer a potencia dos significados que transmite. Hai ceos, árbores e festas de aldea en Alonso que nos reconcilian cun modo de observar e as emocións que esa mirada deixa impresas na nosa sensibilidade. Nas paisaxes rurais, sobre todo, dáse un permanente contexto de respecto á tradición pictórica do país, pero tamén unha vontade de expresala en novos límites.

Se recoñecibles son as súas composicións de estrutura e técnica cezannianas ou as súas temáticas ao Dufy, a paisaxe e a atmosfera de

quietude –tanto nas pinturas vibrantes da mañá ou as máis sosegadas do atardecer– están nos lenzos de Castelao e nas escenas rurais, de sega, de Colmeiro ou nas figuras de Seoane que dialogan ou dormen no campo ou nunha praia. Un mundo fóra do tempo.

Confundimos alegría con frivolidade, afeitos a unha pintura escura nos seus tons, dramática en tantos dos seus temas e convertida en denuncia polas circunstancias políticas e sociais de boa parte do pasado século; pero a obra de Alonso parece xogar con outro marco de referencias, ás veces minusvalorada pola súa aparente facilidade e transparencia, castigada por desproblemática. Por lembrar o célebre ensaio de Ortega, *A deshumanización da arte*, parecemos empeñados en desdeñar aquilo que recoñecemos para entregarnos ao que non entendemos. Na liña de continuidade que marcan Castelao, Colmeiro e Seoane, e xusto antes da eclosión de Atlántica (Baiona, 1980), as acuarelas de Rafael Alonso teñen, no noso país, un lugar que Bonet Correa enlazou “coa tradición máis pura da mellor arte occidental”.

En Baiona, a 7 de marzo de 2021.

## BIBLIOGRAFÍA

- LÓPEZ BERNÁRDEZ, CARLOS (2018). *Identidade e universalidade. Lecturas de pintura galega*. Edicións Laidvento. Santiago de Compostela.
- CALVO SERRALLER, FRANCISCO (2015). *Paradores de Turismo. La colección artística*. Paradores y Fundación Mapfre. Madrid.
- COGNIAT, RAYMOND (1965). *Raoul Dufy*. Ediciones Daimon. Madrid.
- CUÑA NOVÁS, MANUEL (1987). *Rafael Alonso, exposición antolóxica*. Caja de Ahorros Municipal de Vigo.
- ORTEGA Y GASSET, JOSÉ (1997). *La deshumanización del arte y otros ensayos de estética*. Espasa Calpe, Colección Austral. Madrid.
- PABLOS, FRANCISCO (2003). *A la pintura en Galicia*. Nigra Trea. Vigo.
- RODRÍGUEZ PÉREZ, MARÍA JOSÉ (2015). *Paradores de Turismo. La colección artística*. Paradores y Fundación Mapfre. Madrid.
- SAN ILDEFONSO RODRÍGUEZ, BEATRIZ DE (2000). *Rafael Alonso (1924-1995)*. Deputación de Pontevedra.
- SEOANE, LUIS (1973). *Comunicacións mesturadas*. Galaxia. Vigo.
- VV.AA. (2001). *Juan Manuel Castuera. Paisaxes e retratos 1946-1956*. Museo de Pontevedra.
- VV.AA. (1993). *Rafael Alonso, exposición antolóxica*. Xunta de Galicia. Casa de Galicia. Madrid.
- VV.AA. (1989). *Raoul Dufy*. Catálogo exposición Casa del Monte. Madrid.

*I Concurso Fotográfico do IEM, Paisaxe e Territorio*

---

As serras do Val de Miñor orientadas de norte a sur, nomeadamente Galiñeiro e A Groba/ A Valga, cordais vertebradores da ría de Vigo e o esteiro do Miño, forman unha abraiante paisaxe de pedra, auga e mato. Teñen unha rica comunidade biolóxica, con variados hábitats prioritarios que favorecen a biodiversidade. Xunto coa serra do Galleiro, na Louriña, son un corredor ecolóxico para moitas especies. O seu perfil esgrevio é sinal de identidade para toda a bisbarra, desde O Morrazo, A Louriña, Baixo Miño, O Condado ata Viana.

Podemos armar que a sensación de amplitude nestes cimos sobranceiros, de espazo aberto cando camiñamos por elas é moi reconfortante. Teñen moitos nexos comúns: a homoxeneidade morfolóxica, os cotos, as chans, as devesas, as panasqueiras, os aoramentos graníticos, os abrigueiros, as cavidades, os réximes hidrolóxicos con regueiras estreitas e encostadas, as levadas, os mitos e lendas, os garranos... Cando os ventos dominantes limpan de neboeiras o confín, o espello do mar reicte nos rochedos, nos teitos de pedra. Desde eles apréciase o innito.

Hai compoñentes da paisaxe que non percibimos pola vista unicamente, senón por outros sentidos e pola sensibilidade e a predisposición que teñamos cara o medio natural. Quen non percibiu o aroma do bosque, do tromtelo, do son da fervenza, o cantar dunha regueira, do sal do mar...?

A presión que os humanos exercemos sobre o medio, o despoboamento do rural e a desaparición dos cultivos tradicionais favorecendo o modelo de xestión forestal unicamente produtivista, os incendios e queimas, a mala ordenación do territorio cun incremento desmesurado de canteiras, construcións, estradas e infraestruturas variadas (liñas de tensión, eólicos etc) así como movementos de terras sen sentido en lugares que pola súas características deberían estar protexidos, favorecen a degradación dos solos e a mutación da paisaxe a un escenario onde o medio natural está practicamente antropizado e industrializado. Moitas destas feridas son case irreversibles, ameazando o patrimonio natural, cultural e a identidade territorial á que temos dereito.

A rica e variada paisaxe galega en mosaico de cores pasou a ter monocromía, favorecida polos monocultivos e a expansión humana cara o medio máis salvaxe. Cambiou o modelo territorial, expandindo as cidades e os seus servizos.

Levamos, coma especie, case 300.000 anos por estas terras, gran parte dese tempo vivimos vencellados e en harmonía co medio. O patrimonio herdado únenos cos devanceiros ou arrédanos se o perdemos.

Esiximos que as nosas serras recuperen, na medida posible, a súa forma natural, o seu cariz matricial. Non son instalacións industriais que transforman a natureza en lugares inhóspitos e desacougantes.

Con certeza confiamos que este concurso axude a espallar o sentimento irrenunciable de que en estas Terras de Turonio o seus habitantes temos un compromiso coa terra, coa paisaxe e o territorio.

Conforme se explicitaba nas bases do noso I Concurso Fotográfico sobre Paisaxe e Territorio do IEM o 17 de decembro do 2021 tivo lugar a entrega de premios. Presentáronse 68 traballos, optando a premios en dúas categorías, na do Xurado e na do Público (na rede social Facebook).

A participación foi moi heteroxénea en canto a rangos de idade, debéndose salienta a xuventude de moitos dos participantes. Fíxose unha escolma de 20 fotografías (6 premios e 14 finalistas) que se expuxeron no Auditorio do Concello de Nigrán. Suliñar a calidade e a sensibilidade de moitos dos traballos expostos, moi acorde co ideario do concurso, a prol da preservación dos espazos naturais, do territorio e a paisaxe do Val de Miñor.

Os 6 premios corresponderon a:

1º PREMIO XURADO (250 € + revelado en 40x60+ publicación na REM): “Vía Láctea A Groba” (Antonio Pazos Pérez)

1º PREMIO PÚBLICO (150 € + revelado en 40x60 + publicación na REM): “A invasión dos paxaros de ferro” (Andrea García González)

ACCESIT XURADO (Revelado 30x45 + publicación na REM): “Reflexo Poza Negra” (Bernabé Sequeiros Pinzás); “Compañía” (Andrea García González)

ACCESIT PUBLICO (Revelado 30x45 + publicación na REM): “Noites estreladas na Groba” (Helena Mandado Moguin); “Mougás” (Jose Luis Fernández Alvarez)

No propio texto da convocatoria sinalábase que os traballos premiados e dos 14 finalistas serían obxecto de publicación na REM, aspecto este da convocatoria que agora cumprimos.



1º PREMIO DO XURADO  
"Vía Láctea A Groba"  
Antonio Pazos Pérez




1º PREMIO DO PÚBLICO  
"A invasión dos paxaros de ferro"  
Andrea García González





Accésit Xurado  
"Compañía"  
Andrea García González



Accésit Público  
"Mougás"  
José Luís Fernández Álvarez



2º Accésit Xurado  
"Reflexo Poza Negra"  
Bernabé Sequeiros Pinzás



2º Accésit Público  
"Noites estreladas na Groba"  
Helena Mandado Mogin




Finalista  
"Néboa"  
Elena Montero Alvarez



Finalista  
"Petrea Eternidade, o fogar das estrelas:"  
Andrés Barcala Veiga



Finalista  
"Circumpolar en Monte Galiñeiro"  
Patricia Rivera Comesaña



Finalista  
"Flora"  
Fabio Alonso Comesaña



Finalista  
"Voltando das Pozas de Mougás"  
Alvaro Rodriguez Pérez



Finalista  
"Galiñeiro 2"  
Guiler Francisco Quispe



Finalista  
"Estrelas do Galifeiro"  
Sergio Aranda

Finalista  
"Poderio"  
Angel Cabrita Castro





Finalista  
"A perla da Groba"  
Fernando Gainzarain González



Finalista  
"Love Groba"  
Patricia Fernández González



Finalista  
"Chotacabras"  
Patricia Rivera Comesaña



Finalista  
"Eterna Pureza"  
Iago Souto Lorenzo





Finalista  
"A Groba é de todos"  
Victor Vázquez Tomé



Finalista  
"Fauna"  
Fabio Alonso Comesaña



**AS NOVAS DO IEM**



*As novas do IEM*

---

## ACTIVIDADES DO IEM NO ANO 2021

**16 xaneiro**

Publicación manifesto antieólicos IEM

**3 febreiro**

Presentación de “ALIENTE” (Alianza Enerxía e Territorio)

**10 marzo**

Presentación en Ponteareas da recollida de toponimia promovida polo IEM

**25 marzo**

Saída ao monte da Groba co CPI Cova Terreña

**25 marzo**

Charla IES Val Miñor

**27 marzo**

Recollida sinaturas A Guarda e Rosal (feiras)

**12 abril**

Convocatoria da *Primavera Literaria do Val de Miñor de Videopoemas e Videomicrorelatos*. A sección de Lingua e Literatura e PUGA (Promoción do Uso do Galego) do Instituto de Estudos Miñoráns (IEM), en colaboración cos Concellos de Gondomar, Baiona e Nigrán, convocan Primavera Videoliteraria no Val de Miñor para contribuir a potenciar a creatividade en lingua galega da mocidade do Val de Miñor e de toda Galicia.

Haberá seis categorías, cinco para rapaces e rapazas da comarca, e unha para persoas adultas con creación en lingua galega, sen limitación xeográfica. Cerca dos 4000 euros en premios, seis dos sete en vales para consumir no comercio local.

**13 abril**

Presentación do video “Na serra liberada (dixital)”

O IEM comprácese en presentar esta peza audiovisual que, contando coa desinteresada colaboración de Tino Baz e do grupo “A Trova do vento”, fai un esperanzador chamamento á defensa da Serra da Groba fronte a ameaza eólica que supón a fraudulenta instalación de 44 aeroxeradores repartidos en 6 pequenos parques eólicos pretendidamente independentes.

**PRESENTACIÓN DO PROXECTO DE RECUPERACIÓN DA TOPONIMIA DE XINZO**

O Concello de Ponteareas, consciente da necesidade da recollida e recuperación dos nomes que identifican os nosos lugares para evitar a perda desta gran riqueza patrimonial, bota a andar o Proxecto de recuperación de toponimia de Ponteareas, comezando este proxecto pola parroquia de Xinzo.

**LUGAR:** Centro Cultural Xinzo  
**DÍA:** Mércores, 10 de marzo  
**HORA:** 19:30 horas

Asiste á reunión e participa neste proxecto

**PONTEAREAS**  
CONCELLO

**Mobilización 21 DE MARZO 12H**  
**NON AO PLAN FORESTAL DO PP**  
**DÍA DA ÁRBORE**

Vigo sede da Xunta, praza da Estrela, Rúa concepción Arenal 8	Betanzos Praza de García Hermosano	
Pontevedra Praza da Ferrería	Ferrol Diante do Edificio Administrativo da Xunta	Vilalba Praza do Tempelote
Cangas Diante do Concello	Santiago de Compostela Diante da sa da Presidencia da Xunta de Galiza (Praza do Obradoiro)	Verín Diante do Concello de Verín
Moaña Diante do Concello	Melide Xardíns do Cantón de San Roque	Xinzo de Limia Praza Mayor
Vilaboa Diante do Concello	Lugo Diante do Edificio da Xunta de Galiza	Vilagarcía Praza de Raveña
Marín Diante do Concello	Becerreá Diante do Concello	Cercedo-Cotobade Praza do Concello
BUEU Diante do Concello	Chantada Praza do Cantón	Tomilho Praza do Seixo
	Ourense Diante da Delegación Provincial do Medio Rural (ás 11:00)	Nigrán Explanada de San Campio A Ramallosa

convoca a plataforma:  
**POR UN MONTE GALEGO CON FUTURO**

**24 abril**

Palestra informativa “A Groba non se vende “ en Tomiño.

**4 maio**

Palestra informativa “A Groba non se vende “ no CEIP Humberto Juanes no Porto do Molle (Nigrán).

**5 maio**

Participación na manifestación en Compostela contra os Eólicos.



**6 maio**

Palestra informativa “A Groba non se vende “ no CEIP da Cruz, de Camos (Nigrán).

**7 maio**

Palestra informativa “A Groba non se vende “ en Baiña.

**8 maio**

Palestra informativa “A Groba non se vende “ en Torroña.

**9 maio**

Palestra informativa “A Groba non se vende “ en Baredo.

**14 maio**

Palestra informativa “A Groba non se vende “ en A Guarda.



**15 maio**

Palestra informativa “A Groba non se vende “ en Belesar.

**16 maio**

Marcha eolicos na Serra da Groba.

**16 maio**

Palestra informativa “A Groba non se vende “ en Oia.

**17 maio**

Palestra informativa “A Groba non se vende “ en O Rosal.

**21 xuño**

Sinalización Xacemento Porto-maior-As Neves



**9 xullo**

1º Xeira de verán do IEM: Orixes do mosteiro de Oia. Anxo lemos

**14 xullo**

Asamblea Xeral do IEM

**23 xullo**

2º Xeira de verán do IEM: Polos cumios da Groba: natureza e patrimonio. Xilberte Manso.

**13 agosto**

3º Xeira de verán do IEM: Polos cumios da Groba: natureza e patrimonio. Xilberte manso.

**3 setembro**

Campo de Voluntariado Arqueoloxía Baiona (9 días)

**5 setembro**

Presentacion da Revista de Estudos Miñorás en Sabarís O vindeiro martes 5 de outubro, martes, ás 20:00h terá lugar a presentación dos números 19 e 20 da nosa REVISTA DE ESTUDOS MIÑORÁNS. O acto terá lugar no vello Mercado de Sabarís, recentemente remodelado para exposicións e usos culturais, e onde nos acompañarán varios dos autores das achegas contidas nestes números.

**BAIONA 2021**

**XEIRAS DE VERÁN DO IEM 2021**  
"XEIRAS" DE VERÁN DO IEM 2021

**9/7**  
18.30 h.  
**ORIXES DO MOSTEIRO DE OIA: ERMITAÑOS EN SAN COSME**  
Punto de encontro: Chan da lagoa  
Dirixe: Anxo Lemos  
*ORIXENES DEL MONASTERIO EN SAN COSME*  
Punto de encontro: Chan da lagoa  
Dirixe: Anxo Lemos

**23/7**  
18.30 h.  
**POLOS CUMIOS DA GROBA: NATURALEZA E PATRIMONIO**  
Punto de encontro: Chan da lagoa  
Dirixe: Xilberte Manso e Xosé Ramón García  
*POR LAS CUMBRES DE LA GROBA: NATURALEZA Y PATRIMONIO*  
Punto de encontro: Chan da lagoa  
Dirixe: Xilberte Manso e Xosé Ramón García

**13/8**  
18.30 h.  
**POLOS CUMIOS DA GROBA: NATURALEZA E PATRIMONIO**  
Punto de encontro: Chan da lagoa  
Dirixe: Xilberte Manso e Xosé Ramón García  
*POR LAS CUMBRES DE LA GROBA: NATURALEZA Y PATRIMONIO*  
Punto de encontro: Chan da lagoa  
Dirixe: Xilberte Manso e Xosé Ramón García

**27/8**  
18.30 h.  
**A VIRXE DA CELA: A HISTORIA QUE CHEGA POR MAR**  
Punto de encontro: Igrexa de Barco  
Dirixe: Anxo Lemos  
*LA VIRGEN DE CELA: LA HISTORIA QUE LLEGA POR MAR*  
Punto de encontro: Iglesia de Barco  
Dirixe: Anxo Lemos

Inscripción previa na oficina de turismo de Baiona, oficina@turismo@baiona.gal, ou no teléfono 986 68 70 67  
\*Aforo limitado.

Inscripción previa en la oficina de turismo de Baiona, oficina@turismo@baiona.gal, o en el teléfono 986 68 70 67  
\*Aforo limitado.





### 9-11 outubro

Xeira Alén Miñor Terras do Deza

### 14 outubro

Acto do Mes da Memoria: Proxección do videodocumental “ACORDA” no Auditorio Municipal de Nigrán,

Coa proxección do documental “ACORDA”. Cartografía musical da Memoria Histórica de Pontevedra”, este xoves, 14 de outubro ás 20:00 no Auditorio Municipal de Nigrán dará inicio a programación do MES DA MEMORIA no Val de Miñor na véspera dos tráxicos asasinatos de “A

Volta dos Nove”, un dos peores episodios da represión franquista na nosa comarca e un dos que aparecen neste traballo.

### 16 outubro

Acto do Mes da Memoria: Ofrenda floral en Panxón en el 85 aniversario de “A volta dos 9”

### 21 outubro

Fallo Premio Victoriano Taibo

Reunido o xurado do XIII Premio de Poesía Victoriano Taibo, que convoca o Instituto de Estudos Miñoráns en colaboración co Concello de Gondomar e a Editorial Galaxia, integrado polas escritoras Úrsula Heinze e Eva Mejuto, e os escritores Carlos Lema en nome da Editorial Galaxia, Miguel Anxo Mouríño en nome do IEM e Fran Fernández Davila, gañador da XII edición, resolve por maioría que o libro gañador desta XIII edición sexa o presentado co título de *Antese* que, unha vez aberta a plica, resultou ser da autoría de Arancha Rodríguez Fernández, máis coñecida como Arancha Nogueira.

Asemade, o xurado decide nomear finalistas os poemarios presentados baixo os lemas *Fío*, *O círculos incompletos*, *Funámbula na fronteira*, querendo destacar tamén a numerosa participación e o alto grao de calidade das obras concorrentes.

O acto de entrega do premio e a presentación do libro, editado por Galaxia, terá lugar no mes de marzo de 2020, nunha data aínda por confirmar, pero que será arredor do día 13, cabodano do pasamento do poeta Victoriano Taibo. Antes diso, durante os meses e xaneiro e febreiro de 2022, a gañadora impartirá un obradoiro presencial de poesía en Gondomar para o que se abrirá o prazo de inscrición nas próximas datas.



**21 outubro**

Acto do Mes da Memoria en Gondomar. Teatro: “A Señora de Forcadela” (Compañía de Teatro Os Quinquilláns). Auditorio Lois Tobío de Gondomar

**26 outubro**

Os Faladoiros do IEM: “O prezo do barato. Consumo responsable” con Albino Prada.

Unha análise moi clara dos verdadeiros custes das cousas e as consecuencias que implican, neste mundo globalizado, as opcións persoais no intre de consumir.



**28 outubro**

Acto do Mes da Memoria no Multiusos de Sabarís (Vello Mercado): “Música represaliada”, con Xurxo Souto.

**29 outubro**

Palestra informativa “A Groba non se vende “ en Loureza (Oia)

**30 outubro**

Palestra informativa “A Groba non se vende “ en A Granxa-Belesar

**7 novembro**

Acto de recollida sinaturas contra os parques eólicos con carpa en Baiona



**9 novembro**

Palestra informativa “A Groba non se vende “ en Burgueira

**10 novembro**

Palestra informativa “A Groba non se vende “ en Pinzás.

**13 novembro**

Palestra informativa “A Groba non se vende “ no Auditorio de Baiona

### 18 novembro

Entrega de sinaturas en Baiona contra o parque eólico Albariño

### 17 decembro

Entrega Premios do concurso fotográfico “Paisaxe e Territorio” e inauguración da exposición

O Instituto de Estudos Miñoráns celebrou este venres a entrega de premios do seu primeiro concurso fotográfico “Paisaxe e Territorio: Na Serra do Galiñeiro e na Serra da Groba/A Valga” no Auditorio Municipal de Nigrán, xunto á inauguración da mostra composta polas instantáneas dos dous gañadores, os catro accésits e os catorce finalistas.



### 18 decembro

Palestra informativa “A Groba non se vende “ en Belesar

2021 AS LETRAS DO IEM

## Obradoiro literario

# Transitar a poesía

Aula Ponte de Rosas – IEM – Gondomar  
 Mércores 12 e 26 de xaneiro de 17 a 20 horas  
 Mércores 9 e 23 de febreiro de 17 a 20 horas  
 Mércores 9 de marzo de 17 a 20 horas  
 Sábado 12 de marzo de 11 a 14 horas



Fotografía de Enrique Taibo Muroto

Impartido por **Arancha Nogueira**, gañadora do XIII Premio de poesía **Victoriano Taibo 2021**

Prazas limitadas. Inscripcións no 687553651 en [oficina@iem.gal](mailto:oficina@iem.gal) ou no formulario do QR:







<https://forms.gle/YBeBi1w8LRH9hHtj8>

### 20 decembro 2020

O IEM organiza o obradoiro literario “Transitar a poesía”

O Instituto de Estudos Miñoráns, coa colaboración do Concello de Gondomar, organiza o obradoiro literario “Transitar a poesía” impartido por Arancha Nogueira, gañadora do XII Certame de poesía Victoriano Taibo. O obradoiro, de carácter gratuito, comezará o mércores 12 de xaneiro de 2022 e constará de 6 sesións de 3 horas a celebrar cada dúas semanas na sede do IEM en Gondomar. O prazo de inscrición comeza o venres 17 de decembro e permanecerá aberto ata completarse as prazas dispoñibles.

**22 decembro 2021****Entrega Galardóns I Premio Investigación Val Miñor**

Os premiados Jose Luis Mosquera Valeiro e Elena Crespo Fernández, gañan o primeiro e segundo premio, respectivamente, do I Certame de Investigación Literaria do Val de Miñor, promovido IEM, coa colaboración da Mancomunidade. Un pracer compartir este acto con eles e coñecer o labor de investigación que fixeron e que nos permite coñecer moito mellor historia do Val Miñor durante a Guerra Civil e non periodo da Segunda República.

**29 decembro 2021**

Preséntase e faise público na rede o modelo de alegacións ao Parque eólico ME-RENDÓN (Oia e O Rosal).

**CATÁLOGO DE  
COLABORADORES E  
COLABORADORAS**

---



**ALONSO HERMIDA, JOSÉ LUIS**

(Morgadães, 1955)

Estudou bacharelato e COU no IES Santa Irene de Vigo. Traballou como comercial na industria farmacéutica, onde se xubilou. Colaborou en diversas actividades culturais na Asociación Cultural San Roque de Morgadães, de cuxa directiva formou parte. Foi moi activo no IEM na posta en valor da figura do mestre e escritor Victoriano Taibo.

**ÁLVAREZ ALONSO, JOSÉ**

(O Rosal)

Afeccionado a arqueoloxía e a etnografía, nomeadamente a arte rupestre e o mundo das telleiras. Artesán cabaqueiro nos seus anos mozos, é un dos poucos artesáns da elaboración de tellas que queda en activo, facendo obradoiros e exhibicións en feiras, institutos e escolas. Colabora prospectando e facilitando información a doutorandos e investigadores de Galiza e Portugal. Colabora co IEM no proxecto Equus dende o comezo.

**CENTELES, BRUNO**

(Lugo, 1962)

Mestre de ensino primario e licenciado en Filoloxía Románica. Funcionario docente desde 1984. Especialista en Medios Audiovisuais e Novas Tecnoloxías da Información. Membro da Xunta de Goberno do IEM e tamén de SOS Groba. Colaborador habitual

das seccións de Arqueoloxía, Prehistoria, Etnografía e Toponimia do IEM e portavoz da Rede Galega STOP Eólicos.

**CRESPO FERNÁNDEZ, ELENA**

(Gondomar, 1995)

Durante os seus primeiros anos asistiu ao Colexio Chano Piñeiro e o Instituto Auga da Laxe da mesma vila. A súa curiosidade sobre o pasado levouna a estudar Xeografía e Historia na Universidade de Vigo. Tras cursar un Erasmus na Universidade de Lodz (Polonia), decidiu realizar un Mestrado de Estudos Internacionais na Universidade de Santiago de Compostela que lle abriu as portas a dúas estancias máis no extranxeiro, en Bélxica e Italia. Nese tempo, cursou tamén, a distancia, un Mestrado de Educación que lle permitiu exercer como profesora en prácticas nun instituto de Letonia. Actualmente, traballa como profesora de castelán no Instituto Cervantes.

**DE LA PEÑA ARIZAGA, LUIS CARLOS**

(Eibar, 1958)

Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais na Universidade de Santiago de Compostela, realizou estudos de Dereito e diversos cursos de especialización en economía urbana e responsabilidade penal das persoas xurídicas. Foi alcalde de Baiona (2003-2004) e directivo de diversas empresas, tanto públicas como privadas. Na actualidade é tenente

de alcalde no concello de Baiona e concelleiro de Facenda.

Ten escrito varios libros, o último deles “El pintor Rafael Alonso en Baiona”, e colabora habitualmente en diversas publicacións, nomeadamente no Faro de Vigo e en Onda Cero Vigo.

#### **FERREIRA LORENZO, AGUSTÍN**

(A Guarda, 1953)

Mestre de profesión, guardés de nacemento e de residencia. Fundou ANABAM (Asociación Naturalista Baixo Miño) no ano 1985, entidade conservacionista da que segue sendo presidente.

#### **HERMIDA LAGO, JUAN JOSÉ**

(Nigrán, 1970)

Doutor en Ciencias Biolóxicas pola USC coa tese titulada “Desequilibrio gamético entre loci microsátélites do brazo corto do cromosoma 11 humano”.

Forma parte do Grupo de investigación de Cooperación para o Desenvolvemento Litoral Sostible da Universidade de Vigo. Profesor de Bioloxía e Xeoloxía no ensino secundario, coordinou e coordina, no centro que actualmente ocupa a súa praza (IES Val Miñor-Nigrán), diversos proxectos educativos cuxo obxectivo é achegar o alumnado á investigación científica e ó estudo do seu entorno natural.

Actualmente é Director do IEM e xunto con

outros compañeiros forma parte dun grupo activo de persoas comprometidas co estudo e divulgación dos efectos dos parques eólicos no medio ambiente.

#### **LEDO BERNÁRDEZ, MANUEL**

(Vigo)

Traballador especialista en varias empresas de arqueoloxía. Especialista en levantamento de calcos en arte rupestre, prospector e colaborador no Proxecto Equus e outros da sección de arqueoloxía do IEM.

#### **MANSO DE LA TORRE, XILBERTE**

(Ourense, 1958)

Realizou os primeiros estudos e o bacharelato no Colexio Cardeal Cisneros de Ourense, onde era director Xaquín Lorenzo Fernández “Xocas”, que deixou nel unha fonda influencia. Licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación, especialidade de Psicoloxía, pola Universidade de Santiago de Compostela. Profesor no ensino secundario no IES Escolas Proval de Nigrán noutra das especialidades ás que lle dedicou unha parte importante da súa vida, a Educación Física e o deporte. Adestrador de varias modalidades deportivas, dirixiu Escolas deportivas e Clubs de Ourense e Vigo no deporte do Hoquei Herba, nos que ligou, hai xa trinta anos, a Psicoloxía ao deporte, por aqueles tempos algo novo no noso país. Ten participado no asociacionismo veciñal ourensán. Retirado do deporte competitivo,



participa no asociacionismo cultural dende a xunta do goberno do IEM e das seccións Arqueoloxía, Etnografía e Ciencias Naturais. Reside en Panxón, Nigrán.

#### **MARTÍNEZ SOTO, ELOY**

(Moaña)

Lic. En Xeografía e Historia, especialista en arqueoloxía. Profesor e investigador. Membro da Asociación de Amigos do Museo de Pontevedra e da sección de Arqueoloxía do IEM. Ten publicado artigos sobre arqueoloxía en revistas especializadas e participa dende o comezo nas tarefas de investigación nos proxectos da sección de arqueoloxía do IEM, nomeadamente no Proxecto Equus.

#### **MAURE RIVAS, XULIÁN**

(Vigo, 1941)

Doutor en Filosofía e Letras. Foi profesor de Lingua e Literatura castelás no IES “Val Miñor” de Nigrán do que foi director durante varios anos. Presidiu a Asociación de Tradutores Galegos (ATG), onde dirixiu a Biblioteca Virtual [www.bivir.com](http://www.bivir.com), promovida por el no ano 2000. Foi fundador de Edicións Xerais de Galicia (1978-1983); primeiro Subdirector Xeral do Libro, Bibliotecas e Patrimonio documental da Xunta de Galicia (1983-1984). Publicou diversos estudos, en revistas especializadas, sobre o mundo editorial galego e sobre os problemas da lingua escrita; entre outros *Galicia sen libros. Informe sobre o libro*

*galego* (1987), e a súa tese doutoral *Para unha escriptoloxía da lingua galega*.

Reside dende hai tres décadas en Nigrán. É membro da Xunta de Goberno do IEM.

#### **NAVAZA BLANCO, GONZALO RAMÓN**

(Lalín, 1957)

Escritor galego, tradutor, estudoso da toponimia, actor de teatro e profesor titular de literatura na Universidade de Vigo. Actualmente vive en Peitieiros (Gondomar). En 2012 incorporouse á Real Academia Galega como académico correspondente, e en 2021 foi escollido académico de número. Como escritor ten cultivado diversos xéneros (poesía, narrativa, ensaio...). O seu labor de investigador da toponimia callou na publicación de *Fitotoponimia galega*, un voluminoso volume editado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza. Neste eido tamén desenvolve a súa actividade na Asociación Galega de Onomástica e na Comisión de Toponimia, encargada oficialmente pola Xunta de Galicia de fixar as formas escritas dos topónimos de Galicia. No Instituto de Estudos Miñoráns ten publicado (2011) *O nome dos lugares. Saiáns*.

#### **PAZOS RODRÍGUEZ, ÓSCAR**

(Bisbarra de Vigo, 1967)

Xeólogo. En 2012 empezou investigar a minaría antiga de ouro arredor dos Buraos dos Mouros nos montes de Tomiño, e indo dunha laboría a outra e dun indicio a

outro acabou percorrendo media Gallaecia, das Covas de Valdomiño ás de Valongo e da illa de Ons ao monte Teleno, publicando en 2018 'A Invención da Gallaecia e a minaría do ouro', onde tratou de reconstruír o significado destes inmensos traballos no seu contexto histórico, que foi a fin da sociedade castreña e a fundación da Gallaecia romana, até hoxe. Precisamente para dar a coñecer este inmenso patrimonio arqueolóxico e a súa importancia histórica organiza andainas polas vellas minas. Atendendo a outros intereses fai estudos de xeofísica de resistividade (principalmente en xacementos arqueolóxicos) e en 2013 publicou 'Madrid es una isla' e dende 2018 autoedita con periodicidade cuasi-anual 'El Discurso y el Número', que no último (2021) adicou 'A Herdanza' (de violencia).

### **VIÑAS ARIAS, JOSÉ ANTONIO**

Mestre. Membro da Xunta de Goberno do IEM e da sección de arqueoloxía e etnografía. Colaborador en proxectos de investigación e divulgación. Participa nos últimos traballos de arqueoloxía do Proxecto Equus do IEM, e nos da Coutada nas Neves, e Gargamala, en Mondariz.

### **VERDE ANDRÉS, CANDIDO**

(A Guarda)

Especialista en prospección arqueolóxica, con máis de 40 anos de experiencia. Cola-

borador en proxectos de investigación sobre petróglifos con universidades e equipos de Galicia e Portugal. Ten descuberto e posto en coñecemento do mundo científico numerosos achádegos no norte de Portugal e sur de Galicia. Ten publicado como coautor en colaboración numerosos artigos sobre arte rupestre. Participa dende o seu comezo no proxecto de investigación de arte rupestre Proxecto Equus do IEM.

## *Normas para autores*

---

Os manuscritos orixinais, inéditos e escritos en lingua galega, preferentemente coa normativa oficial, en formato electrónico en calquera dos procesadores de texto compatibles, enviaranse á redacción no enderezo abaixo indicado. Deben conter os seguintes apartados: título, autor(es) e os seus enderezos postais e/ou electrónicos, resumos en galego e inglés (que darán unha idea clara e non excederán as 200 palabras), e palabras clave nestes dous idiomas (ata un máximo de 10). O corpo do traballo deberá organizarse na medida do posible en: introdución, material e métodos, resultados, discusión, conclusións e referencias bibliográficas. Pódese aceptar, en todo caso, a publicación de traballos que non teñan que axustarse ao modelo mencionado.

As figuras, cadros, follas de excel, etc. deberán vir por separado do texto (aínda que estean tamén incluídas no mesmo). Agrádecese que as imaxes non baixen de 1000 px, así como que leven pé de páxina que indique a autoría.

Os tipos en negriña poderanse empregar para resaltar no texto conceptos importantes, pero procurárase sempre evitar un uso abusivo. Os epígrafes nos que se divida o traballo ou, no seu caso, a numeración de parágrafos, consignaranse sempre en negriña. Evitárase sempre o uso do subliñado nos traballos. O uso da cursiva limitarase a resaltar palabras doutras linguas. Eventualmente pode utilizarse para introducir texto que non é estritamente unha cita, por exemplo unha tradución (inédita ou para distinguila do orixinal).

As citas literais de dúas liñas ou menos deben ir dentro do texto, con «comiñas angulares». As citas superiores a dúas liñas deben ir fóra do texto, con sangrado pola esquerda e cun corpo de letra menor.

As citas contidas no texto estarán feitas dalgunha das seguintes maneiras:

Garrido Rodríguez (2001)

Garrido Rodríguez (2001: 25)

Soliño Troncoso & Chamorro Sanromán (2018)

Soliño Troncoso & Chamorro Sanromán (2018: 94)

Os comentarios a pé de páxina reservaranse para introducir texto complementario e nunca deben servir para introducir referencias bibliográficas.

Débase entender por REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS a listaxe de obras que teñen unha conexión directa co texto redactado e que nel se citaron. Presentarase alfabeticament ao final do artigo. Á parte, e baixo o epígrafe de BIBLIOGRAFÍA, o autor pode engadir unha serie de referencias, non citadas, pero importantes para a comprensión xeral do traballo. Faranse da seguinte maneira:

Libro: AUTOR/ES (Ano). *Título*. Páxinas. Editorial. Cidade.

SOLIÑO TRONCOSO, A., & J. CHAMORRO SANROMÁN (2018). *Percorridos polo patrimonio cultural da vila e concello de Gondomar de Miñor*. 1-496. Instituto de Estudos Miñoráns. Gondomar.

Participación en obras colectivas: AUTOR/ES. (Ano). Título capítulo. *In* Editor / Coordinador. Título da obra. Páxinas inicial-final. Editorial. Cidade.

CARMONA BADÍA, X. (2011). A economía galega do primeiro terzo do século XX: algúns comentarios á lus do centenario das Escolas Proval. *In* MALHEIRO GUTIÉRREZ, X.M. (ed.) *Actas do Congreso Emigración e Educación (1900-1936)*: 179-201. Instituto de Estudos Miñoráns. Gondomar.

Revista: AUTOR/ES. (Ano). Título. *Nome da publicación* Número: Páxina inicial-final.

GARRIDO RODRÍGUEZ, X. (2001). A estación paleolítica de Chan do Cereixo na Portavedra. *Revista de Estudos Miñoráns* 1: 15-28.

Páxinas web: AUTOR(ES). Título. Localización (Consultada: xx/xx/xxxx)

BARANDIARAN, J.M DE & J. ALTUNA. La cueva de Ekaín y sus figuras rupestres. <http://www.aranzadi.eus/fileadmin/docs/Munibe/1969331386.pdf> (consultada 05/07/2020).

Os orixinais enviaranse directamente ao consello editorial da revista -mediante o enderezo electrónico [oficina@iem.gal](mailto:oficina@iem.gal)-, que valorará a idoneidade do traballo para a súa inclusión na revista. Poderase recorrer a revisores externos para a avaliación do traballo.